

CONSELLO DA CULTURA GALEGA



PONENCIA DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL



# SOCIEDADE E TECNOLOXÍA TRADICIONAIS DO VAL DE ANCARES

Xosé M. González Reboredo  
Clodio González Pérez

CONSELLO DA CULTURA GALEGA



SOCIEDADE E TECNOLOXÍA  
TRADICIONAIS DO VAL DE ANCARES

Xosé M. González Reboredo  
Clodio González Pérez  
(Debuxos de X. Pena Sanz)

Prólogo  
de

D. Antonio Fraguas Fraguas  
(Coordinador da Ponencia de Antropoloxía Cultural)



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Ponencia de Antropoloxía Cultural

EDITA

© Consello da Cultura Galega

I.S.B.N.: 84-87172-13-X

D. L.: C-719/1996

IMPRIME:

Impresores de Galicia, S.L.

# ÍNDICE

PRÓLOGO .....	7
NOTA INICIAL .....	13
IN MEMORIAM .....	19

## PRIMEIRA PARTE

### A SOCIEDADE TRADICIONAL NO VAL DE ANCARES

I. O MEDIO, OS HOMES, OS RECURSOS .....	23
1. O espacio xeográfico .....	23
2. Os homes .....	31
3. Os recursos .....	37
Consideración final .....	46
II. A FAMILIA (1). MATRIMONIO E HERDANZA .....	47
1. A voda .....	47
2. Idade de casamento .....	51
3. Distancia de matrimonio e procedencia dos noivos .....	53
4. A herdanza, as súas fronteiras e a incidencia na endogamia local .....	64
III. A FAMILIA ANCARESA (2). A CASA E OS RECURSOS FAMILIARES .....	69
1. Residencia posmatrimonial .....	69
2. A casa en Ancares .....	77
3. A identificación da familia no ámbito local .....	82
4. Os recursos familiares .....	85
IV. OS ANCARESES MÁIS ALÁ DO VAL. OFICIOS E EMIGRACIÓN ....	97
1. Introducción .....	97
2. Os oficios tradicionais .....	98
2.1. Antecedentes .....	98
2.2. A cera e o pimentón .....	100
2.3. O trato .....	105
2.4. O teito .....	110
2.5. Consideracións sobor dos oficios tradicionais .....	113

3. A presenza dunha actividade non tradicional: a mina .....	118
4. A dinámica dos oficios exercidos fóra do lugar de nacimiento .....	120
5. A emigración a longo prazo .....	123
V. O "LUGUER" E O VAL. INDICACIÓNS SOBRE A IDENTIDADE DOS ANCARESES .....	133
1. A identidade de «luguer» .....	134
2. Os ancareses vistos por sí mesmos e por outros .....	145
3. Un referente simbólico da identidade ancaresa .....	152
EPÍLOGO .....	157

SEGUNDA PARTE  
ARQUITECTURA E TECNOLOXÍA POPULARES  
NO VAL DE ANCARES (LEÓN)

OS ANCARES .....	161
I. O ESPACIO HUMANIZADO .....	165
1. O val de Ancares, Balouta e Suárbol .....	165
1.1. Comunicacóns: os camiños .....	168
2. Os asentamentos humanos .....	172
2.1. Espacio xeográfico: os lugueres .....	174
2.1.1. <i>Un lugar de construcións antigas: Balouta</i> .....	174
2.1.2. <i>Un lugar de construcións novas: Vilarbón</i> .....	179
2.2. Materiais constructivos .....	185
2.3. As construcións .....	189
2.3.1. <i>As construcións a mediados do S. XVIII: O Catastro de Ensenada</i> .....	191
2.3.2. <i>O Censo de construcións de 1924</i> .....	192
2.4. Situación actual .....	194
II. A VIVENDA .....	197
1. A casa-vivenda .....	197
1.1. Sinopse evolutiva .....	199
2. A palloza .....	201
2.1. Notas históricas .....	202
2.2. A casa de todos .....	206

2.3. Aproximación tipolóxica .....	207
2.4. Construcción .....	210
2.5. Disposición interior .....	214
2.6. Tres exemplos .....	216
2.7. Situación actual .....	223
3. A casa de teito .....	224
4. O cuarto ou cileiro .....	228
4.1. Notas históricas .....	231
4.2. Situación actual .....	233
5. A casa baixa lousada .....	234
6. A casa alta ou con sobrado .....	238
6.1. Notas históricas .....	239
6.2. Materiais e construción .....	244
6.3. Achegamento tipolóxico .....	246
6.4. Tres exemplos .....	250
6.5. Situación actual .....	257
III. CONSTRUCCIÓN AUXILIARES .....	261
1. O hórreo .....	261
1.1. Notas históricas .....	262
1.2. Características e morfoloxía .....	269
1.3. Causas da súa desaparición .....	281
1.4. Situación actual .....	283
2. O palleiro .....	285
2.1. Notas históricas .....	287
2.2. Clasificación tipolóxica .....	292
2.3. Os portais .....	298
2.4. Situación actual .....	299
3. O muíño .....	300
3.1. Notas históricas .....	300
3.2. Construción, nomenclatura e utensilaxe .....	304
3.3. Situación actual .....	310
4. Outras construcións .....	311
4.1. Cuarto baixo ou bodega .....	311
4.2. O forno .....	312

4.3. As cortes .....	317
4.4. Adegas e pataqueiras .....	319
4.5. Os cabanos .....	319
4.6. O colmeal ou cortín .....	319
4.7. Construcións industriais .....	320
IV. ENXOVAL, APEIROS E FERRAMENTAS .....	323
1. Enxoval .....	323
1.1. A cociña .....	324
1.2. O cuarto, cileiro ou dormitorio .....	333
1.3. Obxectos de aseo .....	336
2. Apeiros e ferramentas .....	337
2.1. Para traballar a terra .....	337
2.2. Para cortar e rozar .....	346
2.3. Para xuntar ou espaxer .....	349
2.4. Para varexar e apañar as castañas .....	351
2.5. Para mallar .....	352
2.6. Para xuntar e limpar o froito .....	352
2.7. O transporte .....	354
V. VARIA .....	369
1. A apicultura: trobos, colmeais e lagares .....	369
1.1. A apicultura tradicional .....	372
1.2. Os cereiros e os lagares .....	374
2. As castañas .....	377
3. As brañas .....	379
3.1. Notas históricas .....	381
3.2. As construcións .....	383
3.3. A vida na braña .....	385
4. A caza e a pesca .....	386
4.1. A caza .....	387
4.1.1. <i>Notas históricas</i> .....	387
4.1.2. <i>O curral dos lobos</i> .....	388
4.1.3. <i>Situación actual</i> .....	391
4.2. A pesca .....	394
VI. BIBLIOGRAFÍA .....	395

## PRÓLOGO

Este é o libro que pon remate a unha serie de estudos da comarca dos Ancares, que foi investigada pola beira de fóra da Galicia administrativa por dous investigadores: Xosé Manuel González Reboredo e Clodio González Pérez, os dous etnógrafos para os que a terra e o home –o morador que aguanta admitindo todos os cambios nesta alta e montesía zona onde ouvea o lobo, dorme o oso e canta a pita do monte celebrando o xurdir primaveral– son tema de atención demorada.

Zona que comeza estudiando o Profesor González Reboredo, Director da Sección de Etnografía do Instituto de Estudos Galegos e membro da Ponencia de Antropoloxía do C.C.G., que ten publicados valiosos traballos de Antropoloxía como *Lendas Galegas de Tradición Oral* (Vigo, 1983); *Entroido en Galicia* (A Coruña, 1987), en colaboración con X. R. Mariño Ferro; *A festa de San Xoán* (Vigo, 1990) e *Antropoloxía y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares* (Lugo, 1990), en colaboración con X. Rodríguez Campos. Tamén foi o introductor e supervisor de *Nacemento, casamento e morte*, editado por este Consello da Cultura Galega en 1990.

Clodio González Pérez, gañador de diversos premios polas súas investigacións, ten tamén publicados traballos entre os que podemos citar: *Cancioneiro popular* (Urdilde, 1985), *A festa dos Maios en Galicia* (Pontevedra, 1987), *A Coca e o Dragón* (Vigo, 1993) e *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (Lugo, 1994). O Profesor González Pérez é Secretario da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego, membro da Sección de Etnografía do Instituto de Estudos Galegos e tamén membro da Ponencia de Antropoloxía do C.C.G.

No que estudiaeron chama a atención a desaparición da vella ferrería de Teixeu. Hoxe é un soar sen ferros, e todo hai que rebuscalo nos arquivos, nas bibliotecas e nos museos, ou en evidencias de moi poucos avós que falan do que había hai cen anos.

Acabouse o carro cantadeiro e o arado de clásica rabela, pero queda a lembranza da mula que levaba produtos para vender por Galicia, cheganda

ata o lugar onde eu nacín, pregoando o que vendían. Un destes ambulantes casou na miña parroquia de Loureiro de Cotobade. Recibían o nome de «contrabandistas».

Pero o primeiro é coñecer a terra coa súa paisaxe humanizada. Temos que saír de Galicia polo nacente dentro do núcleo orográfico dos Ancares, fixando os conceptos xeográficos de aldea como agrupación humana cun santo padrón. González Reboredo fai un percorrido polas aldeas do municipio de Candín, partido de Vilafranca, que son Candín, Espiñeireda, Lumeiras, Pereda, Sorbeira, Sortes, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil, estas situadas no val do río Ancares; outras dúas, Suárbol e Balouta, están na vertente occidental da Serra, con augas para o Navia polo Ser e o Rao. Están nesta obra deslindadas as terras, medidas e situadas xeográficamente. Terras altas, algún punto ten moi preto dos 2000 m de altitude, e todos os lugares están a máis de 800 m. O clima é oceánico de montaña, con precipitacións que pasan dos 1000 mm e unha temperatura media de 8 a 10 graos.

Non pode faltar a estampa do rostro da terra, onde se distingue unha flora natural de tipo eurosiberiano con influencias mediterráneas, con uces, xestas, piornos e os arandos que chegan a moitos núcleos montañosos de Galicia lonxe dos Ancares. Das grandes árbores, os freixos, os ameneiros, os carballos, os castiñeiros e tamén xa chegaron os piñeiros. E nun penedo como símbolo da entrada en Galicia tamén podemos descubrir o corzo de ramificados cornos, o lobo ou o xabaril; aínda pode atopar o cazador a perdiz e non deixará de ver todo visitante voar a aguia sobre a montaña.

González Reboredo, magnífico observador da natureza, describe o val do río Ancares en forma de U, que presenta a súa orixe glaciár, formado polo arrastre natural durante o tempo que durou a capa de neve perpetua nas cimas montesías. A glaciación deixou as mostras en moitos puntos dos cumes e das abas.

É interesante o estudio dos moradores, da xente que vive con amor á terra onde viviron os seus avós; pero o novo rumbo da vida vai causando baixas nos habitantes, ben notorias nas estatísticas censais; cidades e vilas ofrecen á xente nova un mundo mellor, e con forte saudade deixan a terra onde naceron por outro lugar máis ou menos afastado onde fixan a nova morada. Antigamente todos eran fidalgos; penso que foi moi xusto conceder fidalguía a todos os moradores destas terras, quedando libres de tributos para que non quedase o Val sen xente, como hai séculos foron quedando os Castros e as Citanias, onde misteriosamente viven amparados pola lenda «os mouros», con grandes tesouros defendidos por vigas de chapapote que levantan fogo se nelas vai dar a eixada do buscador do ouro encantado.

No ano 1900 había 2.188 habitantes en Ancares, e no ano 1991 non había máis que 495. O descenso fíxose moi acusado a partir do censo de 1950. Parece indicado todo amparo económico que lles conceda exención tributaria, e prestar axudas para remediar todas as necesidades que lles ocasiona o medio onde viven, dando como resultado unha terra habitada por máis tempo, para que a clásica cultura da zona dos Ancares non desapareza.

A terra non axuda para os cultivos. Aquí as «searas» non se facían apenas, como se sementaban noutras terras de Galicia terras dedicadas cada dez anos a trigo e centeo. Queda aínda a pequena horta na beira da casa para as legumes, verzas, cebolas, allos e leitugas. Cultívouse liño e nabos, un ano liño e outro ferraña ou alcacén. Pero ningún morador actual vira o liño, aínda que saben dos lugares do río donde se empozaba. As sementeiras de centeo deixaron de facerse; aínda se coñecen as «cortías», que son as cortiñas doutros puntos de Galicia. En Ancares todos tiñan dúas terras para sementar o centeo, un ano unha e ó seguinte a outra.

Atención especial merecen os «praus» e as árbores de froita: cerdeiras, pereiras, maceiras e principalmente castiñeiros, que proporcionaba madeira e froito que se consumía cocido con leite, asado ou cru durante o inverno; durante séculos foi alimento da xente e dos animais, especialmente dos porcos na época da ceba. Era tamén moi importante o gando vacún e cabalar; para transporte había tamén o mular, así como rabaños de ovellas e cabras cos seus años e cabritos, e gando porcino. Así comezou o século presente, pero logo foise transformando todo. O monte tivo sempre unha grande importancia, era de común dominio e proporcionaba leña, caza e pasto.

Sobre esta natureza difícil vive o home no seu fogar, e forma unha familia que ten costumes tradicionais que deben cumprir o mozo e a moza. Cando se formalizaba o noivado o mozo tiña que «paga-la entrada», o que noutros sitios se chama «pagalo piso». Aquí parece que podía ser un garrafón de viño ou unha boa merenda de pan e viño. Se non se facía isto, o mozo era mal visto e estaba sometido ás furibundas manifestacións de odio dos mozos do lugar.

O casamento tiña noutras terras unha festa anterior, que era a «festa dos concertos». O día da voda os noivos saían das súas casas e ían para a igrexa onde se celebraba a cerimonia. Nas igrexas de Ancares hai un cuberto a modo de pórtico onde comezaba a cerimonia. Era frecuente que moitos cregos comezasen o ritual na mesma porta, cando poñían o umeral encima e con el sobre os ombreiros ían ata o altar. A este paseo chamábaselle noutros sitios «leva-lo xugo».

Como en todos os casorios estaban todos agardando o «si quiero» ou «si otorgo». Neste momento botaban foguetes ou «tiros». Hai que destacar o canto de despedida que as mozas lle fan á que se vai. Como todas as despedidas, a da noiva tamén é triste; soamente lembraremos o primeiro cuarteto, que é a despedida da casa dos pais:

*Despídete niña hermosa  
de la casa de tus padres,  
que hoy es el último día  
que de ella soltera sales.*

Seguen as cantoras con eloxios á noiva, á saída co seu marido e a outras circunstancias nas que sempre teñen o seu comentario os padriños e os fillos.

A idade media dos homes que van ó matrimonio sitúase arredor dos 27 anos, chegando a máis de trinta os máis vellos. A das mulleres sitúase entre os 20 e 26. Parece que ultimamente a mocidade ía máis cedo ó matrimonio.

A vida terá que ser rexida pola muller, coma en tantas comarcas de Galicia. A muller ten que coidar da familia e de gran parte do traballo porque o home ten que traballar fóra gañando os cartos para cubrir as necesidades familiares.

Un estudio pormenorizado dos enlaces matrimoniais amosa unha forte endogamia, con casamentos ás veces entre parentes en todos os graos –mesmo algún tío con sobriña–, e a maioría danse entre mozos do mesmo lugar. Un refrán bastante estendido en Galicia afirma: «O que lonxe vai casar chata leva ou vai buscar, e se a leva e a atoupa acuga o pez coa bota».

Vai o problema do casamento moi relacionado co illamento e o amor á terra e á casa onde se naceu. A casa é preocupación de todos, e procuran que se cumpra o dito: «O casado casa quere». Encontramos no escrito de González Reboredo unha tipoloxía das familias divididas en catro modelos que se agrupan finalmente en dous: a) organización nuclear ou nuclear ampliada; b) organización troncal ou troncal en transición, predominando no val as familias de tipo a). Cada familia é recoñecida pola casa onde moran, que leva o nome do cabeza de familia precedido do termo «tío». No momento de buscar morada, a instalación dos recién casados responde a tres tipos: uxorilocalidade se van para casa da familia da muller, virilocalidade se van para a do home, e neolocalidade se van para casa nova.

Merece atención a vida no seu pleno desenvolvemento: traballo, comidas, gastos especiais, etc. O comercio ambulante tiña oficios como o de

cereiro, arrieiro, teitador e tratante. Os homes saían varias veces ó ano con rendibilidade moi diferente.

Fenómenos interesantes como as feiras, as festas ou a emigración son tamén abordadas neste estudio. Son moi curiosas as festas do tipo das «polavilas» ou «filadóns».

González Reboredo remata o seu valioso estudio con apuntamentos que aumentan e resumen o contido do escrito.

Vén logo a parte do estudio redactada por Clodio González Pérez. Xa o casado ten casa e ademáis ten outras dependencias necesarias no seu momento, as construcións auxiliares. A primeira é o hórreo, que aínda é *borro*, chamado tamén canastro noutros lugares de Galicia. Faise para gardar o millo e outros produtos. Xa había hórreos na época do Rei Sabio, porque aparecen nunha ilustración das *Cantigas*. Teñen a misión de conservar os produtos e defendelos dos ratos, por iso ponse enriba de columnas con tornarratos. Se a base é cerrada, forma un *celeiro*, que se emprega para gardar gran, porcos ou leña. Segundo datos do *Catastro de Ensenada* había bastantes en Ancares –sempre menos que noutras terras veciñas– pero hoxe quedan poucos. As cubertas podían ser de palla ou de lousa.

Os *palleiros* son aquí edificacións que serven para gardar a herba. O nome de «palleiro» leva facilmente a confundilos cos «almiars» característicos doutras terras, é dicir, o conxunto da herba ou palla curada colocada ó redor dun pao bastante grosa, o *pao do palleiro*, cunha base circular duns seis metros de diámetro, e dándolle forma cónica ó conxunto. No val de Ancares é, pola contra, unha construción formando edificio, ata o punto de que algún dos palleiros que se conservan foron en tempos vivenda.

Con todo detalle Clodio González estudia as tres construcións típicas de Ancares: palloza, palleiro e horro, ás que se engade o *cuartín*, *cuarto*, ou *cileiro*. A través de distintas fontes podemos coñecer as diversas edificacións citadas: palleiros baixos, de baixos e corte, de baixo e sobrado, así como a clasificación tipolóxica con planos de planta e alzado.

Dependencia indispensable era o muíño, que ten orixes moi afastadas, primeiro manuais e logo de auga, que son os que chegan ós nosos días en Ancares. Habíaos en todas as aldeas e en todos os ríos. Normalmente había muíños de herdeiros e de *maquía* ou *maquila*, nos que o muíneiro cobra unha medida de fariña por cada *cuartal*, que eran 11,5 kg. O estudio detallado de Clodio González permite coñecer as diferentes pezas, dende o rodicio ata a moega, que aquí en Ancares se chaman *rodezmo* e *moxega*.

Quedan constatadas no escrito outras mostras que o antropólogo sabe valorar, relatando como foi a vida no val e buscando outras construcións como os *cuartos baixos* ou *bodegos*, edificacións de planta rectangular en arista viva, sen curvas coma nas pallozas ou «casas de teito».

Tamén podemos ver nesta obra os fornos de pedra e de barro, coa súa situación e planos. O feito de barro tiña a mesma misión que o de pedra, cocer a fornada da familia e, se cadra, a petada dos veciños. Noutras terras había dous fornos, un para cocer o pan e outros para facer os doces. A abundancia de confiterías, a baixa de poboación nas aldeas e os cambios na arte de cociñar eliminaron moitas prácticas arredor do forno, prácticas que relata o autor con detalle.

Adegas e «portaqueiras», as cortes e canto hai no fogar. O enxoval, unha verba moi fermosa á que deu saudosa vida o escritor Victor Freixanes, e que aquí recolle a sinxeleza da vida obrigada pola capacidade económica de cada familia do val de Ancares, que é diferente de uns a outros, aínda que non sexa máis que en pequenos detalles.

Tamén dá Clodio González conta do *cuartio cileiro* ou dormitorio, con moitas transformacións que van pasando dos clásicos leitos ás camas modernas; tamén se alude nesta parte da obra ós *bercios*, que son os berces para os meniños, ás arcas e outros mobles, pezas de ferro e madeira nas cociñas, asentos con respaldo, todos cos correspondentes nomes que teñen no Val de Ancares.

Nun capítulo dedicado a «varia» fálanse do mel e os colmeares. Cerrados de muro forte con beiril para que non poidan subir os inimigos, atópanse os trobos. O mel ten a súa compañía na cera, produto que os meleiros non esqueceron en ningún momento. Os máis importantes lagares de cera parece que estaban en Vilasumil. No lagar preparaban a cera para vendela ou facer velas. Destes lagares hoxe, como de tantas cousas, só quedan ruínas.

Foi o castiñeiro a árbore máis nobre para mobles e o seu froito axudou a atender a mesa ata a chegada da pataca. As castañas axudaban á ceba dos porcos e se comía cocida ou asada, como xa dixemos. Hoxe xa non se varea, apañando soamente as que van caendo.

Remata esta parte da obra cun estudio das «brañas», planicies na alta montaña onde se levaba o gando, indo de pastores os propietarios por quenda. O brañal pon un capítulo de economía gandeira nestes lindeiros ancareses situados ás portas da Galicia lucense.

*Antonio Fraguas Fraguas*

## NOTA INICIAL

Dentro da programación da Ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega véuselle prestando atención á sempre complexa, pero culturalmente fértil, problemática dos trazos culturais que presentan as comunidades situadas nos lindeiros de Galicia. Froito desta inquedanza foi tanto a publicación dunha serie de sondaxes superficiais no libro *Nos lindeiros da galeguidade* como a celebración de dous simposios en 1990 e 1991, con actas xa editadas polo propio Consello. Seguindo esta liña de estudo decidiuse en 1993 iniciar unha nova xeira de traballo de campo na que se achegaran novos datos a partir dunha área determinada, o val de Ancares, territorio leonés dende o punto de vista político-administrativo pero próximo a Galicia física, lingüística e culturalmente. A elección estivo motivada por varias razóns, entre as que destacan o feito de contar con estudos antropolóxicos de áreas próximas de Galicia e o occidente asturiano que permiten a comparación de trazos culturais, a existencia de monografías sobre o val dende outras perspectivas (Antropoloxía biolóxica, etnolingüística, socioloxía relixiosa) e o feito de que a cultura tradicional ancaresa como variante das culturas do noroeste está en perigo grave de extinción, polo que urxe documentala.

Dado que o equipo de investigación era reducido e o tempo dispoñible limitado, dende o comezo impuxémonos uns obxectivos concretos no que se refire ós temas a abordar. Por unha parte, nun esforzo de achegamento á Antropoloxía Social, tratamos de recompilar datos referidos á familia, ós oficios ambulantes característicos de Ancares e á identidade ancaresa, tanto a de aldea –chamada na zona **luguer**– como a máis xenérica de val. Por outra recolléronse numerosos datos da cultura material propia da zona, en vías de rápida desaparición, seguindo vellas pautas de catalogación e descrición propias da Etnografía clásica. Do primeiro ocupouse Xosé M. González Reboredo e do segundo Clodio González Pérez, membros da Comisión de Antropoloxía do C.C.G., contando ademais coa participación de Xosé Pena Sanz como técnico-debuxante.

González Reboredo  
en compañía  
dunha familia  
ancaresa.  
(1993).



A investigación de campo, que comezou en abril de 1993 e rematou en xullo de 1994, realizouse mediante unha serie de estadías no val, con visitas esporádicas a terras limítrofes, do equipo investigador, nas que contamos coa inestimable axuda e colaboración de D. Emilio García Santín, cura párroco de Ancares, gracias a quen puidemos chegar a un contacto rápido e eficaz cos ancareses, o que nos permitiu xuntar un volume de material que en circunstancias normais esixiría moito máis tempo. Dende o comezo orientamos as nosas pesquisas nun sentido concreto, que foi o de reconstruír comportamentos sociais e principios culturais vixentes no val de Ancares hai máis de tres décadas. O baleiro demográfico provocado por unha emigración masiva e a case total desaparición de moitas actividades son os factores causantes de que a cultura tradicional ancaresa sexa cada día máis pasado que presente; pero, como xa indicamos en escrito anterior para terras galegas veciñas, na memoria das xentes, na bagaxe documental inédita ou publicada e nos restos materiais que persisten na actualidade o investigador ten polo momento unha fonte para recompoñer o pasado próximo que centrou o noso interese.

González Pérez  
e Pena Sanz  
con informantes  
de Vilasumil.  
(1993).



Ademais das fontes bibliográficas que se sinalan nas notas que acompañan ós diversos capítulos, os datos utilizados para elaborar esta monografía foron de tres tipos:

a) *Fontes estatísticas e documentais*; entre elas cómpre citar os distintos Nomenclator de España, os Censos Agrarios publicados polo Ministerio de Agricultura, os arquivos das distintas parroquias do val e do concello de Candín, así como documentación do Arquivo Histórico de León, especialmente o «Catastro del Marqués de La Ensenada» e os «Expedientes de comprobación de la riqueza urbana» do concello de Candín de 1924.

b) *Datos de apreciación visual* obtidos no mesmo Ancares, froito da observación de espazos físicos, obxectos e actitudes sociais. Algúns deles pasaron a figurar nas nosas notas de campo e outros foron rexistrados mediante debuxo e fotografía.

c) *Opiniós e textos recompilados* mediante entrevistas e diálogos cos ancareses. A pesar de que o discurso nativo tende frecuentemente a homoxeneizar os feitos socio-culturais, non hai dúbida que esta foi unha fonte fundamental para nós, en tanto que a reconstrucción de moitos aspectos do pasado tivemos que facela partindo de informes orais.

Todas as citadas fontes foron utilizadas nos dous apartados en que se divide esta monografía segundo se indica nos mesmos. De todas elas a máis importante, tamén a máis variada, é a que se refire ós datos verbais tomados

de homes e mulleres de Ancares e de localidades veciñas. As súas expresións e discursos foron recollidos en magnetófono ou anotados nos nosos cadernos de campo respectando en xeral a lingua do interlocutor. Ben sabido é que os ancareses falan entre eles unha variante do galego oriental que foi estudiada polo miúdo por J. R. Fernández González, e anteriormente por Dámaso Alonso. Pero na praxe diaria, no contacto con outras xentes, presentan unha grande versatilidade lingüística que lles permite expresarse tanto en **ancarés** como en formas próximas ó que eles consideran galego (basicamente o galego oriental) ou en castelán. Mesmo en ocasións chegan a mesturar nos seus discursos formas ancaresas con outras nidiamente castelás, fenómeno que, coma os anteriores, aparece reflectido nas citas textuais que incluimos neste estudio, unhas en ancarés, outras en «chapurriau» e outras en castelán. A capacidade para cambiar de rexistro lingüístico, ou de incorporar elementos dunha lingua a outra é algo que pode comprobar calquera visitante atento de Ancares, e isto sucede sen perxuízo de que os poucos ancareses que aínda moran no seu val natal –e outros da emigración– conserven aínda hoxe unha fala que tropeza con serias dificultades para perpetuarse a causa da caída demográfica sufrida nas últimas décadas e que carece dun medio propicio para manterse viva.

O número de informantes con que contamos cremos que foi elevado se temos en conta que recompilamos datos de máis de medio cento de homes e mulleres que viven en Ancares, ós que habería que sumar algúns outros de Burbia, Fornela e Vega de Espinareda. Non todos contribuíron, por suposto, coa mesma intensidade á temática proposta; moitos facilitaron datos valiosos, pero moi focalizados, namentres que outros conversaron connosco repetidas veces e amosaron exemplos das súas afirmacións. A meirande parte dos informantes foron persoas de idade, con predominio dos varóns sobre as mulleres por razóns que se derivan dos temas tocados (oficios fóra do val, por exemplo, de carácter eminentemente masculino) ou por mero azar. Para dar unha idea do antes dito sinalaremos que, entre os ancareses que máis volume de información proporcionaron, figuran un home e unha muller de máis de 80 anos, sete homes e dúas mulleres entre 70 e 80 anos, cinco homes e dúas mulleres entre 60 e 70 anos, e dous homes e unha muller entre 40 e 60 anos. A eles hai que engadir preto de medio cento máis de homes e mulleres que aportaron algún tipo de información de menor volume, pero fundamental para elaborar algún dos apartados desta monografía.

A colaboración dos informadores foi en todo momento moi positiva, mesmo cando a nosa inxerencia podería resultar molesta. Como xa dixemos

antes, a axuda de D. Emilio García Santín facilitou en gran medida o noso labor. Mais non podemos esquecer tamén a boa acollida por parte de todos os ancareses cos que falamos. Sen pretender facer unha lista definitiva, vaia unha mostra do noso agradecemento para homes e mulleres como Antonio, Domingo, Arcadio e familia Quiroga Abella de Candín; Francisco Cachón e Pompilio Abella de Pereda; César Pardo e Pilar, de Sortes; Antonia, Manuel, Ramiro, Lourenza, Xosé e Fermín de Sorbeira; Enrique e Alfredo de Vilasumil; Florentina de Lumeiras; Aquilino, Rosa e Primitivo de Espiñeireda; e Xosé Quiroga de Teixeu. Manuel, rexente do albergue de Candín, e a súa familia, de Sorbeira, non só nos facilitaron datos e contactos, senón que nos deron acubillo e xantar con dilixencia e amizade. Tamén temos que agradecer os informes de D. Avelino Rellán, párroco de Burbia, e de Hermenexildo García, da mesma localidade, así como a amable acollida que nos dispensou Tino Ramón, un entusiasta fornello con vocación de poeta que nos acompañou por terras do seu val natal. Se algo positivo ten este estudio débese en gran parte a todos eles.

Na lista de agradecementos temos que incluír a diversas persoas e institucións que colaboraron decisivamente na nosa tarefa. A Dra. Da. Pilar Torres Luna nos aclarou dúbidas sobre datos estatísticos e nos facilitou copia dos censos agrarios da zona. O persoal do Arquivo Histórico de León atendeu con dilixencia as nosas peticións de documentación, o mesmo que a Axencia de Extensión Agraria de Fabero e o Exmo. Concello de Candín. Na Biblioteca do Instituto de Estudos Galegos «P. Sarmiento» puidemos consultar boa parte da bibliografía citada con axilidade envidiable, o mesmo que sucedeu con algunha consulta feita na Biblioteca Xeral da Universidade Compostelá.

No referente á primeira parte deste estudio, da autoría de X. M. González Reboredo, cómpre destacar a colaboración do Dr. Plácido Diégez Gómez, que nos deu as pautas para elaborar os cadros referidos á alimentación en Ancares, así como a do Dr. D. Juan Rodríguez Oubiña, que nos orientou sobre a flora e fauna ancaresas. Tamén é de agradecer a molestia que se tomaron os Dres. Mariño Ferro e Calo Lourido, bos coñecedores das culturas tradicionais do Noroeste, que leron o orixinal e fixeron comentarios de interese.

Finalmente, o noso recoñecemento hai que estendelo ó apoio prestado en todo momento polo Secretario Técnico do Consello da Cultura Galega e demais empregados desta institución, patrocinadora do proxecto, así coma ós compañeiros da Ponencia de Antropoloxía Cultural. De maneira especial

mencionaremos ó sempre querido e admirado mestre D. Antonio Fraguas, xuntamente con D. Xosé Filgueira Valverde, Presidente do C.C.G., que sempre prestaron atención a unhas xeiras de traballo que seguramente lles lembran aquelas que no seu tempo programou o vello Seminario de Estudos Galegos.

*Xosé M. González Reboredo*

*Clodio González Pérez*

Compostela, outubro de 1994.

## IN MEMORIAM

*Cando esta monografía estaba en proceso de impresión recibimos a triste nova do pasamento do técnico Xosé Pena Sanz. Excelente debuxante etnográfico e compañeiro de moitas xeirras de traballo de campo, tiña tamén Xosé Pena unha calidade humana que lle permitía contactar intensamente coas xentes e establecer unha continuada relación ó estilo dos máis depurados etnógrafos. Por iso a súa morte foi sentida non só polos seus compañeiros de Compostela, senón por aqueles homes e mulleres da montaña lucense e leonesa cos que conviviu en intensas e inesquecibles xornadas. Nos debuxos e mapas que acompañan a este texto figuran os seus derradeiros traballos, nos que o lector poderá apreciar o amor que sempre puxo na súa tarefa. Descanse en paz o amigo Pena.*

Compostela, abril 1995.



PRIMEIRA PARTE

A SOCIEDADE TRADICIONAL  
NO VAL DE ANCARES

Xosé Manuel González Reboredo

FRONTIERA PASTORAL

# A SOCIEDADE TRADICIONAL NO VAL DE ANCARES

JOSE MANUEL GONZALEZ REBOREDO



# I. O MEDIO, OS HOMES, OS RECURSOS

## 1. O ESPACIO XEOGRÁFICO

O val de Ancares atópase na vertente oriental da serra do mesmo nome, no extremo noroccidental da depresión do Bierzo. Dende o punto de vista político-administrativo está incluído na provincia de León, partido de Vilafranca e concello de Candín, que abrangue nove aldeas – chamadas na zona «lugueres» ou «pueblos» – do propio val (Candín, Espiñeireda, Lumeiras, Pereda, Sorbeira, Sortes, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil) e outras dúas, Suárbol e Balouta (\*), enclavadas na vertente occidental da serra, unha vez pasado o porto de Ancares, nas concas dos ríos Ser e Rao, afluentes do Navia (vid. Figs. 1 e 2). Correspóndenlle a este municipio as seguintes coordenadas: 42º 46' - 42º 55' de latitude e 3º 10' - 2º 58' de lonxitude oeste. Eclesiásticamente depende da diócese de Astorga, aínda que Balouta e Suárbol, o mesmo que as aldeas de Galicia e Asturias próximas, pertenceron á diócese de Oviedo ata mediados do presente século. A superficie xeográfica do municipio é de 207 km<sup>2</sup>, dos que uns 175 ocupan o val de Ancares, limitando polo poñente cos galegos de Cervantes e Navia de Suarna, polo Noroeste con San Antolín de Ibias (Asturias), polo norte co de Peranzanes (val de Fornela), polo sur con Burbia e outros lugares do antigo concello de Valle de Finolledo, no presente integrado en Vega de Espinareda (A Veiga para os ancareses), e polo nacente con este último municipio e o veciño de Fabero.

---

(\*) Damos os topónimos tal e como se expresan na fala ancaresa. De todos os xeitos convén advertir que en moitas referencias de publicacións e fontes documentais ou estatísticas aparecen os nomes de lugar castelanizados en varios casos, polo que pasamos a indicar as equivalencias dos que adoitan figurar nesta última forma:

Espiñeireda = Espinareda

Lumeiras = Lumeras

Sortes = Suertes

Teixeu (Texeu) = Tejedo

Vilarbón = Villarbón

Vilasumil = Villasumil

Nos outros cinco topónimos non se producen cambios.



Localización de Ancares no conxunto da península. (Fig. 1).

O medio físico ancarés, como sucede nas terras veciñas de Burbia e Fornela, está marcado polo contraste entre a montaña e os vales fluviais. A zona axial da serra atinxe preto dos dous mil metros de altura, con cristas como o Mustellar (1935 m.), na cabeceira do val de Burbia, e o pico de Cuíña (1998 m.) ou o Miravalles (1969 m.) na divisoria de vertentes que limita o val de Ancares polo poñente. Este resulta ser un territorio pechado en todo o seu perímetro (vid. Foto 1) por aliñacións montesías que son prolongacións da serra cara ó nacente, perdendo progresivamente altitude de oeste a leste. Polo noroeste, separando Ancares de Fornela e de Luíña (Asturias), atopamos elevacións de 1900 m. na zona do Cuadro que van diminuindo paulatinamente ó longo da divisoria, aínda que se manteñen en cotas superiores ós 1400 m. Algo semellante sucede coa divisoria meridional, partindo unha aliñación montañosa dende o Cuíña cara o nacente que presenta alturas próximas ós 1500 m, como o Mirandelo. No seu remate Este o val está pechado por altitudes que se manteñen por riba dos 1200 m. A comunicación natural de Ancares con Vega de Espinareda efectúase a través do alto de Lumeiras (1048 m), e para chegar no occidente a Balouta, Suárbol e localidades próximas de


Galicia resulta preciso salvar o porto de Ancares, de 1684 m de altitude (vid. Foto 2). O camiño de Burbia, hoxe impracticable, pasa preto do citado Mirandelo e atinxe cotas superiores ós 1200 metros (vid. Foto 3).

Rodeado por estes valados montesíos, nos que ten as súas fontes, discorre o río Ancares polo medio dun val en forma de U. Dende a súa orixe vai recibindo diversos regatos no seu percorrido NO-SE, ata abandonar o val por estreita gorxa para posteriormente xuntarse co río Cúa abaixo de Vega de Espinareda. Seguindo a actual estrada contabilizamos unha distancia de 22 Km de lonxitude entre o alto de Lumeiras e o porto de Ancares, que se reducen a 15 en liña recta sobre o mapa. O ancho do val non é uniforme, podendo establecer unha media de 7,5 km. Todos os **lugueres** se manteñen por riba da curva de nivel dos 800 metros, situándose os máis baixos do centro do val entre os 800 e 1000 (Candín=890 m; Sorbeira=900 m; Teixeu=1000 m), namentres que outros, enclavados a media ladeira, sobre pasan esta altitude (Vilarbón=1100 m). O principal centro comarcal de referencia para os ancareses foi, e aínda é, Vega de Espinareda, que dista 21 km de Candín pola estrada actual.


As terras ancaresas son de orixe primaria, e a topografía da área, baseada no contraste de vales e cristas, ten a súa causa nunha antiga zona achairada e posteriormente levantada na que se foi encaixando a rede fluvial. Por riba dos 800 metros, especialmente na vertente oriental da serra, pódese detectar a forte pegada do glaciario cuaternario, o que se reflicte na existencia de lagos perto do pico de Cuña e tamén na forma de U que, como dixemos, adopta o val<sup>1</sup>.

A importante altitude media provoca a aparición dunha climatoloxía característica. Podemos clasificar o clima da área de oceánico de montaña, con precipitacións por riba dos 1000 mm e temperaturas medias de 8-10 graos, que baixan a 3-5 graos nos meses máis fríos. As xeadas están presentes durante 7-8 meses por ano e as precipitacións en forma de neve son frecuentes, especialmente en inverno-primavera, e moi acusadas nas zonas altas, onde persiste o manto branco durante gran parte da longa invernia (vid. Foto 4). A flora natural dos Ancares pode considerarse como eurosiberiana, aínda que con notables influencias mediterráneas. Entre as plantas típicas de menor tamaño podemos citar as queirogas e uces (*Erica aragonensis*, *E. umbellata* etc), diversas xestas e piornos (*Cytisus striatus*, *Cytisus scoparius*, *Genista florida*, *Genista obtubiramea*), o arando (*Vaccinium myrtillus*), ou

<sup>1</sup> M. P. TORRES LUNA-R. C. LOIS GONZÁLEZ-A. PÉREZ ALBERTI: *A montaña galega. O home e o medio*. Ed. Universidade de Santiago. Compostela, 1993. Páx. 23 e ss.



Mapa do concello de Candín de Ancares. (Fig. 2).





O val de Ancares dende o nacente. (Foto 1).



O Val de Ancares dende o porto do mesmo nome. (Foto 2).



Vista das altitudes que separan o val de Ancares do val do río de Burbía. (Foto 3).



A serra dos Ancares nevada. (Foto 4).

Dous exemplares  
de castiñeiro  
dos Ancares.  
(Fotos 5 e 5B).



o acibro (*Ilex aquifolium*) e a carqueixa (*chamaesparbium tridentatum*). As árbores están representadas, ademáis de piñeiros introducidos recentemente, por especies como o freixo (*Faginus excelsior*), ameneiro (*Alnus glutinosa*), rebolo (*Quercus pyrenaica*, *Quercus petraea*), carballo (*Quercus robur*), capudre (*Serbus aucuparia*) e por unha importante cantidade de castiñeiros (*Castanea sativa*) aproveitados intensamente polo home dende tempo inmemorial (vid. Fotos 5 e 5b). Rica era no pasado a fauna autóctona, pois no século XIX Madoz cita no seu *Diccionario* especies como as troitas, perdices, rebecos e corzos<sup>2</sup>. A pesar da desaparición dalgunha no presente século, como o oso, aínda conserva hoxe Ancares un importante repertorio faunístico do que forman parte, entre outros, o xabaril (*Sus scrofa*), lobo (*Canis lupus*), corzo (*Capreolus capreolus*), perdiz (*Alectoris rufa*, *Perdix perdix*), pita brava (*Tetrao urogallus*), aves rapaces

<sup>2</sup>P. MADOZ: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid, 1845-50. Voz LUMERAS.

como a águia ratoeira (*Buteo buteo*) e peixes como a troita (*Salmo trutta*), todas elas sometidas a especial control por estar a zona declarada reserva natural<sup>3</sup>.

## 2. OS HOMES

Neste territorio aséntase unha poboación de tipoloxía racial predominantemente mediterránea segundo estudio de Humildad Rodríguez Otero. A variedade mediterránea grácil é a dominante (67,86%), pero tamén está presente a robusta (2,98%). En menor proporción pódense atopar alpinoides (13,10%), nórdicos (2,68%), dináricos (1,78%) e outros indeterminados (11,6%)<sup>4</sup>.

A contía demográfica que presenta Ancares dende mediados do século XVIII ata mediados do presente mantívose estabilizada con altibaixos que poden ser explicados por coxunturas innatas ó sistema sociocultural, pero que non supoñen oscilacións que poñan en perigo o poboamento da zona. A mediados do século XVIII, segundo indica o Catastro de Ensenada (1753), a meirande parte dos lugares de Ancares eran de reguengo, agás Balouta, Suárbol e Espiñeireda, que formaban parte do señorío da Abadía de San Andrés de Espinareda, presentando a peculiaridade de estar todos os habitantes encadrados dentro do estamento fidalgo, posiblemente por causa dunha concesión xenérica en favor de xentes que vivían en zonas dificultosas para aliviar as súas cargas. A condición fidalga da poboación detéctase tamén en terras próximas como Burbia, Fornela e nalgunhas freguesías da veciña xurisdicción galega de Navia de Suarna, se ben neste último caso os fidalgos son maioría, pero non a totalidade<sup>5</sup>.

<sup>3</sup>TORRES LUNA-LOIS GONZÁLEZ-PÉREZ ALBERTI: *Op. cit* na nota 1. Páx. 43 e ss. -Servicio de Extensión Agraria. Agencia Comarcal 691: *Estudio de comarca*. Fabero, 1981. Agradecemos a esta Axencia as facilidades que nos deron para poder consultar esta importante fonte de información, da que faremos uso noutras ocasións. -Insinuacións sobre as características físicas e a fauna de Ancares, así como ilustracións de gran calidade ó respecto pódense ver en VV. AA.: *Ancares*. Ed. Leonesas. León, 1987. Agradecemos tamén as insinuacións que nos fixo o Dr. RODRÍGUEZ OUBIÑA ó respecto.

<sup>4</sup>H. RODRÍGUEZ OTERO: *Bioantropología de la comarca de los Ancares leoneses*. Ed. Deputación de León-CSIC. León, 1984. Páx. 319.

<sup>5</sup>O caso de Navia de Suarna foi xa sinalado por nós en X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «Casa y pueblo en la vertiente occidental de la sierra de Ancares». *Antropología y etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares*. Vol. I. Ed. Deputación Provincial. Lugo, 1990. Páx. 17.

No *Arquivo Histórico Provincial de León* (en diante A. H. León) consultamos toda a documentación dispoñible, que consistía en microfilme do texto das respostas ó *Interrogatorio* referentes a Suárbol e documentos orixinais de todas as demais aldeas, agás Vilarbón. Indicamos seguidamente as correspondentes referencias, que non repetiremos no sucesivo.

Aínda que non pretendimos realizar un baleirado exhaustivo do citado Catastro de Ensenada, si contamos con datos suficientes para facer un cálculo, se non rigoroso, cando menos aproximado da poboación ancaresa no século XVIII. Das nosas notas e dunha publicación recente resulta o seguinte:

Lugar	Veciños
Balouta	31
Candín	36
Espiñeireda	41
Lumeiras	52
Pereda	43
Sorbeira	47
Sortes	55
Suárbol	23
Teixeu	64
Vilarbon	31
Vilasumil	28

(Fontes: *Catastro de Ensenada*. A. H. de León; e *Vecindario de Ensenada*. Vol. IV. Ed. Ministerio de Economía. Madrid, 1991).

As cifras expostas parecen indicar que no 1753 vivían en dez das once localidades ancaresas uns 451 veciños. Se temos en conta, que a relación

Balouta = Caixa 7932

Candín = Caixa 7984

Espiñeireda = Caixa 8170

Lumeiras = Caixa 8302

Pereda = Caixa 8472

Sorbeira = Caixa 8772

Sortes = Caixa 8782

Teixeu = Caixa 8791

Vilasumil = Caixa 9045

O mal estado dalgúns documentos, e algunhas fallas, impediunos consultar a totalidade dos mesmos para todas as aldeas. Queremos destacar a amabilidade do personal e a boa organización do Arquivo de León, o que fixo o noso traballo máis sinxelo.

veciños / habitantes pódese calcular, a teor das fontes decimonónicas, en torno a 4,3, obteríamos para o conxunto de Ancares unha poboación que roldaría os 2000 habitantes, é dicir, preto de 10 habitantes / km<sup>2</sup>.

Ata mediados do século XIX a poboación situouse en cifras globais un pouco máis altas. Deixando de lado a cifra que nos dá Madoz para unha data situable arredor de 1845, de 313 veciños e 1408 habitantes, que nos parece errada porque supoñería un baixón demográfico inxustificado con respecto a datos de Miñano e un ascenso tamén espectacularmente esaxerado con respecto ós de 1857<sup>6</sup>, a comparación entre estas dúas fontes<sup>7</sup> sitúanos ante cifras algo superiores a 2000 persoas.

Lugar	Datos de Miñano 1826		Nomenclator 1857	
	Veciños	Habit.	Veciños (Cédulas)	Habit.
Balouta	36	142	30	168
Candín	50	165	29	172
Espiñeireda	55	220	37	193
Lumeiras	60	218	36	197
Pereda	42	205	55	286
Sorbeira	69	285	48	260
Sortes	64	355	40	217
Suárbol	25	97	27	160
Teixeu	78	340	64	286
Vilarbón	34	148	30	173
Vilasumil	38	161	31	163
<b>Total</b>	<b>551</b>	<b>2336</b>	<b>427</b>	<b>2275</b>

Unha ollada de urxencia ás cifras permite descubrir evidentes discrepancias entre unha e outra fonte que dificilmente se poderían atribuír á

<sup>6</sup> P. MADOZ: *Diccionario...* Voz CANDÍN.

<sup>7</sup> S. de MIÑANO: *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*. Madrid, 1826-27. Os datos que damos son froito da suma dos correspondentes á entrada neste Diccionario de cada lugar.

COMISIÓN ESTADÍSTICA GENERAL DEL REINO: *Nomenclator de los pueblos de España* (1857). Madrid, 1858 (Prov. de León, part. de Villafranca, municipio de Candín).

evolución da poboación, destacando no conxunto a diferenza na proporción veciños / habitantes, que é de 4,23 en Miñano e 5,32 no Nomenclator de 1857; probablemente o problema estriba en establecer a equivalencia entre veciños e cédulas, ás que se refire o citado Nomenclator. Pero, á parte das diverxencias, o certo é que o resultado final en canto á contía total é bastante semellante, indicándonos que a poboación ancaresa estabilizouse entre os 11,2 e os 10,9 habitantes por Km<sup>2</sup>.

Na segunda metade do século XIX a poboación de feito en Ancares seguiu por riba dos dous mil habitantes, o que se reflicte nos seguintes datos de conxunto:

<b>Ano</b>	<b>Habitantes</b>
1865	2073
1877	2161
1887	2206
1897	2188

(Fontes: Nomenclator de 1865 e monografía de Humildad Rodríguez citada en notas, páx. 43).

A chegada do século XX vai traer consigo cambios radicais na evolución da poboación ancaresa. Iniciasemos o noso achegamento a esta época recurrido de novo a cifras estatísticas globais:

<b>Ano</b>	<b>Poboación total de feito</b>	<b>Indice</b>
1900	2188	100
1910	2132	97
1920	1886	86
1930	1845	84
1940	1823	83
1950	1932	88
1960	1520	69
1970	912	42
1991	495	22

(Fontes: Deputación de León. Gabinete de Planificación. Evolución da poboación.- Concello de Candín: Datos censais de 1991).

Como se pode observar, iníciase dende 1900 un descenso continuado que se convirte en caída brusca a partir da década dos cincuenta, agás unha lixeira recuperación na posguerra que se aprecia nas cifras de 1950. O proceso de despoboamento fixo que se pasara dunha densidade de 10,5 hab./km<sup>2</sup> a 2,3 hab./km<sup>2</sup>. A situación de catástrofe demográfica sen precedentes nos séculos anteriores vén avaliada por outros datos adicionais que puidemos recoller de diversas fontes, entre elas a recompilación persoal sobre o terreo. O negativo crecemento demográfico ponse de manifesto en feitos como que no período 1981-1983 houbo nas parroquias do val 5 nacementos fronte a 33 defuncións, o que dá un saldo de -28<sup>8</sup>, ou en que nos últimos anos soamente quedaban sete nenos en idade escolar en todo o val de Ancares. Mesmo os datos censuais últimos non indican definitivamente o baleiro demográfico que está a acontecer, pois o padrón de habitantes de 1991 asignalle 8 habitantes a Suárbol e 10 a Vilarbón cando en realidade o primeriro está case despoboado durante o inverno (permanecía alí todo o ano unha familia natural de Moreira-Cervantes, e non existe garantía de que a mesma continúe) e o segundo leva anos sen contar con habitante ningún. O feito de que nestes dous últimos anos continuara o proceso de perda de poboación e a circunstancia de que algúns ancareses censados en Candín viven en localidades do Bierzo fai que os informes orais recollidos por nós dos diversos veciños dos oito lugares do val habitados hoxe en día apunten cara a unha menor poboación:

### FAMILIAS E HABITANTES EN 1993. CANDÍN

Lugar	Casas habitadas permanentemente	Habitantes
Candín	22	50
Espiñeireda	12-13	30
Lumeiras	8	13
Pereda	40	100
Sorbeira	17	40
Sortes	22	50
Teixeu	15-20	30
Vilasumil	5	10
<b>Total</b>	<b>141-147</b>	<b>323</b>

(Fonte: datos verbais recollidos nos diversos lugares en 1993-94).

<sup>8</sup> E. GARCÍA SANTÍN: *Estudio socio-económico y religioso de la comarca de los Ancares leoneses*. Escuela Social de León. Tese mecanografada. León, 1984.

Aínda tendo en conta que as apreciacións dos informantes son aproximativas, detectándose oscilacións, que existen numerosos casos dubidosos dada a frecuencia con que algúns ancareses de idade abandonan o val para convivir cos seus parentes establecidos noutras terras durante máis ou menos tempo (persoalmente coñecemos algúns casos), e que non dispoñemos de datos de Balouta, podemos sen embargo deducir que a actual poboación de Ancares rolda os catrocentos habitantes, e que a densidade a penas atinxe os 2 hab./km<sup>2</sup>. A crise demográfica é aínda máis acusada hoxe que hai dez anos, cando unha investigadora afirmaba o que segue:

«El crecimiento vegetativo negativo alcanzado a partir de 1970 sigue evolucionando en la misma dirección, hecho que, unido al fuerte balance migratorio experimentado en la zona, conduce inexorablemente, en caso de no darse un cambio radical en las estructuras socio-económicas de la comarca, a la desaparición de la población ancaresa en un espacio de tiempo relativamente corto, como se deduce de la desertización total ya experimentada en algunos pueblos»<sup>9</sup>

Detrás desta carencia de elemento humano está unha masiva emigración dos máis novos e un acusado avellentamento provocados pola crise da sociedade tradicional a partir de 1960. As diferencias entre a poboación de feito e de dereito detectables nos censos, resultado de certa tendencia continuada a saír fóra do val, é consubstancial á cultura ancaresa, e diso achegaremos datos de campo no apartado correspondente. Pero a incidencia do desenvolvemento urbano-industrial en España e Europa abriu para os ancareses novas perspectivas que viñeron a converter unha eliminación de excedentes poboacionais nun éxodo masivo sen precedentes. O fenómeno non é exclusivo de Ancares, pois semellante tendencia apréciase noutras comunidades das zonas de montaña do noroeste. O veciño concello galego de Navia de Suarna veu reducida a poboación de 7.168 habitantes no 1950 a 3288 no 1986, o de Cervantes sufriu un baixón poboacional de máis do 60 % dende 1950, e acusado descenso demográfico pódese detectar tamén en terras asturianas como os Oscos<sup>10</sup>. Este feito, ademais, botou a perder as

<sup>9</sup>H. RODRÍGUEZ OTERO: *Op. cit.* na nota 4. Páx. 468.

<sup>10</sup>X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Op. cit.* na nota 5. Páx. 21 .

TORRES LUNA-LOIS GONZÁLEZ-PÉREZ ALBERTI: *Op. cit.* na nota 1. Páx. 71. -VV. AA.: *Rituales y proceso social. Estudio comparativo en cinco zonas españolas*. Ed. Ministerio de Cultura. Madrid, 1991. Páx. 32 e ss.

prácticas antigas, resultando consecuencia lóxica que a cultura tradicional ancaresa estea sufrindo un proceso destructivo difícilmente reversible. Na memoria e nos usos dos poucos habitantes de Ancares quedan aínda retallos dun pasado que tentaremos revivir polo menos en parte.

### 3. OS RECURSOS

Os ancareses explotaron o seu medio natural de acordo coas posibilidades que lle brindaba o medio hostil no que vivían e viven, caracterizado pola escasa superficie de terreo directamente productivo. Datos de 1972 referidos á totalidade do municipio de Candín poden ser bo indicio diso, aínda que nos remiten a unha data na que o éxodo poboacional deixara en estado de abandono parte das terras aproveitables:

Superficie xeográfica	20700 Has.
Id. censada	15617 Has.
Id. labrada	212 Has.
Id. non labrada	15405 Has.

(Fonte: Ministerio de Agricultura. *Censo agrario* 1972).

As devanditas cifras indican que soamente un 1,02% da superficie xeográfica estaba dedicada nese ano a labradío, cifra que, segundo os nosos informes orais podería ata cuadruplicarse para datas situables hai máis de trinta anos, pero que, con todo, demostra a pouca dispoñibilidade de espazos cultivables na área. Nin sequera o aproveitamento temporal do inulto para sementar cereal mediante unha agricultura de roza nas chamadas **searas** era práctica xeneralizada no val de Ancares no pasado histórico, como se deduce dos datos do Catastro de Ensenada para o século XVIII, ou, para tempos máis recentes, dos informes orais que temos nas nosas notas de campo; un informante noso de Pereda lembraba que nos anos que seguiron á Guerra Civil tiñanse cavado algunhas **searas** para sementar centeo e que «empezaran entonces porque había necesidá» (Pereda, xullo 1993), pero non era recurso unánime de rendibilidade recoñecida na cultura agraria do val. Contrasta isto coa importancia que tal actividade tivo en terras galegas de Navia de Suarna situadas na vertente occidental da serra de Ancares, onde puidemos detectar unha nada desprezable explotación do inulto mediante unha agricultura de roza que producía un complemento indispensable de

cereal para o mantemento da familia rural<sup>11</sup>. Unha observación feita polo miúdo do espacio ancares amosa unha razón ecolóxica que xustifica a escasa presenza desta práctica agraria; as terras do val de Ancares en sentido estricto presentan na parte central terreos minimamente chans que permiten a práctica da agricultura, pero, dada a acusada forma en U do mesmo, as ladeiras teñen unha forte pendente pouco favorable para a localización de cultivos; as penichairas altas, presentes na vertente galega da serra, son escasas, pouco desenvolvidas ou excesivamente elevadas para poder garantir unha produción razoable; nos contados casos nos que a montaña se torna suave, como sucede nos arredores de Vilarbón, a 1.100 metros de altitude, atopámonos cunha explotación estable de terras de cultivo arredor dun lugar no que se estableceu unha poboación fixa que aproveitou os terreos de maneira continuada, e non con enclaves estacionais como son as chamadas «alzadas» de Navia de Suarna ou mesmo dalgunha outra zona próxima de León (Campo del Agua, por exemplo, no antigo concello de Paradaseca). Esta razón física complementábase co feito de que os ancareses souberon desenvolver actividades temporais fóra do val que compensaron a carestía de medios de vida no contorno próximo.

Nas terras máis baixas os campesiños ancareses practicaron unha agricultura característica dun ecotipo paleotécnico<sup>12</sup>, no que xoga un papel importante un instrumental agrícola con elementos tan característicos como o carro chillón ou o arado simétrico de madeira de tipo predominantemente radial, con rella xeralmente enchufada no extremo anterior do dente (vid. Foto 6), elementos de cultura material que, con pequenas variantes, comparte o val de Ancares con todas as terras veciñas<sup>13</sup>. Podemos rastrear dende o século XVIII os produtos agrícolas e pecuarios que servían de sustento e de

<sup>11</sup> X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Op. cit.* na nota 5. Páx. 87.

<sup>12</sup> Utilizamos este concepto para definir un modelo baseado na explotación da terra mediante o uso fundamental da forza humana e animal, propio das sociedades campesiñas tradicionais. Vid. E. R. WOLF: *Los campesinos*. Ed. Labor. Barcelona, 1971. Páx. 32.

<sup>13</sup> Da descrición da ferramenta agrícola, así como doutros aspectos da cultura material de Ancares, ocúpase C. GONZÁLEZ PÉREZ na segunda parte desta obra. Datos da zona e das próximas de Galicia pódense ver en J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del valle de Ancares*. Verba, Anejo 10. Univ. de Santiago, Compostela 1978. —C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares*. Vol. II. Ed. Diputación Provincial. Lugo, 1991. Houbo tamén etnógrafos que se preocuparon dalgún aspecto deste instrumental con detalle, como J. L. MINGOTE CALDERÓN: *Mayales y trillos en la provincia de León*. Ed. Deputación Provincial. León, 1990. Os arados ancareses presentan semellanza cos arados galegos de tipo radial da provincia de Ourense, e tamén con outros arados «rabela-rostro» relacionados cos anteriores de terras de Lugo; vid. ó respecto J. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «El arado de madera en Galicia». *Rev. Gallaecia*, n. 3-4. Santiago, 1977-78. Páx. 137 e ss.



Arado tradicional, Sorbeira. (Foto 6).

axuda no traballo ós ancareses e que sufriron relativamente poucas variacións ó longo do tempo. A través dunha sondaxe na resposta a 4 do *Interrogatorio* do Catastro de Ensenada correspondente ós lugares de Candín, Espiñeireda e Sorbeira atopamos que as terras se clasificaban así en función da súa produción:

• **Hortas de regadío**, que producían sen intermisión e supoñían unha pequena, pero valiosa, parte da superficie labrada. En Candín e Espiñeireda estas terras proporcionaban produtos como fabas e cebolas. As hortas ancaresas actuais producen, ademais dos citados, outros produtos, como verzas, allos e leitugas por veces, e están situadas nos arredores das casas ou, como moito, nas boas terras das aforas dos lugares (vid. Foto 7); responden a unha tradición que tamén se detecta en terras próximas de Galicia<sup>14</sup>. A superficie de horta nunca foi grande; segundo as nosas notas de campo tiñan «medio cuartal, un cuarto de cuartal... poucos un cuartal» (Espiñeireda, I-94). Nun estudio de comarca que data do 1981 e que ten en conta 101 explo-

<sup>14</sup> A. BOUHIER: *La Galice. Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*. Imprimerie Yonnaise. La Roche-sur-Yon (Vendée), 1979. Vol. I, pág. 589.



Hortas de Sortes. (Foto 7).

tacións do municipio de Candín (xunto con outras de municipios da área) atopamos que a superficie de horta é con moito a máis reducida de todas as terras, oscilando entre 0,05 Has. e algo máis de 0,1 Has. por explotación<sup>15</sup>.

• **Terras «linares»**, que producían liño e nabos un ano e liño e alcacén outro (Candín), ou sinxelamente liño e nabos sen intermisión. O cultivo do liño era fenómeno común en Ancares, como no resto do noroeste peninsular, ata fin do século XIX, pero a partir desta data o seu declive foi moi acentuado, agás certos intres de recuperación debido a crises internacionais como a provocada pola Primeira Guerra Mundial<sup>16</sup>. Os nosos informantes, aínda os de máis idade, non practicaron xa este cultivo, que debeu de desaparecer a comezos de século como consecuencia da introducción no mercado de tecidos foráneos feitos con algodón, reducíndose a produción local a algúns tecidos de lá. Manuel González, veciño de Sorbeira de máis de oitenta anos,

<sup>15</sup> Datos entresacados da lista de explotacións reflectida no *Estudio de comarca* citado na nota 3.

<sup>16</sup> Sobre a desaparición do liño no Noroeste vid. A. BOUHIER, *op. cit.* na nota 14. Vol. I, páx. 599 e ss.

asegurounos que el xa non vira cultivar o **lin**, aínda que si llo oíra mencionar á súa sogra, e tamén podía dar razón dos puntos do río onde se «apozaba»; a semellante horizonte temporal nos remitiron outros informes de Sortes, Espiñeireda e Pereda, nos que se nos indicou que sentiran falar do **lin** «ós avulicos» (avós). De todos os xeitos todos eles lembraban que as vellas terras dedicadas a cultivar o **lin**, de moi boa calidade, son as chamadas **nieres**, posteriormente utilizadas «para sembrar verdura» (Pereda, VII-93).

• **Terras «centenales» de secano**, é dicir, dedicadas a sementar cereal, xeralmente centeo e excepcionalmente algo de trigo en lugares como Espiñeireda. O centeo foi unha constante da cultura agraria ancaresa ata hai unhas trinta anos, data na que os espacios nos que se sementaba comezaron a ser abandonados (vid. Foto 8), aproveitando a fariña para fabricación de pan, o farelo como penso dos animais e a palla, unha vez escolmada, para cuberta das chamadas «casas de teito». Este cultivo perviviu con escasas variantes dende o século XVIII ata o pasado próximo. A rotación normal era de ano/vez e, agás excepcionais sementeiras no monte, dedicábanse a esta planta os terreos chamados «cortías» polos nosos interlocutores. «Cada **luguer** tenia al menos dos, para sembrar un año a un lado y el otro al otro» (Candín, IV-93). Pódense apreciar no presente esas «cortías» a pesar do seu total



«Cortía» hoxe sen cultivar. Sortes. (Foto 8).

abandono. Sorbeira tiña as de «El Colau» e «Vagalois», posuíndo alí todos «úa leira ie alguis catro ou tres, sementando un ano núa ie outro na outra» (Sorbeira, VII-93). En Sortes había a «cortía da Granda» e en Espiñeireda a «dos Avesos», a de Xelais e a «cortía de Arriba». Cada «cortía» estaba dividida en parcelas dos distintos propietarios, delimitadas por «marcos» consistentes nunha pedra máis grande fincada verticalmente que estaba reforzada por outras dúas laterais de menos tamaño, a xeito de cuñas, chamadas «testigas» (Sortes, VII-93). As parcelas máis longas e estreitas chamábanse en Sortes «leiras» e as que tendían a cuadrangulares «eiros». Veciños de Espiñeireda utilizaron ante as nosas preguntas o termo de «leiros» para as parcelas máis dificultosas e «leiras» para as máis pequenas e horizontais, nas que se sementou co tempo a pataca cando se introduciu este cultivo, o mesmo que nas hortas e «nieres». O tamaño das parcelas era reducido, «había alguis de doce cuartales, pero poucos, ie había alguis cachius de medio cuartal» (Espiñeireda, I-94). Se temos en conta que o cuartal podía chegar, a teor dos informes, a 432 m<sup>2</sup> (11,5 Kg. en peso de cereal), resulta que a maioría das parcelas tiñan unha superficie realmente cativa, indicio dunha intensa fragmentación do terrazgo característica da cultura agraria ancaresa.

• **Prados, de secano ou regadío** «que producen sin intermisión» (Sorbeira, Candín, Espiñeireda...). Son sen dúbida a propiedade máis apreciada polos ancareses, que atopan neles unha boa parte do sustento para unha gandería da que falaremos despois. Como se nos indicou en Sortes «al prau era el que mejor se valoraba, si era bueno» (Sortes, VII-93), resultando aínda no presente un tipo de terreo que se segue a cuidar e explotar (vid. Foto 9). Pódese estimar o rendemento na actualidade dos chamados **praus** nunns 8000-10000 kg por Hectárea<sup>17</sup>. Importancia semellante da pradería puidémola atopar nas veciñas terras lucenses de Navia de Suarna<sup>18</sup>.

• **Terras dedicadas a árbores froiteiras**, como castiñeiros e cerdeiras en Candín e Sorbeira; pereiras, maceiras e castiñeiros en Espiñeireda. Neste caso cómpre salientar que a árbore máis productiva e abondosa no val de Ancares seguiu a ser ata o presente o castiñeiro, do que os ancareses obtiñan madeira para as construcións e mobiliario, e tamén a castaña como alimento para persoas e animais. Un dos pratos citados como habitual para época de

<sup>17</sup> Damos esta cifra como meramente indicativa, pois carecemos de datos para valorar o rendemento dos prados en tempos pasados. Tomámola do *Estudio de comarca* citado na nota 3.

<sup>18</sup> X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Op. cit.* na nota 5. Páx. 39.



Rincón de Ancares no que se aprecia a presenza de "praus". (Foto 9).

inverno polos nosos informantes foron as castañas con leite ou asadas na lareira, o que tamén é habitual nas terras veciñas de Galicia e Asturias<sup>19</sup>.

• **Terras incultas**, que eran a inmensa maioría a mediados do século XVIII e o seguiron sendo con posterioridade, como xa indicamos. Convén lembrar que o inculto foi historicamente un soporte fundamental da vida labrega nas terras do Noroeste, pois o monte era intensamente aproveitado para pastoreo, obtención de cama para o gando e esterco ou para outras finalidades como extracción de combustible que alimentara a **larega** aldeá. Estes espazos eran usados, entón coma no presente, de maneira comunal; como se asegura na resposta a 4 do *Interrogatorio* de Sorbeira os incultos «no producen utilidad a dueño conocido»<sup>20</sup>.

En resumo, e de acordo co que nos manifesta o *Interrogatorio* do Catastro de Ensenada na resposta a 14, as producións fundamentais dos lugares

<sup>19</sup>X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Op. cit.* na nota 5. Páx. 35 e ss.

<sup>20</sup>A importancia do monte foi xa destacada por estudiosos de Galicia. Como exemplo vid. A. BOUHIER: *Op. cit.* na nota 14. Vol. II, páx. 878 e ss.

de Ancares eran hortaliza, liño, centeo, nabos, froitos como a castaña e herba, apreciándose que a variedade productiva quedaba reducida nas aldeas de Suárbol e Balouta, situadas a maior altitude e máis aló do val, a centeo, herba, algo de verdura e liño no caso de Suárbol<sup>21</sup>. A comparación que fixemos co pasado próximo a través de informes de campo permítenos afirmar que todas as prantas presentes no século XVIII seguiron a ser básicas en Ancares ata hai ben poucos anos, agás a desaparición do liño nunha data que podemos situar arredor do cambio do S. XIX ó XX.

Precisamente esta persistencia ó longo do tempo reflíctese tamén na riqueza gandeira. Na resposta a 20 do *Interrogatorio* podemos decubrir que os animais domésticos en Ancares, como nas terras veciñas, eran o gando cabalar, vacún, lanar, caprino e porcino, mencionándose bois e vacas de ventre, carneiros, ovellas e años, machos caprinos, cabras e cabuxos, cochos e porcas, e machos e cabalos de carga. O censo agrario de 1972 revela que hai vinte anos xa a penas quedaba gando cabalar no val, pero seguía aproveitándose o vacún, ovino e caprino (os dous últimos en vías de desaparición), así como o porcino enfocado ó consumo familiar. Os nosos datos de campo apuntan a que hai máis de trinta anos todo o repertorio de especies citadas para o século XVIII tiña plena vixencia, incluídos mulos e cabalos de carga para a práctica da arrieiría. Aínda no presente pode calquera viaxeiro atopar na meirande parte das casas do val vacas ou porcos e nalgún que outro caso illado rebaños de cabras que son mostra da pervivencia destas especies gandeiras.

Como era de esperar, nas fontes do século XIX a penas atopamos variacións no que se refire á gandería, a teor dos datos facilitados por Miñano e Madoz. Pero si se aprecian cambios de certa importancia no que se refire ós recursos agrícolas. Xa no *Diccionario* de Miñano (1826), xunto coa herba, o liño ou o centeo, «que no llega para el consumo», aparecen mencionadas as patacas, produto de debeu de expandirse por Ancares dende a segunda metade do século XVIII<sup>22</sup>. A pobreza dos terreos ancareses é destacada repetidamente por Madoz en 1845 con expresións como «terreno de mala calidad» (Sortes), «de infima calidad y de secano en su mayor parte» (Sorbeira, Vilasumil, Vilarbón), aceptando como mellores as terras de Pereda, ás que cualifica de «mediana calidad»; polo demais os produtos citados nesta fonte son os mesmos que xa enumeramos, incluídas as patacas, que se mencionan

---

<sup>21</sup> Todos estes datos, e os que se darán a seguir para mediados do S. XVIII, foron obtidos, como xa se indicou na nota 5, nos documentos do Catastro existentes no A. H. de León. A ela remitimos para evitar a reiteración de citas.

<sup>22</sup> S. de MIÑANO: *Op. cit.* na nota 7. Voz ANCARES.

en todas as entradas dedicadas ós lugares ancareses<sup>23</sup>. No presente segue a pataca representando un produto básico para a dieta diaria, xunto co pan e co leite. Con posterioridade, pois nin Madoz nin Miñano o citan, debeu introducirse no val o millo, aínda que a extensión dedicada a esta nova planta foi sempre cativa. Tanto as patacas como o millo –os «maices»– pónense no mes de abril ou mesmo en maio, e faise a colleita en setembro, denantes de que comece a dura invernia.

Presentamos ata agora unha panorámica dos recursos con que contaron os ancareses nos últimos dous séculos e medio, apreciando a desaparición dalgún, a incorporación doutros e a persistencia dos máis. A situación presente, polas razóns que repetidamente indicamos, é ben distinta á de hai anos, pero perviviron de maneira limitada restos do vello sistema agrario que se reflicten nos seguintes datos de 1981:

### SUPERFICIE DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS. CANDÍN

	Regadío	Secano
Pradería natural	17 Has.	120 Has.
Hortícolas	12 Has.	—
Patacas	—	23 Has.
Cereal e forraxes	10 Has.	41 Has.
Pasteiros e matas	—	9196 Has.
Castiñeiros	—	128 Has.
Carballo-rebolo	—	1984 Has.
Piñeiros	—	2272 Has.

(Fonte: Axencia de Extensión Agraria de Fabeiro: *Estudio de comarca*, 1981).

Aínda que os datos non abranguen a totalidade da superficie do municipio de Candín de Ancares, senón só a censada por Extensión Agraria, resulta ben claro que, malia o inevitable retroceso da superficie labrada en relación con tempos anteriores a causa da caída demográfica, atopamos en

<sup>23</sup>P. MADOZ: *Op. cit.* na nota 2. Voces CANDÍN, LUMERAS, PEREDA, SORBEIRA, SUERTES, SUÁRBOL, VILLASUMIL, VILLARBÓN.

Ancares restos de vellos cultivos xunto cun abrumador predominio do inculto, resultando novidade a aparición do piñeiro, árbore introducida nas últimas décadas por iniciativa do Estado nas masas do común.

### **CONSIDERACIÓN FINAL**

Pasamos revista neste apartado a aspectos básicos do medio natural, a poboación e os recursos de que dispuxo Ancares nos últimos séculos. Todos eles actúan como condicionantes da cultura ancaresa e van, á súa vez, ser modelados por ela. A dura orografía e climatoloxía ancaresas supuxeron indubidable limitación para unha poboación que nos seus mellores tempos a penas ultrapasou os 11 habitantes/km<sup>2</sup>, máximo permitido por un sistema tradicional no que os recursos non eran abondosos tanto en variedade coma en extensión. A existencia de posibilidades fóra do val, dentro dos macro-mercados tanto tradicionais coma modernos, favorecida pola situación xeográfica de Ancares entre dous reinos, o de León e o de Galicia, preto ademais de Asturias, vai ser unha saída amplamente aproveitada polos ancareses de maneira esporádica ou permanente, segundo veremos. Pero denantes cómpre deterse na configuración da familia ancaresa dentro do marco que acabamos de delimitar.

## II. A FAMILIA (1). MATRIMONIO E HERDANZA

### 1. A VODA

Unha forma inicial de nos introducir en temática tan complexa como a da familia é a de describir o ritual da voda en Ancares hai aproximadamente medio século. Segundo os nosos informantes os noivos acudían nese día á igrexa do **luguer** da noiva (ou de ambos os dous cando eran da mesma localidade, cousa frecuente) coa familia e convidados, partindo das súas respectivas casas. Denantes, a véspera, dábase un convite ós mozos, o que formaba parte dun ritual de aceptación por parte dos membros máis novos –os máis afectados pola perda de mulleres casadeiras– que escomenzara antes, cando se formalizara o noivado e cobrara carácter público, momento no que o noivo, especialmente se era doutro **luguer**, tiña xa que pagar «a entrada», consistente, por exemplo, nun garrafón de viño, pois en caso contrario «iban encima del ie (dician)...¡Non volvas entrar eiquí!» (Lumeiras, XI-93).

Varias igrexas do val –como a de Pereda ou a de Sorbeira– conservan aínda un adro cuberto (vid. Foto 10) no que se xuntaba a comitiva para asistir á primeira parte da cerimonia, o ritual estricto do sacramento cristián do matrimonio. Unha muller de Sorbeira indicounos tal emplazamento cando lembraba diante de nós o seu propio enlace, namentres insistía en que «casabámonos fóra, diante da porta» (Sorbeira, XI-93). A práctica de iniciar a voda «ante portam» non foi, por suposto, algo exclusivo de Ancares. Nas respostas á Enquisa preparada polo Ateneo de Madrid no 1901 e referidas a Galicia atopamos que, mentres a de Noia (A Coruña) sinala que o ceremonial se desenvolvía no altar, as de Cárbia e Santa María de Oia (Pontevedra) destacan que a voda tiña lugar «á porta da igrexa»<sup>1</sup>. Semellante localización

<sup>1</sup> X. M. GONZÁLEZ REBOREDO (ed.). – *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á Enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*. Ed. Consello da Cultura Galega. Compostela, 1990. Páx. 124-125.



Adro lateral dunha igrexa de Ancares. Neste espacio tiña lugar a primeira parte do casamento. (Foto 10).

era normal en terras máis próximas a Ancares de Viana do Bolo (Ourense) pola mesma época, segundo se menciona no interesante escrito que a esta comarca dedicou Nicolás Tenorio<sup>2</sup>. Non puidemos descubrir ningunha normativa eclesiástica que establecera tal espacio como propio do ceremonial de voda nos últimos tempos; mais no proceso de achegamento do ritual de matrimonio ós templos na Idade Media atopamos indicacións como a que nos da o “Ritual de Silos”, que sinala a entrada como lugar donde cónxuxes e acompañantes reciben a bendición<sup>2 bis</sup>. De todos os xeitos parece evidente que o seu significado pode ser fondo; o templo, lugar central da comunidade, santuario que garda os patróns sobrenaturais e punto de contacto co sagrado, recibe ás súas portas ós contraentes que, polo feito de selo ata entón en intención, atópanse nunha situación de imperfección cando menos formal, debendo de manifestarse neste lugar liminal antes de penetrar no interior do espacio sagrado. Alí serán cuestionados sobre a súa vontade polo crego, e alí tamén están os familiares, invitados e mesmo curiosos —antes acudía todo

<sup>2</sup> N. TENORIO: *La aldea gallega*. Ed. Xerais de Galicia. Vigo, 1982. Páx. 78.

<sup>2 bis</sup> J. BENEYTO: *Una historia del matrimonio*. Eudema. Madrid, 1993. Páx. 34.

o luguer» (Españeira, XI-93)– que actúan de testemuñas dun evento que destaca pola súa publicidade en circunstancias normais.

O silencio e tensión propia de todo rito de paso romperase en canto ambos os dous cónxuxes pronuncian o esperado «si». Agora a colectividade amplía na distancia a nova mediante o disparo de «tiros» (foguetes ou mesmo disparos de escopeta) que serven de mensaxeiros sonoros dunha nova que interesa non só ás familias, senón a todo o corpo social. Como se nos afirmou, «taban al tanto de cando decían si ie botaban tiros» (Sorbeira, XI-93), práctica que tamén puidemos recoller en anterior estudio dedicado ás veciñas terras de Navia de Suarna. Expresada publicamente a vontade positiva, toda a comitiva entraba no templo para asistir á misa.

Aínda que non puidemos detectar nas aldeas do val de Ancares costumes como a de repartir o chamado «rosco» entre os veciños do lugar, que era normal nas aldeas situadas máis alá do porto de Ancares, si comprobamos que existía, coma alí, a tradición de que as mozas entoaran logo da cerimonia cantares como os seguintes, que recolleemos en Españeira:

*«Despídete niña hermosa  
de la casa de tus padres  
que hoy es el último día  
que de ella soltera sales»*

*«Despídete niña hermosa  
de las otras de tu bando,  
echa un pañuelo a los ojos  
no te despidas llorando»*

*«Que bonitas son las calles  
cuando las cubre la nieve,  
más bonita está una niña  
al lado de quien la quiere».*

*«Ya se marcha la paloma  
de lo mejor de su nido,  
de la casa de sus padres  
y se va con su marido»*

*«Con el sí que dió la novia  
a la puerta de la iglesia,  
con el sí que dió la novia  
entró suelta y salió presa».*

*«Que bonita va la novia  
del brazo del caballero  
que Dios te de mucha suerte  
en este triste destierro»*

*«A los pobres casaditos  
Dios les de mucha fortuna,  
y a eso de los nueve meses  
Dios les dé un niño en la cuna»*

*«Ya les dió bendición el cura  
a los dos amantes  
para que no se separen  
hasta que Dios lo mande»*

*«Toma novia este pañuelo  
y guárdalo en el bolsillo,  
amarás a tu marido  
hasta el último suspiro»*

*«Toma novio esta manzana  
y ruédala por la mesa,  
amarás a tu mujer  
como Cristo amó a la Iglesia».*

*«Al padrino y la madrina  
les vamos a recordar  
que preparen los derechos  
que nos vamos a enfadar»*

Os cantares de voda ancareses, o mesmo cós doutras zonas próximas<sup>3</sup>, son un eco de ideais socio-culturais expresados en clave poética. Como se pode apreciar insisten os primeiros no cambio de grupo de idade da noiva, que pasa do das solteiras, situación idealmente incompleta, ó de casada, aínda que isto supoña un forte choque inicial. Seguen outros nos que se lembra precisamente que o estado ideal da muller é o de casada, así como os que se refiren a dúas cuestións de especial importancia dentro das sociedades tradicionais, a de seren fieis e a de poder procrear unha

<sup>3</sup>Os recollidos por nós en Rao (Navia de Suarna) e en Suárbol poden ser exemplo diso. Vid. X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «Casa y pueblo en la vertiente occidental de la sierra de Ancares». En *Antropología y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares*. Vol. I. Ed. Deputación Provincial. Lugo, 1990. Páx. 64.

descendencia necesaria para lograr unha primaria reprodución da sociedade, cuestión esta que transcende ás aspiracións da ideoloxía cristiá dominante e que se convirte en garantía da supervivencia da familia. Finalmente ínstase ós padriños a que entreguen ás cantoras, representantes neste caso da comunidade, a correspondente doazón, a que, coma as convidadas anteriores ou simultáneas á voda, vén ser unha forma de recoñecer que o matrimonio é cousa na que se ve implicado un conxunto social ó que hai que ofrecer compensacións rituais. Convén recalcar o feito de que a meirande parte dos cantares van dirixidos á noiva, é dicir, ó compoñente feminino da diada que se constitúe, o que está en relación coa clara conciencia dos roles que lle tocará desempeñar á muller casada, garante dos bens, das colleitas e do gando da familia durante longas tempadas de ausencia do varón fóra do val, dentro dunha división do traballo na que o home carga co peso de achegar recursos externos mediante o exercicio de oficios mentres a muller fica na casa ó cargo de fillos e facenda. Non parece mera coincidencia, senón máis ben conciencia diso, o que nun cantar se lle desexe boa sorte «en este triste destierro».

En relación co que dixemos anteriormente hai que poñer a distribución extraordinaria de alimentos entre os familiares, convidados e mesmo veciños que supón o banquete que segue á cerimonia de voda, así como a troula festiva que o acompaña. Principalmente os pais da noiva preparaban un abundante xantar, «mataban cabritos» (Lumeiras, VII-93), e a xente bailaba e consumía unhas viandas que eran excepción dentro da monótona dieta ancaresa; como nos dixo unha informante «hai cuarenta anos que me casei, ie mataron sete castrois, ie polos, ie dúas cargas de viño, ie roscois... ie baile que te crió» (Sorbeira, XI-93).

## 2. IDADE DE CASAMENTO

H. Rodríguez Otero ten feito un estudio demorado da idade de casamento da poboación de Candín de Ancares, atopando a existencia dun matrimonio tardío que, sen embargo, vaise facendo menor a medida que nos acercamos a tempos máis recentes<sup>4</sup>. Tomando en consideración todos os matrimonios e comprobando nos libros de bautismos a idade, obtén as seguintes cifras:

<sup>4</sup> H. RODRÍGUEZ OTERO: *Bioantropología de la comarca de los Ancares leoneses*. Ed. Deputación de León-CSIC. León, 1984. Páx. 58 e ss.

<b>Período</b>	<b>Idade media do home</b>	<b>Id. da muller</b>
1870-79	30,83	26,85
1880-89	30,11	25,29
1890-99	29,23	25,52
1900-09	29,68	25,55
1910-19	31,98	26,25
1920-29	29,75	25,00
1930-39	28,40	24,78
1940-49	29,86	24,46
1950-59	28,68	24,60
1960-69	28,76	24,36
1970-79	27,85	24,52

En xeral detéctase un moi grande número de casos nos que o varón é máis vello cá muller, podendo establecer unha diferenca media de cinco anos para o período que vai de 1870 a 1979. Como sinala a citada investigadora esta diferenca é máis acusada cá rexistrada noutras terras leonesas, como Encinedo ou a Maragatería. Pola nosa banda tentamos matizar os datos arriba manexados con sondaxes nos libros de casamentos nos que puidemos corroborar esa tendencia a que o home sexa máis vello e de casamento serodio. Citaremos como exemplos os seguintes, tendo en conta que para o noso propósito soamente tivemos en conta aqueles matrimonios nos que constaba claramente a idade dos dous contraentes, excluindo os dubidosos ou aqueles nos que un cónxuxe era viúdo, para así perfilar millor a idade normal do primeiro casamento.

**TEIXEU**  
**Períodos de 1895 - 1929 e 1945 - 55**

<b>Idade</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Menos de 20 anos	1	14
20-25 anos	23	32
26-30 anos	24	14
Mais de 30 anos	14	2
<b>Total</b>	<b>62</b>	<b>62</b>

**PEREDA - CANDÍN**  
**Períodos 1885 - 1904, 1945 - 1950, 1955 - 59**

Idade	Homes	Mulleres
Menos de 20 anos	1	18
20-25 anos	34	45
26-30 anos	32	21
Máis de 30 anos	23	6
<b>Total</b>	<b>90</b>	<b>90</b>

(Fonte: Libros de casamentos de Teixeira e de Pereda-Candín. Arquivo parroquial).

Como se pode apreciar, nos exemplos de Teixeira resulta que 38 varóns tiñan máis de 25 anos, o que supón un 61,2% e, pola contra, 46 mulleres tiñan vintecinco anos ou menos, é dicir o 74,1%; cómpre destacar, ademais, que 14 mulleres tiñan menos de vinte anos no intre de casaren e 14 homes superaban os trinta anos. No que se refire a Pereda-Candín obtivemos resultados semellantes, cun 61,1% de homes de máis de 25 anos e un 70% de mulleres de 25 anos ou menos. O predominio do casamento con varón de máis idade é un fenómeno xeral nas sociedades tradicionais que non precisa máis comentario. Tampouco é de estrañar a presenza dun casamento tardío, algo común no campesiñado de Europa, aínda tendo en conta que o caso ancarés non chega a límites tan extremos como os detectados noutras terras do Noroeste, tal o de Fontelas en Portugal, nos que as posibilidades de crear novos fogares parecen ser menores que en Ancares<sup>5</sup>. Chamamos a atención, con todo, sobre o feito de que o casamento tardío dos homes e o precoz das mulleres parece debuxar un modelo detectable na Europa meridional, feito que xa teñen indicado algúns investigadores<sup>6</sup>.

### 3. DISTANCIA DE MATRIMONIO E PROCEDENCIA DOS NOIVOS

Imos afondar a partir de agora noutras das plurais implicacións e facianas que o matrimonio ten en Ancares. Unha primeira cuestión que abordaremos é o da distancia física e cultural do matrimonio. Comecemos por datos que nos poden dar primeiras e primarias pistas cara a unha comprensión da mesma.

<sup>5</sup>BRIAN J. O'NEILL: *Propietários, lavradores e jornaleiras*. Ed. Dom Quixote. Lisboa, 1984. Páx. 303.

<sup>6</sup>C. B. BRETTELL: *Homes que partem, mulleres que esperam*. Ed. Dom Quixote. Lisboa, 1991. Páx. 116 e ss.

No estudio feito hai anos dende perspectiva bio-antropolóxica, a autora denantes citada destacou como característico de Ancares o feito de se rexistrar unha elevada endogamia de aldea e de val (entendendo por endogamia o matrimonio entre xentes da localidade, independentemente dos vínculos de parentesco). Sobre un total de 1.407 matrimonios considerados entre 1870 e 1979 obtivo o resultado seguinte:

- 772 foron contraídos entre veciños do mesmo lugar, o que supón o 54,8 %.
- 318 foron contraídos entre veciños de lugares de Ancares, é dicir, o 22,6 %.

A aldea con endogamia máis acusada é Balouta, cun 75% de matrimonios entre veciños, e a que menos Candín, cun 39,37 % dos casos. Entre estes dous extremos sitúanse exemplos como Pereda (59%), Sortes (61%) ou Sorbeira (46%)<sup>7</sup>. Unhas cifras tan altas de matrimonios dentro da aldea implican unha apreciable consanguinidade, que, sobre 1014 matrimonios contraídos entre 1870 e 1979, se eleva ás seguintes cifras:

Entre curmáns	25 (2,46%)
Entre primos segundos	85 (8,38%)
Tío/a - Sobriño/a	8 (0,79%)
Primos terceiros	42 (4,14%)

(Fonte: Humildad Rodríguez, na obra citada en bibliografía, páx. 82 - 83).

Os máis acusados índices de consanguinidade danse en Sorbeira (22,61 %), Vilarbón (22,44 %), Pereda ( 21,23 %) e Vilasumil (19,23 %), baixando logo ata o mínimo de 10,34 % en Lumeiras. En xeral podemos dicir que esta consanguinidade, xunto cos matrimonios dentro da mesma aldea ou entre aldeas próximas, xerou unha densa rede de parentesco no ámbito local, e proba diso é que a principios dos anos oitenta 90 dos 120 habitantes de Pereda levaban o apelido Abella<sup>8</sup>.

<sup>7</sup>H. RODRÍGUEZ OTERO: *Op. cit.* en nota 4. Páx. 73 e ss.

<sup>8</sup>E. GARCÍA SANTÍN: *Estudio socio-económico y religioso de la comarca de los Ancares leoneses*. Escuela Social de León. Tese mecanografada. Páx. 39.

A endogamia, como sinala R. Iturra, non é por si mesma unha explicación, senón unha forma de comportamento da que compre dar razón<sup>9</sup>, e diso trataremos ó longo deste apartado e dos seguintes. En principio a elevada cifra de Balouta explicaría-se porque se trata dunha localidade que sempre tivo un número relativamente importante de veciños, o que facilitaba encontrar parella na propia comunidade, e tamén porque a súa localización, en val de cabeceira pechado e situado máis aló do porto de Ancares, convertía este **luguer** en punto especialmente illado e distante, o que dificultaba, dende unha perspectiva primaria, o establecemento de relacións co exterior. Esta explicación non abonda, sen embargo, para xustificar a menor, pero case sempre acusada, endogamia de aldea detectable noutras localidades do val, que carecen de barreiras naturais entre elas e que se atopan moitas veces a escasa distancia unhas das outras; pola rede viaria actual, sen contar atallos, Espiñeireda dista 2,5 km. de Candín, o mesmo que Sortes; de Pereda a Candín hai só dous quilómetros, o mesmo que de Candín a Sorbeira; de Vilasumil a Sorbeira hai 3 quilómetros, e de Pereda a Teixeu 2,5 Km. Mais antes de buscar explicacións imos seguir con algunhas cifras que profundizan no anterior.

Fixemos unha serie de sondaxes nos libros parroquiais de casamentos que complementaran os datos denantes expostos, especialmente no que se refire a certas matizacións non incluídas no estudio denantes citado. En principio acudimos a facer unha sondaxe en datas anteriores a 1870 para confirmar numericamente a fundada sospeita de que os matrimonios dentro do lugar ou do val eran os predominantes. Exemplos de que isto é así son os que citamos a seguir:

### SORBEIRA

Período	1765 - 1767	1850 - 1862
Os dous contraentes veciños da mesma aldea	7 (53,8%)	19 (79,1%)
Un doutro lugar do val	5 (38,4%)	1
Outros	1	4 (16,6%)
<b>Total matrimonios considerados</b>	<b>13</b>	<b>24</b>

<sup>9</sup>R. ITURRA: *Antropología económica de la Galicia rural*. Ed. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia. Santiago, 1988.

## PEREDA

Período	1851 - 1860
Os dous contraentes veciños da mesma aldea	17 (73,9%)
Un doutro lugar do val	6 (26%)
Outros	0
<b>Total matrimonios considerados</b>	<b>23</b>

(Fonte: Arquivo parroquial de Pereda e Sorbeira. Libro de casamentos).

Aínda non sendo os anteriores exemplos cuantitativamente moi relevantes, sí permiten afirmar que a endogamia de aldea e de val, entendida como tendencia a casar nun ámbito espacial moi restrinxido, está de novo presente, do mesmo xeito que o estaba a partir de 1870. Confirmación semellante puidemos obter para tempos recentes recorrendo á memoria dos informantes; así C. P., de Sortes, lembrouse de 18 matrimonios que residen ou residían ata hai pouco no **luguer**, a inmensa maioría de xente de idade, dos que 9 (50%) corresponden a unións entre veciños, outros 5 (27,7%) contaban con un membro doutra aldea do val, e, por último, restan soamente 4 con un compoñente de fóra do val; E., de Vilasumil, citounos 7 matrimonios, dos que 5 estaban formados por veciños de Vilasumil, 1 contaba con muller doutra aldea do val e o terceiro tamén con muller non ancaresa. Nembargantes coidamos necesario precisar aínda máis os datos manexados co fin de lograr unha mellor percepción da espacialidade matrimonial, e para iso fixemos sucesivas calas nos libros de casamentos, dos que sacamos unhas cifras que pasamos a expoñer e logo comentar. Centramos a exposición cos resultados de Pereda, facendo a advertencia que esta é a única parroquia que conta con dous lugases, o do mesmo nome e o de Candín, distantes dous quilómetros e emplazados no centro do val, o que implica ausencia de dificultades de comunicación.

Período	1865 - 1919	1945 - 1959
Os dous contraentes naturais e veciños de Candín	26	6
Idem de Pereda	71	11
Un natural doutro lugar, pero veciño de Candín	17	2
Idem de Pereda	13	1
Un de Pereda e outro de Candín	9	1
Un doutro lugar do val	42	7
Un de Suárbol / Balouta	2	0
Un de aldeas próximas de Galicia	4	0
Un de localidades de León / Asturias	12	9
Outros e dubidosos	4	3
<b>Total</b>	<b>200</b>	<b>40</b>

O cadro amosa matices que non se tiveron en conta ata agora e que cómpre xustificar. É de salientar que o desglose entre naturais ou veciños achega unha nova dimensión á análise, posto que os matrimonios no ámbito da aldea caen por debaixo do 50 % considerando só os que naceron e se criaron na mesma localidade (97 matrimonios, é dicir, o 48,5 % para o primeiro período e 17, 42,5 %, para o segundo). Soamente si lle engadimos ás cifras anteriores os casos en que un cónxuxe é veciño, pero non natural, das respectivas localidades alcanzamos porcentaxes que superan o 60 % en 1865 - 1919 e que chegan xusto ó 50 % en 1945 - 1959. Iso estanos falando dun movemento de persoas mesmo denantes de contraeren matrimonio, algo que se xustifica pola versatilidade da cultura ancaresa, a pesar do seu apa-rente estatismo. As pautas socioculturais que orientan ós ancareses favorecen unha certa mobilidade individual e mesmo familiar que permite cambiar de residencia; coñecemos durante as nosas estadías en Ancares casos como o dunha muller natural dun lugar que foi criada por uns tíos noutro, o de outra muller natural de Suárbol que tamén veu vivir cuns tíos a Vilasumil e aquí criouse, e o dalgunha familia que trasladou o seu domicilio a aldea distinta da orixinaria; tamén establecemos relación con persoas aveciñadas en Ancares pero nativas doutras terras. Isto non quere dicir, por suposto, que todos os ancareses estean a se mover continuamente, nin que a afluencia de

foráneos sexa copiosa, pois a meirande parte dos que elixen construír o seu proxecto vital no val tenden a permanecer no seu lugar de nacemento, pero si xustifica esa presenza de veciños non-naturais no conxunto dos matrimonios.

Os informantes reiteraron diante de nós esta tendencia a matrimoniar no ámbito restrinxido da aldea ou na proximidade inmediata utilizando argumentos para xustificala que nos dan unha visión da cuestión dende a perspectiva nativa, dominada polo principio de que a parella, aconsellada por seus pais e familiares, tendía a acumular un patrimonio conxunto que puidera ser explotado sen dificultades, o que implicaba reunir terras próximas; canto máis grande fora a distancia, menos posibilidades había de optimizar o rendemento das terras; «a aquél tócalle este prau ia mia filla tócalle este, ie así van vivir» (Teixeu, XI-93); «tes que casar con fulana porque un cachiú al pie del outro... era por xuntar» (Sorbeira, XI-93); «casaban nel pueblo porque siempre había úa finca... ie por ter más capital xunto» (Idem); «miraban los intereses... eso era todo el mundo» (Españeireda, VIII-93); «...(casaban) nel pueblo porque usté no podía llevar las fincas pa otro pueblo ie algo dun lau ie algo de otro iban arreglando» (Teixeu, VIII-93). De todos os xeitos os ancareses son conscientes de que esta non é a única razón para xustificar os matrimonios endogámicos, e que existen outras máis xerais que pesan tamén sobre a elección de cónxuxe; un home de Candín asegurounos, por exemplo, que «al ser vecius era gente conocida toda... no habían conocíu por otras partes» (Candín, VIII-93). O peso da comunidade en todas as ordes da vida, acentuada en casos polo illamento xeográfico, é outra razón de importancia para orientar ós homes e mulleres de Ancares cara a contraer maioritariamente enlaces cos veciños próximos.

A contía demográfica dos **lugueres** favorece este vencellamento á comunidade, pois en localidades cunha feble poboación a posibilidade de atopar parella axeitada redúcese considerablemente; neste sentido podemos dicir, tomando como referente o Nomenclator de 1930 (data na que aínda non se empezara a producir un acusado declive demográfico), que os habitantes de feito nos distintos lugares oscilaba entre os 119 de Españeireda e os 237 de Pereda; como xa temos indicado noutros escritos dedicados a veciñas terras de Galicia, os matrimonios dentro da aldea resultan menos frecuentes cando a poboación cae por baixo dos 80-90 habitantes, existindo a posibilidade de que sexa máis elevada a medida que crece esta cifra pola sinxela razón de que o número de mozos/mozas casadeiros tamén medra, feito que era xeral en Ancares<sup>10</sup>.

<sup>10</sup>Vid. ó respecto o noso traballo citado na nota 3, páx. 108 e ss.

A arela de conseguir un matrimonio axeitado pode, con todo, atopar solución nas aldeas do contorno, unha vez superados os límites da aldea de veciñanza. Volvendo ós datos de Pereda-Candín, apréciase como, unha vez transpasado o ámbito local inmediato, os matrimonios máis numerosos realízanse con persoas doutros lugares próximos, é dicir, os situados no val, o 25,5 % do total no primeiro período e o 20 % no segundo. Trátase de aldeas como Espiñeireda, Teixeu, Sorbeira, Sortes ou Vilarbón, case todas elas situadas nas proximidades de Pereda; algo semellante puidemos observar nos casamentos de Teixeu con contraente doutro lugar, pois, a pesar de rexistrarse enlaces con Sortes, Candín ou incluso Lumeiras e Vilarbón, no outro extremo do val, os máis abundantes tiveron lugar con persoas de Pereda, que é a localidade máis próxima. Admitimos o feito detectable en moitas comunidades do noroeste estudadas ata o presente de que no matrimonio inflúen decisións relacionadas coa estratexia posta en práctica por cada familia, mesmo por cada individuo<sup>11</sup>, pero tamén hai que salientar que as constriccións materiais e culturais favorecen unha tendencia ó matrimonio espacialmente restrinxido, que é o predominante en Ancares. Neste sentido cómpre recalar exemplos como a escaseza de matrimonios de Pereda con Suárbol e Balouta que rexistramos nos anteriores datos, a pesar de seren do mesmo municipio; segundo indicamos, son localidades emplazadas máis aló do porto de Ancares, xa fora do val, que distan 14 km. de Pereda por camiño accidentado, o que sen dúbida atenua as posibilidades de establecer relacións conducentes ó matrimonio. Máis intenso era o contacto entre estas dúas aldeas e Teixeu, a máis próxima a elas das do val, pois aquí, dun total de 111 matrimonios cotexados entre 1891 e 1978, atopamos seis casos de enlace con contraínte de Suárbol e 14 con veciño/a de Balouta, o que parece de novo apuntar cara ó predominio da lóxica da proximidade. Este factor físico está reforzado por outros de orixe cultural mencionados polos nosos informantes e exemplificados anteriormente, como a utilidade de sumar patrimonios nunha distancia que os faga aproveitables e a de poder gozar do conxunto de vantaxes que supón o estar incardinados na mesma comunidade ou en comunidades próximas. As mesmas razóns podemos alegar para xustificar a febleza dos enlaces con persoas de fóra de Ancares, sendo de destacar, nembargantes, que os máis abondosos son con localida-

---

<sup>11</sup> Desta flexibilidade afastada da normativa rixida no campo da composición de fogos fala, por exemplo, J. de PINA CABRAL en *Filhos de Adão, filhas de Eva*. Ed. Dom Quixote. Lisboa, 1989. Páx. 79.

des do Bierzo ou vales situados nas proximidades da área ancaresa, como Burbia, Chano (Fornela), San Martín de Moreda ou Veiga. Cónxuxes de localidades leonesas próximas atopamos tamén na consulta de libros de casamentos doutras parroquias, como Sorbeira (ademais dos xa citados, Fabero, Campo del Agua, Teixeira). As relacións económicas e os contactos culturais son máis abondosos con estas áreas veciñas de León e iso xustifica este tipo de matrimonios.

Nos mesmos libros parroquiais, e nos datos recollidos dos nosos informantes, podemos descubrir un fenómeno minoritario, pero significativo, que nos permite comprobar a presenza dun certo número de non ancareses –galegos e asturianos especialmente– que casan con ancaresas (en moita menor cantidade o contrario) e se asentan no val. Nos citados libros de casamentos de Pereda atopamos interesantes datos como os que seguen:

- No 1868 aparece como contraente un home natural de Oscos (Asturias).
- No 1870 aparece un home natural de Moreira, parroquia de Donís (Cervantes-Lugo).
- No 1880 un de Cancelada (Cervantes-Lugo).
- No 1890 un de Luíña (Ibias-Asturias).
- No 1957 un de Moreira (Cervantes).

Os exemplos pódense multiplicar se acudimos ós libros de casamentos doutras parroquias. Nos de Sorbeira rexistramos exemplos como:

- Un natural de Oscos (Asturias) no 1882.
- Un de Vilaver (Cervantes-Lugo) no 1904.
- Un de Corneantes (Cervantes-Lugo) no 1920, e outro no 1929.
- Un de A Peliceira (Ibias-Asturias) no 1929

Casos semellantes figuran nos libros de casamentos de Teixeu, dos que entresacamos os seguintes exemplos:

- No 1893 un home de Castelo (Cervantes-Lugo).
- No 1897 un de Estremar (Cervantes-Lugo).
- Na década de 1940-1950 dous homes naturais de Pradela (Donís-Cervantes).
- No 1960 un de Coruxedo (Moia-Navia de Suarna-Lugo).

Completamos estes datos documentais con outros facilitados polos nosos informadores de Ancares e mesmo polo coñecemento directo dalgún exemplo. M., veciño de Sorbeira, de máis de oitenta anos, contounos como,

sendo neno, veu a esta aldea dende a súa localidade natal de Corneantes (Donís-Cervantes), chamado por un irmán que xa se establecera aquí de criado con anterioridade. M. procedía dunha familia na que o pai morrera e a nai, de saúde delicada, tiña que facer grandes esforzos para sacar adiante a prole; co tempo, e seguindo o costume imperante nas terras de Galicia e Asturias próximas a Ancares, un irmán fíxose cargo do patrimonio familiar ó beneficiarse da institución da mellora; este foi o fillo que quedou na casa natal mentres os outros, como M., tiveron que saír polo mundo adiante. Establecido en Sorbeira, aquí casou cunha ancaresa e fundou unha familia.

O caso de M. non é único. O pai de A., de Candín, era natural de Teixeira, na Charrería, ó sur de Ancares... «era un cerero que andaba por aquí y estu- viera en Cuba» (Candín, VIII-93). As nosas preguntas sobre xente de Galicia casada en Ancares tiveron varias respostas afirmativas, máis ou menos numerosas segundo a memoria dos informantes; F. C., de Pereda, lembrouse diante de nós dun home natural de Coruxedo (Navia de Suarna-Lugo), e outro tamén de Lugo (Vilaverde), así como unha galega que era costureira ambulante e acabou casando en Pereda, quedando todos a vivir no val; non galego, pero tamén de fóra de Ancares, era un home de Teixeira (A Charrería); P., muller de Sortes, indicounos que era filla dun home de Castelo (Cervantes) que «taba traballando por eiquí. .ie cadroulle» (Sortes, VII-93); J., de Sorbeira, mencionounos un home da Peliceira (Ibias-Asturias) e outro de Tormaleo (ídem) casados en Sorbeira, así como unha muller de Teixeira (A Charrería). A estes exemplos que supoñen un fluxo de xentes, especialmente homes, cara a Ancares, habería que engadir outros máis extremos, como o pai de C. P., de Sortes, que casou neste lugar, a donde veu traballar de canteiro, pero era orixinario da provincia de Ourense.

Os datos manexados ultimamente non pretenden establecer unhas distancias de matrimonio, o que non se podería facer en rigoroso método dado que a meirande parte dos casos supón que o casamento se celebrou cando xa o forasteiro estaba aveciñado en Ancares, ou polo menos era un transeunte coñecido e máis ou menos asimilado pola sociedade local. Sírvennos sen embargo para resaltar o que os datos numéricos sen máis non poñen de manifesto. Trátase de que, a pesar das constriccións físicas e culturais, a sociedade ancaresa nunca foi unha sociedade radicalmente pechada nin para o matrimonio nin para outros aspectos da vida, detectán- dose unha chegada tenue, mais continuada, de persoas procedentes de fóra. E este fluxo presenta un aspecto sobre o que convén deterse. F. B., de Lumeiras, falounos de que neste **luguer** casaran moitos homes de Galicia, concretamente catro de Poso (Cervantes), un de Moreira (Cervantes), outros dous de aldeas de Lugo sen precisar e mesmo un de Visuña (O Courel), e

engadiu que «iban pá mina ie casaban con mulleres deiquí... *Escapaban de Galicia*» (Lumeiras, IV-93); o xa citado M., de Sorbeira, díxonos que «... os que non eran mourazos vían pa servir de crieus, pa ir cas vacas ie traballar as terras» (Sorbeira, VII-93). De «crieus» (criados) procedentes de Galicia, Asturias e mesmo de vales veciños falounos tamén unha informante de Espiñeireda. Estas aseveracións verbais, que pretenden ser unha descrición/explicación da presenza de non ancareses dende unha perspectiva «emic», apuntan certeiraamente a unha xustificación do fluxo ó que nos referimos. Ademais de limitacións de tipo material e económico (a sombra da pobreza foi constante en todas as sociedades rurais do Noroeste), que están presentes en toda a área xeográfica na que se inclúe Ancares, as aldeas galegas ou asturianas do outro lado da serra contan coa tradición hereditaria da «mellora»<sup>12</sup>. Esta institución supoñía que un fillo, preferentemente o varón de máis idade, recibira gran parte da herencia, restándolle ós demáis solucións pouco desexables, como o de se converter en «bodegueiros» (campesiños probes, case sen terras, que vivían nun «bodego»), ou recluírse nunha solteiría que lles garantía refuxio e alimento na casa patrucial; de non se resignar a estas, outras saídas eran lograr un casamento vantaxoso ou buscar medios de subsistencia polo mundo adiante, é dicir, a emigración. Esta alternativa foi a que elixiron moitos dos que enumeramos denantes, incluíndo tamén a naturais de Balouta e Suárbor que, ademais de enfrontarse a un medio natural especialmente duro e de contar con moitas familias con escaso patrimonio, seguían, como as veciñas de Galicia, a tradición da mellora. Como vimos, F. B. definiu acertadamente o feito, «escapaban de Galicia», o que equivale a dicir que o propio medio natural e cultural tendía a expulsar poboación, unha parte da que acabou asentándose no val de Ancares nun tenue, pero continuo goteo. Tradicionalmente estes homes podían chegar, como M. de Sorbeira, para exercer de «crieus» a cambio de pouco máis que leite e alimento, e acababan por aveciñarse, integrarse en actividades propias dos ancareses que veremos no apartado dedicado a oficios, e mesmo conseguían acumular un pequeno patrimonio e matrimoniar cunha ancaresa. A partir dos

<sup>12</sup> Sobre as aldeas próximas a Ancares de Navia de Suarna con tradición predominante de mellora pódese ver o noso traballo citado na nota 3, páx. 59 e ss. –Para Galicia en xeral contamos con escritos como C. LISON TOLOSANA: *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1971. Páx. 173 e ss. Nas terras de Asturias tamén predomina a institución da manda, como se pode ver en J. L. GARCÍA: *Antropología del territorio*. Taller Ediciones J B. Madrid, 1976, páx. 287. Semellante tendencia a establecer herdeiro preferente está presente en San Antolín de Ibias, concello sobre o que se pode ver VV. AA.: *Rituales y proceso social*. Ed. Ministerio de Cultura. Madrid, 1991. Páx. 82.

anos vinte deste século, e con máis intensidade nos anos corenta e cincuenta, debido á intensificación das explotacións de carbón na conca de Fabero, moitos deles buscaban, como tamén facían os ancareses, na mina un medio de achegar recursos; por iso non é de estrañar que F. B. falara de galegos casados en Lumeiras que paraban alí, dado que este é o lugar de Ancares máis próximo ós pozos mineiros, situados ó outro lado da montaña. O val, con todas as súas limitacións ecolóxicas e demográficas, empeza a partir de agora a debuxarse como un territorio integrado nunha rede de relacións máis ampla, na que entran en xogo excedentes humanos ou recursos económicos foráneos. Esta pequena porta que abrimos cara ó mundo circundante verase ampliada cando penetremos noutras moradas do vivir ancarés.

A presenza de veciños, pero non nativos, de Ancares nos libros de matrimonios ten outra vertente que non queremos deixar de exemplificar, a pesar de ser un feito esporádico. Nos casamentos de Teixeira puidemos detectar un caso de noiva que era veciña de Teixeira, pero natural de Bos Aires, no 1900, e un noivo veciño tamén de Teixeira pero nacido na Habana no 1939. Un caso semellante ó que acabamos de citar atopámolo nos de Pereda. Estamos diante do resultado dunha emigración transoceánica, por veces con retorno, que está cronicamente presente ata os anos sesenta do presente século, o mesmo que sucede en todo o contorno de Ancares, e que presenta aspectos dos que daremos conta no seu momento.

Ata o presente abordamos o tema do matrimonio dende unha perspectiva na que se tivo en conta a distancia, aducindo razóns que xustifican a pertinencia dos matrimonios endogámicos de aldea ou o que poderíamos chamar unha tamén importante endogamia de val. Detivémonos tamén na presenza de non ancareses aveciñados no val, amosando que esta é unha porta aberta cara ó exterior nunha sociedade que, «prima facie», aparenta estar moi pechada en si mesma. Pero en toda a nosa consideración manexamos os datos globalmente, sen apuntar posibles oscilacións dos comportamentos en función de cambios que se producen ó longo do tempo. Efectivamente, se ben é certo que ata os anos cincuenta do presente século os elevados índices de unións endogámicas, de aldea ou de val, se mantiveron con pequenas oscilacións, parece alterarse esta tendencia de maneira significativa a partir desa data. Entre 1940 e 1970 puidemos comprobar un total de 33 casamentos nos libros parroquiais da aldea de Lumeiras, e no conxunto do período apréciase un mantemento dos enlaces endogámicos –dentro de Lumeiras ou con outras localidades do val de Ancares– destacable, pois 15 (45,4%) tiveron lugar entre veciños de Lumeiras e 6 (18,1%) con un dos contraentes doutro lugar do val. Pero se desdobramos eses trinta anos en

dous períodos separados por 1950 atopámonos con que antes desta data foron casamentos dentro de Ancares 10 sobre un total de 13, o que equivale a un 76,9%, namentres que con posterioridade só houbo 5 dun total de 20, é dicir, soamente un 25%, acentuándose pola contra os matrimonios con localidades situadas no municipio de Vega de Espinareda e proximidades, como Fabero ou Cortiguera. A caída dos enlaces endogámicos nas últimas décadas vai parella coa decadencia poboacional que describimos no capítulo anterior e está en íntima relación coa masiva emigración cara a Europa e localidades da península, tanto próximas do Bierzo como máis afastadas (Barcelona, por exemplo). Aínda que este traballo está centrado prioritariamente na situación propia do «Antiguo Sistema», o sistema dominante ata 1950 - 60, non queríamos deixar de amosar algún exemplo do cambio de comportamento que supuxeron as últimas décadas, tanto neste aspecto coma noutros da sociedade e da cultura ancaresas.

#### **4. A HERDANZA, AS SÚAS FRONTEIRAS E A INCIDENCIA NA ENDOGAMIA LOCAL**

As aldeas do municipio de Candín, coa excepción de Suárbol e Balouta, teñen por ideal o repartimento dos bens por igual entre todos os herdeiros. A unanimidade dos nosos informes neste aspecto ten un bo reflexo nas nosas notas de campo, das que entresacamos exemplos. C. P. díxonos que «se partía proporcionalmente para todos os irmaus ie irmés por igual... por eso aquí se deshicieron capitales» (Sortes, IV-93). A. A. F. asegurounos que «a herencia repartíase por igual entre fillos ie fillas... si había úa terra pequena cada un collía un trucíu» (Sorbeira, IV-93). M. G. afirmou sen dubidalo que «eiquí (a herdanza) era a partes iguales... porque todos tein dereito» (Sorbeira, IV-93). O mesmo costume foi declarado por F. B. coa expresión «nunca hai diferencia» (Lumeiras, VII-93). A. A., de Espiñeireda, exemplificou de novo a práctica do xeito seguinte: «Si úa finca era dun cuartal cada fillo levaba un trucíu» (Espiñeireda, VIII-93). R., tamén de Espiñeireda, acudiu á comparación coas veciñas aldeas de Galicia con estas verbas: «eiqui meirazos como en Galicia non... eiquí era todo normal» (Espiñeireda, XI-93). O ideal de partición dos bens chega a afectar á totalidade dos mesmos, e non só ás terras, como o manifestan os seguintes textos. «Se partían muchas casas, a uno le tocaba la casa y a otro el pajar» (Sortes, I-94). «Eran cuatro hermanos y hacían cuatro hijuelas... dinero, ganado, todo» (Candín, I-94). «Partíanse terras, ganau, alhajas, dinero... ni úa aguja quedaba sin partir» (Pereda, I-94). «O matrimonio vivía núa casa porque os padres deixeban... pero despois

había que partir... podían quedarse con ela, pero abonando (unha compensación ós demais herdeiros)» (Candín, I-94). Para garantir o ecuánime repartimento, e sempre que houbera algunha dúbida, botábase man de expertos, chamados 'peritos', ás veces en número de dous. Cando lembrabamos diante dos informantes que nas aldeas de máis alá do porto había herdeiro favorecido pola institución da mellora as súas afirmacións eran en xeral de rexeitamento; «A mi eso no me gusta, en la provincia de León no hay eso» (Vilasumil, IV-93), «ese é o costume que tein aló» (Sorbeira, IV-93), «eiquí como en Galicia non... eso é malo, un todo ie outros nada» (Candín, IV-93). Só excepcionalmente os ancareses cos que falamos recoñeceron a existencia de casos pouco acordes co ideal arriba expresado, pero sempre se referiron á pouco común entrega de bens como medio de conseguir un matrimonio vantaxoso, é dicir, no que se refire á dote, non á mellora; «si algúa falaba con algún moi rico podían facer algo de manda... si un tiña úa filla ie querían que se casara con un máis rico, os padres del podían pedir manda, algo máis de capital» (Españeireda, I-94). Algún informe permite facerse unha idea da cantidade que se podía dar para conseguir un matrimonio, chegando a cantidades en metálico de importancia hai uns trinta/corenta anos; «si daban catro mil duros se podía decir que bolos de catro cornos como lle deron á mía sobrina hai poucos» (Españeireda, I-94).

Como temos sinalado en anteriores escritos, e dito anteriormente neste, a serra de Ancares marca neste punto unha fronteira entre dúas tradicións hereditarias diferentes. Por unha banda están as localidades dos municipios galegos e asturianos próximos, que mantiveron a práctica consuetudinaria de mellorar a un fillo, idealmente o varón máis vello (Cervantes, Navia de Suarna, San Antolín de Ibias). Pola outra unha tradición de partillas xeneralizadas nos vales orientais da serra (Burbia, Fornela, Ancares), que se inscriben nunha área de predominio do reparto igualitario da herdanza presente nas demais terras de León e de Castela en xeral<sup>13</sup>. Os nosos interlocutores ancareses sempre aludiron á mellora como se fose algo propio de Galicia, porque para eles Galicia é, fundamentalmente, todo o que queda a poñente do porto de Ancares. Pero realmente a mellora non é algo universal en Galicia, detectándose especialmente na provincia de Ourense unha tendencia á modalidade de reparto igualitario do patrimonio. Neste

<sup>13</sup>Vid. por exemplo, M. GONZÁLEZ BUENO: «Niveles de identidad en el mundo rural burgales». En *Aproximación antropológica a Castilla y León*. Ed. Anthropos. Barcelona, 1988. Páx. 68.

sentido o val de Ancares e terras leonesas veciñas manifestan unha clara similitude con zonas galegas meridionais, o que se manifesta tamén nalgunhas outras facianas da cultura e da sociedade<sup>14</sup>.

Os informes de campo sempre se refiren ó feito de que os pais dos que casaban trataban de axudalos mediante a cesión, sempre que puideran, dunha vivenda, dalgún gando e algo de terra. Pero sempre, ó final, estas cesións –agás o gando en casos– revertían no conxunto do patrimonio para entrar no repartimento igualitario, existindo soamente a posibilidade de se quedar con estes bens a cambio do seu valor en especie ou en moeda no caso de non corresponderlle ó interesado na partilla. A partición de bens podía facerse *mortis causa*; pero existía a posibilidade admitida pola cultura local de facelo en vida. Se se optaba por esta solución, con certa vixencia segundo algún dos nosos informes, todos os fillos quedaban obrigados a entregarlles ós pais unha parte da produción en especie ou en metálico para o seu mantemento, ou incluso entregar unha cantidade para compensar ó irmán/ã que quedaba ó seu coidado se se daba esta circunstancia. Velaquí algunhas alusións recollidas ó respecto: «daban (ós pais) a **congria**... como úa pensión, un dar algo cada fillo... en comidas (froitos) ou, se cuadra, algúas perras (diñeiro)» (Espíñeireda, I-94); «Congria é o que se da ós padres... en vida partíase o capital ie logo cada fillo daba (por exemplo) un cuartal ou dous cuartales de congria si os padres vivían aparte.... Si vivían con un fillo os outros tían de dar a congria... Eso a maioría... Era normal partir en vida» (Pereda, I-94); «acordaban partir hermanadamente ie a congria se daba hermanadamente» (Espíñeireda, I-94). A «congria» podía presentar outra variante, que consistía en que cada fillo tivera ós pais un período de tempo determinado, agás aqueles que estaban fóra e que compensaban a súa ausencia con contribución económica. De novo sacamos das nosas notas algunha mostra significativa do feito: «...había que mantelos cada fillo un mes.... había que telos de **conga** ... cada fillo o que tocaba... Eiquí se reunen ie dicen “tu tes que tar dous meses con un ie dous con outro”... o que taba (por exemplo) en Barcelona daba un tanto para os que cuidaban ós padres» (Candín, I-94).

<sup>14</sup> Da diferenca sinalada entre unha vertente e a outra da serra vid. X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «Espacialidade matrimonial e herdanza nos lindeiros de Asturias, Galicia e León». *Actas do Simposio de Antropoloxía Lindeiros da Galegitude I* Ed. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1991; páx. 81 e ss. Remitimos tamén ó lector ás citas incluídas na nota 12. Polo que se refire ás partillas en terras ourensás vid. C. LISÓN: *Op. cit.* na nota 12, páx. 303 e ss. De partillas en Ourense tamén hai alusións en X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA - F. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ TABOADELA: *Cinco profesións ambulantes ourensásns*. Ed. Caixa Rural. Ourense, 1988; páx. 25.

A chamada nos nosos informes «congra» ou «conga» é un exemplo de persistencia da **congrua sustentatione** do dereito antigo. A súa presenza está asociada en xeral á tradición hereditaria de partillas, de repartimento por igual entre todos os herdeiros. Nas comunidades nas que predomina a mellora a «congra» carece de fundamento lóxico, pois neste caso o herdeiro preferido ten a obriga de atender ós pais. O reparto de bens realizado en vida dos transmisores da propiedade esixe a presenza de mecanismos como este, encamiñados a preservar non só a supervivencia dos que construíron o patrimonio senón tamén o principio consecuente de igualdade na esfera das obrigas.

O val de Ancares presenta de novo coa «congra» unha discrepancia cultural coas veciñas terras de Galicia e Asturias – nas que, como dixemos, predomina a mellora ou manda–, seguindo unha tradición propia de terras castelás. Mais tamén é de destacar que se manifesta de novo neste costume unha clara similitude coa Galicia meridional, especialmente zonas de Ourense, onde predomina o reparto igualitario e onde tamén temos documentada a práctica de que todos os herdeiros contribúan, en diñeiro ou especie, ó sustento dos proxenitores; esta achega recibe en Loureses (Ourense) o nome de «requia»<sup>15</sup>.

En resumo, o val de Ancares é mostra característica do principio de repartimento igualitario do patrimonio. Aínda que non pretendemos elevar esta variable á categoría de explicación única da acusada endogamia local detectable en Ancares, si resulta evidente que contribuíu en boa parte a fomentar matrimonios nun ámbito restrinxido, no que, como xa dixemos, os cónxuxes poden sumar os seus cativos patrimonios e aproveitalos con mellores rendementos e menos esforzo, é dicir, poden maximizar a súa xeralmente flebe produción. O enlace dentro da veciñanza, por mera supervivencia ou por mantemento de status, vese consciente ou inconscientemente influído pola existencia dun posible patrimonio a herdar e tamén a sumar eficazmente, forma esta de se axustar a unhas tendencias culturais nas que, como di M. Segalen, «le mariage apparaît en effet comme une association qui confronte immédiatement les époux aux nécessités

<sup>15</sup> Da «congra» en terras galegas faláron xa os etnógrafos e xuristas galegos clásicos; vid., por exemplo V. RISCO: «Etnografía. Cultura espiritual», en *Historia de Galicia* dirixida por R. OTERO PEDRAYO; Akal ed., Madrid, 1979; vol. 1, páx. 577. No Sudoeste ourensán foi estudada por C. LISON: *Op. cit.* na nota 12, páx. 307 e ss. – A «requia» aparece citada en M. MANDIANES CASTRO: *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega*. Ed. Galaxia; Vigo, 1984; páx. 93. – Vid. tamén para este aspecto e para outros da herdanza en Galicia M. GONDAR: «Herencia», en *Gran Enciclopedia Gallega*. SILVERIO CAÑADA. Ed. Gijón, S.A.

économiques quotidiennes<sup>16</sup>. Os datos de campo que manexamos no apartado anterior, nos que se insiste en xuntar terras, revelan que os ancareses recoñecen esa arela de sumar patrimonios como condicionante do casamento.

---

<sup>16</sup> M. SEGALEN: *Mari et femme dans la société paysanne*. Ed. Flammarion. París, 1980. Páx. 30.

### III. A FAMILIA ANCARESA (2). A CASA E OS RECURSOS FAMILIARES

#### 1. RESIDENCIA POSMATRIMONIAL

Factores que enumeramos anteriormente, como a endogamia de aldea ou a tradición hereditaria, xunto coas diversas posibilidades que as circunstancias poñen a disposición dos casados, van condicionar un modelo complexo de residencia posmatrimonial caracterizado pola ambilocalidade ou a neolocalidade, aínda que si se enuncie unha norma «emic»-ideal nas manifestacións dos informantes que ten reflexo na práctica. Comezaremos a nosa exposición por este último aspecto.

En primeira instancia as expresións verbais recollidas en traballo de campo apuntan a un ideal de residencia neolocal, modalidade vencellada comunmente á tradición de partillas polos investigadores que fan fincapé no peso da herdanza sobre a composición da familia. «Máis normal era tar solos... casau casa quere...(os pais) dában úa casa, ou comprábana, ie iban pagando pouco a pouco» (Candín, I-94). «Procuraban ponerse solos... casado casa quiere» (Candín, IV-93). «O normal, si podían, era vivir solos» (Sorbeira, IV-93). «Hasta que aparecía cousa millor viven núa casa que tein da familia (pero á parte)... logo facían casa nova... o matrimonio vivía xunto (solo)» (Sortes, IV-93). «Cuando podían se ponían solos... El casado casa quiere» (Sorbeira, XI-93). Estas manifestacións reflicten ese ideal que podería resumirse na expresión, reiteradamente utilizada polos informantes, de «casado casa quere». Cómpre averiguar, nembargantes, se este ideal se cumpre na praxe cotiá ou en que medida se consegue. En segunda instancia, os nosos informantes empezaron a darnos pistas conducentes a considerar que non sempre se pode chegar á desexada neolocalidade inmediatamente. Segundo J. os casados «viven según las posibilidades que haiga... tuven anos en Vilarbón ie volví pa eiquí... compré casa eiquí» (Sorbeira, XI-93). A., de Candín, díxonos que «vivían después de casados según veían la vida... se arribaban a donde podían llevar mejor vida... yo y mi mujer vivimos ocho meses en casa de la mujer...» (Candín, IV-93). «Después de casaus iban pa donde tían arreglo... a veces (o home ou a muller) vivía con los suegros o con los

padres hasta que iban haciendo un chabolín... siempre quedaba un hijo o hija con los padres» (Sorbeira, IV-93). «Si podían facían casa nova... si cuadra estaban meses cos padres» (Pereda, VII-93). «Os homes que vían de fóra vivían na casa da muller... cada un donde pode ir» (Lumeiras, VII-93). O ideal de «casado casa quere» vese matizado nestas manifestacións por un principio de necesidade circunstancial que pode conducir a diversas solucións. Por iso resulta necesario completar o principio manifestado mediante datos doutra orde, o que pasamos a facer nas liñas que seguen.

Antes de entrar na residencia familiar en si, imos facer unhas consideracións sobre a residencia de aldea. En principio os matrimonios entre veciños da mesma localidade, agás excepcións, presentan poucos pr blemas: o máis normal é que ambos continúen residindo no **luguer** do que eran naturais ou no que residían de solteiros. Pero ¿Que sucede cando son de diferentes localidades do val ou cando un deles procede de fóra? F. B. asegurounos que «os homes que vían de fóra vivían no luguer da muller...» (Lumeiras, VII-93). Temos aquí unha primeira pista para descubrir unha consecuente residencia que poderíamos cualificar de «uxorilocalidade de aldea», a que se repite con frecuencia no caso de non ancareses que casan con ancaresas. M., de Sorbeira, a quen xa aludimos, chegou tamén do seu pobo natal en terras lucenses e asentouse definitivamente na aldea da que era natural a súa muller. Pero, mesmo no caso de que os dous contraentes sexan de aldeas do val, a tendencia á uxorilocalidade de aldea, sen ser xeral nin marcar pauta normativa de conducta, debeu de ser frecuente, como o demostran unha serie de sondaxes que fixemos nos libros parroquiais de defuncións e bautismos, nos que constan datos de orixe dos antepasados, ata os avós, dos asentados (sempre no caso de que consten mencións fiables de antecesores e cónxuxes de diferentes lugares). Velaquí os resultados:

#### TEIXEU (Bautizados)

##### Casos detectados en 1895 - 1900 - 1905 - 1910 - 1920 - 1930 e 1950 - 53

Residencia dos pais ou avós no «luguer» da muller	52
Residencia dos pais / avós no «luguer» do home	10
Neolocalidade de «luguer»	11
<b>Total</b>	<b>73</b>

### SORBEIRA (Bautizados)

#### Casos detectados en 1890 - 1899, 1935 - 1937 e 1950 - 59

Residencia dos pais / avós no «luguer» da muller	45
Residencia no «luguer» do home	14
Neolocalidade de «luguer»	6
<b>Total</b>	<b>65</b>

### PEREDA (Defuncións)

#### Períodos 1890 - 99 e 1915 - 19

Residencia no «luguer» da muller	36
Residencia no «Luguer» do home»	17
<b>Total</b>	<b>53</b>

(Fontes: Arquivos parroquiais. Libros de bautizados de Teixeira e Sorbeira e de defuncións de Pereda).

A pesar de que utilizamos datos de diversas épocas e consideramos máis dunha xeración só cando consta no asento do libro parroquial, o certo é que non atopamos grandes variantes nin espaciais nin temporais neste indicio de tendencia a residir na aldea da que é natural a muller cando o matrimonio é entre veciños de distintas localidades. Pois, efectivamente, o predominio da «uxorilocalidade de aldea» é manifesto nos datos arriba aducidos. A explicación do fenómeno está, de novo, en relación co conxunto das orientacións culturais de Ancares, que facilitan o xa mencionado goteo constante de xentes de fóra do val vencelladas á aldea da súa muller ancaresa e que, por outra banda, propician a saída temporal –como veremos– de homes de Ancares, que se ausentan por veces longos períodos de tempo da casa; neste contexto sempre é preferible que a muller quede a residir no ámbito da aldea na que se criou e na que terá posibilidades de convivir con achegados e familiares consanguíneos, é dicir, con xentes coas que se sente máis intimamente relacionada. Esta explicación, que non se pode elevar a norma a cumprir en todo caso, actuou seguramente na mente dun nada desprezable número de matrimonios ancareses ó longo do tempo.

Deixando de lado os casos nos que se pode detectar a residencia con respecto ó lugar de veciñanza, imos seguidamente abordar o problema da

residencia posmatrimonial dende a perspectiva clásica de considerar se os casados pasan a vivir cos pais del ou dela, ou se, pola contra, establecen residencia nova, acudindo a exemplos concretos ou datos sacados dos censos oficiais. Partiremos, inicialmente, de dous exemplos que puidemos visualizar e anotar persoalmente. E., de Vilasumil, home de máis de oitenta anos, amosounos unha sinxela «casa de teito» hoxe dedicada a palleiro e corte de gando, na que viviron el e a súa muller despois de casados, independentes das súas respectivas familias (vid. Foto 11); con posterioridade pasou a vivir a outra casa, neste caso dun alto con corredor e coberta de lousa, situada a menos de trinta metros da anterior, na que reside actualmente. P. e R., matrimonio de Espiñeireda, amosáronnos unha pequena casa dun alto que é da súa propiedade e que hoxe está dedicada a almacén de apeiros e froitos, sen xente residente, pero que noutros tempos estivo habitada por familiares seus.

Os dous exemplos poderían ampliarse, mais abundan para abordar un feito que queremos destacar: con frecuencia a familia ancaresa contaba con máis dunha edificación e, no caso de non dispoñer de varias, sempre había na aldea un excedente de edificios que podían ser alugados ou mesmo



Edificio de Vilasumil dedicado hoxe a palleiro que en tempos pasados foi vivenda. (Foto 11).

mercados, nos que podían establecerse os casados máis tarde ou máis cedo; é dicir, que existía, non sendo esixentes, a opción de iniciar a vida en común con residencia neolocal dentro do contorno próximo, ou de atinxir o ideal de neolocalidade tras un período máis ou menos longo. O feito vén de antigo, pois se nos atemos ás respostas dadas a 21 e 22 do Interrogatorio do *Catastro de Ensenada* (que ten numerosas inexactitudes, pero nos dá unha idea de conxunto) nos distintos lugares atopamos sempre un número máis elevado de vivendas que de veciños, ó que habería que sumar boa parte dos palleiros que, como apreciamos no traballo de campo, podían readaptarse a vivenda máis ou menos circunstancial se a necesidade o imponía. Velaquí o resultado que obtivemos de seis aldeas do val:

Lugar	Veciños	Casas		Palleiros	
		Habitables	Arruinadas	En uso	En ruína
Candín	36	38	4	23	—
Espiñeireda	32	36	1	—	—
Lumeiras	52	53	5	—	—
Pereda	43	47	4	19	4
Sorbeira	47	20	53(*)	15	5
Teixeu	64	57	9	25	—
<b>Total</b>	<b>274</b>	<b>251</b>	<b>76</b>	<b>82</b>	<b>9</b>

(\*) Cifra tan elevada de casas arruinadas explícase «por aver padezido incendio el año pasado de zinquentaídos».

(Fonte: *Interrogatorio* do Catastro de Ensenada correspondente ós diversos lugares. A. H. de León).

Considerando que as construcións, maioritariamente de colmo, sufrían ruína moitas veces, pero podían ser restauradas en caso de necesidade, e valorando, se non todos, moitos «palleiros» como posibles vivendas circunstanciais namentres non se puidera chegar a cousa mellor, resulta evidente que se cumpre o antes dito de que existía un excedente de edificios para fixar a residencia despois do casamento. Como nos afirmou C., de Sortes, hai anos había moitas casas e, ata que aparecía cousa mellor, o matrimonio vivía nunha casa «das varias que poseía a familia» (Sortes, IV-93).

Resultaría monótono insistir no feito apuntado partindo de datos censuais do século XIX e XX. Mais non queremos deixar de exemplificar de

novo esta presenza dun stock de edificios que favorecen, en principio, a neolocalidade. O *Nomenclator* do Instituto Xeográfico, Catastral e de Estatística referido ó 31-XII-1930 (Madrid, 1933) distingue entre casas dedicadas a vivenda e a outros fins, incluíndo tamén unha categoría de edificacións denominadas «albergues» que, de acordo coa nosa argumentación, serían en casos contados aproveitables como vivendas. Pois ben, no conxunto das once aldeas do municipio de Candín –incluímos neste caso a Balouta e Suárbol– rexístranse os seguintes datos:

Casas dedicadas preferentemente a vivenda	215
Casas dedicadas preferentemente a outros usos	252
Albergues	634

As cifras supoñen un total de 467 casas e 1101 edificacións, albergues incluídos. Se temos en conta que no 1930 había no concello 1845 habitantes de feito, resultaría unha cifra media de 3,95 persoas por casa e 1,67 persoas por casa ou albergue, cifra que está por baixo da media de membros da familia ancaresa e que indica de novo a existencia de excedentes de edificios, posuíndo un certo número de familias de cada lugar máis dunha construción susceptible de acoller unha nova parella.

A residencia neolocal é un ideal e en moitos casos unha realidade da que intentamos amosar nas liñas antecedentes a súa viabilidade. Mais as pautas de cultura ancaresas, como sucede en xeral nas comunidades rurais do seu contorno, non se atēnen a normas invariables, senón que permiten un amplo abano de posibilidades en función das múltiples circunstancias nas que se poden atopar os casados e as súas respectivas familias. Os datos obtidos de informes orais e de observacións directas permítennos afirmar o principio de que a praxe cotiá afástase por veces dos ideais verbalizados polos informantes, atopándonos con numerosas excepcións, características dunha sociedade complexa na que non existen prescricións rigurosas. Citaremos exemplos obtidos por diversas vías para demostrar o dito.

A) E., de Vilasumil, lembrou diante de nós varias casas habitadas hai anos, resultando o seguinte:

<b>Residencia</b>	<b>Total</b>
Na casa natal da muller (Uxorilocalidade)	4
Na casa natal do home (Virilocalidade)	2
En casa propia (Neolocalidade)	1

B) A., de Sorbeira, facilitounos datos dos que obtivemos o balance que segue:

<b>Residencia</b>	<b>Total</b>
Na casa natal da muller (Uxorilocalidade)	1
En casa propia (Neolocalidade)	1
Virilocalidade temporal seguida de Neolocalidade	3
Uxorilocalidade temporal seguida de Neolocalidade	1

C) C., de Sortes, deunos un detallado informe de familias que vivían no lugar hai décadas e que resumimos así:

<b>Residencia</b>	<b>Total</b>
Na casa natal da muller (Uxorilocalidade)	7
Na casa natal do home (Virilocalidade)	11
En casa nova (Neolocalidade inicial ou diferida)	6

D) Preguntados diversos veciños de Candín, Espiñeireda e Sorbeira sobre a casa onde naceran e se criaran (na casa natal de seu pai, na da nai ou en casa distinta), obtivemos os resultados que seguen:

Uxorilocalidade	6
Virilocalidade	6
Neolocalidade inicial ou diferida	8
<b>Total</b>	<b>20</b>

As cifras aducidas poñen de manifesto as discrepancias que existen entre o ideal, as posibilidades teóricas e a realidade, presentándose todo tipo de opcións segundo as diversas circunstancias. Agora ben, cómpre salientar que na residencia posmatrimonial inciden situacións de diversa índole que relativizan o valor dos conceptos académicos que vimos utilizando e, en certa medida, xustifican a valoración que a visión «emic» ten da neolocalidade. Así, algunhas das casas nатаis que consideramos como residencia virilocal ou uxovilocal foron co tempo asignadas no reparto da herdanza ó correspondente matrimonio, que chegou a vivir nelas nunha situación semellante ós casos de neolocalidade. Unha casa de Sortes, na que naceran dous irmáns que acabaron casando, foi partida ó medio dando lugar tamén a familias independentes en situación igual á neolocalidade. Podemos citar outro caso no que o matrimonio viviu na casa da muller e, no reparto da herencia, non lle correspondeu a ela, pero conseguiu que os demais herdeiros lla cederan por venda. En Sorbeira e Candín, por outra banda, recolleemos algúns exemplos nos que o matrimonio comezou vivindo na casa natal do home ou da muller, xunto cos pais ou sogros, pero rematou ó cabo do tempo mercando casa independente, é dicir, chegando á neolocalidade residencial tras un período máis ou menos longo de residencia transitoria. Tomando en consideración estas matizacións resulta que o ideal de «casado casa quere» acércase a uns niveis de cumprimento práctico máis elevados, aínda que persistan exemplos de convivencia cos pais do home ou da muller baixo o mesmo teito. O feito, por outra banda, era de esperar nunha sociedade que ten mecanismos de captación de recursos fóra do val (a iso aludimos no capítulo dedicado a oficios) para, entre outras cousas, acumular aforros cos que adquirir casa nova ou mercar a que xa se habita, e que tamén facilita o acceso a propiedades, aínda que cativas, de todos os herdeiros mediante a tradición das partillas.

En suma, parece debuxarse neste aspecto da sociedade ancaresa un cadro de ampla variedade en canto ás opcións no que queda como tema de fondo esa aspiración a que o matrimonio teña fogar independente. Fóra das nosas consideracións quedou ata este momento unha interesante opción de residencia posmatrimonial que pasamos a comentar brevemente. Guiados por unha alusión dun estudioso do val, na que se indica que durante certo tempo os esposos traballaban polo día nas casas dos seus respectivos pais e soamente se xuntaban pola noite<sup>1</sup>, aceptamos como posibilidade da cultura

---

<sup>1</sup> E. GARCÍA SANTÍN: *Estudio socio-económico y religioso de la comarca de los Ancares leoneses*. Escuela Social de León. Tese mecanografiada. Páx. 41.

local, no comezo da nosa investigación de campo e nalgún escrito previo á mesma, que en Ancares podían darse casos de residencia natolocal. En realidade a cultura ancaresa presentaba indicios favorecedores da natolocalidade e certas similitudes con outras comunidades rurais de Europa onde o fenómeno foi detectado<sup>2</sup>. Mais despois de estudio demorado tivemos que rexeitar esta alternativa de residencia posmatrimonial en Ancares, posto que non puidemos atopar ningún caso seguro, agás algunhas vagas insinuacións remitibles a un pasado moi remoto e pouco firmes. En xeral os nosos informantes responderon sempre negativamente ás nosas reiteradas insinuacións e tampouco fomos capaces de localizar nin un só caso práctico en todo o val. Se ben é certo que costumes como as partillas poden favorecer a natolocalidade como forma de preservar os patrimonios e a integridade da «casa», o principio de que o matrimonio viva xunto parece cumprirse «á la lettre» no val de Ancares.

## 2. A CASA EN ANCARES

As pautas antes descritas conducen a unha tendencia á familia nuclear, a integrada por un matrimonio e a súa prole, do que son boa proba moitos dos informes que citamos anteriormente. Coincide esta aspiración con outras terras nas que tamén se detectan fenómenos semellantes ós que estamos atopando en Ancares, como o repartimento igualitario do patrimonio ou a cesión en vida do mesmo ós recén casados para que poidan establecerse. En xeral a familia de Castela resulta responder a este ideal de «familia nuclear, integrada por dos generaciones, con filiación cognaticia, residencia postnupcial ambilocal o neolocal y herencia bilateral equitativa entre todos los hijos/as»<sup>3</sup>.

<sup>2</sup>Residencia natolocal foi detectada, por exemplo, por C. LISON en terras do sur de Ourense, xustificándoa polo desexo de retardar a división do patrimonio e a perpetuación da «casa» nunha área de predominio das partillas. Vid. *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1971. Páx. 310 e ss. —En Tras-os-Montes (Portugal) dáse natolocalidade según B. J. O'NEILL: *Propietários, lavradores e jornaleiras*. Ed. Dom Quixote; Lisboa, 1984; páx. 320 e ss. Tamén, do mesmo autor, pode consultarse o artigo «Nos límites do casamento: a residencia natolocal em Trasos-Montes. *Simposio de Antropoloxía «Lindeiros da Galeguidade I*. Ed. Consello da Cultura Galega; Santiago, 1991; páx. 97 e ss. —Un exemplo clásico de análise da natolocalidade en sociedades rurais de Europa é o de R. FOX: *The Tory Islanders. A people of the Celtic fringe*. Cambridge Univ. Press. Cambridge, 1978; páx. 157 e ss. —Guiados pola insinuación á que aludimos no texto, mencionamos a posibilidade de que en Ancares existira residencia natolocal en escritos anteriores, o último titulado «Matrimonio e herdanza en comunidades rurais dos límites orientais de Galicia». *Revista de Guimarães*. Guimarães, Portugal (no prelo).

<sup>3</sup>M. GONZÁLEZ BUENO: «Niveles de identidad en el mundo rural burgalés». En L. DÍAZ (Coord.): *Aproximación antropológica a Castilla y León*. Ed. Anthropos. Barcelona, 1988. Páx. 74.

Semellante modelo foi descrito na parte meridional de Galicia, especialmente en terras ourensás, por estudiosos dos que xa demos referencias bibliográficas no capítulo anterior.

Os intentos de atopar unha correspondencia mecánica, automática, entre as pautas culturais e o predominio dun tipo determinado de familia tropezan continuamente con problemas á hora da súa concreción práctica. O asunto, característico das sociedades complexas, non é exclusivo de Ancares. Como xa temos insinuado anteriormente, Pina-Cabral atopouse con este peso das solucións baseadas en estratexias concretas fronte ós principios normativos predeterminados no seu estudio do Minho portugués<sup>4</sup>. En terras da Galicia lucense, con predominio en teoría da institución da mellora e, polo tanto, con certa predisposición á familia troncal, tamén aparecen numerosas excepcións en función de circunstancias como o status da familia ou a evolución ó longo do tempo das distintas casas, forzadas por veces a romper o proceso reproductivo establecido como normal<sup>5</sup>. No interior do occidente de Asturias, de fala galega e así mesmo con tradición de mellora, como os Oscos ou Ibias, onde era de esperar un predominio da familia troncal, de novo atopamos múltiples solucións entre as que este tipo familiar resulta minoritario na práctica<sup>6</sup>.

Todos os datos parecen apuntar a que unha cousa son as formulacións teóricas, especialmente as estáticas, e outra a praxe que se impón no vivir diario en moitos casos. Pero hai que recoñecer que o principio de nuclearidade pode admitirse como actuante en Ancares ó longo do tempo (sempre é máis doado atopar un número elevado de familias que se atopan nun estadio de tipo nuclear). Por iso podemos reafirmarnos en que no val existe unha tendencia cara á familia nuclear, namentres que na vertente occidental da serra, é dicir, nas aldeas galegas de Navía de Suarna e de Cervantes, e nos enclaves leoneses de Suárbol e Balouta, con tradición de mellora, sempre é probable atopar maior presenza da familia estendida – aínda que non maioritaria –, existindo unha tenue fronteira tamén neste aspecto segundo nos situemos a un lado ou outro da Serra<sup>7</sup>. O profesor P. Saavedra sinalou esta diferenza no pasado histórico –cando as constric-

<sup>4</sup>J. de PINA-CABRAL: *Filhos de Adão, filhas de Eva*. Ed. Dom Quixote. Lisboa, 1989.

<sup>5</sup>Vid. como mostra os modelos que presenta J. M. CARDESIN: *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (S. XVIII-XX)*. Ed. Ministerio de Agricultura. Madrid, 1992.

<sup>6</sup>VV. AA.: *Rituales y proceso social*. Ed. Ministerio de Cultura. Madrid, 1991. Páx. 37 e ss., e páx. 82.

<sup>7</sup>Insistimos persoalmente nesta diferenza en «Espacialidade matrimonial e herdanza nos lindeiros de Asturias, Galicia e León». *Actas do Simposio de Antropoloxía «Lindeiros da Galeguidade I»*. Ed. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1991. Páx. 81 e ss.

cións dos sistemas imperantes eran máis operativas—, comparando no seu caso datos do S. XVIII referidos a terras de Lugo e de Ourense, con predomínio respectivamente de mellora e de partillas; namentres en Lugo as familias nucleares non chegan ó 50%, en Ourense atinxen o 60%-70%, o cal é proba de que as distintas tradicións e as súas consecuencias prácticas inciden na composición dos fogares, aínda que non poidamos —insistimos de novo— deducir un cumprimento automático da norma ideal<sup>8</sup>.

Abundando no anterior, os datos estatísticos do pasado poden axudarnos a captar diferencias entre a composición numérica das familias a un lado e outro da Serra de Ancares no pasado máis remoto. Aínda que os resultados debe considerarse como aproximados, amosaremos algúns exemplos non sen antes facer unha serie de precisións sobre as fontes utilizadas. O *Nomenclator* de 1857, a pesar dos seus evidentes erros, danos unha pista para calcular a proporción de persoas por familia porque indica non só a poboación total dos municipios, senón tamén o número de «cédulas» de cada un deles, podendo establecer unha equivalencia aproximada de cédula=familia. Os *Nomenclator* de 1887, 1900 e 1910 non indican o número de veciños ou familias, pero si o total de edificios o primeiro e de edificios permanentemente habitados os outros dous, podendo deducir que cada vivenda corresponde a unha familia con certo marxe de erro. A relación que obtivemos dividindo cédulas ou vivendas polo total da poboación de feito (agás 1857, onde non se distingue entre feito e dereito) está resumida no cadro seguinte:

#### PROPORCIÓN DE HABITANTES / CÉDULAS OU VIVENDAS

Municipio	1857	1887	1900	1910
Becerreá	6,36	5,46	6,45	6,90
Cervantes	6,73	4,13	5,69	5,77
Navia de Suarna	5,98	4,85	6,35	5,28
Candín	5,32	3,13	4,21	4,83
Peranzanes	4,24	3,62	3,94	3,86
Valle de Finlledo	4,50	3,09	4,01	3,96

(Fonte: Elaboración propia a partir de datos dos *Nomenclator de los pueblos de España* correspondentes ós respectivos anos, editados polo «Instituto Geográfico y Estadístico». Provincias de Lugo e León).

<sup>8</sup> P. SAAVEDRA: «Casa y comunidad en la Galicia interior». En J. C. BERMEJO (Coord.): *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia*. Tórculo Ed. Santiago, 1989. Páx. 104.

Esta relación do número medio de persoas por cédula ou vivenda permanente pon de manifesto fondas oscilacións que se derivan da distinta natureza dos referentes e da propia inexactitude dos datos censuais para o noso fin. Pero o certo é que existe unha constante contraposición de conxunto entre os resultados obtidos nos tres primeiros municipios, situados na banda galega da serra, e os tres últimos, xa na vertente leonesa da mesma. Esta contraposición consiste nas cifras máis baixas dos concellos leoneses con respecto ós lucenses en todas as datas consideradas, representando o de Candín unha especie de transición, o que significa que estamos diante dun indicio de que o tamaño das familias era en León menor que en Lugo hai máis de medio século, cando o sistema tradicional ancarés que pretendemos reconstruír estaba en plena vixencia. Como non existen motivos razoables para pensar que isto se deba a unha prole máis numerosa en terras de Lugo, hai que concluír que de novo agroma nestes datos unha maior posibilidade de atopar formas de familia extendida aquí, donde había máis casos de convivencia de varias xeracións baixo o mesmo teito, incluíndo parentes solteiros, namentres que en terras leonesas a familia nuclear era máis abundante. A capacidade de fuxir dunha reclusión na soltería e de constituír novos fogares en terras leonesas parece reflectirse tamén nas baixas cifras de ilexitimidade, que no conxunto do municipio de Candín atinxe só o 6,3% de nacementos entre 1870 e 1979<sup>9</sup>.

A través de padróns municipais de habitantes do pasado próximo, correspondentes ós anos trinta e corenta do presente século –datas ás que remitimos moitos dos datos incluídos neste estudio– puidemos comprobar a tipoloxía predominante nas familias ancaresas para eses tempos máis recentes. Inspirámonos para isto na clasificación utilizada por outros investigadores para áreas próximas de Asturias<sup>10</sup>, na que se consideran os seguintes tipos familiares:

A) **Organización nuclear**, que abrangue tanto as familias nucleares típicas como aquelas variantes nas que falta un dos pais, os matrimonios sen fillos residentes no fogar, os solitarios e as familias formadas por irmáns.

B) **Organización nuclear ampliada**, na que ademais dos pais e fillos aparece outro parente non relacionado por vínculo matrimonial.

C) **Organización troncal**. A familia troncal ideal é a composta polos

<sup>9</sup> H. RODRÍGUEZ OTERO: *Bioantropología de los Ancares Leoneses*. Ed. Dep. de León - CSIC. León, 1984. Páx. 102. A autora dá unha cifra de 5634 nacementos, dos que foron ilexítimos 358.

<sup>10</sup> VV. AA.: *Rituales y proceso social...*, cit. anteriormente. Páx. 38.

pais, os fillos, un deles casado, a esposa deste e os seus fillos. Por veces esta organización troncal está incompleta por falta dun dos compoñentes.

D) **Organización troncal en transición**, na que conviven parentes derivados de dous vínculos matrimoniais e non encaixan nos grupos anteriores. O tipo máis normal sería o de pai/nai viúvo/a, máis un fillo, a esposa deste e os seus descendentes.

Aplicamos esta tipoloxía ós datos reflectidos nos padróns municipais de 1933 e 1945 e referidos a varios lugares do val que representan unha mostra significativa, aínda que agrupamos os tipos A-B e C-D para simplificar os datos (en realidade tipos como o B son pouco frecuentes). Tras excluír os empadroados ausentes e con domicilio oficial fóra do val obtivemos os seguintes resultados:

**PADRÓN DE 1933**  
**Datos de Candín, Espiñeireda, Pereda e Vilasumil**

	Familias	%
Organización nuclear e nuclear ampliada	138	(84,14%)
Organización troncal ou troncal en transición	26	(15,85%)
<b>Total</b>	<b>164</b>	

**PADRÓN DE 1945**  
**Datos de Candín, Pereda e Espiñeireda**

	Familias	%
Organización nuclear e nuc. ampliada	88	(81,48%)
Organización troncal ou troncal en transición	20	(18,51%)
<b>Total</b>	<b>108</b>	

(Fonte: Arquivo Municipal de Candín. Padróns municipais).

Como se pode apreciar, a organización nuclear é a preponderante con moito, atinxindo a familia nuclear típica, integrada por un matrimonio e a prole, cifras que se sitúan arredor do 50% tanto en 1933 como en 1945. Nembargantes atopamos tamén unha presenza de familias troncais ou troncais en transición, sendo as segundas moito máis abundantes que as

primeiras (17 sobre 26 en 1933, e 15 sobre 20 en 1945). Isto está en relación co feito de que con certa frecuencia un fillo ou filla casada quedaba, temporal ou definitivamente, vivindo no fogar natal co seu cónxuxe e prole, podendo mesmo recibir, como xa vimos, unha compensación dos demais irmáns –variante da «congra»– por coidar dos pais.

O contraste destes datos cos de Balouta e Suárbol, localidades que, como temos indicado, seguen a tradición da «millora» o mesmo que as aldeas próximas de Galicia, é significativo. No citado padrón municipal de 1933, sobre un total de 68 familias empadroadas, 22 respondían ó tipo troncal ou troncal en transición, o que representa o 32,34% do total, cifra que, sen ser maioritaria, supón unha porcentaxe moito máis alta que nos lugares do val de Ancares nos que impera a tradición do reparto igualitario da herdanza. Incluso podemos dicir que este porcentaxe é comparable ós detectados en zonas consideradas como propias de familia troncal, tal a vertente pirenaica de Francia, onde o número de familias troncais roldaba o 20% no século pasado<sup>11</sup>. Insistiremos en que nesta circunstancia chégase a unha situación de familia troncal por diferentes razóns das que aducimos para as aldeas do val, pois aquí é un fillo mellorado o que acostuma a casar e quedar na casa, convivindo por un tempo máis ou menos longo con irmáns solteiros e cos pais. A forte vinculación dos membros da familia coa casa natal, mesmo se recorren á emigración, parece manifestarse no citado censo por medio do elevado número de familias que fan constar a parentes (tíos, irmáns, fillos...) a pesar de ter residencia oficial en terras afastadas; así, das 45 familias empadroadas en Balouta no 1933, 8 fan constar membros con residencia oficial en Madrid, 10 en Barcelona, 1 en Bos Aires, 1 en Bos Aires e Cervantes, 1 en Bos Aires e Madrid, 1 en Ibias (Asturias), Cuba e Cervantes, 1 en Valladolid e 2 en Cuba e Barcelona.

### 3. A IDENTIFICACIÓN DA FAMILIA NO ÁMBITO LOCAL

Como sucede xeralmente nas comunidades rurais do Noroeste, en Ancares os compoñentes da familia e o patrimonio da mesma adoitan ser identificados no ámbito local mediante a alusión á «casa», concepto que abrangue tanto os edificios como as persoas, as terras e mesmo os animais. Tivemos a posibilidade de recoller numerosos exemplos de nomes de casas en distintos lugares do val de Ancares.

<sup>11</sup>F. LEBRUN - A. BURGUIÈRE: «Las mil y una familias de Europa». En *Historia de la familia*. Alianza Ed.; Madrid, 1988. Tomo 2, páx. 44.

C. P., de Sortes, citou exemplos como os que seguen:

- Casa do tío Demetrio
- Casa do tío Estevo
- Casa do tío Froilán
- Casa do tío Arsenio
- Casa do Birollo
- Casa de Chana (Sortes, IV - 93)

A. A., de Sorbeira, deunos unha completa lista de casas referidas a unha data que podemos situar hai 30 - 40 anos:

- Casa de tío Gerardo
- Casa de tía Sofía
- Casa de tío Pedro o Manco
- Casa de tío Domingón
- Casa de tío Francisco
- Casa de tío Ricardo
- Casa de tío Franciscón
- Casa de tío Tanislao
- Casa de tío David
- Casa de tía Sabina
- Casa de tío Marcelino
- Casa de tío Gregorio
- Casa de tío Serafín
- Casa de tío José o Panadero
- Casa de tío Antonio de Angustia

A., de Candín, tamén nos facilitou un bo número de nomes cos que se coñecía a casas desta localidade hai anos:

- Casa de Xabaril
- Casa de Xan
- Casa de Dominga
- Casa de tía Eudisia
- Casa de tío Antonio
- Casa de tío Antonio de Paulino
- Casa de tía Rosa
- Casa de tío Claudio
- Casa de tío José

Casa de tío Ricardo  
Casa de tío Leonardo  
Casa de tío Manuel Carballo  
Casa de tío Celestino  
Casa de tío Ignacio  
Casa de tío Donato  
Casa de tío Leoncio  
Casa de tío Angel  
Casa de tía Angustia  
Casa de tío Hector  
Casa de tío Arcadio  
Casa de tía Nieves (Candín, VII-94)

No estudio que hai uns anos fixemos en aldeas do veciño municipio de Navia de Suarna puidemos comprobar dous fenómenos importantes, ó noso modo de ver, con respecto ós nomes de casas. Un é que moitas podían conservar o nome ó longo de varias xeracións, e outro que o nome de pía do cabeza de casa non entraba a formar parte do mesmo con certa frecuencia<sup>12</sup>. Pola contra no val de Ancares vemos que o máis xeral é que predomine o nome do cabeza de familia precedido do termo «tío» (tío), que implica o recoñecemento dun parentesco simbólico que o une á comunidade, aínda que de cando en vez apareza algún «ramote» (alcume) ou alusión a algunha actividade. En función dunha ideoloxía que recoñece a precedencia do varón, os nomes das casas corresponden a homes, mesmo se o edificio formou parte do patrimonio da muller, mais tampouco é imposible que unha muller lle dea o seu nome á casa, tal é o caso de «Casa da Tía Sofía» de Sorbeira, que se chamaba así «porque o home taba emigrado» (Sorbeira, IV-93), ou o de «Casa de tía Sabina» porque era viúva, a casa perdera o nome do varón e pasara a denominarse co dela, feito que está presente en todas as casas que levan o nome dunha muller na lista de Candín. A facilidade de cambio de nome das casas está en íntima relación co contexto cultural que estamos describindo; a posibilidade de establecer casa nova, o reparto continuado do patrimonio, mesmo a división de edificacións entre os herdeiros son factores que favorecen o troco de denominación identificadora dentro da localidade,

<sup>12</sup> X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «Casa y pueblo en la vertiente occidental de la Sierra de Ancares». En *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*. Ed. Deputación Provincial. Lugo, 1990. Páx. 29.

pois realmente cada xeración, agás excepcións, supón un novo proxecto en boa parte desvinculado da perpetuación da casa. Mesmo cando aparece un «ramote» que tende a transmitirse sempre se habilitan mecanismos identificadores para distinguir ós diferentes herdeiros que permanecen na localidade. En Espiñeireda puidemos recoller un informe no que se explica o nome dalgunhas casas, como a de «José o Gallo», que se chamaba así porque fora un único home entre varias mulleres (de aí «O Gallo»); pero «O Gallo» tivo dous fillos, un que herdou o alcume do seu pai e outro que viviu na «Casa do Gallín» para distinguilo do anterior (Espiñeireda, XII-93). Se coinciden nomes de pía tamén se poñen en marcha mecanismos diferenciadores para que a comunidade poida distinguir unha casa da outra. Como se ve na correspondente lista de casas, en Sorbeira recorreuse a chamar a unha casa «de Francisco» mentres outra, con cabeza de familia de igual nome, pasou a ser a casa «de Franciscón». Nos nomes de Candín aparecen dúas casas nas que o dono era Antonio, diferenciándose por medio de engadirlle ó segundo o nome de seu pai, co que aparecen unha casa «de Antonio» e outra «de Antonio de Paulino». E dicir, cando o nome non abonda, acúdense a outras características persoais ou familiares que permitan a diferenza: Gallo/Gallín, Francisco/Franciscón, Dominga/Domingoa, segundo sexa a persoa máis alta ou pequena, máis nova ou máis vella, ou segundo se chamara o seu antecesor. En todos os casos o nome da casa está maioritariamente vencellado ó do cabeza de familia, cambiando con máis facilidade dunha xeración a outra que nas veciñas terras de Galicia, onde existe máis probabilidade de que se perpetúe o nome da casa con independencia do seu titular.

#### 4. OS RECURSOS FAMILIARES

«Eiquí eramos todos aparecíus... todos tenían úa vaca ou dúas, como mutio tres...» (Candín, VIII - 93). O sentimento de igualdade ou de diferencias pequenas entre os distintos «veciús» está presente nas nosas notas de campo. Mais é necesario matizar a anterior afirmación sinalando que os informantes definen o seu «igualitarismo» en contraposición con outras terras veciñas, especialmente as de Galicia situadas á outra banda do porto de Ancares. Insistindo no tema puidemos comprobar que esa igualdade presenta oscilacións que é necesario ter en conta, aínda que sempre nos movamos no seo de comunidades nas que as diferencias económicas no que se refire a patrimonio inmovible non son especialmente acusadas dende unha perspectiva externa. Un informante de Candín (IV - 1993) esforzouse por indicarnos a categoría das distintas casas hai corenta anos, do que resultou o seguinte:

**Casas ricas.**- Eran as que tiñan «maís ganau ie dinero, millor vivienda, dormitorios limpos». Podían chegar a ter ata sete vacas e tamén cabras e ovellas en número elevado. Segundo el serían unhas dez casas.

**Casas medianas.**- Tiñan menos «ganau» e terras. Normalmente entre dúas e catro vacas. Serían unhas vinte.

**Casas pobres.**- Non tiñan vacas ou soamente unha, ían «vivindo miserablemente». Eran unhas 7-8 casas.

C. P., de Sortes, afirmou que neste lugar hai 40 anos había unhas 5 casas ricas, trinta medianas e 3 pobres (Sortes, IV-93), mostra esta do predominio de casas chamadas polo informante «medianas» e, polo tanto, dese igualitarismo proclamado inicialmente. A. A., de Sorbeira lembraba unhas seis casas que «tiñan máis capital», outras dúas medianas e as restantes, para ela, pequenas, con unha ou dúas vacas como moito. Ademais había dous ou tres «veciús» que non tiñan case nada, que «iban levar as terras de aquel señor (doutro máis rico)... non tían vaques nin nada» (Sorbeira, IV-93).

R., de Espiñeireda, díxonos que «os acomodados collían máis carros de herba ie tían máis ganau ie terras, pero traballaban como os demais»... «os ricos tían crietus pero (tamén) vivían apretaus»; nesta categoría entrarían unhas 7 ou 8 casas no seu lugar. Ademais destes «ricos» había outras casas «medianas, que iban vivindo», con 2-3 vacas; eran uns sete «veciús». Por último, os outros eran «pobres» que «tían úa vaca, a veces dúas». Os que posuían unha vaca non podían traballar as súas terras e resultaba preciso poñerse en combinación con outro propietario de animal para formar parella, cousa que era frecuente e que deixou un denominativo específico na fala ancaresa para definir esta sociedade de axuda mutua: era «andar de camela» (Sorbeira, XI-93).

As diferencias de riqueza eran, polo tanto, perceptibles dende a cultura local, pero os informes utilizados amosan a presenza dunha ampla camada de veciños clasificados como medianos ou pequenos nun val no que a escaseza de terras aproveitables era notoria e a presión demográfica importante en relación coas posibilidades que presentaba a natureza e a tecnoloxía local, segundo sinalamos no capítulo I.

Os datos recentes poden axudarnos a descubrir os trazos fundamentais da economía familiar ancaresa nas últimas décadas. O despoboamento de Ancares supuxo cambios internos na distribución da terra, pero non xerou novas formas de agrupación da mesma, predominando ata o presente a pequena propiedade dividida en múltiples e por veces minúsculas parcelas (vid. Foto 12). Aínda que se potenciou a gandería vacúa polo seu maior

rendemento e se abandonaron moitas terras de cultivo tradicional dedicadas a «centeu» en favor dos pastos, as estatísticas que posuímos indican que o número de cabezas por explotación segue a ser baixo. Do *Estudio de comarca* realizado pola Axencia de Extensión Agraria de Fabero en 1981 sacamos as seguintes cifras de 101 explotacións que ilustran a nosa afirmación:

### Número de vacas

Lugar	Total (*)	1	2	3	4	Máis de 4
Teixeu	12	1	2	1	6	2
Pereda	31	2	15	4	10	0
Candín	17	0	9	3	4	1
Sortes	16	0	6	6	4	0
Espiñeireda	9	0	2	5	1	1
Sorbeira	16	0	6	8	2	0
<b>Total</b>	<b>101</b>	<b>3</b>	<b>40</b>	<b>27</b>	<b>27</b>	<b>4</b>
		(2,9%)	(39,6%)	(26,7%)	(26,7%)	(3,9%)

(\*)Entenderase o total como a suma de casos considerados, non o total absoluto do municipio.

(Fonte: Elaboración propia a partir de datos do *Estudio de comarca*. Axencia de Extensión Agraria 691. Fabero-León, 1981).


O cadro pon de manifesto que, incluso nunhas datas nas que a importancia do vacún como fonte de recursos era destacable nas casas con actividade agrícola de importancia, o que conducía a tratar de manter un meirande número de cabezas, tan só o 3,9% das explotacións consideradas pasaban dos catro animais e os propietarios de dúas vacas eran maioría relativa, supoñendo o 39,6% dos casos tidos en conta.

Ademais da pequena propiedade pecuaria, especialmente acentuada pola case desaparición do gando menor nas últimas décadas, co conseguinte abandono dos pastos comunais, os datos censuais permítenos comprobar o reducido da superficie das explotacións ancaresas comparándoas coas de terras galaicas situadas na outra banda da serra. O *Censo Agrario* de 1972, a pesar de imprecisións, permítenos establecer o seguinte contraste entre o municipio galego de Navia de Suarna e o leonés de Candín:

Superficie	Navia de Suarna	Candín
De 0,1 a 0,4 Has	0	14 (5 %)
De 0,5 a 0,9 Has	0	28 (10 %)
De 1 a 1,9 Has	12 (1,5 %)	73 (26 %)
De 2 a 2,9 Has	12 (1,5 %)	68 (24,2 %)
De 3 a 3,9 Has	7 (0,9 %)	44 (15,7 %)
De 4 a 4,9 Has	10 (1,3 %)	16 (5,7 %)
De 5 a 9,9 Has	117 (15,2 %)	19 (6,7 %)
De 10 a 19,9 Has	522 (67,8 %)	6 (2,1 %)
De máis de 20 Has	89 (11,5 %)	12 (4,2 %)
<b>Total explotacións</b>	<b>769</b>	<b>280</b>

(Elaboración propia, utilizando como fonte o *Censo agrario de 1972*, editado polo Ministerio de Agricultura. Datos correspondentes ás provincias de Lugo e León).

Aínda se excluimos da anterior relación moitas das explotacións de máis superficie, pois corresponden a propiedades que non son individuais-familiares, e aínda tendo en conta que boa parte da superficie era de monte,



Parcelación nas proximidades de Teixeu, boa mostra de atomización da terra en Ancares. (Foto 12).

os datos poñen de manifesto a máis reducida superficie por explotación de Candín con respecto a Navia, amosando de novo a febleza dos patrimonios ancareses. O 80 % destes últimos supón unha superficie por explotación de menos de 5 Has, namentres que o 94 % das explotacións da banda galega da serra superan esa cifra.

\* \* \*

Dominada polo principio de máximo aproveitamento dos recursos producidos na casa e de mínimo gasto en alimentos adquiridos fóra<sup>13</sup>, a alimentación diaria da familia ancaresa resultaba hai anos monótona, algo que era común a todas as comunidades que circundan Ancares, tanto na banda galega como na leonesa. A pesar de que ó longo do século pasado se incorporaron novos produtos que trocaron a dieta cotiá, especialmente a pataca, pouca variación atopamos entre os comezos do XIX e os anos centrais do noso século. Para a transición do S. XVIII - XIX contamos coas breves, pero ilustrativas, notas que nos facilita J. M. Munárriz sobre a alimentación dos habitantes de localidades situadas ó sur de Ancares e comprendidas no que se coñecía co nome de A Somoza (Vilar de Acero, Teixeira, Paradaseca etc.), todos eles afectados de bocio e mantidos con «un poco de pan de centeno, castañas cocidas, berza gallega con poca grasa y papas hechas con mijo y leche... Nadie come carne fresca, y los más acomodados tienen por gran regalo algo de cecina de castrón o jabalí»<sup>14</sup>. Polo que se refire a unha data que podemos situar hai unhas cinco décadas basearémonos en alusións ó tema que obtivemos dos nosos informantes e que pasamos a expoñer, distinguindo entre a dieta cotiá e a excepcional.

Todos os datos apuntan a que se facían a diario basicamente tres comidas, aínda que especialmente no verán, cando se madrugaba moito e se prolongaba o traballo ata horas avanzadas do serán, podían facerse outras dúas tomas complementarias, unha a chamada «as dez» e outra –menos

<sup>13</sup> Este esforzo por consumir o propio e mercar o menos posible –a diario case nada– fóra da unidade doméstica é unha tendencia xeral nas sociedades rurais tradicionais, mesmo ata tempos recentes. A iso aluden diversos estudiosos, como: A. VALDÉS DEL TORO «Ecología y trabajo, fiestas y dieta en un concejo del occidente astur». En *Temas de Antropología española*. Akal ed. Madrid, 1976, p. 336. –J. A. FIDALGO SANTAMARIÑA: *Antropología de una parroquia rural*. Ed. Caixa Rural, Ourense, 1988; páx. 151.

<sup>14</sup> S. GÓMEZ NÚÑEZ: *El general de Artillería Don Juan Manuel Munárriz y la siderurgia del siglo XVIII en la región del Bierzo*. Imp. del Patronato de Huérfanos de Intendencia e Intervención Militar. Madrid, 1925. Páx. 41-42.

frecuente— «a merenda»<sup>15</sup>. Os alimentos dun día normal eran constantes, pois, como nos asegurou unha informante «a diario comíamos máis mal» (Sorbeira, XI-93). O leite, as patacas, o caldo e o pan de «centeu» feito na casa eran os produtos que predominaban absolutamente, acompañados, se se podía, de «xixo» (touciño). «Caldo a todas horas» foi a expresión usada por outra informante para destacar a importancia deste prato na dieta. Das notas que puidemos recoller sacamos tres modelos de alimentación por día que pasamos a expoñer, coas correspondentes cantidades aproximadas en gramos:

### VARIANTE A (persoa / día)

Pola mañá	CALDO:	
	Patacas	(100 gr.)
	Verdura	(67 gr.)
	Fabas	(50 gr.)
	Unto	(5 gr.)
	PAN	(100 gr.)
	AUGARDENTE (non sempre)	
Mediodía	PATACAS	(150 gr.)
	TOUCIÑO	(100 gr.)
	PAN	(100 gr.)
	VIÑO (non sempre)	
Cea	PAN	(100 gr.)
	CASTAÑAS	(100 gr.)
	LEITE	(250 gr.)
<b>Total</b> (sen augardente e viño)		<b>1122 gr.</b>

### VARIANTE B (persoa / día)

Pola mañá (almorzo e «as dez»).	LEITE	(250 gr.)
	PAN	(100 gr.)
	PATACAS	(150 gr.)
	CEBOLA	(85 gr.)
	AUGARDENTE (non sempre).	

<sup>15</sup> Sobre as comidas ancaresas recolleu tamén datos hai anos J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ en *Etnografía del valle de Ancares*. Verba, Anejo IO. Universidad de Santiago, 1978. Páx. 96 e ss. — Nembargantes nesta obra, de carácter etno-lingüístico, non se recolle unha cuantificación dos alimentos.

Mediodía (xantar)	CALDO:	
	Patacas	(100 gr.)
	Verdura	(67 gr.)
	Fabas	(50 gr.)
	Unto	(5 gr.)
	TOUCIÑO	(100 gr.)
	PAN	(100 gr.)
	VIÑO (non sempre)	
Cea	PAN	(100 gr.)
	CASTAÑAS	(100 gr.)
	LEITE	(250 gr.)
<b>Total (sen augardente e viño)</b>		<b>1457 gr.</b>

### VARIANTE C (persoa / día)

Pola mañá (almorzo e «as dez»)	LEITE	(250 gr.)
	PAN	(100 gr.)
	CHOURIZO	(70 gr.)
	AUGARDENTE (homes)	
Mediodía (xantar)	CALDO:	
	Patacas	(100 gr.)
	Verdura	(67 gr.)
	Fabas	(50 gr.)
	Unto	(5 gr.)
	TOUCIÑO	(100 gr.)
	PAN	(150 gr.)
	VIÑO (non sempre)	
Cea	CALDO:	
	Patacas	(100 gr.)
	Verdura	(67 gr.)
	Fabas	(50 gr.)
	Unto	(5 gr.)
	LEITE	(250 gr.)
	PAN	(100 gr.)
<b>Total (sen augardente e viño)</b>		<b>1464 gr.</b>

Aplicando as táboas pertinentes gracias á colaboración que nos prestaron especialistas en medicina<sup>16</sup>, obtivemos os seguintes resultados globais que nos permiten calcular as quilocalorias e a pormenorización de principios por día:

### VARIANTE A

	Gramos	Calorías	Principios en gramos		
			H.C.	Prot.	Gras.
Pan	300	723	153	21	3
Patacas	250	215	47,5	5	0,30
Leite	250	170	11,5	8,75	9,75
Verdura	67	33	5	2	0,6
Fabas	50	171	29,5	11,5	0,75
Unto	5	33,5	—	0,5	3,5
Touciño	100	670	—	10	70
Castañas	100	236,5	47,6	4,7	3
<b>Total</b>	<b>1122</b>	<b>2252</b>	<b>294,1</b>	<b>63,45</b>	<b>90,9</b>

(Sumando viño e augardente chegaríase a 2600 cal.).

<sup>16</sup>O Doctor PLÁCIDO DIÉGUEZ GÓMEZ e a súa esposa déronnos os datos para elaborar os cadros que reproducimos. As táboas utilizadas por estes médicos foron as de Sandoz. Agradecemosolles a estes especialistas en medicina a súa desinteresada colaboración.

### VARIANTE B

	Gramos	Calorías	Principios en gramos		
			H. C.	Prot.	Gras.
Leite	500	340	23	17,5	19,5
Pan	350	843	178,5	24,5	3,5
Patacas	250	215	47,5	5	0,3
Verdura	67	33	5	2	0,6
Fabas	50	171,5	29,5	11,5	0,75
Unto	5	33,5	-	0,5	3,5
Touciño	100	670	-	10	70
Cebola	85	39	8,4	0,9	0,2
Castañas	100	237	47,6	4,7	3,09
<b>Total</b>	<b>1507</b>	<b>2582</b>	<b>339,5</b>	<b>76,6</b>	<b>101,44</b>

(Sumando viño e augardente chegaríase a 3050 cal.).

### VARIANTE C

	Gramos	Calorías	Principios en gramos		
			H.C.	Prot.	Gras.
Leite	500	340	23	17,5	19,5
Pan	350	843	118,5	24,5	3,5
Patacas	200	172	38	4	0,2
Verdura	134	66	10	4	1,2
Fabas	100	343	59	23	1,5
Unto	10	67	-	1	7
Touciño	100	670	-	10	70
Chourizo	70	337	-	12,7	31,8
<b>Total</b>	<b>1464</b>	<b>2838</b>	<b>248,5</b>	<b>96,7</b>	<b>134,7</b>

(Sumando viño e augardente chegaríase a 3200 calorías).

Considerando que unha dieta normal debería proporcionar unhas 3000 calorías diarias, con 80 gr de proteínas, 450 gr de glúcidos e 100 gr de lípidos, apréciase que a mesma se mantiña nas casas medias de Ancares por debaixo no caso da variante A e sube lixeiramente nas B e C, mais era, por riba de

todo, monótona en todos os casos. Comparando os nosos datos cos obtidos nun importante traballo sobre o occidente astur na década dos sesenta, atopámonos con que a cifra total de calorías resulta superior que en Ancares, situándose por riba das 3400 por persoa e día, pero presentando tamén unha acusada monotonía e un certo desequilibrio entre os principios, é dicir estamos diante dunha ración máis abundante, aínda que sempre dentro dunha dieta pobre en variedade propia de todas as comunidades rurais do Noroeste hai máis de tres décadas, do que Ancares é un exemplo acusado<sup>17</sup>. Neste sentido, suavizándoas, serían en certa medida aplicables ós ancareses as verbas que o Dr. García-Sabell utilizou para definir a situación alimentaria dos campesiños galegos hai anos: «Los hombres gallegos no son, por fortuna, verdaderos depauperados, aunque sean sin duda alguna hiponutridos crónicos, distróficos innegables»<sup>18</sup>.

A visión que se ofrece por veces dos campesiños tradicionais do Noroeste convérteos ante os ollos do descoñecedor da realidade en consumidores de produtos naturais en abundancia entre os que o porco ocupa un lugar preponderante, pero o certo é que, sen chegar a unha hiponutrición acusada en circunstancias normais, dificilmente se podían consumir a diario alimentos como ovos, froita, queixo e mesmo o citado porco. Segundo un informe de Sorbeira moitas casas «mataban solo un cerduchin pequeno, de cinco arrobas... nosoutros matebamos dous ou tres ie úa vaca, pero esto solo en tres ou catro casas» (Sorbeira, XI-93). A iso hai que engadir que as mellores partes do porco non se consumían na propia casa, senon que eran vendidas ou trocadas nas feiras por «xixo» ou touciño: «os xamois cambiábanse por toucín porque rendía máis... por cada kilo de xamón daban dous ou tres de toucín» (Españeira, XI-93). En definitiva, sobre a familia ancaresa planeaba sempre a necesidade dun control dos alimentos que obrigaba a dosificar o consumo e a reservar unha parte deles ó longo do ano.

Con todo, había posibilidades de mellorar a dieta en certas datas ou circunstancias especiais que permitían romper, aínda que fora esporadicamente, coa rutina, ampliando o repertorio alimentario con produtos reservados para ese momento ou con outros que excepcionalmente se

<sup>17</sup> R. VALDÉS DEL TORO: *Op. cit.* na nota 13. Páx. 334 e ss.

<sup>18</sup> D. GARCÍA SABELL: «Notas sobre el hambre en Galicia». En *Notas para una antropología del hombre gallego*. Ed. Península. Madrid, 1966. Páx. 25.

adquirían no exterior. As festas universais ou locais eran datas propias para estas comidas extraordinarias. Tamén os días do ano dedicados a certos traballos que requirían colaboración interveciñal. Das nosas notas de campo sacamos algúns exemplos :

Por Noiteboa, Nadal, Aninovo e Reis.- Castañas con viño, chourizos, repolo con patacas, «turrullois» (roxós) e, ás veces, sardiñas salgadas e bacallao.

Por Carnaval.- «Butelo» (embutido con carne de porco), chourizo ou morcilla.

Na festa de Santo Estevo (Sorbeira).- Carne de porco (por ser época de matanza). A veces cabrito ou cordeiro, especialmente nas casas máis abastadas. Roscón (feito con ovos, leite e fariña).

Noutras festas patronais.- Pan de trigo, e, «o que podía mataba un cordeirín ou un galín, ie arroz ie uis garbancíus» (Sorbeira, XI-93). Tamén se consumía carne de porco (cachucha, lacón), roscón e, por veces, arroz con leite.

Ademais das festas podía consumirse alimento especial cando algún membro da familia, especialmente se exercía algún oficio como o de tratande de gando, vovía á casa e traía un produto mercado na feira. «A veces comíamos sardiñas... o meu padre traía do Espín (feira preto de Vega de Espinareda) úa docena de sardiñas.... e cando vía da feira lambíamos por un truciú de pan de trigo» (Sorbeira, XI-93).

Coincidindo con cerimoniais determinados, como as vodas, tamén se repartía comida en cantidades elevadas, segundo sinalamos no apartado correspondente. E o mesmo sucedía no intre facer certos traballos anuais nos que se requiría a colaboración de familiares e amigos, como a matanza ou a malla do cereal. Pratos característicos da matanza en Espiñeireda eran a «asadura» (fígado), a «paxarela» (bazo) e tamén as «fillolas» (filloas) feitas con ovo, leite e fariña ou con sangue do porco. Nas mallas levábase «a pé de aira arroz ie o que non podía (máis pobre) cebolos, toucín e pan... o viño non podía faltar, senon ¡quen mallaba!» (Sorbeira, XI-93). En xeral todas estas datas estaban marcadas por un comensalismo no que cada casa consumía unha parte importante de produtos producidos ou mercados en beneficio das persoas (familiares, veciños) que colaboraban na tarefa ou acudían invitados á festa. Establecíase así un intercambio de alimentos que, a primeira vista, podería parecer superfluo, pois ó final todos acaban comendo alimentos dos outros, pero que cumpría a importante misión de estreitar lazos de parentesco e de veciñanza; usando terminoloxía allea, diríamos que

se xeraba con esta distribución de alimentos en tempo de festa ou de grandes traballos un «plus social» necesario para manter unha coherencia das comunidades por riba dos intereses individuais ou familiares<sup>19</sup>.

\* \* \*

Patrimonio reducido e recursos precisados de control son, en suma, a tónica que descubrimos nas páxinas antecedentes. Sometidos a continua fragmentación do patrimonio, limitados pola tecnoloxía tradicional e con dificultades para ampliar os espazos cultivados debido ás construcións físicas, os ancareses tiveron que desenvolver mecanismos de adaptación para sobrevivir, é dicir, botaron man de estratexias encamiñadas a potenciar os aspectos positivos das mesmas e a habilitar solucións para atenuar os negativos<sup>20</sup>. Partindo da necesidade permanente de eliminar parte da poboación e de captar recursos foráneos, a sociedade ancaresa adoptará comportamentos como a emigración ou a práctica de oficios fóra do val; gracias a eles podía eliminar excedentes ou achegar medios de vida para ampliar ou recompoñer patrimonios, alcanzando un nivel de supervivencia semellante –en casos contados mellor– ó que se detecta en terras próximas con patrimonios máis grandes. Deste importante aspecto ocuparémonos no capítulo que segue, no que descubriremos novas facianas da cultura ancaresa como resposta adaptativa a evidentes condicionantes e estímulos internos ou externos.

---

<sup>19</sup> O concepto de plus social está desenvolvido en VV. AA.: *Op. cit.* na nota 6. Páx. 264 e ss.

<sup>20</sup> M. GODELIER: *Lo ideal y lo material*. Ed. Taurus, Madrid, 1990. Páx. 22.

## IV. OS ANCARESES MÁIS ALÁ DO VAL. OFICIOS E EMIGRACIÓN

### 1. INTRODUCCIÓN

A necesidade de complementar a cativa economía familiar mediante o exercicio de actividades temporais ou permanentes en terras lonxanas é unha realidade amplamente documentada en comunidades tradicionais do Noroeste. Plurisecular foi, por exemplo, a partida de moitos galegos en tempo de vran para traballar en Castela como segadores que vendían a súa forza de traballo a cambio dun xornal<sup>1</sup>. Tamén, como era de esperar, os ancareses procuraban incrementar os seus ingresos, eliminando de paso bocas que alimentar, mediante actividades semellantes. Como nos asegurou un informante «a paisana mía tuvo quince partos ie capital non había» (Sorbeira, IV-93). A situación de Ancares, nas portas do Bierzo, e non demasiado lonxe de outras comarcas septentrionais de León, favorecía esta partida temporal. Era normal que un certo número de homes e mulleres acudiran á sega en terras do Bierzo, de Babia e de Laciana; según J., de Sorbeira, «deiquí iban segar cara'l Bierzo, Laciana ie Babia... se contrataba segun ficera falta'l dueño»; o informante, de 63 anos, foi segar a localidades como Robles, Llamas, Rabanal de Abajo, Quintanilla, Piedrafita, Peñalba... en terras de Babia e Laciana; segundo él «ibamos mediau agosto palante ie cobrabamos xornal ie mantíus... hai trinta anos sobre 20-25 ptas por día. Dormíamos en palleiros ie as mulleres segaban también... de Sorbeira ibamos 12-14 homes ie mulleres» (Sorbeira, XI-93). P. A., de Pereda, tamén se lembra desta actividade que queda reflectida nestas as súas palabras: «Alguis iban segar ie vendimar por el Bierzo... iban 6-8 en cuadrilla ie levaban un que ajustaba...

<sup>1</sup> Abunda a bibliografía e as testemuñas literarias e documentais sobor destas actividades dos galegos fóra da súa terra. Como exemplos poden verse a descripción etnográfica dos segadores en X. LORENZO FERNÁNDEZ: «Etnografía; cultura material». *Historia de Galiza* dirixida por R. OTERO PEDRAYO. Akal ed. Madrid, 1979 (2a. ed.). Páx. 595 e ss., e o artigo de E. BANDE RODRÍGUEZ: «Vida e costumes dos galegos segadores en Castela». *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Ed. O Castro, Sada-A Coruña, 1984; páx. 171 e ss.

Segaban por Villablino, Páramo del Sil, Salientes... a vendimia era en Cacabelos, Campo-naraya, Arganza... cobraban 12 pesetas diarias (hai máis de trinta anos)» (Pereda, VII-93).

Traballos como o da sega ou a vendima non son, nembargantes, característicos de Ancares. Hai, pola contra, outros que, se non eran exercidos exclusivamente por ancareses, son considerados como propios, asociándoos tamén as xentes de Galicia, León e Asturias cos nativos do val. Pola súa especificidade dedicáremoslles un apartado especial.

## 2. OS OFICIOS TRADICIONAIS

### 2.1. Antecedentes

Aproveitando a ventaxa do emplazamento xeográfico de Ancares, os habitantes do val practicaban xa a arrieiría no século XVIII. Os datos que facilita o *Catastro de Ensenada* poñen de manifesto que esta actividade tiña en 1753 fondo arraigo. Nalgúns casos illados os rendimentos obtidos eran de certa relevancia, como o demostra o valor en reais que se lles asigna; noutros moitos, nembargantes, parece que se trataba de pequenos comerciantes que só contaban con unha ou dúas mulas ou bestas de carga. A seguir citaremos exemplos dos distintos lugares, agás Vilarbón por carecer de datos (en Suárbol e Balouta, máis aló do porto, esta actividade era descoñecida), tomados da citada fonte:

CANDÍN.- Según a resposta a 32 do «Interrogatorio» vivían alí 14 veciños arrieiros, «que tratan en pescados, azeites y otros géneros y especies».

LUMEIRAS.- Soamente se cita un arrieiro no «Interrogatorio», que tiña dous machos e se chamaba Urbano González. Estamos, sen dúbida, diante dunha localidade de Ancares donde a arrieiría tiña pouca importancia.

ESPIÑEIREDA.- Aínda que no «Interrogatorio» só se menciona un arrieiro, na relación de «Cabezas de casa seglares» recóllense un total de 17.

TEIXEU.- Na resposta a 32 do «Interrogatorio» se mencionan 23 veciños que tratan «en pescados, azeites y otros jéneros y especies con machos y caballos que tienen para ello». Na relación de cabezas de casa seglares a cifra redúcese a 20, pero segue a ser reveladora da importancia desta actividade.

PEREDA.- Na mesma pregunta do «Interrogatorio» sobre oficios os informantes respostan que «solo aí en dicho lugar de Pereda el de arrieiros, que lo son dieciseis vecinos, y tratan en pescados, azeites y otros jéneros con sus mulas, machos y cavallos que tienen para ello». A cifra de 16 arrieiros confirmase na relación de cabezas de familia seglares.

SORBEIRA.- Se citan dous arrieiros tanto no «Interrogatorio» como na relación de cabezas de casa seculares, sendo, polo tanto, un lugar con menos actividade deste tipo, como Lumeiras.

VILASUMIL.- Na relación de cabezas de casa seculares aparecen 8 arrieiros.

SORTES.- Dun total de 56 cabezas de casa seculares, atopamos trinta que eran arrieiros, incluídas 5 viudas que posuían gando para esta actividade.

As cifras antecedentes, sacadas das nosas notas de arquivo, non son exhaustivas, mais sí permiten corroborar o feito de que xa no S. XVIII unha grande cantidade de habitantes de Ancares recurrían a desenvolver boa parte do seu traballo noutras terras durante períodos de tempo intra-anuais longos, achegando así ingresos para millorar os que podían obter dos seus case sempre escasos patrimonios. Xeralmente tratábase de ambulantes a pequena escala, según podemos deducir do número de mulas ou cabalos de que dispoñían. Así, dos 17 arrieiros de Espiñeireda soamente un tiña máis de 3 animais de carga (macho/mula ou cabalo), dous tiñan 3, oito 2 e seis soamente 1. Dos 16 de Pereda cinco tiñan un animal, dez tiñan 2 e un dispoñía de 3. Non estamos, polo tanto, diante de portadores de grandes cantidades de mercancía, senon de traxineiros que percorrían os difíciles camiños de Galicia, Asturias e León para conseguir pequeno beneficio xeralmente.

A actividade ambulante seguiu formando parte da cultura ancaresa despois do S. XVIII. Para a primeira metade do século XIX contamos con datos como os que nos facilitan Miñano e Madoz nos seus respectivos «Diccionarios». O primeiro dice dos oito lugares da xurisdicción de Ancares (excluídos da mesma Suárbol, Balouta e Vilarbón) que «sus naturales salen a Galicia en el invierno, y el que no tiene caballo para traginar en pescados, sardinas etc, toma géneros de algunos comerciantes y los lleva sobre sus hombros de mercado en mercado»<sup>2</sup>. Madoz, pola súa banda, indica para unha data que podemos situar a mediados de século que «sus naturales, bien por inclinación, bien por la esterilidad del país, están destinados generalmente al comercio del tráfico de cera, aguardiente, pescados, sardinas y otros artículos que benefician en las ferias y mercados de la provincia y fuera de ella»<sup>3</sup>.

Mediante estas referencias dun pasado máis remoto puidemos documentar cando menos unha importante actividade dos ancareses en terras

---

<sup>2</sup> S. de MIÑANO: *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*. Madrid, 1826-27. Voz ANCARES.

<sup>3</sup> P. MADOZ: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid, 1845 - 50. Voz ANCARES.

alleas ó seu val de orixe, aínda que as fontes citadas seguramente silencian algunhas outras menos chamativas, pero que tamén estiveron presentes na cultura local. No intento de reconstruír o pasado próximo conseguimos reunir durante o noso traballo de campo informes sobre o comercio ambulante e outros oficios que os ancareses de idade lembran por telos practicado hai máis de tres décadas ou, incluso, por exercelos no presente nalgunha ocasión. Para eles son tarefas características de «ancarés» e podemos resumilas, seguindo a súa propia terminoloxía, nas tres seguintes: a) **A cera e o pimentón**, b) **O trato** e c) **O teito**. Ocupámonos delas a continuación.

## 2.2. A cera e o pimentón

Hai unhas catro/cinco décadas, mesmo en tempos máis recentes, un bon número de ancareses dedicábanse a comerciar con cera e con pimentón principalmente, así como, complementariamente, con outros produtos como as peles, o xabón ou a manteiga. Según A., de Pereda, «en Ancares la mayoría andaba a la cera y al pimientón... compraban cera y pieles. También vendían jabón... El jabón lo compraban en Cacabelos, llevaban una caballería, pero alguno llevaba dos machos» (Pereda, I-94). No mesmo sentido manifestouse A., de Candín, que evocou diante de nós os tempos en que se iba a comerciar con manteiga, pemento e augardente por Galicia, transportando o produto a lomos de machos; o pemento viña de Jaraíz de la Vera, e o augardente mercábase en Cacabelos. Ademais de Galicia, a outra zona de venta destes produtos era Asturias, indicándonos o noso informante localidades asturianas en donde exercían a actividade como Degaña, Fiestorado, Cangas, Pola de Allande e Grandas de Salime, entrando logo nas terras galegas de A Fonsagrada e Navia de Suarna. O normal era que cada un levara a mercancía nun macho; «cada macho levaba un promedio de máis de cen kilos, pero eu tiña un que levaba 220 kilos... igual tiraba (en cada viaxe) treinta días» (Candín, I-94).


F. B., muller de Lumeiras, tamén coñeceu esta actividade. Según ela «los nuestros (os homes da súa familia) iban a la cera y al pimentón. El pimentón se pedía a Jaraiz de la Vera y a Plasencia... mandábanlo a Ovieu y con caballerías vendían por Asturias... últimamente iban en furgoneta... cada viaje duraba más o menos un mes... iban por Fornela con pieles y pimentón» (Lumeiras, VII-93). En Espiñeireda A. A. deunos noticia dun tío seu que era arrieiro de viño e pimentón; «iba vender por Galicia... podía tardar 15 ou 20 días en cada viaxe» (Espiñeireda, VIII-93).

Pero ademáis de vender os productos citados, os arrieiros ancareses desenrolaban unha importante actividade como cereiros, oficio este último extendido en todas as aldeas do val e de maneira especial en Vilasumil, donde todavía é posible ver as ruínas dos lagares para fundir a cera<sup>4</sup>. A. A. F. de Sorbeira informounos desta actividade coas verbas seguintes: «había uis que andaban comprando cera en Asturias con machos. Xuntaban a cera no lagar pa facer velas, cirios ie íbanos vender polos pueblos. (Tamén) levaban pimentón ie vendían polas casas en época de matanzas» (Sorbeira, IV-93). B., veciño de Teixeu e natural de Pereda, foi co seu pai á cera; «íbamos polo lau de Galicia ie xuntabamosla nun sitio ie traíamosla nun coche... (a cera) a compraba un da parte de Valladolid... Ibamos a Donís, Vilarello, Xantes, Robledo, Vilar, Rao, Queizán, Louxas (aldeas todas dos municipios de Cervantes e Navia de Suarna. Vid. Fig. 3, mapa coa localización destas entidades de poboación e outras de Asturias que citaremos logo)... A época de ir era sobre todo en inverno» (Teixeu, XI-93). F. C., de Pereda, coñeceu esta actividade da cera asociada á compra-venta ambulante; según el se dedicaban a isto unhos dez homes de Pereda, que mercaban cera e pelicas de vaca, garduña ou raposo, e vendían pemento, xabón e augardente. As pelicas compradas «se vendían no Espín (feira perto de Vega de Espinareda) a un señor de Ponferrada» (Pereda, VII-93).


Como denantes indicamos, era Vilasumil o lugar de Ancares donde estaba máis desenrolado o oficio de cereiro. E., de Vilasumil lembrouse diante de nós en repetidas ocasións desta actividade que exerceu ata hai menos de vinte anos, combinándoa, como era habitual, coa compra-venta de outros productos como o pemento. Veleiquí fragmentos do seu discurso que nos descubren facianas desta profesión :

«Anduve a la cera por Galicia, por Fonsagrada y por ahí. Ibamos en marzo pa limpiarlas por abajo y en septiembre por la corta de la miel. También ibamos a Luarca y a Tineo... Traíamos la cera en mulos, en tren o en coches y la cocíamos abajo (nos lagares situados na parte inferior da aldea). Después la vendíamos en Ponferrada. Mi padre llegó a llevarla a Benavente en mulos».

<sup>4</sup> Os lagares de cera foron descritos en J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del valle de Ancares*. Verba, anexo 10. Universidade de Santiago. Compostela, 1978. Páx. 213. —Para outros detalles destas edificacións e a tecnoloxía tradicional da cera vid. a parte deste estudio da que é autor C. GONZÁLEZ PÉREZ.



Localización das entidades de poboación nas que traballaban os cereiros ancareses segundo nosos informes. (Fig. 3).



«El lagar era de varios. Los que tenían parte en él cocían sin pagar. Mi padre hacía cincuenta velas a la vez... Cambiábamos velas por cera, una vela por uno o dos kilos de cera... A veces la cocíamos en Asturias... El Cachón y yo echábamos hasta dos meses en Galicia y en Asturias más de un mes. Hacíamos **panales** (bloques) de cuatro o cinco arrobas de cera».

«A Asturias íbamos por Villablino y por el puerto de Leitariegos. Mi **parroquia** era Cangas, Pola de Allande, El Couto (Asturias). En esta zona me guardaban la cera porque era mi parroquia. En el concejo de Cangas de Tineo casi toda la cera la compraba yo. Por Lugo (Galicia) se la llevaba el que más pagaba».

«Nos llamaban *los ancareses*. Salíamos tres o cuatro juntos y luego nos separábamos. A lo mejor en los alrededores de un pueblo tirábamos cuatro o cinco días. Teníamos posadas fijas. En Fonsagrada (Galicia) había fondas... en Asturias se dormía donde fuera, nunca pagué fonda en Asturias»

«Aquí (en Vilasumil) todos los hombres se dedicaban a la cera. Salíamos en marzo, volvíamos para la siega de la yerba... volvíamos a salir y regresábamos para la maja... salíamos hasta tres veces al año. Se ganaba algo, no mucho. Había viajes que se ganaban hasta cuatro mil duros (hace algo más de veinte años). Otros no se ganaba casi nada. Una vez el tío Santiago y yo echamos dos meses y ganamos solo veintinueve duros cada uno». (Vilasumil, IV-93).

O mesmo informante, único habitante permanente de Vilasumil na actualidade que coñeceu a fondo esta actividade durante moitos anos, completou os datos que nos dera na anterior entrevista noutras ocasións, das que entresacamos algúns datos complementarios que poden ilustrar millor o oficio:

«Salíamos de aquí (para ir a Asturias) y dormíamos en Carboalles. De Carboalles pasábamos a Asturias. Para venir podíamos hacer el viaje en un día... Íbamos a veces por Valdeprau y Degaña, otras veces por Rengos y otras por la carretera (Leitariegos). A veces hacíamos las velas en Asturias... si llegábamos a una casa a estas horas (eran as 12,30 cando falaba con nós) hacíamos las velas para esa casa... también las hacíamos de noche... teníamos un pabilo

de algodón y por arriba se echaba la cera y se bruñía poco a poco la vela» (Vilasumil, V-93).

As rutas da cera fóronnos especificadas con máis detalle noutra ocasión, resultando o seguinte:

«Iba a Palacios del Sil, de allí a Carboalles y luego a Leitariegos. Después a Cangas de Narcea, Ajillón, Ventanueva... después tirábamos pa'l Couto, Monasterio, Veiga de Hórreo, Agüera, Casares... luego por San Feliz, el Pomar, Pola de Allande y Tineo. Aquí juntábamos la cera nel Cachonero y la cocíamos y la traíamos a Ponferrada... primero a Villablino en coche y luego en tren a Ponferrada. La vendíamos en Ponferrada a Bernardo del Rioja y Casimiro de Bembibre... mi padre la llevaba en mulo a Benavente... antes iban todos a Benavente. Ibamos mi padre, yo, mis hermanos y un cuñado... en cada pueblo echábamos medio día pa comprar y hasta cuatro cortando cera... Se compraba a bulto... si podíamos dar un duro no dábamos dos... En Combo a Sido y Benigna había que pagarles más (porque) sabían más que nosotros».

«También comprábamos pimienta y miel para vender... Hace cuarenta o cincuenta años el pimentón se podía vender a ocho reales el kilo... una vez vendimos en Asturias hasta 20 arrobas (230 kg.) en dos días... Fernando, de Tineo, nos encargara dos arrobas porque mataba dieciséis cerdos y una vaca» (Vilasumil, V-93).

Noutra oportunidade indicounos con máis detalle que no primeiro informe as aldeas de Galicia polas que andivera, aínda que, como xa indicara, a súa «parroquia» estaba fundamentalmente en Asturias:

«En Galicia íbamos a Navallos, Corneantes, Murias, Acevedo, Rao, Peliceira, Moia, Coro, Donís, Pando, Mazo, Pradela, Louxas, Salcedo, Liber y Doiras (todas localidades dos municipios lucenses de Navia de Suarna, Cervantes, A Fonsagrada e Becerreá). En Navia de Suarna se juntaba la cera y luego se llevaba a Ponferrada» (Vilasumil, VII-93).

### 2.3. O trato

Maio de 1994. Na feira anual de Cacabelos tivemos a oportunidade de saudar a un ancarés que andaba afanado en busca dun transporte para trasladar unha besta con cría que acababa de mercar. Centrado nesta acti-

vidade, apenas puido deterse a falar con nós, a diferenza do que adoitaba facer en Ancares cando andaba de vagar e atopábase con quen isto escribe. En data tan recente o citado ancarés estaba revivindo no presente un vello oficio intensamente exercido tanto por el como por moitos outros coterráneos no pasado próximo.

A presenza do ferrocarril a partir de finais do século XIX debeu de incrementar esta actividade centrada na compra-venta de gando, moito del enviado a outras terras por tren. A abundancia de gandeiría nas localidades cercanas de Galicia e Asturias e a posibilidade de revender as reses mercadas alí nas feiras bercianas impulsou a moitos homes a practicar o oficio de tratantes. En principio moitos veciños do val acudían a feiras de Galicia, como Navia de Suarna ou Quindous, coa finalidade de adquirir «guaxos» (cochos) para recriar nas súas casas porque «eran máis baratos» (Espiñeireda, XII-93); o mesmo facían os habitantes do veciño val de Burbia, que neste caso acudían a Piornedo (Cervantes-Lugo) a mercar cochos «pa criar en Burbia... levaba a pé pola montaña unhas tres horas hasta Piornedo» (Burbia, XII-93). Pero, ademais destas adquisicións para posterior consumo propio, había verdadeiros tratantes que «traían vinte ou trinta guaxos ie os vendían por eiquí» (Espiñeireda, XII-93).

Xunto con este comercio restrinxido de gando de cerda, había en Ancares moitos tratantes de gando vacún e mesmo de cabras ou ovellas. Según A. G. A, en Candín eran hai unhas trinta anos sete ou oito, que «traían ganau de Galicia por sacar un duro» (Candín, IV-93). A. A. F., de Sorbeira, tamén nos indicou que dedicados ó trato «no pueblo serían seis vecius» (Sorbeira, IV-93). F. C., de Pereda, lembrouse de que nesta localidade había sete ou oito familias de «tratantes» (Pereda, VII-93). En Espiñeireda, según A. A., eran unhas tres familias as que practicaban o trato (Espiñeireda, VIII-93). Aínda que, como vimos en varias ocasións de pasada, Balouta e Suárbol distáncianse culturalmente do resto do municipio de Candín en varios aspectos, neste caso tamén atopámonos con que había tratantes, especialmente en Suárbol, donde exercían esta actividade moitos veciños que tiñan fama de ser bos compradores-vendedores.


Os animais obxecto de trato, agás os cochos ou as caballerías en ocasións, eran fundamentalmente as vacas ou as cabras/ovellas. «Negociaban con vacas ie por setiembre con bueis... era úa esclavitú moi grande» (Sorbeira, IV-93). «A veces compraban cabras que levaban a Laciana; eran pa carne porque os mineros facían matanza nesta época... era pa comelas polo ano, facían chourizos ie cecina de cabra» (Sorbeira, V-93). «Un ano compramos eu ie un cuñado 800 cabras pa Laciana... tamén vendíamos cabras en Villa-

franca pa embarcar (no tren)» (Candín, I-94). Os tratantes traballaban por veces individualmente, pero moitas outras xuntábanse como socios dous ou tres, repartindo os beneficios a partes iguais. Según F. C., de Pereda, «ibamos de compañeiros, a pé ou en caballería» (Pereda, VII-93).

Os lugares de compra estaban centrados xeralmente en Galicia ou Asturias, namentras que a venta efectuábase nas feiras do Bierzo e do norte de León (vid. Fig. 4). Así, A., de Candín, asegurounos que chegara a comprar ata Cangas de Narcea, en Asturias, aínda que frecuentemente acudían a San Antolín de Ibías (Asturias) ou a feiras da provincia de Lugo como A Fonsagrada, Proba de Navia ou Becerreá (Candín, I-94). J., de Sorbeira, ten chegado tamén como comprador ás feiras de Paradela, en Lugo, e Santalla de Oscos en Asturias. A. A., tamén de Sorbeira, lembra que o seu pai e irmáns iba a feiras de Pedrafita do Cebreiro (Lugo) e Vega de Valcarce (León) (Sorbeira, IV-93). Ademais de mercar nas feiras compraban reses polas aldeas. O citado J. de Sorbeira lembrou diante de nós as compras en lugares de Navia de Suarna como Rao, Coro, Aigas, Meda, Murias e Peliceira, así como Piornedo, Donís, Xantes, Vिलarello, Vilar, Corneantes e Os Olmos, todas do municipio lucense de Cervantes. P. A., de Pereda, engadíu ás localidades mencionadas a de San Martiño da Ribeira, Degrada e tamén a galega de Silvouta, nas que tamén había feiras.


Se os centros de compra estaban situados en Galicia e Asturias, as vendas realizábanse fundamentalmente nas feiras de León (vid. Fig. 4). J., de Pereda, vendía «no Espín (cerca de Vega de Espinareda), en Camponaraya, en Cacabelos ie Bembibre». P. A., tamén de Pereda, ten vendido nas mesmas feiras e en Villablino (Laciana). A. A., filla e muller de tratante, describeunos unha clara ruta de feiras do Bierzo que aproveitaba as datas sucesivas de celebración coas seguintes verbas: «si non vendían no Espín o día 1, seguían o 2 á feira de Veiga, ie logo o 3 a Bembibre ie o 8 a Camponaraya» (Sorbeira, V-93).

A xeografía do trato non incluía só estas localidades de compra e de venda, senón a marcha por tortuosos camiños, que se facía especialmente lenta cando se voltaba con gando. «Al ganau vía dende Navia, San Antolín ie A Fonsagrada andando a Sorbeira; deiquí iban con él al Espín... De Santalla de Oscos leváballes volver con ganau tres días... al ganau vía comendo polos montes ie cando chegaba estaba así (regular)... Si chegaban hoxe de A Fonsagrada ie era feira nel Espín mañá, arrancaban co ganau outra vez (sen parar)... Deiquí (ó Espín) levaba catro ou cinco horas, marchaban ás oito ie chegaban ás doce... a veces levaban trinta reses ie outras dez» (Sorbeira, V-93). A pesar de que a feira de Pobra de Navia (Navia de Suarna-Lugo) dista



Localidades onde mercaban e vendían gando os tratantes de Ancares. (Fig. 4).

LUGO



ASTURIAS

Quirós  
Suarbol

Villaplino  
Villaseca

45 km. pola actual estrada, os ancareses coñecían atallos que permitían chegar no día, según P. A., de Pereda: «De Navia a Pereda un día. Salíamos con día ie chegabamos con noite»; Tamén J., de Sorbeira, facía a ruta no día: «salíamos para Navia ie dormíamos eilí, logo pasabamos todo'l día na feira ial seguinte volvíamos» (Sorbeira, XI -93). Para vir de A Fonsagrada facíase o camiño en dúas etapas «primeiro a Lamas de Moreira ial segundo día a Pereda por Navia, Rao, Murias de Rao, Pandozarco, ie Pereda» (Pereda, VII -93).

#### 2.4. O teito

A arquitectura tradicional no entorno de Ancares presenta a particularidade de posuir numerosos edificios de planta circular, elíptica ou rectangular con cuberta de colmo (vid. Fotos 13 e 14). O mesmo sucedía —e sucede cada vez menos— en todas as comarcas que se atopan arredor da cordilleira Cantábrica, entre Asturias e León<sup>5</sup>. Na tarefa de repoñer ou reparar estas cubertas atoparon moitos ancareses outra forma de lograr ingresos adicionais, puidendose considerar a mesma como oficio non exercido exclusivamente por eles, pero máis estendido no val que noutras terras próximas, ata o punto de que «ancarés» e «teitador» son dous termos semánticamente próximos, pois «o teito era máis de ancareses» (Pereda, I-94). Aínda puidemos detectar e coñecer a teitadores en Ancares que exercen no presente este oficio, a pesar da drástica redución dos edificios con cuberta de colmo nos últimos trinta anos. A., de Candín, de máis de sesenta anos, comezou a traballar no teito ós trece, e no presente ano de 1994 recibira xa cartas reclamándoo para traballar por terras de Laciana (Villager, Rabanal de Arriba, Carboalles, Robles). En Pereda todavía viven tres ou catro persoas que, si é preciso, saen para facer os teitos de colmo.

As zonas de traballo eran, por veces, as próximas de Galicia e León (Cervantes, Burbia, Campo del Agua, Val de Fornela) ou en Asturias, pero

<sup>5</sup> Remitimos de novo á segunda parte deste traballo para exemplos de arquitectura de colmo no val de Ancares. No referente a terras próximas de Galicia poden verse os seguintes traballos:

C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: notas históricas e situación presente». En *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*. Vol. II. Ed. Deputación Provincial. Lugo, 1991. Páx.11 e ss.

P. de LLANO: *Arquitectura popular en Galicia*. Ed. COAG. Santiago, 1981. Páx. 185 e ss.

B. BAS: *As construcións populares: un tema de Etnografía de Galicia*. Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1983. Páx. 71 e ss.

No referente á provincia de León pódese ver o traballo de J. L. GARCÍA GRINDA: *Arquitectura popular leonesa*. Ed. Deputación Provincial. León, 1991. Páx. 81 e ss.



Construcción con cuberta de colmo de Sorbeira, de planta oval. Exemplo de traballo con teitos de palla no que eran expertos os ancareses. (Foto 13).



Outro exemplo de cuberta vexetal, neste caso nunha construción rectangular. Paradela, nas proximidades do val de Fornela. (Foto 14).

a actividade máis intensa e que puidemos documentar millor exercíana no norte de León, nas comarcas de Laciana, Babia, As Omañas, A Mediana e A Tercia. namentras que o trato podía practicarse todo o ano, o teito tiña datas máis precisas. «O teito era en agosto-septiembre-octubre» (Vilasumil, IV-93). «Íbamos dos o tres meses... si llovía volvíamos porque no se podía teitar... cuando asentaba el tiempo, otra vez paló» (Candín, VIII-93). M. e R., de Sorbeira, déronnos numerosos nomes de localidades nas que traballaron de teitadores, o que, complementado con outros informes, permitíronnos elaborar o mapa adxunto (vid. Fig. 5) que nos exime de transcribir unha longa lista de topónimos.

E., de Vilasumil, ademáis de ser un activo cereiro e arrieiro de pimentón, según vimos, foi tamén teitador, e debémolle un primeiro informe no que nos indicou o que cobraban hai máis de trinta anos: «se cobraban cinco pesetas día o ajustábase por una cantidad todo el trabajo» (Vilasumil, IV-93). Os mencionados teitadores de Sorbeira, hoxe con máis de oitenta anos de idade, lembraron tamén que «pagaban cuatro o cinco pesetas por día ie mantius, durmindo nos pallares, ie dicían que cobrábamos más que un ministro... Si axustábase (todo o traballo por unha cantidade) había xente gitana; en Cepeda axustando había que botar úa varada de medo (traballar duro)». O camiño facíase a pé ou nos precarios medios de transporte da época: «Íbamos a pé a Villablino, ie eilí agarrábase o coche de línea... íbamos un mes e medio». Tamén puideron calcular os teitadores que había por entón en Sorbeira, que eran unhos dez. En Teixeu había menos teitadores, soamente catro, que iban teitar ás aldeas próximas de Galicia e a Suárbol e Balouta, localidades do municipio de Candín nas que este oficio apenas tiña relevancia; como nos dixo un informante de Teixeu «aínda neste ano (1993) foron de Pereda ie Teixeu teitar a Balouta» (Teixeu, VII-93). A., de Candín, bon coñecedor do oficio, asegurounos que de todo o val saían cada ano unhos sesenta teitadores. Como sucedía cos cereiros, cada un acostumaba acudir ás mesmas localidades todos os anos porque «cada un tiña a súa **parroquia**... mutias veces escribían (decindo) "usté venga que la paja ya está"» (Sorbeira, VII-93)

As aventuras e desventuras que supoñía o andar dun lugar a outro exercendo no teito eran comparables ás que moitas veces pasaban os cereiros ou os tratantes. R., de Sorbeira, contounos que, despois de rematada a Guerra Civil, «en Caldas de Luna, íbamos tres ou cuatro ie os escapados quitáronnos os cuartius que traíamos» (Sorbeira, IV-93). Noutro informe relatóusenos a curiosa peripecia seguinte: «algúis foron teitar á casa dun cura (moi malo) ie deixárolle úa gotera en frente do altar... aquela noite chuvíu


je o cura foi donde os paisanos que a ver... queríalle dar polo c. a un ... era m... ».

O oficio de teitador aprendíase na práctica traballando con outro xa veterano e comezando sempre pola reparación dalgún teito do val. «Antes de ir aprendían nun teito destes (de Ancares)» (Sorbeira, V-93). M. indicounos que o traballo facíase en parellas e que os novatos colaboraban cun veterano aprendendo o oficio: «os novatos facían vrincallos (cordas de palla entretecida para atar o colmo)... eu amansei potros (enseñar a novatos)». Os aprendices cobraban menos, renunciando, por exemplo, a unha peseta por día en favor do maestro: «si levaba un aprendiz deixábame úa peseta por día... si eu cobraba cinco el catro» (Sorbeira, V-93). Noutros casos o aprendiz tiña que ceder máis parte do seu xornal ó maestro, ata a metade: «el maestro cobraba igual por los dos, pero había que darle la mitad» (Candín, VIII-93).


## 2.5. Consideracións sobor dos oficios tradicionais

Descubrimos brevemente os trazos xerais dos tres oficios tradicionais máis característicos de Ancares, excluindo os aspectos técnicos dos mesmos, que o lector poderá atopar no estudio dedicado a cultura material incluído na segunda parte desta monografía e debido a Clodio González Pérez. Como xa temos indicado, estas actividades permitían acadar ingresos para unhas economías nas que a liquidez era escasa e nas que calquera millora no nivel de vida estaba condicionada a traer recursos do exterior. Os nosos informes e os estudos feitos noutras terras do Noroeste con problemática semellante facilitánnos datos complementarios e comparativos para unha millor valoración cultural destes oficios.

Unha primeira cuestión que queremos destacar é que a práctica de actividades lonxe do lar natal xerou nos ancareses un «ethos» que se caracteriza por valorar positivamente todo o que supoña un bon beneficio. Os termos-clave que repetiron diante de nós son «espabileus»/«listos», «saber» e «engañar». Aparecen os tres con normalidade no discurso nativo, e de maneira especial no **trato**, porque os tratantes eran os que facían trasaccións máis permanentes e porque era un oficio no que convencer ó vendedor/comprador esixía unha grande habilidade. Os teitadores practicaban unha estratexia encamiñada a conseguir máis diñeiro e que consistía en evitar, se era posible, o traballo a xornal fixo diario, contratando o total da tarefa por unha cantidade global; desta maneira sempre podían facer o teito apalabrado en menos tempo do que o contratador consideraba necesario e iniciar outro antes, é dicir, acelerar o ritmo de traballo para obter máis beneficio. Os cereiros, pola súa banda, tiñan que ser o suficientemente listos para facer



Localidades do norte de León e algunha de Galicia onde traballaban os teitadores ancareses.  
(Fig. 5).



A S T U R I A S

L A S O M A S

L E O N

Lugo  
Torrebarria  
La Haja  
Pinos  
S. Emiliano  
Sena  
Robledo  
Cubillas  
Caldas  
La Vega  
Casares  
Seras  
Poblanca  
Mirantes  
Halla  
Barrios  
Mora  
La Urz  
P. S. Feliz  
Quintana  
Sueros  
Castrillo  
Quintanilla  
Fontoria  
Astorga  
La Bañeza  
Pola de Gordon  
Los Barrios  
Vega  
Cifra  
S. Lucia  
Marallana  
Vegacervera  
Felmin  
Valdeteja  
Villanueva  
Carmena  
Villamanin  
Gete  
Piedrolta  
Piarnedo  
Campo  
Canseca  
Pontedo  
Pedrosa  
Lavandera  
Valverde  
Benicara  
Valverde  
Lillo  
Carnelle  
Portina  
Torio  
Esla  
Cepeda  
Villagaton  
Culebros  
Villanueva  
Orqueles  
Brankena  
Pobladaria

unha valoración global da cera que podían sacar dos trobos dunha casa e axustala, sen recurrir ó pesado, nun montante global no que se facía unha oferta á baixa sempre e cando o vendedor fora menos experto nos cálculos. Como se dice no informe de E., «a bulto era como mejor marchábamos... si podíamos darle un duro no dábamos dos»; mais non sempre podían xogar esta baza se os campesiños coñecían ben a produción de cera das súas abellas, é dicir, se «sabían»; o mesmo informante afirmaba neste sentido que «a Sido y Benigna había que pagarles más... **sabía** más que nosotros».

Segundo os nosos informes de campo atopamos un claro mecanismo utilizado por teitadores e cereiros para rentabilizar o seu traballo. Tratábase de acudir todos os anos ós mesmos lugares e mercar o produto ou facer os teitos de persoas coñecidas, o que permitía establecer unha relación estable que matizaba diferencias e aseguraba mercancía / traballo. Os informantes acudiron a definir esta clientela co nome de **parroquia**. E. de Vilasunil falounos da súa «parroquia» en terras de Asturias; alí compraba él toda a cera nalgunhas aldeas. Como vimos A., de Candín, aínda recibe hoxe avisos de casas concretas de Laciana para ir teitar. O mesmo sucedía hai anos con R., de Sorbeira, que tiña tamén a súa «parroquia». O termo «parroquia» resulta metáfora pertinente porque na vida cotidiana do mundo rural do Noroeste a parroquia –coincidinte ou non coa aldea– non é soamente unha circunscrición a efectos relixiosos, senón que xera unhos vínculos sociáis e culturáis moi intensos «ad intra», os que se traducen neste caso dos oficios en relacións estables con persoas ou comunidades lonxanas; o ideal subxacente é que os vendedores/compradores de todos os anos manteñan unha fidelidade mutua, deixando de lado as posibles diferencias, do mesmo xeito que os veciños de cada parroquia deben esquencerse de desavenencias e constituir unha unidade ante calquera necesidade interna establecida ou frente a unha ameaza procedente do exterior. Desta maneira, transpoñendo ó ámbito mercantil un principio de solidariedade local, tanto os cereiros/teitadores como os seus clientes consiguen unha seguridade meirande que a lograda no libre comercio –que se practicaba en combinación co anterior, por outra parte, pero que encerra máis risco–. O traballo en aldeas determinadas suavizaba tamén a competencia entre os distintos teitadores ou cereiros, pois cada un deles tiña xa unha clientela prefixada e diferente da dos demáis. Curiosamente esta tendencia a traballar en áreas determinadas foi detectada polos estudiosos dos ambulantes de terras de Ourense (afiadores, peneireiros, cordeiros, etc.), que vivían sometidos a constriccións semellantes ás dos ancareses, aínda que os seus desplazamentos foran máis longos e duradeiros. Como os ancareses, os homes de Ourense tendían, si

era posible, a minimizar os riscos dunha competencia libre e a maximizar o traballo para unha «parroquia» situada en terras xa coñecidas por ter traballado alí, por exemplo, de aprendiz cun «naceiro» (mestre). Unha vez máis atopámonos diante dunha similitude entre a sociedade de Ancares e as terras septentrionais ourensanas (Nogueira de Ramuín, Esgos, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Xunqueira de Espadañedo, e Santiago de Zorelle-Maceda), feito que tamén vimos nos capítulos anteriores referidos á familia e á herdanza<sup>6</sup>.

Os tratantes tiñan tamén a posibilidade de mercar ou vender ás mesmas persoas, especialmente cando iban ó trato polas aldeas, donde había familias coñecidas ás que lles apalabraban gando con frecuencia. Con todo, os nosos informes parecen indicar que era esta actividade, na que se podía obter máis beneficio, a que se prestaba millor ó xogo de «engañar»/«mentir», termos detrás do que se oculta unha carga semántica que, traducida a categorías positivas, indica habilidade para lograr beneficio, ou, en verbas dun informante, «pa tratar de que nos deran máis». «No trato había quer tracanearse, contar mentiras, ahí non había amistades... había un señor (tratante) que decía "¡que no vea más a mis hijos!", ie resulta que non tiña fillos» (Pereda, I-94). «Había un arte pa enganar ós paisanos... se a vaca tiña algo nun ollo ou nun dente igual se quitaban vinte duros... eran trucos... o paisano acojonábase» (Candín, I-94). A táctica seguida por veces esixía a colaboración de dous tratantes –cousa normal, pois frecuentemente iban asociados–, un que establecía un acordo inicial e outro que acudía despóis para destacar os posibles defectos do animal, decindo frases como «home, deixa, que non vale o que pide» (Candín, I-94)... ou «esta vaca non vale, ten úa tos coma un caballo... non vale pa traballar, solo pa carne» (28-I-94).

Esta constante loita por abaratar as compras e maximizar as vendas –práctica, por outra banda, común ó mundo chamado «capitalista»– está documentada en terras de San Antolín de Ibias (Asturias), a donde acudían constantemente ancareses para mercar gando, desenrolándose aquí habilidades e paciencias que sería suscritas polos nosos informantes e que se recollen nas seguintes verbas:

«En los tratos de ganado se emplean muchas estrategias, pero desde luego el repertorio parece estar limitado a las

<sup>6</sup> Sobor do tema vid. X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA - F. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ TABOADELA: *Cinco profesións ambulantes ourensáns*. Ed. Caixa Rural. Ourense, 1988. Passim. –X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA: *O afiador*. Ed. Ir Indo. Vigo, 1992. Páx. 177 e ss.

más frecuentes. Por exemplo, ir a ofertar un precio; abandonar momentáneamente la transacción; intentar forzar un trato dando la mano y obligando al otro a un apretón que selle el acuerdo, gesto que pretendiendo mostrar voluntad de compra por parte del tratante tiende a ser rechazado por el paisano, el cual suele decir inmediatamente que no, que no vale y se retracta o desdice del trato; lo que da opción al tratante de hacerse el desairado y, al mismo tiempo, valorar la "dureza", la resistencia del paisano ante el trato»<sup>7</sup>.

Todos os oficios descritos resultaban duros, pois obrigaban a abandonar repetidas veces a vida coa familia e lanzarse a percorrer camiños en procura dunha ganancia máis ou menos segura. Algúns ancareses que practicaban máis dun oficio permanecían gran parte do ano lonxe do fogar. Mesmo os tratantes, que voltaban cada poucos días á súa casa, estaban continuamente saíndo porque a súa actividade extendíase ó longo de todo o ano. «Ganar un duro» é a expresión que xustifica todos os sacrificios, pois como tales son interpretadas todas as peripecias que se pasaban no exercicio profesional, considerado polos nosos informantes como unha «esclavitú».

Ser teitador, cereiro ou tratante é algo tradicional –e polo tanto «natural»– en Ancares. Pero os ancareses souperon transformar a orientación das súas actividades fóra do val a tenor dos estímulos recibidos do exterior, xurdindo novos oficios que pasamos a exemplificar a continuación.

### 3. A PRESENCIA DUNHA ACTIVIDADE NON TRADICIONAL: A MINA

A partir da terceira década do presente século iniciouse a explotación do carbón en terras de Fabero, a poucos kilómetros do val de Ancares, a que atinxíu gran importancia nos anos posteriores á Guerra Civil en función da política enerxética fomentada polo goberno español. A mina converteuse así nunha fonte cercana de ingresos para os habitantes de terras como Ancares ou Fornela, substituindo parcialmente ós oficios tradicionais, pois, como se nos indicou, «en tiempo de mi padre iban teitar, pero no a la mina» (Lumeiras, VII-93).

O número de ancareses que traballaban na mina nos anos 40-60 do presente século oscilaba segundo as posibilidades, pero nunca baixaba de

<sup>7</sup> VV. AA.: *Rituales y proceso social*. Ed. Ministerio de Cultura. Madrid, 1991. Páx. 104.

30 homes de promedio segundo D., de Pereda, cifrándose o número de mineiros desta aldea nos anos 40 en 8-10. T., de Sorbeira, que comezou na mina no 1970, lembra un certo número de mineiros ancareses do seu tempo, concretamente 5 de Sorbeira, 2 de Candín, 1 de Vilarbón, 3 de Lumeiras e 7 de Vilasumil, algún activo todavía no presente a pesar da crise pola que atravesaba o sector.

A idade para iniciar o traballo era entre os 16 e os 20 anos. A., de Vilasumil, hoxe retirado por enfermidade profesional, traballou máis de vinte anos na mina a partir dos dazasete. D., de Pereda, comezou ós vinte anos, o mesmo que T., veciño de Sorbeira. O principal aliciente da mina era o de lograr un salario máis estable e alto que noutras actividades, que atinxía as 9,50 ptas/día a comezos dos anos 50. Como se nos indicou «en la mina había trabajo todo'l año iel teitu eran dos meses» (Pereda, VII-93). Pero había tamén outra razón para dedicarse a mineiro que se reitera en varios dos nosos informes; tratábase da posibilidade de librar do servicio militar en tempos da post-guerra, ó amparo dunha lexislación que protexía, como dixemos, á mineiría. O Citado D., veciño de Pereda, indicounos que entrara na mina sobre os 20 anos porque «senon tía que marchar pá mili» (Pereda, VII-93).

Os xoves mineiros ancareses podían ir moitos días ó «tajo» e voltar na xornada, especialmente se eran de localidades situadas perto de Fabero, como Lumeiras. Neste caso «iban a pié y les llevaba una hora... iban y venían todos los días, les llevaba una hora» (Lumeiras, VII-93). Os veciños de aldeas máis distantes pódían tamén ir e vir a diario, por exemplo desde Sorbeira, especialmente cando se dispuxo de coche de línea nas últimas décadas. Pero con frecuencia o que facían era parar de patrona en Fabero durante a semán, voltando á aldea ancaresa cando tiñan días libres. O recorrido dende localidades como Vilasumil facíase a pé en pouco tempo, sendo o traxecto polo vello camiño que de Vilasumil iba a Ponte Sorbeira, e logo se subía ó alto do Mourín para chegar «al Riu» xa nas proximidades de Fabero, invertindo unhas dúas horas e media (Vilasumil, VII-93). D., de Pereda, tamén viña sábados e domingos para marchar o luns «andando polo monte ie cruzando neve... levaba máis de tres horas... Levaba comida da casa ie iba comendo polo camín» (Pereda, VII-93). A proximidade da mina permitía aproveitar a forza de traballo dos mineiros na propia casa familiar, pois en días libres ou en horas soltas todos tiñan que axudar no cuidado das terras e do gando, o que se reflicte na frase seguinte de T., veciño de Sorbeira: «había que hacer el trabajo como los demás» (Sorbeira, VII-93).

Non é obxecto deste traballo o analizar as características antropolóxicas da mineiría, aínda que poidamos indicar que os mineiros ancareses seguiron

e seguen as pautas xerais que atopan outros estudiosos en áreas mineiras próximas. Percibimos que recentes conflitos derivados do peche de minas no último ano foron seguidos con atención e constancia polos poucos mineiros que quedan en Ancares, amosando algún deles diante de nós a súa preocupación polo futuro incerto do sector. En calquera caso, e seguindo coa nosa pretensión de reconstruír a cultura ancaresa de hai varias décadas, podemos asegurar que os nosos informes obtidos de ancareses en xeral de idade non indican para nada a posibilidade de considerar o traballo de mineiro como superior ou inferior –eso sí, sempre moi «esclavo»–; máis ben se concebía a mina como unha solución alternativa ás tradicionais de oficios xa citados, millor pagada, pero máis arriscada e exercida en moitos casos nos anos de xuventude –algún dos nosos informantes deixou a mineiría ó se casar<sup>8</sup>.

#### 4. A DINÁMICA DOS OFICIOS EXERCIDOS FÓRA DO LUGAR DE NACIMENTO

Os oficios que vimos de describir poñen de manifesto a grande mobilidade dos ancareses dentro dunha área centrada entre Galicia, Asturias e León. É preciso insistir en que a saída a terras veciñas de moitos naturais de Ancares de maneira temporal e intermitente mostra de novo que a sociedade ancaresa nunca foi unha sociedade pechada, non foi un illado biolóxico total e tampouco, nin moito menos, un illado cultural, do que é boa mostra o que levamos dito. Pero resulta preciso completar esta visión con datos referidos á entrada no val de xentes alleas para exercer oficios permanentes ou temporais como complemento do insinuado en capítulo anterior, amosando así que Ancares non era soamente un lugar de saída, senon tamén de chegada.

A., de Candín e F., de Sorbeira, manifestáronnos conxuntamente a presenza de distintos traballadores temporais ou estables no val de Ancares


<sup>8</sup> J. L. GARCÍA no seu libro *Antropología del Territorio*, Taller Ed. J. B., Madrid, 1976 (páx. 233) fala da baixa valoración xerárquica dos mineiros no seo dunha localidade asturiana, cousa que non é extrapolable a Ancares por atoparmonos nun contexto diferente. Sobre a conflictividade dos mineiros publicáronse recentemente dous traballos con perspectiva antropolóxica debidos a J. L. GARCÍA e M. LÓPEZ COIRA en *A cultura da violencia*, Ed. Laboratorio ourensán de Antropoloxía Social, Ourense, 1994. Sabemos que J. L. GARCÍA ten tamén unha aportación á mineiría na obra colectiva *Iberian Studies*, que non puidemos consultar por estar aínda no prelo. En todo caso o estudo dos mineiros ancareses requiriría o seu encadre dentro do conxunto dos mineiros do Bierzo, cousa que escapa ós nosos fines.

procedentes de terras de Galicia, Asturias e León, especialmente da primeira. «Galocheiros» (zoqueiros) viñan todos os anos de Córneas (Galicia) e «igual pasaban quince días ou un mes». Tamén chegaron ó val no pasado cordeiros de Ourense e canteiros de Pontevedra; os «pineiros» ourensáns pasaban por esta terra, lembrando os nosos informantes unha curiosa anécdota referida a un deles que tiña o costume de dicir «Me cago na cona», dito que, escoitado por unha ancaresa que non sabía o que era eso, fixo que ela engadira un «alabada sea»; de Queiroga (sur de Lugo) acudían mulleres para vender sabas; de Galicia, Asturias, e do Bierzo chegaban a Ancares capadores; e, por último, homes para exercer de «crieus», profesión máis estable, dende aldeas cercanas de Galicia, de Asturias ou da veciña localidade de Burbia.

Parecidas referencias obtivemos de R., de Sorbeira, que dende os seus máis de oitenta anos lembra a presenza nesta aldea de ourensáns que facían «pineiras» para cribar o pan e cordas con serdas de cerdo, así como capadores de Galicia e o Bierzo. R., de Espiñeireda, estendeuse no seu discurso dunha ocasión no tema dos que «vian de crieus pa Sortes... uis cantos de Suárbol ie casaron logo en Sortes... Tamén viron crieus de Campo del Agua (Paradaseca-León), de Moreira e de Castelo (localidades de Cervantes-Lugo)... os que iban ó trato buscaban crieus pa casas que os necesitaban... había ricos, pero tamén mutios pobres (nesas aldeas)». Como vimos no apartado dedicado a distancia de casamento, F. B., de Lumeiras, coñeceu a presenza na súa aldea de homes que viñan de Galicia e Asturias a traballar na mina.

Mención específica merecen os habitantes do veciño val de Fornela, dedicados dende sempre como os ancareses ó comercio ambulante e especializados, cando menos nas últimas décadas, na venta de roupa. Durante as nosas estancias en Ancares tivemos a oportunidade de observar a fornelos que percorrían en automóvil as aldeas de Ancares vendendo estes produtos. E compre non esquecer que tamén acudían ó val en certas datas do ano músicos que tocaban a gaita de fol, o tamboril, o bombo e o clarinete nas festas sinaladas, procedentes case sempre de Burbia e, en ocasións, de Fornela. Os habitantes de Burbia, ademáis, eran coñecidos como cesteiros que vendían os seus produtos nas feiras do Bierzo, especialmente no Espín, ás que acudían os ancareses, que voltaban moitas veces con estes produtos característicos de Burbia.

As referencias que recopilamos permitíronnos construír un esquema que reproducimos na figura adxunta (vid. Fig. 6) e no que tomamos como centro ó val de Ancares porque é dende a perspectiva ancaresa dende a que estamos construíndo o noso discurso. O resultado pon de manifesto unha



Os oficios de ancareses e non ancareses. (Fig. 6).

amplia rede de relacións que implican a presenza de habitantes de Ancares en terras de León, Galicia e Asturias, así como a non despreziable presenza de fornelos, «charros», bercianos, galegos e, en moita menor medida, asturianos en Ancares. A especialización en certos oficios das distintas comarcas citadas é un mecanismo que permite non só deslindar marcos de competencia, senon tamén establecer unhos contactos que de outra maneira serían moito menos intensos. Todo isto xerou unha tupida rede de relacións, esporádicas unhas, permanentes outras, que demostran a inexactitude de considerar ás sociedades tradicionais do noroeste como unidades pechadas en sí mesmas. Estudos dedicados a analizar este entramado en ámbitos máis amplos seguramente poderían aportar unha nova e interesante visión da nosa cultura tradicional<sup>9</sup>.

<sup>9</sup> Xa o Profesor FIDALGO SANTAMARIÑA abre portas neste senso nos seus estudos sobre oficios ambulantes ourensáns citados na nota 6. Sería, con todo, moi clarificador que se encetara unha investigación destinada a comprobar a rede de relacións das comunidades tradicionais de Galicia a través de actividades como os oficios e profesións. Seguramente obteríamos un entramado denso e variado que podería anchar as fronteiras da nosa visión sobre da Galicia non urbana.

As perspectivas dos ancareses non se limitaron nos últimos cen anos a este ir e vir a terras veciñas. Moi lonxe da súa terra, por veces na outra banda do océano, atoparon numerosos fillos de Ancares unha alternativa que supoñía a marcha definitiva sen volta ou, polo menos, o alonxamento do val natal por moitos anos. Desta distante morada do vivir ancarés ocupáronos no apartado que segue.

## 5. A EMIGRACIÓN A LONGO PLAZO

Amplamente documentada está no Noroeste peninsular a emigración cara terras lonxanas dende o século XVIII, fenómeno que se acentúa a partir da centuria seguinte. Non se trata, por suposto, dunha saída intra-anual, como a representada pola práctica dos oficios xa descritos, senon dunha marcha plurianual ou de por vida que se converte en medio culturalmente aceptado de eliminar excedentes de poboación ou de achegar recursos á economía familiar ou persoal; é dicir, resulta ser un mecanismo adaptativo máis que permite amoldarse ás circunstancias do entorno<sup>10</sup>. Independentemente da tradición hereditaria predominante en cada zona, ou da existencia de actividades propicias para complementar os produtos da terra, homes e, por veces, mulleres de León, Asturias, Galicia e Portugal optaron por abandonar a súa terra natal para non voltar nunca ou para facelo tras anos de ausencia<sup>11</sup>.

No contexto concreto de Ancares a emigración temporalmente longa ou definitiva resulta unha consecuencia máis dun sistema que esixía a eliminación de excedentes humanos. Xa no século XVIII, no que, como vimos, había unha importante actividade centrada na arrieiría, pódense detectar casos de arrieiros que optaron por se establecer en localidades alonxadas de Ancares de maneira estable. O mesmo sucedeu con moitos outros practicantes de oficios ambulantes, arrieiros maragatos ou afiadores ourensáns por exemplo, que remataron abandonando o deambular e quedaron a vivir de maneira

<sup>10</sup> Da emigración como mecanismo adaptativo fala X. RODRÍGUEZ CAMPOS en «Análise antropolóxica da emigración». *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Ed. O Castro, Sada-A Coruña, 1984. Páx. 37 e ss.

<sup>11</sup> Datos elocuentes desta emigración referidos a Galicia poden verse, por exemplo, en GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA: voz *Emigración*. SILVERIO CAÑADA Ed. Gijón S.A., e no libro de C. SIXIREI PAREDES: *A emigración*. Ed. Galaxia. Vigo, 1988. O norte de Portugal conta con interesante estudio de C. B. BRETTELL: *Homens que partem, mulheres que esperam. Consequências da emigração numa freguesia minbota*. Ed. Dom Quixote. Lisboa, 1991. Vid. especialmente os datos que aporta a autora no capítulo II.

permanente nunha localidade determinada, especialmente se non tiñan motivos fondos para voltar á casa natal. Mostra diso é que, dos tres promotores que inician trámites para construír unha ferrería en Teixeu no ano 1788, dous deles eran naturais de Pereda, pero residían na cidade de Ferrol dedicados a actividades comerciais, posiblemente como subministradores de produtos para os arrieiros ancareses<sup>12</sup>.

Nos séculos XIX-XX Ancares veuse implicado na grande emigración transoceánica ata a década dos cincuenta, e, con posterioridade a esta data, na emigración a Europa. A iso hai que engadir unha constante saída cara outras terras de España, acentuada a partir de 1960 pola coxuntura económica favorable. Aportaremos algúns datos que permitan percibir a importancia do feito.

En dous lugares de Ancares conseguimos acumular un importante número de exemplos de emigración transoceánica que podemos remitir a unhas datas situables entre 1900 e 1950. Das nosas notas, obtidas de informes verbais, resulta o seguinte:

#### LUGAR A

Casa 1.- Un home emigrou a Montevideo, vultou e marchou de novo xa de casado.

Casa 2.- Tamén un home marchou a Bos Aires solteiro, retornou para casarse e vultou para Arxentina posteriormente.

Casa 3.- Marcharon a Arxentina dúas mulleres e un home. Os tres quedaron definitivamente alí.

Casa 4.- Emigraron dous homes. Un quedou na Arxentina e o outro vultou e morreu en Ancares solteiro.

Casa 5.- Un home foi para Montevideo. Vultou posteriormente; quedouse e casou na aldea natal.

Casa 6.- Marcharon a Bos Aires un home e unha muller. Non vultaron.

Casa 7.- Tamén marcharon un home e unha muller para Bos Aires. A muller vultou e morreu solteira; o home casou na Arxentina e alí quedou.

Casa 8.- Foi a Bos Aires un home xa casado. Ós poucos anos vultou.

Casa 9.- Un home estivo solteiro en Cuba e na Arxentina. Co tempo vultou á súa aldea e casou aquí.

<sup>12</sup>J. A. BALBOA DE PAZ: *Hierro y herrerías en el Bierzo preindustrial*. Ed. Dip. Provincial. León, 1990. Páx. 105.

Casa 10.- Foron dous homes a Bos Aires. Un morreu alí e o outro voltou e morreu en Ancares solteiro.

Casa 11.- Marcharon tres homes a Arxentina. Dous morreron alí e outro voltou e casouse en Ancares.

Casa 12.- Marcharon catro irmáns e voltou somentes unha muller, a máis pequena.

Casa 13.- Marcharon cinco para América e morreron todos alí.

Casa 14.- Marcharon dous a alí morreron.

Casa 15.- Foi un home a Arxentina; ó cabo dunhos anos voltou e casouse en Ancares.

Casa 16.- Marcharon tres irmáns a Bos Aires. Dous morreron alí e a terceira, muller que fora xa viuda e cun fillo, retornou despois de 38 anos.

#### LUGAR B

Casa 1.- Marcharon a Cuba un pai e un fillo. Os dous voltaron, o fillo enfermo.

Casa 2.- Marcharon tres irmáns para Montevideo. De un non se soupo máis; os outros dous casaron e morreron aló.

Casa 3.- Marcharon tres irmáns para Montevideo. Dous casaron alí con ancaresas e o terceiro cunha muller uruguaia.

Casa 4.- Unha muller, dous irmáns seus e cinco fillos tamén marcharon para Montevideo. Un deles voltou e casou cunha muller de Pereda, pero marchou de novo.

Casa 5.- O matrimonio e dous fillos emigraron a Bos Aires. Un dos fillos quedou na Arxentina, os demais voltaron ó cabo dunhos anos.

Casa 6.- Marcharon dous irmáns para Bos Aires e un para Cuba. Dos tres voltaron dous, un que casou aquí e outro que morreu solteiro.

Casa 7.- Primeiro emigrou o marido. Logo marcharon a muller e catro fillos. Todos quedaron en Bos Aires.

Casa 8.- Un home emigrou a Cuba, deixando en Ancares a muller e os fillos. Voltou ó cabo dunhos anos.

Casa 9.- O home emigrou só a Bos Aires. Voltou ata catro veces e levou alí a dous fillos. El acabou quedando en Ancares.

Casa 10.- Emigraron a Bos Aires un irmán e unha irmá. Non voltaron.

Casa 11.- Un matrimonio marchou a Bos Aires. Tuvéron alí catro fillos e acabaron retornando.

Casa 12.- O home emigrou a Montevideo e a muller quedou en Ancares cos fillos. Despois dunhos anos o home voltou.

Dos exemplos recopilados puidemos extraer unha serie de datos que pasamos a resumir e comentar. En primeiro lugar compre sinalar que, de 72 ancareses /as citados polos nosos informantes, 47 non retornaron e acabaron morrendo en América máis tarde ou máis cedo (algúns tras unha ou varias estancias no val natal); estamos ante unha emigración sen volta, ben porque optaran por casar e formar familia alí, ben por outras razóns, entre as que figura a morte antes de iniciar o retorno. Os 25 casos restantes podemos agrupalos así:

- Marcharon solteiros e casaron en Ancares á volta ..... 5
- Marcharon cando xa estaban casados ..... 6
- Marcharon dúas veces, a primeira solteiros e a segunda xa casados ..... 3
- Voltaron a Ancares para vivir coa súa familia, pero non se casaron ..... 11

Estes últimos casos poñen de manifesto que a emigración, como sucedía en terras galegas, podía concebirse como un medio máis de conseguir unhos aforros cos que completar o patrimonio propio ou familiar. Varios homes solteiros acabaron casando e quedaron a vivir definitivamente en Ancares, o que indica que os cartos gañados na emigración deberon servirle a máis de un para poder establecer un fogar estable. Pero tamén atopamos casos nos que o emigrante era un home xa casado ou que voltaba a emigrar unha vez contraído matrimonio, quedando a muller e a descendencia en Ancares, o que supón que para uns poucos a emigración transoceánica era unha variante da necesidade de buscar recursos no exterior tanto para manter á familia como para millorar o patrimonio. Dende o punto de vista estrictamente cultural podemos aceptar que, mentras as mulleres quedaban preferentemente en Ancares como gardesas e conservadoras dos bens (o número de mulleres emigrantes era menor), os homes partían para exercer oficios de temporada ou, no caso máis extremo, emigraban a América. Isto convertía a moitas ancaresas en «viudas de vivos» por corto espacio de tempo ou, en certos casos, durante anos<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> A muller como "viuda de vivo" está presente no mundo tradicional galego e foi xa destacada por poetas como a insigne ROSALÍA DE CASTRO. Moito máis acusado que en Ancares detéctase tamén iste fenómeno no norte de Portugal, según alusión de C. B. BRETTELL na obra citada na nota 10, Páx. 113.


A partir de 1960 iníciase en Ancares, como no resto da península, o ciclo da emigración hacia Europa, con novos trazos que a diferencian da «tradicional» emigración cara América. Según xa temos dito no cap. I, esta saída converteuse en masiva, incluíndo homes e mulleres e provocando unha desertización poboacional de Ancares, pois os retornos encamiñáronse máis cara outras zonas de España que cara o propio val de Ancares. Os países receptores foron básicamente Francia, Suíza, Alemaña e Bélxica. Como dato significativo aduciremos que só na cidade de Lyon había 20 emigrantes do lugar de Sortes no ano 1984<sup>14</sup>.

A partir dos anos cincuenta acentuouse tamén a emigración intrapeninsular, nalgúns casos cara centros industriais de lonxe, como Barcelona ou Madrid, e noutros hacia localidades próximas do Bierzo que coñeceron nos anos sesenta e comezos dos setenta un forte desenrolo. Moitos ancareses que tiñan certo capital venderon as súas propiedades para dedicarse a actividades en vilas como Ponferrada, entre as que destacaron a de tratantes de gando –oficio tradicional de Ancares– e a de promotores de vivendas, chegando nalgunhas ocasións a facerse moi ricos. Como nos dixo unha informante «mutios están ricos... casi todos os que tían algo ie eran espabileus marcharon» (Espiñeireda, XII-93).

Co fin de ilustrar máis polo miúdo o proceso migratorio en Ancares amosaremos algúns exemplos significativos dentro das familias ancaresas que reconstruímos, o que permite ver a evolución das tendencias migratorias no último medio século. Os modelos elexidos son os que seguen:

No caso A (vid. Fig. 7) reconstruímos a parentela (avós, pais e irmáns) dun home, que, pola súa idade –86 anos– aínda coñeceu na súa propia familia o apoxeo da emigración transoceánica. Con antecesores de Vilasumil e de Suárbol que permaneceron na comarca ancaresa, o número de fillos do matrimonio foi de dez vivos ata idade adulta. Tres deles, dous homes e unha muller, casaron con veciños de Ancares e quedaron a vivir na súa aldea; outro home, casado con ancaresa, resideu parte da súa vida en Vilasumil pero actualmente está en León. Outros tres (unha muller e dous homes), pasaron a residir en localidades do Bierzo das que procedían os seus consortes, algunhas moi cercanas a Ancares. E, por último, os tres homes restantes emigraron definitivamente a Bos Aires, casándose con mulleres de Ancares ou de terras próximas en dous casos, e nun terceiro cunha muller de orixe italiana. O exemplo é mostra da citada emigración hacia América, neste caso


<sup>14</sup> E. GARCÍA SANTÍN: *Estudio socio-económico y religioso de la comarca de los Ancares leoneses*. Escuela Social de León. Tese mecanografiada. León, 1984. Páx. 9.



Emigración en Ancares. Desenrollo gráfico do caso que citamos como A. (Fig. 7).


permanente, pero tamén da saída de ancares/as hacia terras próximas do Bierzo. De todos os xeitos estamos aínda movéndonos nun horizonte anterior ós anos sesenta no que a emigración non é masiva, pois cando menos tres irmáns ficaron en Ancares toda a vida e outro fíxoo boa parte dela.

O caso B (vid. Fig. 8), no que o informante conta con 72 anos, nos mostra como na xeración de **ego** aínda dous dos cinco irmáns que chegaron a adultos, unha muller e un home, casaron e quedaron a vivir no val sen recurrir á emigración. Outro seguiu a pauta americana e emigrou a Uruguay, casándose cunha uruguaia. Pola contra, outras dúas mulleres elixiron xa o camiño da emigración a Cataluña, moi intenso a partir dos anos cincuenta, residindo actualmente en Barcelona e Manresa. Os dous fillos de ego, pola súa banda, non quedaron en Ancares e optaron por establecerse respectivamente en Vega de Espinareda, no Bierzo, e en Manresa (Cataluña), seguindo unha tendencia xeneralizada nos últimos tempos. O presente exemplo sitúanos pois, nun modelo de transición, con emigración parcial e transoceánica todavía, pero tamén con marcha de toda a descendencia cara centros industriais próximos ou lonxanos.



Representación gráfica do que no texto chamamos caso B. (R = residencia). (Fig. 8).

O caso C (vid. Fig. 9) resulta mostra da última fase do proceso emigratorio que estamos ilustrando. **Ego** neste caso é unha muller de oitenta anos, que naceu, criouse e casou na mesma aldea, de donde tamén eran naturais os seus pais. Pero dos sete fillos que tivo e que na actualidade están casados, ningún vive en Ancares. Un deles reside en Quintana de Fuseros, no Bierzo, oriental –zona mineira– e todos os demáis, un home e cinco mulleres, aínda que matrimoniaron con ancareses agás unha, residen na actualidade en Cataluña, donde traballan. Este caso pode complementarse con exemplos como o de A., de Vilasumil, solteiro de 56 anos, que ten un irmán mineiro, hoxe en Palencia, pero antes en Tineo (Asturias), unha irmá que estivo emigrada primeiro en Bos Aires e actualmente en Suíza e outro irmán que emigrou tamén a Suíza e actualmente reside en Palencia. Tras unha longa experiencia plurisecular que lanzou ós ancareses a buscar medios de vida fóra do val, temporal ou definitivamente, a situación reflectida nestes últimos exemplos parece ser o resultado final de todo un proceso histórico que completou o seu ciclo co despoboamento de Ancares, pois os retornos son



Representación gráfica do que chamamos caso C. (R = residencia). (Fig. 9).

agora excepción (soamente coñecemos un caso de retorno da emigración, neste caso de Francia, con residencia en Sortes). Se o arrieiro ou o teitador de antano voltaban ó seu val natal sempre, e o emigrante transoceánico tamén retornaba por veces, o traballador en Europa ou en España, adaptado a un mundo urbano-industrial, vive inmerso nun universo cultural no que o retorno carece de sentido, agás nos breves períodos vacacionais, cando as aldeas ancaresas parecen recobrar unha parte da súa antiga vitalidade.

The first part of the paper discusses the general theory of the subject, and the second part discusses the special case of the subject. The first part is divided into two sections, the first of which discusses the general theory and the second of which discusses the special case. The second part is divided into two sections, the first of which discusses the general theory and the second of which discusses the special case.



The diagram is a technical drawing showing a series of horizontal lines and a diagonal line. The diagram is divided into several sections by vertical lines. The diagram is labeled with various numbers and letters, and it appears to be a structural analysis or a cross-section of a building or a machine.

## V. O "LUGUER" E O VAL. INDICACIÓNS SOBRE A IDENTIDADE DOS ANCARESES

Nos capítulos antecedentes recollimos datos que poden ser utilizados para construír os trazos fundamentais da identidade dos homes e mulleres de Ancares. O propio contexto xeográfico é un referente físico que informa tanto ós habitantes e nativos como ós foráneos sobor da peculiaridade ancaresa, por moi semellantes que sexan outros vales cercanos. Os oficios ambulantes, que levaron a moitos fillos de Ancares a recorrer as terras de Galicia, Asturias e León, tamén serviron para crear criterios de diferenciación, sen excluír o feito de que estén vencellados a identidades máis amplas de rexión e mesmo de Estado. No presente capítulo ímos afondar no tema a partir dun pasado próximo no que se amosa vizosamente unha identidade ancaresa, facendo a advertencia de que os datos dos informantes que manexaremos inspíranse, como ven sucedendo neste escrito, en manifestacións verbais que tenden a idealizar e homoxeneizar os trazos da cultura en contraposición coas conductas individuais, que presentan numerosas variantes con respecto ós ideais expresados no discurso<sup>1</sup>.

Os ancareses manifestan verbalmente en primeira instancia a súa pertenza a unidades político-administrativas superiores coas que se sintén identificados. A nosa pregunta de a donde pertencían respostaban inicialmente con expresións como «municipio de Candín, partido xudicial de Villafranca, provincia de León», o que mostra o peso do entramado xurídico-administrativo nas xentes. Os habitantes de Ancares non se sintén –nin son vistos– radicalmente diferentes das outras comunidades do seu entorno próximo. Mais, aínda que sería esaxerado falar dunha identidade étnica radical, nalgúns contextos concretos aparecen categorías separadoras como a de

---

<sup>1</sup> Sobre a diferenza entre o discurso nativo e as conductas individuais ten chamado a atención J. L. GARCÍA en «El discurso sobre el espacio y la identidad cultural». *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía «Identidade e territorio»*. Ed. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1990. Páx. 74.

«nós» e «os outros» nas que se utilizan definicións que recoñecen tanto o grupo propio como os outros grupos ó se compararen<sup>2</sup>.

Hai en Ancares dous niveis de identidade nos que nos imos deter agora. Primeiramente abordaremos a identidade de «luguer» –ou, se se prefire, de aldea– para logo pasar ó segundo nivel que é o da identidade de val ou de municipio. Foron dous escalóns fundamentais, por riba da familia, dentro da sociedade e da cultura de Ancares, e todavía siguen a conservar hoxe unha parte do seu vello sentido malia o cataclismo poboacional que sufriu a zona. Comecemos polo **luguer**, advertindo que nos centraremos principalmente nos situados no val de Ancares, polo que as alusións a Suárbol e Balouta serán máis escasas e sempre dende a perspectiva dos outros ancareses e non dende a visión dos seus moradores ou naturais.

### 1. A IDENTIDADE DE «LUGUER»

Na conversa cotián os ancareses /as aluden con frecuencia ó feito de quen a persoa de quen se fala é «de Pereda», ou «de Sortes», «de Sorbeira», «de Teixeu», etc. (vid. Fotos 15 e 16). Ademáis de ser identificado dentro do val pola familia de pertenza, tamén se acude a indicar a aldea de orixe ou de veciñanza. Neste estrato da identidade o etnónimo de ancarés, que é esencia cara o exterior, resulta secundario no interior e por eso non se utiliza<sup>3</sup>.

Nos últimos cento cincuenta anos os lugares do municipio de Ancares non sufriron variación en canto ó número dos mesmos –agás o xa citado despoboamento de algún–. Seguindo a enumeración feita no capítulo atopamos sete lugares que están situados propiamente no val de Ancares (Candín, Espiñeireda, Pereda, Sorbeira, Sortes, Teixeu e Vilasumil) dous no límite oriental do mesmo (Lumeiras, Vilarbón) e outros dous (Suárbol e Balouta) xa fóra do val. Mentras nas terras próximas de Galicia as aldeas acostuman, agás excepcións, a ser máis pequenas e cada parroquia abrangue varias –entre tres e nove é o máis frecuente na banda galega da serra–, os lugares de Ancares son todos eles, coa excepción de Candín, parroquias, producíndose así unha elevadísima coincidencia entre as entidades de poboación e a división eclesiástica. De acordo coa tradición xeral as parroquias ancaresas teñen un santo patrón –nalgún caso outro santo que se conmemora no seu lugar ou ademáis do patrono– que se celebra festivamente

<sup>2</sup>C. ESTEVA FABREGAT: *Estado, etnicidad y biculturalismo*. Ed. Península. Barcelona, 1984. Páx. 30.

<sup>3</sup>C. LEVI-STRAUS (Dir.): *Seminario «la identidad»*. Ed. Petrel. Barcelona, 1981. Páx. 349.



Un "lugar" de Ancares: Sorbeira. (Foto 15).



Outro exemplo de "lugar": Teixeu. (Foto 16).

te, a pesar de que moitas destas celebracións sufriron acusada decadencia e mesmo desaparición nos últimos vinte anos por razóns xa coñecidas. Damos a continuación a lista das comprendidas no val:

Lugar	Patrono / advocación	Data
Espiñeireda	San Martiño Virxen dos Dores	11 Nov. 1º. Dom. de xuño.
Lumeiras	San Pedro Santo Tirso	29 de xuño 28 de xaneiro
Pereda	San Xurxo San Antonio	23 abril 13 de xuño
Sorbeira	Santo Estebo	26 Dec.
Sortes	San Roque As Candelas	16 Agosto 2 Feb.
Teixeu	San Xoan	24 xuño
Vilarbón	Sta. Bárbara	Sen festa hai anos. Despoboado.
Vilasumil	San Bernardo	20 Maio

A estas festas propias dos lugares-parroquia temos que engadir outra que se celebra en Candín, lugar dependente da parroquia de Pereda, pero que conta con capela e conmemora festivamente a San Lorenzo o 10 de agosto e tamén ás Angustias o Luns de Pascua e San Antonio Abad o 17 de xaneiro.

En xeral estas festas tiñan un desenrolo semellante, aínda que algunha presenta certas peculiaridades. Lugar común era a celebración relixiosa, con misa solemne e procesión, á que seguía a festa profana, baseada en comida extraordinaria con amigos e parentes de outras localidades invitados, música máis ou menos lucida según a importancia da festa e baile. A música máis sinxela era a de «pandeira», propia de festas menores, na que unha muller ou mulleres entonaban cantares acompañados deste instrumento de percusión. Noutros casos se traían músicos de zonas próximas (Burbia, a veces de Fornela); «vían ás festas un gueiteiro, un bombo, un clarinete ie un tamboril... logo (anos máis tarde) un acordeón... ibemos esperalos a medio camín» (Pereda, VII-93). Os bailes típicos hai medio século eran «mulinera» (muiñeira), «xota», «bienparau», «el chau», «el trébol» (Sortes, IV-93). Algunhas festas

presentaban manifestacións propias en tanto que coíncidían con certos fitos importantes do ciclo anual. M.G., veciño de Sorbeira, lémbrese de cando na festa de San Estebo, en pleno decembro, «facían úa **mula**» que guíaba outro que facía de arrieiro e tiraba dela; despois de que andivera un rato gastando bromas á xente que a corría, retirábase e continuaba o baile. Veleiquei a descripción desta máscara –enmarcable dentro do conxunto de máscaras de corte carnavalesco que saían en gran parte da España rural entre Nadal e Entroido–:

«(A mula era) un angazo de madeira con dous cornos, e se lle poñía como a cabeza dun cabalo ie tapabase cúa manta. Levaba chocas na cabeza... ie (a xente) corría ie escapeba... a mula andaba por todo'l baile. O arrieiro levaba úa máscara ie daba voces pa guiar a mula... Si cuadra botaban úa hora... Iban tres, o arrieiro, a mula iel veterinario. A quen taba quieto a mula o golpeaba» (Sorbeira, IV-93).

As festas dos lugares, que rivalizaban por facela o millor posible, eran como un espello no que trataba de reflectir a comunidade os seus ideais, presentándose diante de invitados e visitantes como unha unidade; servía así de elemento reforzador da identidade de lugar «ad intra» e «ad extra». Un informe referido á festa de Sto. Tirso en Lumeiras resalta con orgullo o que esta celebración era no pasado: «...había un festazo núa eira que hai del otro lau... había qué sei eu que personal por aquel teso eilí... (ata) o cura beilaba cúa rapaza ie logo con outra» (Lumeiras, VII-93). Aínda que a identificación solidaria arredor da festa local reflicte un polo ideal da cultura que se contrapón a actuacións individuais ou familiares, non cabe a menor duda que a mensaxe emitida no tempo festivo, cando o lugar se representa como un todo, serve para afianzar unhos lazos comunitarios que tamén se manifestan noutros aspectos da vida local. Neste senso podemos dicir que as festas ancaresas, como as do resto da península, cumpren coa finalidade de simbolizar ó conxunto dos veciños fronte ós forasteiros, é dicir, para expresar a identidade e a unidade da comunidade, por moi discutible que esta sexa noutras esferas do vivir cotián<sup>4</sup>.

<sup>4</sup>Facemos esta afirmación seguindo a I. MORENO NAVARRO: «Cofradías andaluzas y fiestas». En *Tiempo de Fiesta*. Ed. Tres - Catorce - Diecisiete. Madrid, 1982, páx. 87. –Tamén a J. PITT-RIVERS: «L'identité locale vue à travers la fiesta». *Culturas populares: diferencias, divergencias, conflictos*. Casa de Velázquez. Madrid, 1986. Páx. 13.

A literatura etnográfica referida ó Noroeste recolle con especial reiteración o feito de que esta identidade local xerada pola festa pode, en ocasións, desembocar en conflitos entre grupos integrados por homes –a veces incluso mulleres– das distintas comunidades<sup>5</sup>. As pelexas entre a mocidade de distintos lugares de Ancares durante as festas están documentadas nos nosos informes de campo; así, en Espiñeireda aseguráronos que «había pelexas entre os dun pueblo ie o outro... vían con caiadas; beilaban con caiada por si acaso... Os de (nome de lugar) eran (xesto indicando dureza)... entrar en (nome de lugar) era un compromiso» (Espiñeireda, VIII-93); en Pereda puidemos recoller outro informe no mesmo senso: «(nas festas) os deste pueblo ie os de Teixeira eran como ghatos. Había paus ie puñaladas... úa vez o día de San Jorge os de Teixeira ie de Pereda formaron úa palestra moi ghrande» (Pereda, VII-93). Noutro informe se nos indica a causa normal destas pelexas: «entre os de Pereda ie Candín por culpa dúa moza... liarse, pegarse» (Candín, IV-93). Como xa teñen indicados outros estudiosos da identidade local, o esforzo da mocidade está orientado a evitar, dentro do posible, as relacións dunha moza do lugar con mozos de fóra, aínda que esta oposición se mantén sempre dentro de límites nos que os ideais de defensa do lugar non choquen frontalmente cos desexos individuais ou das familias respectivas; nas relacións de noivado entre unha moza e un mozo foráneo soía resolverse o asunto obrigándolle ó rapaz a pagar unha convida, chamada en Ancares «o piso» para facer «úa comiola» (Espiñeireda, VIII-93).

Ademáis das festas de patronos ou de diversas advocacións, podían celebrarse nos distintos lugares festas menores de carácter estritamente laico, ó estilo dos «filandóns», «fiadeiros» ou das chamadas «polavilas» nas veciñas terras de Rao (Navia de Suarna). Sin perxuicio de que participaran no evento foráneos, interviñan nelas maioritariamente os mozos e mozas do lugar, co que de novo se creaba un ámbito de solidariedade local. Mulleres especializadas no cante entonaban entón cantares acompañados da «pandeira»; nun destes cantares, con letra en castelán, hai unha clara alusión sociocéntrica na que se reflicte a contraposición nós/os de fóra:

<sup>5</sup> Datos etnográficos sobor de pelexas entre parroquias nas festas témolos, por exemplo, en C. LISON TOLOSANA: *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1971. Páx. 69 e ss. – Nas terras orientais de Lugo lindantes con Candín de Ancares, donde as aldeas teñen festas propias distintas da parroquial, tamén puidemos detectar enfrentamentos entre aldeas; vid. X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «A identidade local en terras do oriente de Galicia». *Revista Internacional de los Estudios Vascos*. Año 38, Tomo XXXV, n. 1. Enero-Junio 1990. Páx. 69 e ss. – Idem: «Casa y pueblo en la vertiente occidental de la sierra de Ancares». *Antropología y Etnografía de las proximidades de la sierra de Ancares*. Ed. Deputación Provincial. Lugo, 1990. Páx. 97-98.

*«Salir mozos a bailar,  
a los de mi pueblo digo,  
que los que vienen de fuera  
traen mucho señorío»* (Españeira, XII-93)

\* \* \*

Teixeu ten como patrono a San Xoan. Ademais da conseguinte festa, a xuventude facía a víspera unha **fogueira** «núas airas de mallar na saída cara Pereda». Estamos diante dunha celebración local que, nembargantes, relaciónase polo ritual do lume coas que se veñen chamando as festividades do ciclo anual, consideradas como universais (aínda que non se celebren en todas partes nin do mesmo xeito). Tamén nelas agroma a identidade de lugar. Como indica o informe, a **fogueira** de Teixeu ubicábase nas aforas da aldea en dirección a Pereda, a localidade de Ancares máis próxima e, polo tanto, coa que existía unha rivalidade constante non só no que se refire a ámbitos festivos, senon tamén noutros niveis de relación (montes comunais, por exemplo). O lume encendido neste emplazamento liminal convertíase en mensaxe de afirmación diante dos que, nesta circunstancia, eran considerados como «outros». Tamén os mozos e mozas de Pereda celebraban o San Xoán arredor dunha **fogueira**; Pereda atópase situado entre Teixeu e Candín, polo que non deixa de ter lóxica fonda que aquí se fixera o lume «un ano na saída pa Teixeu ial outro na saída pa Candín» (Pereda, VII-93); desta maneira a xuventude de Pereda defendía ritualmente os seus límites de maneira alternativa fronte ás dúas aldeas veciñas. O lume como marcador de identidade fronte ós outros estaba presente tamén noutras localidades ancaresas, como Españeira, donde, aínda que recentemente a fogueira pasou a se situar perto da igrexa, nun lugar central, antigamente facíase no límite entre esta entidade e a veciña de Sortes. Como xa se ten sinalado en diversos escritos dedicados á festa de San Xoan, unha das funcións que cumpre o lume ritual é precisamente o de crear un marco de solidariedade entre os compoñentes da comunidade á vez que se manifesta a mesma diante dos demais<sup>6</sup>. O desexo de destacar á comunidade como conxunto se complementa con prácticas –ben documentadas noutras terras da península– tendentes a abolir

<sup>6</sup> C. LISON TOLOSANA: «Variaciones en fuego ritual». En *Antropología social en España*. Ed. Siglo XXI. Madrid, 1971. Vid. Páx. 307-308.

momentáneamente os dereitos propios das persoas ou familias, co que se expresa ritualmente o ideal de que todos os membros do lugar se sometan a esta unidade superior de convivencia a través dunha especie de hexemonía circunstancial da xuventude; neste senso hai que interpretar un informe que recollimos en Espiñeireda según o que os mozos iban polos corrais para roubar ritualmente carros ou arados que logo escondían nos campos próximos<sup>7</sup>.

Si o San Xoán resulta unha celebración situada nas proximidades do solsticio estival, arredor do solsticio hiemal acostuman as sociedades tradicionais da península a situar un ciclo festivo que se inicia con Nadal e culmina, xa perto de data equinocial, co Entroido. Seguindo a J. Caro Baroja podemos considerar que unha finalidade primordial destas celebracións, nas que ocupa un lugar destacado a máscara, é a de asegurar a boa marcha do grupo social que as pon en práctica<sup>8</sup>.

Xa en pleno decembro, e coincidindo coa festa de Santo Estebo de Sorbeira, vimos que aparecía a máscara en forma de mula. Posteriormente, por Reis, a mocidade dos distintos lugares saía en rolda petitoria vestidos según un informante de Candín «disfrazadamente» e portando chocas. Tamén en Espiñeireda a xuventude «andaba pedindo polas casas, disfrazaus, con chocas nas mans» (Espiñeireda, VIII-93). O mesmo que noutras terras a mocidade entoaba cantares «á porta dos avulicos» nos que se aludía a temas do ciclo navideño cristián e se reclamaba o donativo. Veleiquí un exemplo:

*«El día de Reyes  
primera fiesta del año  
aquí estamos avulica  
pa que nos dé el aguinaldo»* (Pereda, VII-93).

Para o noso plantexamento importa destacar que estas comparsas de Reis estaban integradas por mozos e mozas do mesmo lugar e, consecuentemente, limitábanse en xeral a visitar as casas do mesmo, polo que, unha vez máis, atopámonos diante dunha celebración que fomenta a identidade de lugar.

<sup>7</sup> Bromas e sustraccións por parte da xuventude eran frecuentes en terras de Galicia. Vid. J. TABOADA: «La noche de San Juan en Galicia», en *Ritos y creencias gallegas*. Ed. Sálvora. A Coruña, 1980; páx. 40 e ss. - X. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *A festa de San Xoán*. Ed. Ir Indo: Vigo, 1989. Páx. 64-65.

<sup>8</sup> J. CARO BAROJA: *El Carnaval*. Ed. Taurus. Madrid, 1965. Páx. 277.

O día do ano no que as máscaras irrumpían no espazo lugareño con máis intensidade era o Martes de Entroido. Recollimos informes de diversos lugares nos que se alude a máscaras como **a mula**, que, según vimos, tamén saía pola festa de Santo Estebo de Sorbeira. En Espiñeireda o martes de Entroido facíase unha mula e unha vaca, que era «un que poñía cornos de vaca ie úa colcha... ie facía de vaca... A mula imitaba úa mula (auténtica), iban dous; o de diante levaba un mazo ie daba golpes.. Logo iban outros que levaban un caldeiro con borrallo ie sementaban o borrallo» (Espiñeireda, VIII - 93). En Pereda «corrían o Entroido cunha mula ie un boi; a mula era úa cabeza (que imitaba ó animal) con chocas ie metíanse dous debaixo pa facer o corpo; o boi igual... había outro que botaba ceniza, tirándoa como na sementeira, ie outro facía que araba con dous que facían de vacas... todos estes iban tapaus con caretas ie úa manta; gastaban bromas á xente no baile; os vellos ie todos iban bailar, vellos de ochenta ou noventa anos» (Pereda, VII-93).

A representación da mula, do boi e da sementeira reflectida nos informes encaixa dentro dunha teatralidade carnavalesca na que burlescamente se están escenificando traballos fundamentais para o grupo ou animais de especial importancia económica, como ten sinalado o citado Caro Baroja. Efectivamente, a mula en Ancares foi animal de gran utilidade pola práctica da arrieiría, e o boi ou a actividade da sementeira tamén eran indispensables para a supervivencia de comunidades agrarias como estas. Agora ben, compre indicar que a representación era sempre «en negativo», non amosando o que se debe facer, senon o que non se debe facer. Que a mula golpee á xente non é desexable na vida real, nin tampouco que o faga o boi; sementar borrallo en lugar de graú resultaría demencial en tempo de sementeira. Por eso é posible que detrás destas prácticas esté tamén presente outra dimensión da farsa carnavalesca, que é a de poñer de manifesto o ridículo da actividade e do comportamento absurdos, tanto dos homes que fan de animal como dos propios animais. Nada millor que o marco festivo do Entroido para levar a cabo esta tarefa, percibida por todos máis como broma festiva que como mensaxe ritualizado. En todo caso a representación é outro bon momento para xerar unha solidariedade local e reforzar a identidade de lugar. Lamentablemente este xeito de celebrar o Entroido desapareceu en Ancares hai xa moitos anos, permanecendo soamente na memoria dos de máis idade, polo que resulta imposible para o etnógrafo poder observar a acción en directo e deducir da observación explicacións máis completas.

\* \* \*

Os habitantes de Ancares tiñan razóns de orden material que os obrigaban a identificarse co seu **luguer**. Tratando de aproveitar racionalmente o medio natural no que a actividade gandeira se refire, cada lugar contaba con montes comunais próximos nos que pastaban conxuntamente as cabras ou ovellas, e tamén dispoñía nas cotas altas da serra das chamadas «brañas», pastos de vran ós que se levaban as vacas de todos os veciños, distantes entre dúas e tres horas a pé (vid. Foto 17). A organización deste aproveitamento do inculto basábase na chamada «viceira» –institución que tamén existía en terras próximas de Asturias, Galicia e León<sup>9</sup>–. Por riguroso turno, e en función do número de cabezas, todas as casas do lugar tiñan que contribuir ó cuidado dos animais, normalmente a razón de dous pastores por rebaño. Cada braña contaba cunha cabana para refuxio dos pastores, que eran normalmente homes de máis de 18 anos, aínda que tamén podía ir unha muller si non había varóns disponibles na familia. Si a viceira era de cabras ou ovellas (que pastaban máis cerca do lugar e voltaban cada tarde), a obriga era ir un día por cada dúas cabras en Sortes; nas «brañas de cabeceira», máis lonxanas e dedicadas fundamentalmente a gando vacún dende xuño a



Detalle da Braña de Pereda, coa cabana para os pastores. (Foto 17).

<sup>9</sup> Detallado análise das viceiras en Galicia pode verse en A. BOUHIER: *La Galice*. Imprimerie Yonnaise. La Roche-sur-Yon (Vendée), 1979. T. II, páx. 944 e ss.

setembro, se iba un día por cada res que se tivera na braña. Pereda ten a braña de Verdiais, situada nas vertentes do pico de Cuíña. Sortes conta con dúas brañas, a do Prau e a de Candós, nas proximidades do Cuadro, ó pé do Miravalles; na mesma zona están as brañas de Boteque e Cadavoso, que pertencían ó lugar de Espiñeireda. A braña de Candín sitúase en A Brutieira, na vertente meridional do citado Miravalles e nas proximidades do porto de Ancares. Aínda que polo xeral as brañas eran exclusivas dun só lugar, nalgún caso se comparten; Sorbeira e Vilarbón aproveitaban conxuntamente unha braña en Mortal de Galegos, lindante coa xa citada de Pereda.

Os turnos para atender a viceira establecíanse seguindo os criterios antes citados; para aplicarlos, unha vez aprobados pola colectividade, estaba o «presidente» (pedáneo) do lugar, representante da autoridade municipal a proposta dos veciños. Como indica un informe de Sorbeira «o presidente do pueblo facía os turnos... (dicían) tócanola viceira na braña» (Sorbeira, IV - 93). O feito de estar avecindado no lugar daba dereito á utilización das brañas e, como había que pagar ó Estado a chamada «licencia de montes», todos os veciños celebraban unha reunión específica para repartir o montante en función do número de cabezas de gando que se poseían. Efectivamente, cada localidade tiña unha institución encargada de resolver os asuntos que afectaban á comunidade e que recibía o nome de «concellu», convocado e dirixido polo «presidente» (pedáneo). No concello están representadas todas as casas por medio do cabeza de familia ou de outra persona; «habendo homes non iban mulleres» (Espiñeireda, XI-93), pero os nosos informantes non excluiron a posibilidade de que representara unha muller á casa porque o que realmente importaba é que todos tiveran voz activa ou en potencia. A campá da igrexa, medio de transmisión de mensaxes para a comunidade, se utilizaba tamén para chamar a concello; en Sortes «era un toque rápido, primero de una (campana) y después de la otra, porque si tocaban las dos rápido a la vez era toque de fuego» (Sortes, V - 93). Resulta, pois, que nestas terras ancaresas, como noutras do Noroeste nas que a comunidade ten un peso simbólico, social e económico importante, podemos atopar institucións consuetudinarias que resollen problemas que afectan ó conxunto das familias integrándoas nunha unidade superior de convivencia. A título de exemplo comparativo podemos citar localidades ourensáns da comarca de Viana do Bolo, Loureses na Limia, ou do norte de Portugal como Río de Onor<sup>10</sup>.

<sup>10</sup> N. TENORIO: *La aldea gallega*, Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1982. Páx. 15 e ss. -M. MANDIANES: *Loureses*. Ed. Galaxia; Vigo, 1984. Páx. 97. -J. DIAS: *Río de Onor. Comunitarismo agro-pastoril*. Ed. Presença. Lisboa, 1984 (3a. ed.). Páx. 81 -83.

Certos traballos relacionados coa gandeiría e agricultura contribuían tamén a reforzar lazos de convivencia entre os veciños dun mesmo lugar. A diferenza das terras próximas de Galicia, nas aldeas do val de Ancares non había unha aira para malla-lo pan en cada casa, senon unhas poucas que eran compartidas por varios co-proprietarios. Segun nosos informes, en Candín había cinco, en Sorbeira outras cinco, en Teixeu catro. Dentro de cada aira os distintos veciños con dereito ó seu uso dispoñían do seu **telsó**, ou sitio para colocar a súa meda, puidendo nalgún caso producirse enfrontamentos si non chegaba o sitio que, polo xeral, resolvíanse sen grave problema. As airas de Ancares supoñen unha solución diferente ás individuais de cada casa, predominantes nas terras lucenses cercanas, e teñen paralelos noutras terras, como as de Ourense (Allariz, Amoeiro, etc.), donde existen airas de mallar de varios propietarios pasando o condominio ós herdeiros<sup>11</sup>. Resulta interesante o feito porque, de novo, atopamos un claro paralelismo entre terras como as de Ancares e as de Ourense nas que predominan fenómenos comúns como as partillas e, en definitiva, se detecta un acusado peso da comunidade sobor das familias que a integran.

Si as airas eran compartidas parcialmente polos aveciñados nun lugar, o traballo das mallas era feito por turno con participación de todas as casas. «Empezaban as mallas ie hasta que terminaban, uis para os outros. Si a un iban dúas personas, usté devolvíalle dúas, si iba un volvíalle un» (Sorbeira, VII-93). «Axudebase todo'l pueblo ie cada casa daba de comer ós que axudeban... sempre axudeban os do luguer, non vían de outros lugares» (Candín, I-94). De acordo coa clasificación proposta por un estudioso dos traballos comunais en Galicia, podemos definir as axudas das mallas como un labor colectivo de utilidade doméstica<sup>12</sup>, destacando que en Ancares o ámbito máximo normal desta axuda e a súa correspondente reciprocidade é o lugar, o que contribúe a potenciar os lazos de unión dentro do mesmo a pesar das tensións que a rolda poda xerar.

\* \* \*

Aparte dos exemplos que citamos ata o presente, os ancareses perciben outros variados mensaxes que lles permiten descubrir matices diferenciadores

<sup>11</sup> V. RISCO: «Etnografía. Cultura espiritual». En *Historia de Galiza* dirixida por R. OTERO PEDRAYO. Ed. Akal. Madrid, 1979. Vol II, páx. 590.

<sup>12</sup> X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA: «Labores colectivos nas terras de Friol». En *Traballos comunais no mundo rural*. Boletín Auriense, Anexo 7, Ourense, 1987. Páx. 118 e ss.

entre unhas localidades e outras, ou entre distintas zonas do val. Non ampliaremos moito máis o presente apartado porque creemos que están sobradamente documentados principios que actúan a favor da identidade de lugar. Mais non pasaremos por alto, aínda que sexa rapidamente, o citar o papel que a linguaxe xoga como criterio diferencial dentro do val. Un xa citado estudioso da fala de Ancares sinala o feito de que existen pequenas diferencias lingüísticas entre as entidades de poboación ancaresas. Así, mentras en Pereda se dice **louseu** (teito de lousa), **trougo** (do verbo traer) e **rodalo** (rodo), en Lumeiras dise **lousao**, **trouxo** e **batideira**. Esta última verba é substituída por **rodala** en Sortes e por **cayada** en Vilasumil. Si en Candín dícen (ou decían) normalmente **quentar**, en Pereda, a dous kilómetros, recolleu o mencionado investigador a forma **cacer** e en Espiñeirada **queicer**<sup>13</sup>. A pesar de que as diferencias na fala non están presentes en todos os lugares coa mesma intensidade, non se pode negar que estes pequenos matices lingüísticos permítenlle ós ancareses percibir peculiaridades das localidades, reforzando a contraposición entre nós/eles neste nivel da identidade. Varios dos nosos informantes acudiron a matizacións lingüísticas para acentuar o seu diferencialismo; tal é o exemplo dunha muller de Lumeiras, que nos insistiu en que en Sorbeira era **rodala** e en Lumeiras **batideira**, que noutros lugares decíase **xesta** e en Lumeiras **escoba** (palabra que tamén oímos en Sorbeira); en Lumeiras «íbamos» e noutros lugares «ibámos»; en Pereda «está derriba da mesa» mentras en Lumeiras «está encima da mesa» (Lumeiras, VII-93). Non estamos interesados en afondar na exactitude dos datos da nosa informante; o que nos interesa agora é destacar que para ela as variantes na fala son tamén un medio de diferenciación entre as localidades ancaresas, sin que eso supoña unha negación de que todos son, globalmente, de Ancares e falan «aparecíu».

## 2. OS ANCARESES VISTOS POR SÍ MESMOS E POR OUTROS

Todos os ancareses e ancaresas cos que falamos estableceron unha serie de referentes cos que xustificar a súa identidade colectiva, o que nos permite documentar un nivel de identificación global que está por riba do de lugar. Seguramente máis dun dos trazos alegados por eles é compartido en diverso grado polas áreas veciñas; nin siquera hai absoluta coincidencia entre os informantes sobor do alcance que teñen estes trazos dentro do val; pero o

<sup>13</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: «Etnografía del valle de Ancares». *Verba*. Anejo 10. Compostela, 1978. Páx. 34-35.

certo é que todos en conxunto permiten construír unha identidade ancaresa diferenciada. Pasamos a continuación a enumerar os citados referentes basándonos nas nosas apreciacións e, sobor de todo, nos testemuños dos informadores.

Un primeiro medio utilizado polos nosos interlocutores para definir Ancares é o de indicar os seus límites físicos, sinalando as fronteiras entre o seu val natal e as terras veciñas. Según dato recollido en Candín, Ancares chega dende o Alto da Cruz (perto de Lumeiras) no nacente ata Asturias e Galicia polo poniente. Polo sur linda co val de Burbia e polo norte co val de Fornela (Candín, IV-93). A delimitación física vai acompañada sempre por unha definición etno-cultural que trata de distinguir ás xentes que viven nos arredores de Ancares das que habitan no seu interior. Os que quedan dentro deste espazo son «ancareses», namentras que os moradores polo poniente son «galegos» ou «asturianos». «Fornelos» son os habitantes do val emplazado a septentrión, e os de localidades situadas ó sur de Ancares foron definidos nos informes como «charros» e a súa terra «a charrería», agás os de Campo del Agua-Aira da Pedra, que son «camposos». Nesta clasificación, que se repite ata a saciedade nas nosas notas de campo con pequenos matices, parece reflectirse unha vella conceptualización de Ancares ben diferente da que nos últimos tempos están a difundir tanto organismos oficiais como medios de comunicación, que amplían o concepto Ancares para abranguer terras de Galicia e outras de León ata chegar ó Cebreiro. Para os auténticos ancareses, o mesmo que para xentes que puidemos interrogar ó respecto en Rao (Galicia), Burbia e Fornela, Ancares en sentido estricto é o espazo denantes definido e só son «ancareses» os nados ou aveciñados aquí; un home de Espiñeireda recalcou que estábamos no verdadeiro Ancares coa suxerente frase «esta é a madre dos Ancares» (Espiñeireda, VIII-93). Tampouco se admite nos datos que recollimos o feito de incluír Ancares dentro do Bierzo, pois para os ancareses «O Bierzo» é sinónimo de terra chá, de clima suave e con cultivos como o viño, é dicir, «Bierzo é de Veiga pa baxo» (Sorbeira, IV-93), e os seus moradores son os verdadeiros «bercianos». A pesar de que os nosos informantes recoñeceron a súa proximidade cultural e física con Galicia, tampouco se consideran galegos; definen a súa fala como un «chapurriau» cercano ó galego, pero que non é propiamente nen galego, nen castellano-leonés.

Outra forma de definir Ancares, é aludindo ó municipio de Candín e os once lugares que comprende. Agora ben, como xa temos indicado, especialmente no capítulo I, no val do río Ancares non se atopan a totalidade das entidades de poboación de Candín, sendo especialmente notorio o caso

de dúas, Balouta e Suárbol, que se sitúan totalmente fóra deste ámbito natural e que presentan algúns trazos socio-culturais que incitan a diferencialos. ¿Cal é o referente oportuno para delimitar quen é ancarés e quen nono é si temos en conta esta diferenza física e cultural?. En principio todos os informantes aceptaron a realidade político-administrativa considerando que Ancares «son 11 lugueres (incluído Balouta e Suárbol)» (Españeireda, VIII - 93). Dende este posicionamento mental, os habitantes destas localidades serán sempre definidos como «ancareses» cara o exterior e como tales serán considerados diante dos extraños. Pero nos datos que posuímos hai contínuas matizacións á afirmación inicial, especialmente manifestadas «ad intra», que nos permiten entrar en cuestións de ambigüidade ben diferentes da seguridade que da o aferrarse á división político-administrativa.

Efectivamente, os nosos interlocutores, utilizando en segunda instancia un referente natural, que é o val do río Ancares, puntualizaron a súa primeira afirmación de varias maneiras. Aceptando que os de Suárbol e Balouta eran ancareses porque pertencían a Candín dende o punto de vista administrativo —«los de Balouta ie Suárbol son ancareses porque son del ayuntamiento» (Sorbeira, IV - 93)—, recoñeceron que non reúnen todos os trazos que eles consideraban necesarios para encaixaren plenamente no concepto «ancarés» e que comparten espacio físico ou aspectos de cultura con aldeas próximas de Galicia. Suárbol e Balouta xeran indecisións e contradicións nos informadores que pretenden xustificarse verbalmente de varias maneiras. A máis sinxela é acudir a afirmacións radicais de exclusión ou a manifestar o descoñecemento da causa que provocou a inclusión destas aldeas no municipio de Candín; «Do porto (de Ancares) paló todo é Galicia... Suárbol ie Balouta debían pertencer a Galicia» (Sorbeira, VII - 93); «os de Suárbo ie Balouta son d'eiquí, pero tan un pouco aparteus... non sein como los pusieron así» (Españeireda, XI - 93); «Balouta ie Suarbo son de Ancares... (pero) non sei como los pusieron eiquí» (Sortes, VII - 94). A continuación, e sen negar unha vinculación con Ancares, soen recoñecer que estas dúas localidades teñen trazos que as diferencian do val; «(Suárbol e Balouta) son d'eiquí, pero levan a casa como os gallegos (porque había mourazo)» (Teixeira, XI - 93); «Balouta era más cerrau, más gallego... os de Balouta eran treballadores pero abruteus, os de Suarbo eran máis listos» (lugar do val, XII - 93); «aqueos son ancareses (os de Balouta e Suárbol), pero algo mezclaus con Galicia» (Teixeira, VII - 93). Un diferente tipo de aseveracións feitas polos informantes reducen o ámbito de Ancares ós lugares emplazados no centro do val, considerando ós restantes como unha periferia que é imperfectamente ancaresa; «Vilasumil, Sorbeira, Sortes, Españeireda, Teixeira, Candín ie Pereda son máis Ancares... os de Balouta ie Suárbo non tanto... os de Vilarbón ie Lumeiras cando vían

eiquí dician: vamos a Ancares» (Sorbeira, XI-93). Aínda que non fixemos un estudio detallado de Suárbol e Balouta, resulta evidente que estas dúas aldeas –o mesmo que Vilarbón e Lumeiras en menor medida– atópanse nunha situación periférica con respecto ó val de Ancares e moi perto de localidades de Galicia como Piornedo (Cervantes) ou Murias de Rao (Navia de Suarna), coas que comparten algunha tradición que non se detecta no val (especialmente a «millora» ou o non adicarse intensamente a algúns oficios ambulantes como a cera). Vistos dende a outra banda da serra non é de extrañar que se presenten como un fenómeno periférico ós ollos dos ancareses do val. A súa situación liminal os leva a defender a ultranza o seu ancaresismo precisamente porque pode poñerse en entredito; como nos dixo un informante falando deles «¡no hay que decirles que son de la parte de Lugo!» (lugar do val, VIII-93). Si o val de Ancares é unha periferia visto dende o Bierzo ou dende Galicia, el ten tamén a súa propia periferia en localidades como as citadas, nas que o etnónimo «ancarés» pode debilitarse nas relacións internas (cos outros lugares de Candín) e, pola contra, acentuarse en contraste con localidades próximas para marcar unhas diferencias simbólicas que non sempre funcionan na praxis diaria, pois indudablemente os habitantes de Balouta e Suárbol foron sempre unha ponte entre as terras do val de Ancares e as de Cervantes ou Navia de Suarna ás que estaban unidos por razóns de proximidade xeográfica e cultural. Calificar de «medio galegos» ou de que «tiran pa Galicia» ós habitantes destes dous lugares é algo admisible para un ancarés do val, aínda que resulte pouco aceptable para aqueles dende unha perspectiva emotiva.

Os criterios de inclusión/exclusión dentro dun ámbito xeográfico-cultural poden explicitarse de maneira indirecta, o que nos permite percibir realidades latentes que reforzan ou matizan os discursos nativos racionalizados. Puidemos recoller unha mostra disto durante o noso traballo de campo baixo a forma dun recitado no que se alude ós lugares do val de Ancares e que pasamos a transcribir:

*«Cireixeiros en Lumeiras,  
tozudos en Vilarbón  
que queréis ós de Fontoira  
que de boa casta non son.  
En Sorbeira está la audiencia,  
en Candín está el herrero,  
en Pereda está la fragua  
ien Teixeu la fanfarria.*

*En Sortes está la cincha  
ien Espiñeireda albarda.*

*Corvos en Vilasumil,  
que apañan na murgallada,  
tamén tein úa fonte  
pa regar a corrada»*

(Espiñeireda, VII-93)

O recitado está encamiñado a definir os lugares do val de Ancases de acordo con criterios de sociocentrismo. Soamente se cita unha aldea situada fóra do val, Fontoira, e faise precisamente para descalificar ós de Vilarbón polo seu vencellamento con aquel lugar. Pero o que nos interesa agora é destacar que este discurso poético non incorpora a Suárbol e Balouta, cinxíndose as alusións ós nove lugares do concello de Candín emplazados no val do río Ancares, que forman un «universo-mundo»<sup>14</sup> restrinxido no que o etnónimo «ancarés» ten un espesor semántico axeitado para unha definición de Ancares dende dentro.

\* \* \*

A identidade ancaresa, como sucede en xeral con todas as identidades colectivas, constrúese non só co recoñecimento de que se pertence a un universo determinado, senón tamén co feito de que este sexa aceptado polos demais como específico. Os ancareses afincados no val ou emigrados noutras terras recoñécense como «ancareses» ou nativos «de Ancares», pero tamén son definidos como tales polos outros que os rodean ou por aquelas xentes máis alonxadas que tratan con eles. Un informante de Burbia definíu a terra dos ancareses dende esta localidade decindo que «polo norte queda Candín... esos son ancareses» (Burbia, XII-93). O mesmo puidemos recoller no val de Fornela en xullo de 1994, coa salvedade de que neste caso as terras de Ancares sitúanse no sur deste outro val.

A práctica de oficios ambulantes fixo que os ancareses foran sempre identificados en función dos mesmos, moitas veces con connotacións

<sup>14</sup> O concepto de «entorno-mundo» foi utilizado por H. VELASCO para definir o conxunto de localidades nas que un lugar concreto cobra sentido para identificarse. Vid. «Signos y sentidos de la identidad de los pueblos castellanos. El concepto de pueblo y la identidad». En L. DÍAZ (Coord.): *Aproximación antropológica a Castilla y León*. Ed. Anthropos. Barcelona, 1988. Páx. 33.

despectivas que responden a estereotipos propios do sociocentrismo presente en todas as comunidades tradicionais da península. Hai que sinalar, nembargantes, que estas definicións negativas, como indica Caro Baroja, nunca supuxeron un desprezo ou marxinação radical dos ancareses, que en moitas ordes da vida mantiveron e manteñen boas relacións cos seus veciños e clientes. Son, sinxelamente, mecanismos postos en marcha para prevenirse no trato cos homes de Ancares dedicados ó negocio ambulante ou para definilos xenericamente, contribuíndo así a recalcar a súa especificidade<sup>15</sup>.

«Eres más tacaño que un ancarés». Veleiqué un cliché aplicado polas xentes do Bierzo ós ancareses cos que negociaban frecuentemente, tratando sempre estes últimos de obter o máximo beneficio co mínimo gasto, como é lóxico. «Al ancarés tienes que darle aquí (xesto no que se coloca o antebrazo ergueito co puño pechado e, coa outra mán, se da un golpe forte no codo) para que suelte un duro» (Vega de Espinareda, XII-93). Vistos dende o val de Fornela –terra tamén de oficios ambulantes– os ancareses foron definidos por un fornello informante noso en xullo de 1994 recurrido a relatar o feito de que un ancarés, cando chegaba a unha localidade procuraba sempre buscar primeiro unha corte para gardar a mula, a ser posible gratis, e logo pedía, coa disculpa de que o animal estaba enfermo, permiso para dormir con ela, aforrando así o pago da cama. A fama de «agarraus» é algo do que son conscientes os ancareses, asimilando en boa parte o estereotipo, como o indican informes recollidos no pr pio val; «en Ponferrada ancarés é tacaño porque baxaron de... (lugar de Ancares)... constructores ie ficéronse millonarios, ie como non gastaban con arreglo ó que ganaban, pre chamarlles tacaños decían **ancareses**» (Sortes, IV-93); «somos regateois no trato, mui agarraos... (dicen) “eres ancarés pa ser regateón”» (Sorbeira, IV-93); «dicen que fornellos ie ancareses primos hermanos... boa fama nin fornellos nin ancareses» (Sorbeira, IV-93). A práctica de oficios é, como dixemos, unha causa desta fama dos ancareses, e disto tamén temos informes que a xustifican así: «mutios dedicábanse a andar vendendo cera, peles, pimento... entonces calquera insulto era con razón ó tratante» (Sortes, IV-93).

En terras lonxanas de Laciaña ou de Asturias e Galicia os cereiros, teitadores e tratantes de Ancares eran coñecidos tamén, a pesar da distancia, co etnónimo «ancarés», denominación que sempre tiña unha carga semántica semellante á que vimos ata agora. Os campesiños asturianos, por exemplo,

<sup>15</sup>J. CARO BAROJA: «El sociocentrismo de los pueblos españoles». *Homenaje a Fritz Krüger*. Mendoza-Argentina, 1954. Tomo II, páx. 457 e ss.

consideraban ós cereiros ancareses como xentes formales, pero míseras, sucias e xitanas no negocio. Veleiquí un testimonio:

«Venía un paisano comprando cera, de los Ancares, un paisanín que conocí yo con ochenta años, que dormía en la cuadra con la mula... Compraba la cera por poco, venía y siempre decía ¡Esto no vale, esto tampoco!, pero todo iba pal saco y pal macho, llevaba una carga terrible. Tenía un sombrero de paño que se le pegaban las moscas en él; claro, taba, como decimos aquí cando uno está muy sucio, como un cereiro... Pero fijate que dormía en la cuadra por no gastar...» (Fonteta, concejo de Allande)<sup>16</sup>.

O sentido do aforro, visto dende fóra como un defecto, foi cultivado polos ancareses como virtude encamiñada a conseguir unha boa situación económica. E certamente hai que recoñecer que moitos fillos de Ancares afincados en Ponferrada ou en terras lonxanas de Barcelona chegaron a xuntar un patrimonio notable e demostraron a súa capacidade comercial en contextos nos que non actuaban as limitacións materiais e culturais propias da terra que os veu nacer. En todo caso o gusto polo aforro que desenrolaron os ancareses é semellante ó que podemos atopar en moitas outras zonas con profesións ambulantes na Europa tradicional caracterizadas pola catividade dos ingresos e a dificultade para obtelos. Temos como exemplo ben documentado o caso dos afiadores ambulantes, tanto os galegos como os da veciña Francia. Destes últimos poseemos varios testemuñas gráficos, en forma de cadros ou grabados, a partir do século XVI nos que está presente moitas veces unha alusión á pequenez das ganancias mediante a frase «gaigne petit»<sup>17</sup>. No que se refire ós afiadores ourensáns, temos un exemplo da súa austeridade nas seguintes verbas dun etnógrafo que recentemente se ocupou deles, as que poderían ser aplicadas sen problema ós ancareses:

«Se algún artesán levou una vida austera, próxima ás veces á pobreza, este foi o noso afiador. A súa forma de vida está estreitamente condicionada pola súa forma de entende-lo

<sup>16</sup> X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*. Real Instituto de Estudios Asturianos. Oviedo, 1994. Páx. 132.

<sup>17</sup> X. A. FIDALGO SANTAMARIÑA: *O afiador*. Ed. Ir Indo. Vigo, 1992. Páx. 39 e ss.

aforro. A grande preocupación dos afiadores era voltar á casa coa maior cantidade posible de diñeiro gañado co seu traballo; todo ou case todo debían ser ingresos limpos, e iso obrigábo a unha vida austera en tódolos sentidos, desde a alimentación á vestimenta, pasando polas formas de durmir»<sup>18</sup>.

### 3. UN REFERENTE SIMBÓLICO DA IDENTIDADE ANCARESA

Os datos que manexamos ata o presente permiten afirmar que existe unha identidade ancaresa definida, aínda que con límites fluctuantes e con carga semántica diferente. En principio Ancares é unha terra determinada que pode delimitarse con criterio xeográfico ou con criterio administrativo, como un municipio ou como o val do río Ancares, non existindo unha absoluta coincidencia entre ámbolos dous. En todo caso o nativo deste espacio se define como «ancarés» ou «de Ancares» non só polos propios coterráneos, senón polas xentes limítrofes. Pero os ancareses poden tamén ser recoñecidos como tales en función dunha serie de oficios ambulantes que plurisecularmente exerceron os naturais deste territorio, cobrando neste caso o termo novos significados, como sinónimo de «negociante», «medio xitano» ou «aforrador». En todos estes niveis o etnónimo é un medio aceptado por propios e alleos para definir unha identidade que non se pon en duda.

Unha cuestión que compre abordar para rematar este capítulo é si, como sucede no caso de cada lugar, existe en Ancares un referente simbólico que englobe a todos os ancareses nunha unidade superior que non seña a mera municipalidade, o ámbito xeográfico ou a actividade profesional. Detectamos no val algunha romaría de carácter supralocal á que acudían xentes tanto de Ancares como de terras próximas, como a da Virxe do Carme en Sorbeira. Pero a única que presenta unha certa vocación de ser a gran romaría do val é a da Magdalena, na que podemos ver, aínda que atenuado, unha especie de patronazgo sobrenatural sobre todos os ancareses.

A romaría da Magdalena celébrase na actualidade nun domingo próximo ó 22 de xullo nun campo cheo de castiñeiros centenarios situado a 1,5 km. de Teixeira, no punto donde comeza o ascenso cara o porto de Ancares. Alí se ergue unha sinxela capela que permanece pechada case todo o ano (vid. Foto 18), se ben moitos viaxeiros deteñense aquí para facer peticións e deixar esmolos pedindo «por ganau, por un familiar enfermo...

<sup>18</sup> OLEGARIO SOTELO BLANCO: *Os afiadores*. Ed. Sotelo Blanco. Santiago, 1994. Páx. 72.



Ermida da Magdalena pouco antes de se iniciar a romaría en 1993. (Foto 18).

hoxe siguen botando (como antigamente)» (Teixeu, VII-93). A actual edificación data de 1876 e foi restaurada recentemente<sup>19</sup>. De todos os xeitos un informante de Teixeira asegurounos que, antes da data citada, o seu emplazamento era máis perto do porto de Ancares –que se chama a veces «porto da Magdalena de Ancares»–, é dicir, nunha posición máis liminal, o que convirte a esta advocación nunha especie de gardesa dos límites do val, o mesmo que sucede con moitos outros emplazamentos de centros sacrais que teñen a función de gardar as fronteiras.

A fin de xullo de 1993 asistimos á romaría que, a pesar do despoboamento do val, aínda conserva unha certa vitalidade por acudir á mesma moitos fillos de Ancares asentados en localidades do Bierzo ou mesmo emigrados en terras lonxanas. Xuntáronse neste ano unhas trescentas persoas procedentes de distintos lugares de Ancares e outros vecindados en Fabero, Ponferrada ou Barcelona. Como a ermida está dentro dos límites de Teixeira, é evidente que os nativos deste lugar teñen un papel preponderante na celebración,

<sup>19</sup> A data de construción tomámola de *Ancares bercianos. Itinerarios naturais. Guías e itinerarios didácticos*. Serie A. Junta de Castilla y León. Consejería de Medio Ambiente. Valladolid, 1991.

convertíndose esta localidade, que está situada no límite occidental do val e, polo tanto, ocupa unha posición periférica, en protagonista de especial relevo nesta circunstancia festiva. Antigamente todos os asistentes, especialmente os de Teixeu, xantaban á sombra dos seus castiñeiros nos arredores da ermida, facéndoo aínda hoxe nalgún caso.

Sobre a media mañán comeza o ritual relixioso. Hai anos –sempre según os nosos informantes– saía San Xoán en procesión dende Teixeu para chegar á ermida, donde era recibido pola Magdalena. Nos últimos tempos organízanse dúas procesións, unha que parte de Teixeu con San Xoán (ou coa Virxe, tal e como sucedeu en 1993) e outra coa Magdalena dende a ermida; as dúas xúntanse a metade de camiño para dirixirse á morada da Magdalena, onde ten lugar a misa solemne e conseguinte procesión, actos ós que asisten tanto as ofrecidas ou ofrecidos como o público en xeral, que deposita esmolos ou ofrendas de cera. Posteriormente desenrólase a festa profana con música, xantar e baile (vid. Fotos 19 e 20). Antigamente a música era de gaita, bombo

Procesión camiño da ermida da Magdalena. 1993. (Foto 19).





A Magdalena entrando na súa ermida. 1993. (Foto 20).

e tambor, sendo substituída recentemente por unha orquesta (no 1993 era unha de Fabero). As persoas que acudían para cumprir unha oferta hai anos – polo xeral mulleres, xa que esta era unha función eminentemente feminina – eran fundamentalmente de lugares do val; aínda que acudira algunha persoa allea antes «non acudía tanta xente de fóra» (Teixeira, VII-93).

De maneira parcial, a romaría da Magdalena é un referente simbólico que contribúe a reforzar a identidade ancaresa. Sendo prioritariamente de Teixeira, pois nos seus termos se asenta o seu santuario, todos os ancareses se sinten en certa medida vencellados a este patronazgo sobrenatural como protectora que é dos camiñantes que emprenden o duro camiño do porto de Ancares, un camiño que, como nos asegurou unha informante de Espiñeireda, «papa ós ancareses». Para defendelos dos perigos desta ruta da montaña, como para defendelos en todas as rutas que seguiron nos seus desplazamentos, a Magdalena é protectora invocada e venerada; en certa medida ela é a verdadeira nai espiritual dos ancareses por riba dos patronos protectores de cada lugar.



The following text is extremely faint and illegible. It appears to be a multi-paragraph document, possibly a letter or a report, but the content cannot be discerned due to the low contrast and blurriness of the scan.



## EPÍLOGO

Nos cinco apartados precedentes pretendimos dar unha visión dalgunhas facianas salientables da sociedade ancaresa tradicional. O noso discurso elaborouse partindo de observacións persoais, de datos documentais e estatísticos por veces de difícil lectura, e de informes orais. Non podemos negar o feito de que toda etnografía reflicte valores ou posturas ás que o autor non é alleo, pero cremos que o noso escrito, seguramente discutible, aporta datos e propostas para un mellor coñecemento das culturas tradicionais do Noroeste.

Tras un capítulo inicial no que se barallan datos para comprender o marco físico, demográfico e económico de Ancares, estudiamos a sociedade en dous capítulos dedicados á familia. O modelo de familia ancaresa, predominantemente nuclear, é un exemplo máis dun tipo de familia que podemos detectar noutras terras do Noroeste e presenta moitas similitudes coa característica de certas zonas de Galicia, especialmente de Ourense. A análise permíteunos tamén descubrir outros aspectos a ela asociados, como unha herdanza baseada no igualitarismo en contraste con tradicións de «millora», unha residencia posmatrimonial variada con tendencia ideal á neolocalidade e unha forte endogamia que non dificulta, sen embargo, a existencia dun fluxo permanente de xentes procedentes doutras terras. A identidade da familia se considerou a partir do concepto de «casa», que no val de Ancares presenta –como en terras de Ourense por citar de novo un exemplo galego– a particularidade de poder cambiar en cada xeneración con máis facilidade que noutras áreas próximas. A casa ancaresa, por outra banda, nos máis dos casos posúe un cativo patrimonio, que obriga a dosificar o consumo, feito que se reflicte nunha dieta monótona só mellorada en certas ocasións, e que forza ós ancareses a achegar medios foráneos para manter ou incrementar os bens.

Precisamente o capítulo IV dedicóuse ás actividades dos ancareses fóra do val. Na primeira parte documentamos a práctica de oficios ambulantes considerados como característicos dos ancareses; as figuras do arrieiro-cereiro, do tratante ou do teitador incorpóranse deste xeito á literatura

etnográfica do Noroeste, pois ata o presente había soamente alusións de pasada ás mesmas. A elas hai que engadir a máis recente actividade da minería. Na nosa exposición, ademais, destacamos que esta práctica de oficios ambulantes permitiu a consolidación dunhos valores baseados na obtención dun máximo beneficio que se reflicten en certas palabras-clave reiteradamente utilizadas. Tratamos, tamén, de chamar a atención sobre o tecido de relacións que estes oficios tradicionais xeraron, matizando o tópico de que as sociedades campesiñas do Noroeste eran sociedades pechadas. Neste aspecto, coma noutros xa aludidos, a sociedade ancaresa ten craras coincidencias no sur de Galicia.

Outra alternativa que tiñan os ancareses para eliminar excedentes de poboación e achegar recursos era o da emigración. Na segunda parte deste capítulo exemplificamos tanto a emigración transoceánica como a máis recente a Europa. A situación demográfica actual de Ancares, que cualificamos de catastrófica, semella ser o resultado dun proceso plurisecular caracterizado pola adaptación dos ancareses ás incitacións do mundo exterior, que culminou coa saída masiva e definitiva cara a terras afastadas.

O último capítulo do noso estudio centróuse na identidade ancaresa. Primeiramente detivémonos na análise da identidade de «luguer» (aldea), salientando aspectos como as festas, os traballos de axuda mutua, a presenza de propiedade comunal ou mesmo matices léxicos que serven de ferramenta para diferenciar unhas aldeas doutras. En todos os casos os exemplos evidencian que en Ancares o peso da comunidade local é importante, sen perxuício doutros vínculos con unidades superiores. Finalmente falamos da existencia dunha conciencia de ser «ancarés» a partir de opinións tanto dos nativos como das xentes que entraron /entran en contacto con eles. Un padroádego sobrenatural, o da Magdalena de Teixeu, é un exemplo parcial, máis ilustrativo, de que todo o val de Ancares ten un referente común a pesar dos matices que se podan atopar no denominativo «ancarés».

Probablemente novos estudos feitos con diferente metodoloxía ou enfocados dende outra perspectiva podan ampliar ou mesmo matizar as afirmacións feitas por nós. Pero creo que non se pode negar que nesta monografía hai un esforzo investigador que pode aportar luces para comprender as culturas do Noroeste antes de que os ventos do cambio ou da destrución acaben definitivamente con elas. Esforzo tamén de comprensión dos homes e mulleres de Ancares ós que temos que agradecer a súa colaboración e amizade.

Compostela, setembro de 1994.

SEGUNDA PARTE

ARQUITECTURA E TECNOLOXÍA POPULARES  
NO VAL DE ANCARES (LEÓN)

Clodio González Pérez



## OS ANCARES

A serra de Ancares é unha encrucillada de fronteiras administrativas: nela xúntanse máis do que se separan León, Asturias e Galicia. Para pasar ó antigo reino leonés, cómpre primeiro subir e logo baixar o Porto Vello da Magdalena, máis coñecido actualmente polo Porto de Ancares. O mesmo lle sucede ó que dende as terras leonesas quere acceder a Galicia, pois terá que subir e baixar o famoso porto ata chegar a Murias de Rao, no concello de Navia de Suarna, despois de cruzar a alzada de Pandozarco, se é que segue a antiga vereda que foi a única vía de comunicación e tamén a máis transitada durante centos de anos. Agora a estrada baixa a Balouta e logo encáixase nos cantís do río deste mesmo nome ata Murias de Rao, pasando por un terreo tremendamente agreste, pero de extraordinaria beleza.

En vez de coller cara a Balouta, podémonos dirixir á esquerda, e entón, ó deixar a campa da Cespedosa, será todo baixar ata Suárbol, lugar de construcións modernas, xa que as antigas pallozas se queimaron no incendio que arrasou a poboación en 1957. De todo o conxunto salienta a magnífica igrexa de pedra de gra, así como un hórreo que queda de par, un dos poucos que restan hoxe en día no concello de Candín. Seguindo a estrada, logo de pasar este pequeno val glaciario e unha frondosa carballeira, chégase á primeira aldea galega, o Piornedo.

Actualmente, aínda que segue impondo ó visitante, xa non é o de antes, primeiro porque unha estrada atravesa o val de leste a oeste; segundo, porque –agás algúns excursionistas amigos do montañismo ou do sendeirismo– todos van en automóbil; e terceiro, porque segundo din os veciños máis vellos, nas últimas décadas neva moito menos que antano, que hai só trinta ou corenta anos.

Indo dende Galicia e situados xa na cima do Porto, á fronte queda o impresionante e fermoso val que avea o río Ancares e os seus pequenos

afuentes. Terras verdes todo ano, nas que ás veces mesmo en pleno verán aínda se ven pequenas «manchas» de neve, nas abas do Cuña e do Miravales<sup>1</sup>.

Distínguese, anque cada vez menos pola vizosa vexetación que cobre todo, o zigzag do vello camiño real, sobre todo para chegar ata o actual aparcadoiro e miradoiro. Máis abaixo houbo durante séculos unha pequena capela da santa que lle deu nome ó Porto, a Magdalena, que haberá uns cen anos foi trasladada para preto de Teixeu, pouco antes de chegar á antiga ferrería-fundición, que beneficiou vea de ferro da zona dende 1788 ata os últimos anos do século pasado<sup>2</sup>.

O mesmo que nas terras lindeiras de Galicia e Asturias, aquí, tanto no val propio do río Ancares coma nos dous lugares de Suárbol e Balouta<sup>3</sup>, que se achan na aba galega do Porto, a emigración foi unha sangría e, tamén é certo, unha das únicas saídas que tiñan estas xentes para liberarse da fame, paseniña durante séculos, pero brutal dende a década dos anos sesenta, que deixou a este concello case deserto, soamente habitado por persoas maiores: en 1900 contaba con 2.188 habitantes, cincuenta anos despois 1.932, en 1970 con 912, e vinteún anos máis tarde, en 1991, xa non eran máis de 495, e agora son moitos menos, na realidade quizais os que viven todo o ano seguido non cheguen ós 300.

Mesmo existe algún **luguer**, –que agás o caso de Candín, sempre coinciden coa parroquia eclesiástica–, que se acha totalmente despoboado dende hai xa máis de 10 anos. Referímonos a Vilarbón, situado no remate do val, onde o río Ancares pasa encaixado entre impresionantes cantís. E de non haber cambios –que non se albiscan–, igual camiño seguirán dentro de non moitos anos Suárbol, Lumeiras e Vilasumil. Primeiro foron Cuba e Arxentina, logo as minas de Fabeiro e Ponferrada, seguíronlle Barcelona, Madrid, Bilbao,... e, agora, o pasamento dos vellos que non se foron ou tornaron a onde naceran.

<sup>1</sup> Os topónimos sempre os damos na lingua orixinal, tal e como os din os ancareses. Aínda que actualmente está moi estendida a castelanización dos mesmos, as persoas maiores seguen facendo uso das auténticas denominacións, como Miravales. Por exemplo: «¿iquín Candín de Val d'Ancares, del Porto de Miravales...», J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del Valle de Ancares*, Vigo, 1978, páx. 34.

<sup>2</sup> Sempre damos así este topónimo, por ser como se usa correntemente, pero tamén se pode escoitar Tixeu. Na banda galega do porto adoitan dicir Teixedo.

<sup>3</sup> Respectamos a ortografía tradicional, aínda que o correcto é Valouta se atendemos á súa etimoloxía, de **valle alta**, «val alto».

Terras de forte personalidade forxada no percorrer dos séculos, convivindo entre tres culturas –a leonesa, a asturiana e a galega–, á forza do duro traballo e da trasfega de mercadorías, dende a cera, ata o gando, dende o ferro que se fundía na ferrería de Teixeu ás peles; pois como di Sebastián de Miñano no primeiro tercio do século XIX, cando non dispoñían de cabalo para andar co peixe, o ancarés «toma géneros de algunos comerciantes y los lleva sobre sus hombros de mercado en mercado». Ou ían teitar pallozas, hórreos ou palleiros a Asturias, León ou Galicia, onde aínda segue vivo o seu recordo.

A terra é pobre, de escasa produtividade –centeio, nabos, patacas, **maíz** (ou **maízo**) e un case nada de trigo (**serodo**), e algún **gaun** (vacún, lanar e cabrío), que os ancareses compensaban co comercio ambulante, coa arriería, con ir traballar temporalmente a outras zonas próximas (sega, vendima, ...)–. Así foi durante séculos, e seguiu ata que a emigración –sen retorno, ou só por uns días nas vacacións do verán–, cambiou unha situación socio-económica que se mantivo estable centos de anos, e que foi válida para o desenvolvemento da vida –ó **xeito de Ancares**, como adoitan dicir eles– neste val e nos **lugueres** situados na outra aba do Porto: Balouta e Suárbol.

Os que se foron de **ninos** ou de mozos non esquecen a súa terra, o que non ocorre cos fillos e netos, que naceron lonxe do val, por iso a situación vai ser moi outra dentro de quince ou vinte anos, cando nos meses de **xuñín** e agosto –sobre todo no segundo–, os **lugueres** non revivan algo do pasado: nenos, mozos e vellos volven andar polas rúas e camiños, uns para lembrar onde naceron e viviron a nenez e mocidade, e outros para saber onde viñeron ó mundo os **avulicos**. E todos asisten o primeiro domingo de agosto á festa da Magdalena en Teixeu, lembrando tempos pasados que, de seguro, non volverán.

O noso traballo de campo foise desenvolvendo ó longo de doce meses: poidemos comprobar como os **lugueres** deshabitados durante todo o ano, volven no verán a recobrar un pouco do que foron antano, como Suárbol onde os homes –residentes en Barcelona, Madrid, Bilbao,...– xogan ós bolos de par da igrexa como se o tempo non pasase e quedase parado hai varias décadas. Lembro á señora Victorina e ó señor Santiago –agora falecidos– os derradeiros habitantes de seguido de Suárbol, como se sentían orgullosos do seu **pueblo** no mes de agosto.

O presente traballo estrutúrase en cinco capítulos, máis a bibliografía: o primeiro céntrase no espacio xeográfico, os asentamentos humanos e os materiais constructivos de que vén facendo uso o home ancarés dende

sempre. Síguelle o dedicado exclusivamente á vivenda, dende a palloza ata a casa de baixo e sobrado. O terceiro céntrase nas construcións auxiliares ou adxectivas, entre as que sobresaie o hórreo (actualmente en fase de desaparición). Ó enxoval doméstico, apeiros e ferramentas está dedicado por enteiro o cuarto. En particular polo que atinxe ó enxoval, hoxe, agás algúns obxectos soltos, pouco xa queda. Entre os apeiros salientan o arado de pao e o carro chillón ou do país. O quinto e último leva por título «varia», pois nel trátase de catro temas que consideramos importantes, como a apicultura tradicional, as castañas, as brañas e a caza e a pesca.

Acordamos non volver a incidir en temas traballados concienzudamente por outros autores ou dos que actualmente xa non é posible acadar información, como sucede co vestido tradicional ou co laboreo do tear. No libro de J.R. Fernández González, *Etnografía del Valle de Ancares* (1978), o lector interesado atopará abundante información sobre os labores do campo, o gando, as comidas, etc. De facelo nós agora, non sería máis que repetir o mesmo con moi pequenas aportacións.

Quédanos por último falar da xente: dos ancareses; de ninguén temos queixa. Todos, sen excepción, nos distinguiron coa súa **amistede**, e se brindaron amable e desinteresadamente a colaborar, a responder ás nosas preguntas, dende os vellos ós novos, dende as mulleres ós homes, dende Sortes a Candín, dende o val ata a montaña. Todos colaboraron, cada quen na súa medida e segundo as súas posibilidades nestes anos de traballo de campo, nos que recollemos e estudiamos a súa cultura tradicional, que foi patrimonio de todos durante séculos, pero que agora só é dunhas poucas persoas maiores, dos «vellos»: a casa, o **hórro**, o **muín**, os **aperios**,...

Moitas gracias a todos, amigos.

Ancares, setembro de 1994.

# I. O ESPACIO HUMANIZADO

## 1. O VAL DE ANCARES, BALOUTA E SUÁRBOL

Unha das primeiras veces onde se atopa o topónimo Ancares é nos lindes dos condados pertencentes á diocese de Lugo, que figuran nas actas do segundo concilio de Braga (Portugal), que tivo lugar durante o goberno do rei suevo Miro, fillo de Teodomiro (570 - 583): «Tertius Comitatus dicitur Naviensis; oritur in campo Furco, extenditur ad Petrosium montem, & inde Campum Froilam divertens ad Campum de Lamas, & inde ad montem altum procedens ad montem Foiolupale ad Frigidam Fontem montis Timone: inde ad aperturas proveheitur ad montes de Ibias, venitur vertens se ad PORTUM DE ANCARES, veniens ad Petram Caballar: finiturque in Paturnello»<sup>1</sup>.

No ano 1172 xa se extraía e beneficiaba aquí o mineral de ferro: en tal data, os cóengos de Astorga acordan facer memoria dúas veces ó ano pola alma do bispo Don Fernando, «en agradecimiento deste beneficio y de haberles dado su Ilustrísima la iglesia y heredades de Redelga y los diezmos del hierro de Ancares y la tercia de sal de Lampreana»<sup>2</sup>.

Pero estas minas quizá viñesen sendo explotadas dende varios séculos antes, se temos en conta que na zona xa se detectan traballos auríferos en época romana, polo que é normal que extraesen o ferro para forxar as ferramentas. No ano 1849 escribía P. Madoz no seu coñecido *Diccionario*: «... en la gran cord. de montañas que abraza el valle llamado de Ancares, se descubren varias vetas de metales cuya calidad se ignora por falta de ensayos: en el puerto que dista una leg. escasa, se explota una abundante mina de hierro que abastece a una herrería que hay en el pueblo de Tejedo»<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> M. RISCO: *España Sagrada*, XL, Madrid, 1796, páx. 346.

<sup>2</sup> Archivo Diocesano de Astorga: «índice de particulares», núm. 123. Cfr. J. A. BALBOA DE PAZ: *Hierro y herrerías en el Bierzo preindustrial*, León, 1990, páx. 79.

<sup>3</sup> P. MADDOZ: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, "Pereda" Madrid, 1848, páx. 808.

Dos primeiros núcleos de poboación só se lembran as persoas maiores que seguen contando historias maravillosas de tesouros deixados polos **moros** ou **mouros**, entre os que salientou o castro de Altamira, situado entre Candín e Sorbeira. Pero tamén se sabe de tesouros no Reibón (Pereda), Redicova (entre Pereda e Candín), e nas ruínas dun castelo que houbo pola parte de arriba da igrexa de Vilasumil. Aínda que non deixa de ser unha hipótese, quizais este último sexan os restos do que lle ordenou construír o bispo de Astorga, Don Juan, a Gómez Pérez de Cervantes, ó facerlle entrega da encomenda de Ancares, o 2 de abril de 1324<sup>4</sup>.

O val de Ancares foi durante séculos unha xurisdicción propia, formada polas parroquias eclesiásticas de Espiñeireda, Lumeiras, Pereda, Sortes, Sorbeira, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil, e polo **luguer** de Candín. No relixioso pertenceu sempre ó bispado de Astorga. Cando foron creadas as actuais divisións administrativas, na primeira metade do século XIX, pasou a denominarse concello de Candín, pero ademais fóronlle engadidas dúas parroquias, que ata daquela eran da xurisdicción da abadía da Veiga de Espiñeireda, e do bispado de Oviedo, ó que pertenceron ata a década dos anos cincuenta do presente século, en que pasaron ó asturicense.

Todos os autores coinciden en afirmar que se trata dunha terra pobre en cultivos, dedicándose case exclusivamente ó do pan, é dicir, ó centeo; ás castañas, agás Suárbol e Balouta, onde se dá mal esta árbore, e á gandería<sup>5</sup>. As nevadas foron outro dos grandes atrancos para o desenvolvemento da vida nestas terras, chegando a dicir Sebastián de Miñano no seu *Diccionario*,

---

<sup>4</sup> M. E. RUBIO GAGO - F. J. RÚA ALLER: «Creencias, mitos y leyendas», *Ancares*, Ed. Leonesas, 1987, páx. 79 e ss. P. FERNÁNDEZ MARTÍNEZ: «Fueros y cartas-pueblas de la diócesis de Astorga», *Hispania*, XXIV (1964), páx. 119.

<sup>5</sup> Como exemplo, o que consta sobre o terreo de cada unha das parroquias no *Diccionario* de P. MADDOZ, publicado a mediados do século XIX:

- ESPÍÑEIREDA: «el terreno es de mediana calidad».
- LUMEIRAS: «el terreno es de ínfima calidad».
- PEREDA: «el terreno es de mediana calidad».
- SORBEIRA: «el terreno es de ínfima calidad».
- SORTES: «el terreno es de mala calidad».
- SUÁRBOL: «el terreno es sumamente áspero».
- TEIXEU: «el terreno es de ínfima calidad».
- VILARBÓN: «el terreno es de ínfima calidad».
- VILASUMIL: «el terreno es de ínfima calidad».

Por erro, non figura Balouta no devandito diccionario.

en 1828, que as **nevaradas** eran tan grandes que Balouta e Suárbol botaban cubertos de neve oito meses do ano (Foto 1). Unha mostra aínda é o que se sigan coñecendo e mesmo usando os **marañois**, especie de pás que se amarran por debaixo ás galochas para non se afundir na neve<sup>6</sup>.

A única saída rendible era a da arriería, vendedores ambulantes e **chalais** do gando (que mercaban en Galicia e vendían en León), tratantes en mel, cera, **cornezolo** do centeo,... e teitadores. Mentres que os homes se dedicaban a estes labores, as mulleres eran as que se encargaban de coidar dos fillos, manter o gando e cultivar a terra. Estas ocupacións mercantís viñan de moi antigo, como se proba co feito de que xa conste no *Diccionario* de S. de Miñano, en 1826: «Sus naturales salen a Galicia en el invierno, y el que no tiene caballo para tragar en pescados, sardinas, etc., toma géneros de algunos comerciantes y los lleva sobre sus hombros de mercado en mercado». Pola súa banda, P. Madoz o ano 1845 insistía no mesmo.



Balouta aséntase nun pequeno val. Como telón de fondo, o Miravales iluminado polas últimas raiolas do sol do inverno. (Foto 1).

<sup>6</sup> Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: notas históricas e situación presente», vol. II de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, páx. 368 e 374 (debuxo).

Non faltaron os intentos de mellora, sendo o máis notable o dos irmáns Bernardo e Jerónimo Rodríguez, naturais de Pereda pero dedicados ó comercio en Ferrol, que xunto con Francisco Abella, de Teixeu, constituíron unha compañía co fin de construír unha ferrería-fundición na zona. O lugar escolleito foi un situado pouco antes de chegar a Teixeu baixando do Porto, a uns douscentos metros máis baixo de onde se acha actualmente a capela da Magdalena. No ano 1788 os veciños de Pereda e Teixeu daban consentimento para que se contruíse a devandita siderurxia. Mal que ben foi tirando ata finais do século pasado, en que deixou de fundir por falta de saída comercial do ferro, igual que lles sucedeu ás restantes bercianas e galegas<sup>7</sup>. Ademais dos que traballaban na ferrería, cómpre contar os que arrincaban a vea, os que facían o carbón, os que transportaban o ferro, etc. Foi o único intento de crear unha industria no val aproveitando os seus recursos naturais: o mineral, a leña e a auga.

### 1.1. Comunicaci3ns: os camiños

Unha vía antiga cruzaba todo o val, de leste a oeste, denominada **camiño real** de Castela a Galicia. En Pereda di Pacual Madoz<sup>8</sup>: «Además de los caminos locales cuenta el real de Castilla a Galicia». Ó que denominan «calle real», como consta no *Catastro* de Ensenada, 1752, no «Real de Legos» do devandito lugar de Pereda, ó dar os lindes dun hórreo que posuía Xoán Cachón: «y al Norte con Calle Real, y al Mediodía con Campo del Común». Nos *Expedientes de la riqueza urbana*, do ano 1924, atopámonos con «calles reales» en todos os núcleos, que vén a ser o camiño principal que os comunica cos demais lugares.

Esta vía, debido ó accidentado do territorio ancarés, na máis dela os únicos que podían transitar eran as persoas e as recuas, facendo os carros só algúns treitos, sobre todo próximos ás poboacións. Seguindo o vello trazado, na década dos anos cincuenta abriuse a actual estrada, que remataba en Candín. Logo chegou ata Pereda e Teixeu, mentres que se facían pistas para comunicar con ela ós demais núcleos, como Sortes, Espiñeireda, Vilasumil, Sorbeira, Lumeiras,... Por último, xa nos anos setenta, cumpriuse a vella aspiración de que os automóbiles chegasen ata o alto do Porto de Ancares,

<sup>7</sup> Cfr. J. A. BALBOA DE PAZ: *Ferrerías Bercianas*, Madrid, 1992, páx. 86 - 87. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *A producci3n tradicional do ferro en Galicia: as grandes ferrerías da provincia de Lugo*, Deputaci3n Provincial de Lugo, 1994.

<sup>8</sup> *Diccionario ...*, t. XII, páx. 808, Madrid, 1849.

baixando logo a Balouta ou a Suárbol. Tamén se comunicou Balouta co val de Rao, co que tradicionalmente se viñan facendo todas as relacións comerciais. O derradeiro treito foi unir Suárbol co Piornedo. Agora todas están asfaltadas. Dos antigos camiños non quedan máis que pequenos treitos cubertos pola vexetación, e algunha ponte de madeira, como a «ponte vella» de Sorbeira, onde se cruzaba o río Ancares. Segue sen comunicación para automóviles normais o lugar de Vilarbón.

As estradas apartáronse dos núcleos, así, por exemplo, o camiño antigo pasaba polo medio de Candín, era a principal «calle», e igual en Pereda.

Vindo dende Galicia os primeiros **lugueres** son Balouta (se se entra por Rao, Navia de Suarna, seguindo o leito do río Balouta, afluente do Navia), ou Suárbol (se se fai polo Piornedo, Cervantes). O camiño antigo non pasaba por ningunha destas dúas rutas, senón que dende Murias de Rao ía pola alzada de Pandozarco, seguindo pola chaira onde agora se xuntan as dúas estradas modernas, pola parte de abaixo do Porto Vello da Magdalena, de Ancares, Miravales ou Antero, que por todas estas denominacións é coñecido (1.684 m)<sup>9</sup>. Na cima do Porto cómpre parar, antes deter a recua e agora o vehículo, e admirar a paisaxe, os fondos vales e os altos picos do Cuíña e Miravales. A partir de aquí a estrada non continúa o trazado do camiño, que seguía en zigzag ata a chaira que queda pola parte de abaixo, indo despois directo un pequeno treito. Ambas as dúas vías baixan ó val do río, que aquí non é máis que un pequeno regueiro, mantido polas neves e polos fríos mananciais da alta montaña. Antes a primeira edificación que se achaba era a capela da Magdalena, que lle deu nome ó Porto. Agora tamén é, pero moito máis abaixo, para onde foi trasladada en 1876. O viaxeiro ou turista pódese deter no souto da ermida, carente de valor arquitectónico, para seguir logo e a uns douscentos metros dar coas ruínas da que foi ferrería-fundición de Teixeu, construída en 1788. Actualmente non restan máis que os muros, entre os que salientan os do banzado, é dicir, por onde caía a auga para mover a roda do mazo.

Á esquerda queda Teixeu, o «camiño real» cruzaba polo medio, pero agora desvíase cara á dereita, para pasar o río Ancares (que aquí aínda adoitan denominar regueiro de Cuíña), de par dun pequeno muíño. A seguinte poboación é Pereda, que queda tamén á dereita. Actualmente, pouco antes, o viaxeiro pode descansar nun camping que hai de par da

<sup>9</sup> Porto de «Antero» figura en varias publicacións, pero en cambio ningún dos veciños fai uso dela. É máis, descoñécese.

estrada, que se acha en construción (1994). O camiño vello cruzaba polo medio do **luguer**, dirixíndose de fronte cara a Candín, despois de cruzar un río seco, un misterioso afluente do Ancares que antes de se entregar a el desaparece, botando seco o seu leito o máis do ano.

Candín, a capital do concello, queda á dereita, por detrás dun pequeno outeiro, polo que o seu casarío non se divisa dende a estrada. Este é o centro comercial do val, onde está o albergue, varios bares, a botica, a casa consistorial, etc. Mentres que unha pista sae para Candín, outra vai a Sortes e a Espiñeireda. Unha e outra vez a estrada pasa sobre as **mourocas** ou **murocas**, grandes moreas de pedras, restos da importante actividade metalúrxica, sobre todo aurífera, da antigüidade.

Camiño e estrada cruzan o río Ancares. O primeiro pola «ponte vella» de madeira, que segue en pé; e a segunda por unha moderna. Pouco antes, á dereita queda o desvío para Sorbeira. Logo de pasar a ponte sae a pista de Vilasumil, patria dos máis dos cereiros ancareses. A «ponte vella» é unha das poucas que xa quedan no val e, seguro, a máis grande, que mesmo permite aínda agora pasar vehículos sobre ela. Segundo Sebastián de Miñano, no ano 1826 había oito en todo o val. Ás grandes chámanlles **pontes**, e ás pequenas **pontías** (Foto 2).

O val estréitase cada vez máis e máis, ata que se converte nun paso entre montañas. Á dereita o camiño que sobe ata Vilarbón. Actualmente só pasan tractores e coches especiais, pero antano ían por el os carros. Durante séculos foi esta vía a mellor e máis curta para ir a Vilafranca do Bierzo, por iso, como afirma P. Madoz, recibía a correspondencia dende esta poboación.

Apartámonos non moito do río Ancares, e o primeiro desvío á esquerda é o de Lumeiras. Vén a ser o último lugar do val entrando por Galicia. Foi tradicionalmente o camiño de Asturias. A estrada empeza a subir, igual que o facía o antigo camiño, ata chegar ó Alto da Cruz, ou de Lumeiras (1.048 m). A única poboación que se albisca é o casarío de Vilarbón, sobre os cantís do río Ancares. Fronte queda a «veiga» da Veiga de Espiñeireda, e máis alá as fumeiras das minas de Fabeiro. Váíase por Galicia ou por León, para entrar no val cómpre salvar un porto, o de Ancares ou o de Lumeiras. Fóra quedan Suárbol e Balouta.

Cun territorio tan accidentado é normal que as vías de comunicación nin sexan boas agora, nin tampouco o fosen antes. No *Diccionario* de Pascual Madoz, publicado a mediados do século XIX, consta o seu estado, sobre todo da principal, da columna vertebral que foi este camiño, agora transformado en estrada:



Ata non hai moitos anos tódalas pontes eran de madeira, como a Ponte Vella de Sorbeira, que actualmente é a máis grande de cantas quedan no val. (Foto 2).

- CANDÍN: «Los caminos locales, excepto el que se dirige a Galicia».
- LUMEIRAS: «Los caminos son de herradura, dirigen a los pueblos limítrofes y a Asturias, y se encuentran en mal estado».
- PEREDA: «Además de los caminos locales cuenta el real de Castilla a Galicia».
- SORBEIRA: «Los caminos son locales y malos».
- SORTES: «Los caminos son locales y se hallan en mediano estado».
- SUÁRBOL: «Los caminos son locales».
- TEIXEU: «Caminos: dirigen a los pueblos limítrofes y puerto de la Magdalena».
- VILARBÓN: «Los caminos son locales y medianos».
- VILASUMIL: «Los caminos son locales y medianos».

Cómpre mellorar as vías existentes, pero tendo en conta que se está nun parque natural, que hai que conxugar sabiamente a conservación da natureza coa súa explotación. Preservar a biodiversidade é un dos grandes retos para o home actual, de xeito que non haxa perdedores nin «reservas humanas», procurando o equilibrio harmónico entre as especies faunísticas e florísticas, e as actividades agrícola, forestal e gandeira.

## 2. OS ASENTAMENTOS HUMANOS

Carecemos de documentación sobre a vivenda e demais construcións ancaresas ata mediados do século XVIII, anos 1752 - 1753, data en que se realizou o *Catastro* do marqués de La Ensenada ou *Única contribución*. Polo mesmo, só poderemos ter en conta os restos arqueolóxicos e algún texto referido ás edificacións desta zona montañosa, que se poida extrapolar ás do concello de Candín.

O día que se fagan excavacións, entón será cando se coñeza a estrutura destes poboados, se poida levar a termo un fiable estudio dos asentamentos, e seguir a evolución da vivenda e das demais construcións. As mostras máis antigas de que o home habitou dende moi cedo estas terras montañasas son os restos paleolíticos achados a poucos quilómetros de distancia, no lindeiro val da Fornela. É xa aquí, no de Ancares, a machadiña neolítica de Candín.

A arquitectura doméstica castrexa tende á planta circular. Tanto as vivendas como as construcións auxiliares adoitan apiñarse, pero rara vez chegan a apegarse, deixando entre elas estreitos pasos, que por algúns mesmo non transita unha persoa. Dos perigos exteriores protexíanse con murallas e foxos.

Cando se excaven ou se fagan catas nos xacementos do val, como no castro de Altamira, situado entre Candín e Sorbeira, entón poderemos coñecer o hábitat dos ancareses de antes, durante e despois da romanización e a grande explotación aurífera que tivo lugar nesta época. Polo de agora os exemplares máis próximos son os de Chano e Trascastro, no val da Fornela, nos que predomina a planta tradicional, é dicir, a circular ou con tendencia a ela.

As pallozas véñense considerando como as herdeiras das vivendas castrexas, dentro dunha longa liña evolutiva duns dous mil anos, que lle afectou ó grandor e á distribución interna, pero non en cambio ós materiais constructivos que seguiron sendo os mesmos ata os nosos días.

Nada sabemos da Idade Media. Cómpre chegar ata o século XVI para botar man dun coñecido texto –tremendamente irónico– sobre as vivendas de Tormaleo, poboación situada na aba asturiana do Porto de Ancares e, polo mesmo, lindeira con Balouta: «Las casas son redondas (...) dos puertas tiene cada casa, una al oriente y otra al occidente (...). En las dichas casas no hay sala ni cuarto ni retrete; toda la casa es un solo aposento redondo (...); y en el están los hombres, los puercos y los bueyes todo pro indiviso (...). El hogar está en medio de esa pacible morada porque de allí salga luz y calor para todo

el circular aposento igualmente (...). Las dichas casas circulares son cubiertas de unos cimborrios de fina paja (...)»<sup>10</sup>.

Importante é o *Catastro de Ensenada*, gracias ó que se coñece a situación constructiva a mediados do século XVIII, en particular as medidas das plantas e os materiais.

Outro texto extrapolable para o val ancarés e lugares de Balouta e Suárbol, é un do xeneral de artillería Juan Manuel Munárriz, de cara ó ano 1807, referido ó lindeiro val de Burbia e meiriñidade da Somoza: «Los más de ellos duermen sobre la piedra del hogar o sobre el escaño, con cuatro pajas y cubiertos con sus andrajos o con una mala manta o quilma. Sus habitaciones, que se reducen a un cobertizo de paja en que viven envueltos con el ganado, suelen tener en un lado unos sotechados para guardar la yerba, a los cuales llaman camaretas, y en ellas se recoge la familia menuda...»<sup>11</sup>.

Por último, están os expedientes da riqueza urbana do ano 1924, que amosan perfectamente a situación das construcións domésticas nesta época. Unha data na que xa as vellas pallozas empezaban a ser vivendas residuais, dos máis pobres, en vías de desaparición, trocadas polas casas altas de sobrado e corredor, que foron as que chegaron ata os nosos días sen cambios notables nas estruturas e materiais. Pero esta evolución non se deu por igual en todo o concello, a proba témola en que os habitantes de Suárbol e Balouta seguían preferindo as pallozas, sendo actualmente o segundo núcleo o único conservado do concello, quedando aínda algunha habitada. As de Suárbol desapareceron co incendio de 1957, substituíndose entón por casas «modernas», xa sen corredor.

---

<sup>10</sup> Foi publicado por primeira vez en 1866: *Cartas de Eugenio de Salazar, vecino y natural de Madrid, escritas a muy particulares amigos suyos: publicadas por la Sociedad de Bibliófilos Españoles*, Madrid, 1866, páx. 81-90. Foi reproducido en parte, entre outros, por P. DE LLANO: *Arquitectura popular en Galicia*, 1981, páx. 186; M. GIMSON: *As pallozas*, Galaxia, 1983, páx. 99-100; e J. L. ALONSO PONGA e A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, 1984, páx. 24.

<sup>11</sup> S. GÓMEZ NÚÑEZ: *El general de artillería Don Manuel Munárriz y la siderurgia del siglo XVIII en la región del Bierzo*, Publicaciones de la Real Sociedad Geográfica, Madrid, 1926, páx. 42. Hai outra edición actual: J. A. BALBOA DE PAZ: *El Bierzo en la obra de dos militares del siglo XVIII: Datolí y Munárriz*, Ponferrada, 1992.

## 2.1. Espacio xeográfico: os lugueres.

O concello de Candín está formado polos seguintes **lugueres** ou **pueblos**, que son as dúas denominacións empregadas polos veciños:

- a) no val do río Ancares: Candín (a capital e tamén o único que non é parroquia eclesiástica), Espiñeireda, Lumeiras, Pereda, Sorbeira, Sortes, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil.
- b) na aba galega do Porto: Balouta, val do río do mesmo nome que desauga no Rao; e Suárbol, conca do río Ser, ambos os dous afluentes do Navía.

A situación cambia duns a outros, pero a tendencia é a estar situados no fondo dos vales (Candín, Lumeiras, Pereda, Teixeu), algúns mesmo de par dos ríos (Sortes), en pequenos outeiros (Espiñeireda, Sorbeira, Vilasumil), en pronunciadas abas (Vilarbón) e, por último, en altos vales de orixe glaciar (Balouta e Suárbol). As latitudes varían, sendo as máis baixas as de Candín (888 m), Pereda, Sorbeira e Teixeu, que non chegan ós 1.000 m, mentres que Vilarbón se sitúa entre os 1.060 m da igrexa e os 1.130 das últimas construcións, igual que Balouta (1.120 m), pero menos que Suárbol, que é a poboación a máis altura (1.190 m).

A forma dos núcleos depende de varios factores, dende a tendencia a circular (como Balouta, Espiñeireda e Lumeiras), ata a alongada, froito de se ir estendendo ó longo dun ou de varios camiños (Candín, Pereda, Vilarbón, ...).

### 2.1.1. Un lugar de construcións antigas: Balouta

Xunto con Suárbol, son as dúas poboacións do concello de Candín que quedan fóra do val de Ancares. Áchanse na aba galega do Porto, polo que tradicionalmente sempre foron as que mantiveron máis relacións con Galicia, anque as vías de comunicación tampouco fosen boas, pois Balouta nin tan sequera dispoñía de camiño de carro para ir ata Rao.

A situación é impresionante, no fondo dun pequeno val cercado por altas cumes, entre as que salienta a do Miravales, con 1.969 m. A beleza da paisaxe contrasta coa pobreza da terra, que non produce pouco máis que centeo, patacas e herba para o gando, xa que debido á altitude (1.120 m) non se dan as castañas, que foron ata hai poucas décadas un dos froitos básicos da mantenza humana. Os veciños que non posuían **castañeiros** nos vales lindeiros, ou as mercaban ou baixaban de **varixoes** ou **varizois** ós de Ancares e Rao, recibindo polo seu traballo unha pequena cantidade de froito,

Agora é onde quedan máis pallozas ou, se queremos empregar a terminoloxía tradicional do lugar, **casas de teito**. Sempre foi o **luguer** máis conservador no aspecto arquitectónico de todo o concello de Candín. Así, por exemplo, a mediados do século XVIII aínda non había ningunha vivenda alta, e nin sequera baixa lousada. As 30 casas habitadas eran todas pallozas. O seu aspecto coidamos que non se diferenciaría moito do dunha acrópole castrexa, atendendo ás dimensións e disposición das casas: a media superficial viña a ser de 22,90 m<sup>2</sup>. As dos castros fluctúan entre os 12,56 e os 28,27 m<sup>2</sup> <sup>12</sup>. Igual que sucedeu en toda a zona, aquí tamén se aprecia unha mellora económica posterior a mediados do século XVIII, pois as construcións fóronse agrandando máis e máis, chegando ás que se conservan hoxe en día, con unha media de 126,90 m<sup>2</sup>, sendo a máis grande de 342 e a máis pequena de 85 m<sup>2</sup> <sup>13</sup>.

Non hai dúbida que as malas ou case inexistentes vías de comunicación foron un dos factores que máis influíron na conservación das construcións tradicionais, de xeito que aínda en 1970 había case corenta casas e palleiros con cuberta de colmo, fronte a pouco máis de vinte con **louseu**. Distínguese claramente o núcleo antigo, situado case no medio da poboación, que era –e segue sendo– onde quedan máis pallozas, caracterizándose por ser moi poucas as que dispoñen de terreo ó arredor, non digamos xa para cultivos, senón soamente para curral do gando e das **pitas**. A igrexa áchase fóra do núcleo, separada das vivendas polo **rigueiro Soutadores**, o que indica que se trata dunha obra relativamente recente, que quizás veu a substituír a algunha capela máis céntrica (Fig. 1).


Nada se sabe verbo da súa orixe: hai a posibilidade de que empezase sendo unha alzada ou braña para manter o gando durante os meses de verán, e que logo rematase con poboación estable todo o ano, como lle sucedeu, por exemplo, á Peliceira, lugar veciño repartido a medias entre Asturias e Galicia.

A referencia máis antiga sobre as edificacións de Balouta é do ano 1753, data do *Catastro de Ensenada*. Daquela contaba con 31 veciños cabezas de casa, 26 varóns e 4 pobres de solemnidade. Non se di nada das mulleres solteiras<sup>14</sup>:



<sup>12</sup> A. ROMERO MASLÁ: *El hábitat castreño*, C.O.A.G., Santiago de Compostela, 1976, páx. 58 e ss.

<sup>13</sup> Estes datos corresponden ó ano 1924, cando aínda a maioría das vivendas eran pallozas, *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...* do concello de Candín

<sup>14</sup> *Vecindario de Ensenada*, 1759, ..., páx. 1.046-1.047.



Balouta cambiou moito nos últimos vinte anos, pois daquela a maioría das construcións aínda estaban teitadas. A mostra témola con este plano de 1970, baseado en información propia, na folla 100 do Instituto Geográfico y Catastral e en E. García Fernández (*Alfoces y Pueblos*. León, 1986). (Fig. 1).



Construccións	Núm.	Cuberta	
		Colmo	Lousa
Vivendas baixas:			
• pallozas	31	31	—
Palleiros	18	18	—
Hórreos	19	19	—
Muíños	2	2	—

(Fonte: *Catastro de Ensenada*, 1753).

Segundo o reconto que fixemos, o lugar estaba formado por 70 construcións, anque non cadra exactamente co resumo que figura no «Interrogatorio», no que consta que entre casas, palleiros e hórreos, había 61, máis seis casas arruinadas e dous muíños; en total 69.

Nos anos seguintes o número mantívose relativamente estable, pois 171 despois, en 1924, eran 78:

Construccións	Núm.	Cuberta	
		Colmo	Lousa
Vivendas baixas:			
• pallozas	42	42	—
• casas baixas	2	—	2
Casas altas	5	3	2
Palleiros:			
• baixos	6	6	—
• altos	8	7	1
Hórreos	4	—	4
Muíños	2	—	2
Cortes	8	8	—
Outras (a igrexa)	1	—	1

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

As de cuberta vexetal seguían sendo a maioría, 66 fronte a 12 con lousa (o 84,61%).

A partir desta época, as pallozas empezan a ser trocadas por outras

casas, seguindo os mesmos parámetros constructivos dos lugares próximos, de baixo e sobrado, e este con corredor. Xa vimos como en 1970 quedaban case corenta vivendas e palleiros con cuberta de colmo, e pouco máis de vinte con lousa. Pero foi nestes últimos anos –sobre todo dende que se abriu a estrada que comunica cos vales de Ancares, Rao e Suárbol–, cando as antigas construcións foron na súa maioría substituídas por outras. Curiosamente un dos primeiros edificios «modernos» foi a escola. Hoxe en día quedan doce pallozas, das que catro aínda se achan en estado aceptable de habitabilidade, pero de xeito seguido soamente viven varias persoas maiores, estando as demais convertidas en palleiros (Foto 3).

### 2.1.2. Un lugar de construcións novas: Vilarbón

Escollémolo por levar abandonado máis de 10 anos, e non ter sufrido dende entón cambios que lle afectasen á disposición tradicional, como o ensanchamento de camiños para asfaltalos, construcións modernas, etc.

Pola súa situación sobre os cantís do Ancares, cando o río está deixando o val que lle dá nome, tense denominado o «balcón do Bierzo» (figura así no *Diccionario* de Sebastián de Miñano, en 1826). Eu máis que «balcón», diría



Cada ano que pasa quedan menos pallozas en Balouta. Un dos primeiros edificios «modernos» foi a escola. (Foto 3).

«corredor», porque son precisamente os únicos que hai. No tocante á paisaxe é excepcional, pero non así para vivir, xa que as terras de labor son escasas, conta con pouca auga, e as comunicacións sempre foron malas –aínda agora só se pode subir en tractor ou en vehículo especial–. Áchase entre as cotas de altitude 1.060 e 1.130 m (Fig. 2).

Atendendo á situación, puidera ser que a súa orixe estea nunha braña ou alzada, que empezou como lugar para pasar o verán co gando, que logo se botaron cereais e rematou quedando como poboación estable. O núcleo primixenio quizais fose onde se ensancha o camiño de arriba, «a praza», por ser a parte máis agarimada –anque lonxe do único manancial– e quedar máis restos de construcións antigas, en parte cubertas polo mato. O **pueblo** ten forma de «améndoa», entre dous camiños ou **calles**, unidos entre si por ruelas estreitas e moi costañeiras, polas que por varias non pasan máis que persoas. O que a igrexa parroquial quede fóra do núcleo, pola parte de abaixo das hortas, tamén reafirma a nosa tese, de que o pobo non se foi construíndo arredor, senón que se fixo despois, cando xa non se dispoñía de espazo axeitado, tendo que quedar lonxe, aínda que o campanario estaba na **calle real**, de par das casas.

O camiño procedente do val (desvíase do xeral ó estreitarse este, despois de Sorbeira), chega a arriba bordeando a montaña, pola aba. O primeiro que se acha é o único manancial de que se abasteceu durante séculos o lugar, de par do que agora hai un lavadoiro cuberto, feito nos últimos anos en que estivo habitado. O primeiro edificio –á dereita– é a escola, construción digna que non desentoa coas demais, anque sexa a máis nova. Logo o camiño bifúrcase, quedando na mesma unión un magnífico hórreo, debaixo do que se empozaba a auga procedente da fonte e doutro manancial situado lonxe, pola parte de arriba do lugar, para regar as hortas que quedan máis abaixo, entre as casas e a igrexa (Fig. 3). No cabo os camiños vólvense xuntar no Rouso, seguindo cara a Bustarga (poboación do concello da Veiga de Espiñeireda –antes do val de Finolledo–), agora abandonada igual que Vilarbón.

Non se conserva ningunha documentación do *Catastro de Ensenada*, o que nos priva de coñecer o número e a clase de edificacións a mediados do século XVIII, pero sabemos o de veciños: cabezas de casa, 31; xornaleiros varóns, 16; pobres de solemnidade, 1<sup>15</sup>. Cómpre esperar ata 1924:

<sup>15</sup> *Vecindario de Ensenada*, 1759, ..., páx. 1.050-1.051.


Construccións	Núm.	Cuberta	
		Colmo	Lousa
Vivendas baixas:			
• pallozas – casas de teito	9	9	—
• casas lousadas	6	—	6
Vivendas altas	42	7	35
Palleiros:			
• baixos	48	45	3
• altos	4	3	1
Hórreos	11	2	9
Cortes	16	13	3
Outras (a igrexa)	1	—	1

(Fonte: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...* 1924).


En total había 137 construcións en todo o lugar, das que eran vivendas o 41,60%.


O tempo seguiu favorecendo máis ás casas altas, pois actualmente deben pasar das 50, as máis delas con corredor, agás as últimas, que escolleron as ventás grandes, tipo balcón. Nos últimos anos xa non había ningunha palloza habitada, aínda que si algo antes, como se comproba polo sarrío que queda nas madeiras de varios dos agora palleiros. Polo que atinxe ós hórreos, ultimamente xa eran pouco necesarios, pois case todas as vivendas posuían sobrado e corredor para secar e gardar os cereais, e os froitos en xeral. Agora quedan dous en pé, un lousado e o outro colmado. Dun terceiro non restan máis que os pés e a mesa, situado na bifurcación da Bustarga. Como é normal en case todas as poboacións ancaresas, xa por non dispoñer de terreo ou para evitar incendios, os palleiros situábanse fóra do núcleo urbano. Os únicos son uns poucos que se achaban na **plaza** –a eira–, onde o camiño se ensancha e antes xogaban ós bolos, non hai dúbida que por seren as primeiras casas que houbo, que quedan no lugar máis agarimado (Foto 4).

De seguir así abandonado, e polo de agora non hai trazas de que volva ninguén, dentro de non moitos anos non quedará máis que unha morea de pedras do que foron boas vivendas na súa época, construídas as máis delas cos cartos procedentes da minería –o fume das de Fabeiro albíscase ó fondo–, comparables ás mellores de calquera outro lugar do concello de Candín, e tamén dos lindeiros.



Posiblemente Vilarbón empezou sendo braña, para logo rematar en poboación estable. O núcleo primitivo coidamos que sexa no medio, onde aínda quedan construcións antigas ou mesmo restos, estendéndose logo ó longo do Camiño real. Coa fin de evitar incendios, os palleiros están situados fóra, pola parte de arriba. O edificio que queda abaixo de todo, é a igrexa. (Fig. 2).





De par do único manancial que hai antes de chegar ás primeiras casas, foi construído un lavadoiro poucos anos antes de quedar deshabitada a poboación. (Fig. 3).

Vilarbón foi o primeiro *luguer* do val de Ancares que quedou deshabitado. Dalgúñas construcións xa non restan máis que as ruínas das paredes. (Foto 4).



## 2.2. Materiais constructivos

Dende a máis remota antigüidade ata non hai moitas décadas, os materiais constructivos empregados polo home foron tres: a pedra, a madeira e a palla. Os tres abundaban na zona, polo que se fixo uso deles dende sempre.

Non toda a pedra do concello é igual: mentres que en Suárbol case todas as edificacións –entre as que destaca a magnífica igrexa con cabido– son de granito, nas demais o predominio é das cuarcitas e, sobre todo, dos xistos (dende os grisazulados ata os negros, como en Vilasumil). Tamén hai algo de canto rodado. Nas construcións máis antigas cinguíanse á cachotería tal e como saía da canteira, poñéndoa mesmo en seco. Nas últimas obras xa se aprecia un labor de alisamento feito a base de pico. É de supoñer que houbera canteiros na zona, pero os veciños maiores lémbrense dos galegos que viñan dende as provincias de Pontevedra e Ourense (algún mesmo casou no val). A presenza destes artesáns ambulantes tamén se rexistra no lindeiro concello de Navia de Suarna<sup>16</sup>.

A lousa, espallado o seu emprego dende mediados do século XIX, aínda que xa había algunha a mediados do XVIII, non só se usa para cubrir, senón que tamén para revestir por fóra as chemineas, en pezas grandes nos petos dos corredores, para protexer madeiras que quedan ó exterior, etc. (Foto 5).

Ultimamente hai a tendencia de revocar as xuntas da pedra ou mesmo toda a parede, pero trátase dunha moda de hai poucas décadas. Algo máis antigo, pero tamén recente, é o do interior, sobre todo nas **habitaciois**, a base de barro e cal. Nos últimos anos xeneralizouse.

Séguelle a madeira: as máis importantes sempre foron o carballo (**rebola**, **robolo** ou **carballo**), e o **castañeiro** (bravo ou manso). Non faltan tampouco o **umeiro** (**ameneiro**), **abedú** (**bidueiro**), **salgueiro**, **conchal** (nogueira), ... Tradicionalmente cortábanse no menguante de xaneiro e, para ben, as toradas debían botar algún tempo metidas no río.

Todas as contrucións levan muros de pedra, e a armazón do teito ou lousado de madeira.

<sup>16</sup> Os canteiros da Terra de Montes (Pontevedra), entre 1888 e 1895 construíron a casa rectoral de Rao, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente», Vol. II de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, 1991, páx. 41.

A lousa tamén serve para protexer taboados exteriores de madeira, como nesta casa de Sorbeira. (Foto 5).



O que varía é a cuberta: dende a máis antiga que debeu consistir en pólas (en particular de xesta), sobre as que asentaban **terrois** con herba para que non se filtrase a auga, ata a lousa, pasando polo colmo.

Non está clara a situación reflectida a mediados do século XVIII no *Catastro* de Ensenada, aínda que chegamos á conclusión de que cando non se di nada ou consta «cubierta de paxa», é que o edificio tiña a cuberta vexetal, aclarándose cando é de lousa que ten «cubierta de Losa». Caso único é o dunha casa alta de Teixeira «cubierta de texa» (puidera ser que o amanuense confundise lousa por tella):

Lugar	Núm. construcións (incluídos hórreos, muíños, etc.)	Cuberta				
		Terróns	Colmo	Lousa	Mixta	Tella
Balouta	70	—	70	—	—	—
Candín	82	—	78	4	—	—
Espiñeireda	90	—	89	1	—	—
Lumeiras	95	—	95	—	—	—
Pereda	132	—	132	—	—	—
Sorbeira	98	—	98	—	—	—
Teixeu	112	—	110	1	—	1

(Fonte: *Catastro de Ensenada, 1752-53*).

Carecemos de datos sobre Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil.

Polos anos 1752-1753 o predominio do colmo era, podemos dicir, aínda total, representando a lousa e a tella un insignificante 1,03%. Cubertos con pólas e terróns seguro que estaban os **cabanos** e **cabanans** do monte, pero este catastro non os recolle por ser construcións moi secundarias e non pertencer a unha única persoa.

A situación trocara de abondo 172 anos despois, en 1924:

Lugar	Núm. construcións	Cuberta				
		Terróns	Colmo	Lousa	Mixta	Tella
Balouta	78	—	66	12	—	—
Candín	133	—	51	80	2	—
Espiñeireda	89	—	43	42	4	—
Lumeiras	109	—	83	26	—	—
Pereda	133	—	27	101	5	—
Sorbeira	106	—	58	48	—	—
Sortes	120	—	73	46	1	—
Suárbol	67	—	50	12	5	—
Teixeu	134	1	77	49	7	—
Vilarbón	137	—	80	57	—	—
Vilasumil	77	—	36	37	4	—

(Fonte: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...*, 1924).

As cubertas de palla superaban ás de lousa, agás en Candín, Pereda e Vilasumil. Pero cómpre ter en conta que aquí son todas as construcións (vivendas, palleiros, hórreos, muíños, etc.), porque de ser só a casa, entón o predominio da de pedra é moi superior, case total nalgún lugar. Ás veces dependía de onde estivese situada a «louseira», se lonxe ou preto da poboación. Tamén é de subliñar que xa houbo 28 mixtas, de palla e lousa.

Actualmente, e en particular dende os incendios que arrasaron Suárbol (1957) e Sortes (1965), as cubertas vexetais desapareceron das casas de baixo e sobrado, quedando só nas pallozas (como Balouta) e nos palleiros, sendo nestes últimos onde se conserva máis. Agora a cuberta de colmo é residual e, dentro de poucos anos, de non seguir unha política de axudas, terá desaparecido, substituída por pranchas de fibrocemento, que se poñen unha vez para sempre, e non como a palla, que cómpre repasala todos os anos e poñerlle outra nova cada dez ou doce, ou antes, segundo as condicións climáticas.

Os **teitadores** son os que colocan o colmo, entre os que tradicionalmente sempre destacaron os ancareses, que se desprazaban a teitar a moi lonxe (Asturias, Galicia, León). Aínda queda algún que, igual que os seus devanceiros, segue saíndo a traballar fóra (a Villablino, por exemplo) (Foto 6).



O emprego dos materiais tradicionais da zona xa é cada vez máis escaso: en Balouta, por exemplo, de par das pallozas hai casas de pedra e algunhas recentes de bloques de cemento. (Foto 6).

### 2.3. As construcións

A máis importante é a casa-vivenda, polo que a súa feitura e materiais sempre se tiveron máis en conta. Séguelle o hórreo, os palleiros, os muíños, as cortes e os cabanos do monte. Casos especiais son os edificios relixiosos (igrexas e capelas), e os industriais (a ferrería e os lagares da cera).

As vivendas foron aumentando de grandor dende a prehistoria ata os nosos días: seguro que as medievais eran maiores que as castrexas, as do século XVI máis que as da Idade Media, e así ata chegar ós nosos días, en que non só se cinguen á cociña e ás alcobas, senón que se lle incorporaron o cuarto de baño, a sala, o comedor, etc.

As plantas circulares máis correntes das casas castrexas son entre os 4 e 5 m de diámetro, sendo moi escasas a partir dos 6 m. É dicir, entre os 12,56 m<sup>2</sup> de superficie, ata os 28,27 m<sup>2</sup>. Hai algunha máis grande, pero de seguro que non era vivenda, senón que se dedicaba a fins comunitarios. As rectangulares adoitan contar con máis superficie<sup>17</sup>. Aquí nos Ancares foron evolucionando ó longo dos séculos, pero seguiron empregando os mesmos materiais, e tamén a forma de facer uso deles. Comparando as superficies que constan no *Catastro de Ensenada* (1752-53), e as dos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...* (1924), descóbrese como as vivendas de planta baixa (pallozas, casas de teito, mesmo algunha lousada), aumentaron considerablemente de grandor durante os 172 anos que median entre ambos:

Lugar	Superficie m <sup>2</sup> / media	
	1752 - 53	1924
Balouta	22,90	126,90
Candín	83,67	112,62
Espiñeireda	73,52	139,57
Lumeiras	15,34	80,33
Pereda	79,61	133,38
Sorbeira	29,96	124,90
Sortes	—	158,19
Suárbol	—	127,64
Teixeu	84,03	137,71
Vilarbón	—	95,07
Vilasumil	—	86,66

<sup>17</sup> A. ROMERO MASIÁ: *Obr. cit.*, páx. 58 e ss.

De Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil non se conserva o *Real de Legos*, carecendo polo tanto de datos sobre as vivendas. Polo que atinxe a este catastro, atémonos ás medidas do «frente» e do «fondo», considerando plantas rectangulares cando, de seguro, as máis delas eran elípticas ou tirando a esa forma, que é a normal da palloza máis tradicional (Balouta, Suárbol), pero así serían máis pequenas<sup>18</sup>.

Non hai dúbida que nos 172 anos que separan estes datos, a casa-vivenda tradicional, a baixa cuberta con palla ou mesmo nalgún caso con lousa, aumentara considerablemente de superficie, mesmo en máis de cinco veces. Un caso a ter en conta é o de Balouta, onde a media superficial de cada palloza era en 1752 - 1753 de 22,90 m<sup>2</sup>, e en 1924 pasara a 126,90 m<sup>2</sup>. Hai 250 anos este **luguer** debía ter o aspecto dun castro, aténdonos ó grandor das casas. As de 1924 veñen a ser as actuais.

O aumento de superficie dende mediados do século XVIII tamén se comproba no lindeiro concello de Navia de Suarna, con referencia ás actuais<sup>19</sup>.

A ventilación e a luz adoitan ser moi escasas, pero non só nas pallozas, senón que é xeral en toda a arquitectura tradicional, que non dispoñía de vidros grandes e, polo mesmo, os ocos convertíanse nun problema durante o inverno, para evitar que entrase o frío por eles. O normal era que as contras das ventás tivesen un furado no medio para pasar a luz, que tapaban con palla ó chegar o inverno e, en particular, pola noite. Na parte baixa das portas case nunca falta a **gateira**.

A xeito de exemplo, velaquí a media de ocos das vivendas baixas (pallozas, casas de palla e algunhas lousadas) de dous **lugueres**, un situado no val e o outro na aba do Porto. Por «occos de luz», enténdese as **portas, ventás, luceiras e ventáus**:

Lugar	Vivendas baixas	Media ocos	Repítense máis
Balouta	46	2,63	2
Sortes	53	1,96	2

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

<sup>18</sup> Por exemplo: Mateo Abella de Pereda, posuía «una casa en casco de este lugar con un orrio inmediato tiene de frente cinco varas, y de fondo siete». De considerarse rectangular, serían 35 varas cadradas (4,175 x 5,845 = 24,40 m<sup>2</sup>), pero se fose elipsoide, e correspondesen esas medidas ós eixes menor e maior, respectivamente, entón a súa superficie andaría polas 27,48 varas cadradas (19,16 m<sup>2</sup>).

<sup>19</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 20.

Non tiñan en conta os pequenos **burecos** ou **fureus** que dan algo de luz ás cortes, e que no inverno se tapan con palla para que non entre o frío.

O número de ocos que máis se repite é o de dous, que corresponde un á porta e outro a unha pequena ventá da cociña. Tamén poden ser só dúas portas, unha para as persoas e a outra para o gando. A primeira sempre é de **cuarteirón** ou **postigo**, coa folla cortada algo máis arriba da metade, que se abren e pechan independentemente as dúas partes. Unha porcentaxe elevada non contaban con máis dun oco, que viña a ser a porta (o 8,69 % en Balouta, e o 13,20 % en Sortes). Non había diferenza entre as vivendas do val e da montaña.

### 2.3.1. *As construcións a mediados do S. XVIII: O Catastro de Ensenada.*

Non se conserva completo: de Vilarbón non hai nada, e só o «Interrogatorio» de Sortes, Suárbol e Vilasumil. Nesta época a poboación do actual concello de Candín andaba polos 411 veciños, sen contar Vilarbón, polo que podería chegar case ós 450, que pasado a habitantes serían uns 2.000<sup>20</sup>.

A diferenza do que pasa no concello lugués de Navia de Suarna, aquí os encargados de levar a cabo este catastro non tiveron en conta a forma real da planta das construcións elípticas ou case circulares, e non porque non as houbera, que aínda quedan hoxe en día en Balouta e restos en Suárbol, senón por comodidade considéranas como cuadrangulares, dando o longo e o ancho. Isto prívanos de coñecer a planta, nin aproximada, das pallozas nesta época, sendo só válida para as rectangulares coas esquinas redondeadas. Poñamos por caso, aínda que eran iguais na súa feitura, dunha navega dise

<sup>20</sup> Poucos anos despois, 1759, detallado por **lugueres** viña a ser:

Lugar	Veciños	Outras persoas
Balouta .....	31 .....	30
Candín .....	36 .....	22
Espiñeireda .....	41 .....	7
Lumeiras .....	52 .....	8
Pereda .....	43 .....	3
Sorbeira .....	47 .....	28
Sortes .....	55 .....	11
Suárbol .....	23 .....	21
Teixeu .....	64 .....	14
Vilarbón .....	31 .....	17
Vilasumil .....	28 .....	12
<b>Total</b>	<b>451</b>	<b>173</b>

(Fonte: *Vecindario de Ensenada*, 1759).

que ten de perímetro exterior 44 varas e de «fondo», 11; mentres que dunha ancaresa consta que mide 12 varas de longo por 6 de ancho. Ademais en Galicia fan uso da denominación **casa pajaza**, polo que non hai dúbida sobre que construción se trata, mentres que nos Ancares lle chaman **casa**, pero sen saber se realmente é elíptica ou rectangular. Coas outras edificacións ocorre o mesmo, pois de certo non sabemos se os palleiros eran cuadrangulares ou elípticos. Os únicos que non presentan dúbidas son os hórreos, xa que a súa forma non variou.

A situación constructiva era a seguinte:

- *Pallozas e casas de teito* (é imposible diferencialas): 336, sen Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil, polo que o seu número puidera superar as cincocentas. En varios **lugueres** representaban o total das vivendas. Onde menos había era en Candín, só o 80,48 % do total.
- *Casas con sobrado*: 21, sen ter en conta as poboacións arriba mencionadas das que se carece de documentación. Non existía ningunha en Balouta e Pereda. Representaban pouco máis do 6 % do total das vivendas. En Espiñeireda era onde había máis.
- *Cuartos ou cileiros*: 9, sen os **pueblos** que carecen de documentación. Non se contabiliza ningún en Balouta, Espiñeireda, Lumeiras e Teixeu.
- *Hórreos*: 136, sen Suárbol e Vilarbón. Onde máis había era en Pereda, 23.
- *Palleiros*: 186, sen Suárbol e Vilarbón. En Sortes había 33.
- *Muíños*: 19. Descoñecemos a situación de Vilarbón. Non existía ningún en Vilasumil.

Quedan varias construcións de pouca importancia, como algunha casa baixa lousada que, consonte coas medidas, non viñan a ser máis que **bodegos**.

### 2.3.2. O Censo de construcións de 1924.

Se antes a fonte documental era o magnífico –malia todos os defectos que poida ter– *Catastro de Ensenada*, agora van ser os *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, neste caso correspondentes ó concello de Candín, redactados polos meses de maio a agosto do ano 1924.

Cada edificio conta co seu expediente individual, no que consta o propietario, as dimensións, os materiais constructivos, uso, número de ocos

de luz, estado de conservación, etc. Como o factor que máis importa é a propiedade, hainos con dous expedientes, debido a que o baixo pertence a unha persoa e o sobrado a outra.

Durante estes 172 anos que separan os dous censos a situación cambiou de abondo, como se amosa ó estudar detidamente cada unha das construcións, destacando que se en 1752 - 53 predominaban as vivendas baixas cubertas con colmo (pallozas e casas de teito); en 1924 xa eran contadas as familias que residían nelas, sendo as máis espalladas as vivendas de baixo e sobrado:

- *Pallozas e casas de teito*: 168. O seu número baixara a favor das casas altas e das terreas, pero con cuberta de lousa. Como xa queda dito, no censo non distinguen entre a tradicional palloza e a casa de planta rectangular con cuberta vexetal.
- *Casas baixas lousadas*: 90. Proporcionalmente eran moitas as que posuían **louseu** (así din en Balouta, Pereda, Candín,...) ou **lousao** (Lumeiras), pois, agás algunhas excepcións, viñan a ser as antigas casas de cuberta de palla que lle fora trocada por lousa. Había tres que a tiñan mixta, de colmo e lousa.
- *Casas con sobrado*: 271. Eran a maioría das vivendas en varios lugares, agás en Balouta, Lumeiras, Sorbeira, Suárbol e Teixeu. Adoitaban estar cubertas con lousa, pero quedaban algunhas con colmo.
- *Cuartos ou cileiros*: non sabemos cantos había, pero si existía algún. Diferéncianse das casas con sobrado en que son máis pequenos (polo regular) e carecen de cociña. O seu complemento son aquelas construcións que figuran como «corte e cociña».
- *Hórreos e paneiras*: 40. Habíaos con cuberta vexetal, pero xa predominaba a de lousa (o 52,5%). En Suárbol era onde máis quedaban, 13, non existindo xa ningún en Candín, Pereda, Sorbeira e Sortes. Para os encargados do censo, os hórreos diferéncianse basicamente das paneiras en que se asentan sobre pés, mentres que elas o normal é que se apoien en muros, quedando por debaixo un local (corte, adega, etc.).
- *Palleiros*: 390, contando os de planta baixa, os de sobrado e aqueles que, ademais de gardar palla, tamén unha parte era corte. En Lumeiras e Vilarbón era onde había máis, 53 e 52, respectivamente.
- *Muñños*: 34. Sortes era o **luguer** con máis, 7. En cambio non existía ningún –pola súa situación xeográfica– en Vilarbón.

- *Cortes*: 137. Algunhas ademais de corte para o gando tamén eran cociña, polo que é de supoñer que se tratase de pallozas nas que xa non se vivía.

Como doadamente se deduce as construcións tradicionais estaban en claro retroceso, que se iría acentuando máis e máis nos anos sucesivos, sobre todo as de cuberta vexetal.

#### 2.4. Situación actual

Está marcada pola desaparición das pallozas ou casas de teito, agás no lugar de Balouta, onde aínda mesmo segue habitada algunha. As demais foron destruídas, transformadas en paleiros ou atópanse en ruínas. Actualmente esta construción tradicional que foi vivenda durante centos de anos, é residual, habendo lugares xa sen ningunha (Foto 7).

Agora, e dende hai anos –como amosa o censo urbano de 1924–, predomina a vivenda de baixo e sobrado: as antigas con corredor, e as máis recentes ou reformadas con ventás grandes. En casos, o corredor foi transformado en galería acristalada.



Palloza en ruínas de par da igrexa de Suárbol (1985). Actualmente xa non queda máis que parte dos muros. (Foto 7).

Quedan, por último, as casas actuais que nada teñen de parentesco coas de antes, nin polos materiais nin menos aínda pola forma. Son modelos importados doutros sitios, que se poden ver en calquera parte.

Os palleiros de colmo tamén son residuais, pero consérvanse máis exemplares que de pallozas e casas de teito. Con todo o seu número é contado, facendo cada vez máis de palleiro algunha construción alta.

Rematamos cos muíños. Seguen funcionando algúns, polo menos catro ou cinco, pero de cando en vez soamente moen dous para o gando, pois agora xa ninguén se para a cocer. Os demais áchanse en ruínas ou semi-ruinosos.

Sobre cada unha destas construcións volveremos tratar máis adiante, en capítulos monográficos.

The first part of the paper is devoted to a review of the literature on the topic. It is found that there is a general consensus that the use of the term 'cognitive' is not appropriate in this context. The authors argue that the term 'cognitive' is too broad and does not capture the specific nature of the phenomena being studied.

The second part of the paper presents a new framework for understanding the phenomena being studied. This framework is based on the idea of 'cognitive' as a process rather than a state. The authors argue that this new framework is more appropriate for the study of the phenomena being investigated.

The third part of the paper discusses the implications of the new framework. It is argued that the new framework has important implications for the way in which the phenomena being studied are understood and researched. The authors suggest that the new framework should be used to guide future research in this area.

The fourth part of the paper concludes the paper. The authors summarize the main points of the paper and reiterate their argument that the new framework is more appropriate for the study of the phenomena being investigated. They also suggest some directions for future research.

The authors would like to thank the following people for their help and support during the preparation of this paper: [names]. They would also like to thank the following organizations for their financial support: [names].

The authors declare that they have no conflict of interest. The authors also declare that they have no financial interest in any of the products or services mentioned in the paper.




Figure 1. [Illegible text describing the figure]

## II. A VIVENDA

### 1. A CASA-VIVENDA

A «casa» pode constar dunha única construción situada nun espacio común sen delimitar xunto con outras, carecendo polo mesmo de horta ou curral inmediato, como pasa aínda con algunhas pallozas en Balouta. Ou estar formada, ademais da vivenda, por varias edificacións auxiliares ou adxectivas (palleiro, hórreo, cortes, etc.), quedando todo nun espacio arredor ben delimitado por muros, cunha ou dúas entradas, das que a máis grande sempre adoita ser a **portalía, portalaco, portalón, portois** (cando son máis dun), etc., pola que pasa o carro.

A máis primitiva seguro que é a primeira, que se mantivo igual ó longo dos séculos. En cambio o conxunto foi evolucionando, tanto no concello de Candín, como nos lindeiros asturianos, leoneses e galegos, dende o máis antigo constituído pola palloza, o palleiro (non sempre) e o hórreo, engadíndolle logo unha pequena dependencia denominada, segundo o lugar, **cuarto, cuartín** ou **cileiro**, dos que quedan, polo menos, dous exemplos en mal estado de conservación, pero que permiten o seu estudo: un en Vilasumil (palloza e **cileiro**), e outro en Suárbol (palloza, palleiro, hórreo e **cileiro** ou **cuartín**). O segundo, que estivo habitado ata haberá uns cinco anos, conta con **corral** protexido por un muro baixo, con portal ancho cun simple **carril** do mesmo tipo que os dos campos de cultivo ou prados, formado por dúas **ántolas** laterais cos correspondentes **garzos** para as **latas**, que se poñen ou sacan segundo conveña. Nun principio a única cuberta era a vexetal, pero sobre todo dende finais do século XVIII empézase a usar a lousa para o **cuarto** ou **cileiro**, que pola súa estrutura permite sen grandes arranxos a substitución (Foto 8 e Fig. 4).

Este conxunto evolucionou cambiando o portal por unha construción auxiliar para deixar protexido o carro, cuberta con colmo, como se podía ver algunha en Lumeiras, xa moi alterada, ou cubrir todo o curral, formando así un único edificio con todas as dependencias xuntas, con un bo portal ou **portalón** que vén a ser o primeiro que amosa a riqueza dunha familia ou «casa». En Espiñeireda quedan algunhas destas entradas, con magníficos




Primeiramente a palloza era vivenda, corte e palleiro (como aínda quedan varias en Balouta). Logo engadíronse outras construcións auxiliares: o hórreo, o palleiro e o cuartín ou cileiro. Algún destes conxuntos chegou ata non hai moitas décadas, como un de Suárbol: en primeiro termo as ruínas da palloza, o hórreo, o palleiro e o cuarto (este habitado ata 1990). (Foto: González Rebedo, 1978). (Foto 8).

Plano do conxunto anterior de Suárbol:

- 1) palloza,
- 2) hórreo,
- 3) palleiro,
- 4) cuartín.

Actualmente da palloza e do palleiro non quedan máis que as ruínas dos muros. (Fig. 4).



arcos de pedra. Xa no *Catastro de Ensenada* –mediados do século XVIII– consta ás veces que a vivenda conta «con su portal», ou que tamén dentro do curral se atopa a casa, o palleiro e o hórreo: por exemplo, José Rodríguez, de Lumeiras, «una casa en el casco del lugar con un corral y dentro del un orrio».

Se a vivenda é un só edificio sen terreo de seu arredor, entón a única posibilidade de dispoñer de máis construcións é facéndoa separada, en terra propiedade da familia ou comunal. Xurden entón agrupacións de hórreos e, sobre todo, de palleiros. Dos primeiros –todos desaparecidos actualmente– dá fe a seguinte nota do *Catastro de Ensenada*, correspondente a Pereda: Juan Cochón posuía «un Orrio (que) tiene de frente quatro varas, y lo mismo de fondo, linda al Oriente con otro Orrio de Pedro Rodríguez, al Poniente con otro de Matheo Abella, y al Norte con Calle Real, y al Mediodía con Campo del Común».

Máis correntes adoitaban ser as agrupacións de palleiros, das que aínda queda un insignificante resto en Sorbeira, constituído por tres exemplares. Diferente era a situación non hai moitos anos, pois, por exemplo, en 1924 só no **Campo das eiras** deste mesmo lugar achábanse 18 xuntos.

Xa máis recente, en particular dende os últimos anos do século pasado, as pallozas e casas de teito empezan a ser trocadas por construcións de baixo e sobrado con corredores, cubertas con colmo ou, preferentemente, con lousa, que son as vivendas tradicionais que chegaron máis ou menos reformadas ata os nosos días.

### 1.1. Sinopse evolutiva

No concello de Candín é posible actualmente distinguir seis tipos de vivenda, aínda que un deles –os **cuartos** ou **cileiros**– é «incompleto» por carecer de cociña, que se poden clasificar cronoloxicamente como segue:

#### 1) Palloza:

Aquí non se emprega esta denominación, se a coñecen é por vía «cult» exterior. Ás antigas vivendas chámanlles **casas de teito**, sen máis distingos, pero dentro delas existen dous tipos moi diferentes pola planta e pola forma do teito. Como se verá máis adiante, hai moita diferenza entre as «casas de teito» de Balouta (auténticas pallozas), de planta tirando a elíptica ou circular e con caída de auga todo arredor, e as tamén «casas de teito» de Lumeiras, de planta rectangular con caída de auga só para dous lados.

De agora en diante, malia que os veciños non o fagan –aínda que saben que non son iguais–, denominaremos **pallozas** ás de planta elíptica ou

cadrada coas esquinas redondeadas, con caída de auga todo arredor, e **casas de teito**, ás de planta rectangular con dúas ou tres caídas.

2) *Casa de teito:*

Acabamos de dicir que para os ancareses todas as vivendas cubertas con colmo son **casas de teito**, pero nós diferenciamos entre as pallozas e as auténticas «casas de teito», de planta rectangular e con caída de **auguas** para dous ou tres lados.

Cronoloxicamente non hai dúbida que son posteriores, e ata coidamos que foron entrando polo leste, pois exemplares semellantes ós ancareses hainos en boa parte da provincia de León: en Riaño, Tierra de la Reina, Valdelugueros, Laciaña, Omaña, Fornela, Fabeiro, Vilafranca do Bierzo, Finolledo, A Cabreira, Valduerna, Maragatería, Cepeda, etc.<sup>1</sup>. Outra proba témola en que é unha construción inexistente en Balouta e Suárbol, é dicir, nas dúas poboacións de influencia galega, e máis conservadoras neste aspecto.

3) *O cuarto, cuartín ou cileiro:*

Empezou non sendo unha vivenda por si só, senón unha dependencia máis da casa. Algúns remataron en vivenda exclusiva, en particular cando a familia era pequena ou non dispoñía de recursos para construír un edificio maior. Descoñecemos a data dos primeiros, pero xa había algúns a mediados do século XVIII. Sempre contan con baixo e sobrado e carecen de cociña.

4) *Casa baixa lousada:*

A mediados do século XVIII só había dúas en Candín. O seu número aumentara en 1924, pero as máis delas eran pallozas ou casas de teito que foran lousadas, como aínda se pode ver algunha. Por dentro a súa distribución adoita ser semellante á das pallozas.

5) *Casa alta:*

A casa tradicional nos últimos cen anos –tanto aquí, como en todo o Bierzo e terras lindeiras de Galicia–, vén sendo a de baixo e sobrado, e este con amplo **corridor** orientado preferentemente ó abrente. No ano 1924 aínda quedaban algunhas colmadas, pero foi con elas cando se xeneralizou o lousado. Moitas seguen habitadas actualmente, case sempre con algún engadido (servicios, cociña de ferro e butano, etc.).

<sup>1</sup> Cfr. J. L. GARCÍA GRINDA: *Arquitectura popular leonesa*, Diputación Provincial de León, 1991.

### 6) Casa moderna:

Son semellantes ás de calquera outra parte, carecendo de elementos ou características diferenciadores, nin polos materiais nin pola forma. Hai moi poucas debido a que a emigración, en especial dende a década dos anos sesenta, deixou ó concello case habitado só por persoas maiores que, nos máis dos casos, unicamente arranxaron as vellas vivendas.

A todas se lle dedica un capítulo monográfico, agás á última que, polo de agora, carece de importancia arquitectónica.

## 2. A PALLOZA

A vivenda tradicional de toda esta zona montañosa, –onde se xuntan Galicia, León e Asturias, sen saber ben cando remata unha e comeza a outra–, é a **palloza** ou **pallaza**, coñecida entre os veciños por **casa de teito**, sen facer distincións de se ten unha planta ou outra<sup>2</sup>. En cambio si existe esta denominación nas terras bercianas, pero con sentido pexorativo, por exemplo José L. Alonso Ponga recolle a seguinte cantiga que lle botan os nenos que cantan os reis ós que non lle dan aguinaldo:

*Esta casa non é casa  
que parece una Palloza,  
estas puertas son de escoba  
aquí vive un lapasopas.*

Tamén recolle outra variante, na que en lugar de palloza figura **pallouza**<sup>3</sup>.

Coa documentación sucede o mesmo, que non se sabe cando é palloza ou casa cuberta con colmo. Os dous elementos diferenciadores son: a cuberta e a planta. Por dentro, agás no grandor, que adoita ser sempre máis ampla a primeira, a distribución vén a ser a mesma, en dúas partes: unha para as persoas e outra para os animais. Ás veces, como en Balouta, da segunda fan

<sup>2</sup> Igual ocorre na banda galega, que denominan tamén a estas vivendas **casas de teito** ou **casas de palla** para diferencialas das lousadas. A denominación de **palloza** ou **pallaza** é relativamente recente, e de introdución culta dende o exterior. Un dos primeiros en empregala foi A. DEL CASTILLO, en «Por las montañas de Galicia. Las casas del Cebreiro», *Boletín de la Real Academia Gallega*, n. 78, 1-XI-1913. No *Catastro* de La Ensenada correspondente ó concello galego de Navia de Suarna, sempre figuran coa denominación de **casa pajaza**.

<sup>3</sup> J. L. ALONSO PONGA - A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, Ed. Leonesas, 1984, pág. 251; e J. L. ALONSO PONGA: *Los Ancares*, Edileasa, 1992, pág. 57.

dúas, destinando unha a corte e a outra a palleiro. Esta última puidera ser a primitiva división, de xeito que baixo o mesmo teito estaban as persoas, os animais e a forraxe.

Quizais a máis antiga sexa a **palloza**, atendendo á súa planta circular (ou tirando a iso), pero tamén puidera ser a **casa de teito**, pois exemplares rectangulares habíaos nos castros. Aínda que algunhas destas últimas posúen elementos de posible orixe medieval, como as devasas ou «corta-lumes» dos penais, debido a que eran casas unidas unhas a outras (en Lumeiras quedan varias formando unha rúa). Cando a casa é independente estes cortalumes non son máis que un adorno, que protexe algo o colmo. As **pallozas** non poden estar así, porque a súa planta redondeada non permite apegarse unhas a outras, quedando sempre algunha separación entre elas, igual que xa se advirte nas construcións castrexas. Tamén se puidera pensar en que as casas de teito sexan de influencia romana, pola planta cuadrangular ou rectangular sen as esquinas redondeadas, atendendo ás explotacións mineiras que houbo durante moitos anos nesta zona, anque este tipo de planta tamén se atopa nos poboados castrexos, e mesmo coas esquinas en ángulo, aínda que sexan máis escasas<sup>4</sup>.

Conviviron durante séculos, pero socialmente sempre se considerou mellor a palloza, por ser máis grande e precisar de moito colmo para o teito (cantidade da que non dispoñían todas as familias).

## 2.1. Notas históricas

Non repetiremos aquí o que xa queda dito no capítulo anterior sobre as vivendas e, en particular, con cuberta vexetal, hipóteses sobre a súa orixe e posible evolución dende as casas castrexas; nin tampouco os textos de Eugenio de Salazar que describe as de Tormaleo (Asturias), e do xeneral Munárriz, as de Burbia e a Somoza.

Cando por primeira vez se coñecen ben as construcións que había no actual concello de Candín, é a mediados do século XVIII, consultando o *Catastro* do marqués de La Ensenada. Ademais da poboación tamén constan as propiedades de cada veciño: a vivenda e as construcións auxiliares. A diferenza do que ocorre nas parroquias galegas lindeiras, aquí o devandito catastro non aclara de que tipo de vivenda se trata, se de palloza propiamente dita –é dicir, planta circular ou elipsoidal– ou de casa –planta cadrada ou rectangular–. Esta diferenza queda clara na outra aba do Porto, en Galicia,

<sup>4</sup> Cfr. A. ROMERO MASÍÁ: *El hábitat castreño*, C.O.A.G., Santiago de Compostela, 1976, páx. 55 e ss.

pois no caso en particular das de Navia de Suarna, as medidas figuran para a circunferencia e para o fondo. Pola contra, nos Ancares non constan máis que o longo e o ancho. Tampouco se di se tiñan ou non os ángulos coas esquinas redondeadas, que é a planta das pallozas e dos palleiros agora tradicionais no val, mentres que en Suárbol e Balouta tenden a circulares ou elípticos, que son as que predominan nos concellos estremeiros de Cervantes e Navia de Suarna (Galicia) e Ibias (Asturias).

Todas estaban cubertas con colmo, anque algunha vez aclárase «cassa cubierta de paja», pero –coidámos– que esta expresión non é máis que un engadido que, de cando en vez, se lle ocorría ó amanuense. O mesmo cómpre entender cando se lle dá por aclarar que o palleiro está «cubierto de paja», cando aínda non hai moitos anos todos eran así. Se a cuberta é de lousa, entón fano constar, coidamos que sempre: **casa baja cubierta de Losa**, pero o seu número era insignificante se o comparamos co das outras; por exemplo, en Candín non había máis que dúas.

Hipoteticamente poderíase pensar que cando no devandito catastro non figura nada entón son pallozas, pero cando consta «casa cubierta de paja» –que é poucas veces–, que se trata de «casa de teito». Pero é improbable que chegasen a tanta diferenciación, tendo en conta que tampouco a fan coa forma da planta, das que dan o «frente» e o «fondo» como se fosen rectangulares, sen pararse en que as máis tiraban a elípticas.

Por lugares a situación era a seguinte (as medidas en varas castelás de 0,835 m):

Lugar	Pallozas - Casas de teito	Total casas	%
Balouta	31	31	100
Candín	33	38	86
Espiñeireda	36	44	81
Lumeiras	55	56	98
Pereda	50	50	100
Sorbeira	68	70	97 <sup>5</sup>
Teixeu	63	68	92

(Fonte: *Catastro de Ensenada*, "Real de Legos", 1752 - 53).

<sup>5</sup> A parroquia de Sorbeira é un caso especial, pois o ano 1752 sufriu un voraz incendio que destruíu as máis das vivendas: dun total de 76 construcións que figuran coa denominación de «casa», achábanse arruinadas 44, unha coa metade destruída, e 31 en bo estado. Isto é o que se

Coidando que nos catro lugares dos que non hai documentación (Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil), a situación fose semellante, e dándolle a cada un a media dos sete que coñecemos, resulta que o 93 % das vivendas do actual concello de Candín a mediados do século XVIII eran terreas e estaban teitadas, sendo o 7 % restante de casas con sobrado e algunha baixa pero lousada. O mesmo que ata non hai moitas décadas, tamén xas había altas coa cuberta de colmo, pois de estar lousadas constaría no devandito catastro, como a de Silvestre Alonso, de Teixeu, que era «alta Cubierta de Losa».

Hai casos extremos que deben ser coñecidos, como sucede co de Lumeiras, onde algunha familia posuía como única vivenda unha casa que medía 3 x 2 varas, é dicir, 2,50 x 1,67 m, non chegando á construción castrexa que xa non se adoita considerar vivenda, que son as de menos de 5 m<sup>2</sup>. É de supoñer que contase con algún habitáculo máis. De 3 x 3 varas había varias, o mesmo que de 3 x 4 e 4 x 4. A máis grande de todo o **luguer** era unha de 14 x 8 varas (11,69 x 6,68 m), que non chega ós 14 x 8 m dunha grande do castro asturiano de Coaña<sup>6</sup>. No 1845 di o *Diccionario* de P. Madoz que Lumeiras «tiene unas 50 casas cubiertas de paja». Nos demais lugares do val –agás poucas excepcións– todas as vivendas adoitaban ser máis grandes.

Tamén se rexistran casos en que a casa e o palleiro eran unha mesma edificación, como foi normal ata agora nalgún lugar do propio concello (Balouta, por exemplo). Un haino en Pereda, onde se di que a casa «con su corral y pajar» miden 20,5 x 15 varas.

Foi ó longo do século XIX e, sobre todo, nos primeiros anos do XX, cando as pallozas e casas de teito foron trocadas case en xeral por construcións de baixo e sobrado. E mesmo se os recursos económicos non lle permitían facelo, o normal era substituír o colmo pola lousa, arranxando para iso a armación da estrutura da cuberta. De aí que no censo urbanístico de 1924 figuren tantas casas de planta baixa pero lousadas. Non hai dúbida de que os primeiros recursos achegados polos veciños novos que se dedicaban á minería en Fabeiro e en Ponferrada, destináronse, en boa medida, á mellora da vivenda. Por iso as derradeiras pallozas habitadas fórono por persoas maiores ou matrimonios sen fillos, que seguiron

---

deduce do «Real de Legos», pero non coincide co que consta no «Interrogatorio», no que se di que estaban en pé 20 vivendas e «zinquentá i tres arruinadas por aver padezido inzendio el año pasado de zinquentaidós». Tamén arderon moitos palleiros e posiblemente algún hórreo.

<sup>6</sup> Cfr. A. ROMERO MASLÁ: *Obr. cit.*, páx. 58 e ss.

traballando a terra, sen contar con ningunha outra fonte de ingresos para mellorar a vivenda. As medidas superficiais danse en metros cadrados:

Lugar	Pallozas - Casas de teito	Máis grande	Máis pequena	% das vivendas
Balouta	42	342	36	85
Candín	8	235	23	13
Espiñeireda	6	358	42	17
Lumeiras	21	130	21	53
Pereda	5	202	49	7
Sorbeira	11	160	50	26
Sortes	20	330	30	36
Suárbol	15	248	80	44
Teixeu	27	330	44	41
Vilarbón	9	194	30	16
Vilasumil	4	158	48	12

(Fonte: *Expedientes de comprobación...*, 1924).

Había algunhas de cubrición mixta que, de seguro, antes estiveran só con palla: unha en Candín e Pereda; e tres en Teixeu<sup>7</sup>.

Como se pode ver, o único **pueblo** no que a palloza e a casa de teito seguían sendo as máis das vivendas era en Balouta, que foi tamén o núcleo que chegou máis completo ata hoxe en día. Do 50% aínda pasaban en Lumeiras, pero xa estaban por debaixo nos demais, sendo o menos Pereda, que só representaba un 7% do total, seguíndolle Vilasumil, Candín, Vilarbón e Espiñeireda (Foto 9).

Os incendios sempre foron os seus peores inimigos. Cando en 1752 quedou destruído máis de 60% das vivendas de Sorbeira, os veciños volveron erguer pallozas e casas de teito. Pero non ocorreu o mesmo nos dous que se rexistran neste século: o de Suárbol en 1957, e o de Sortes en 1965, en que no soar das pallozas xa se construíron casas con sobrado.

<sup>7</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana. Ayuntamiento de Candín*, caixas 10.225 a 10.234.



Polos anos 1752-1753, máis do 90% das vivendas ancaresas eran pallozas. En 1924, aínda algo máis do 30%. Actualmente só en Balouta queda algunha habitada. (Foto 9).

A partir da posguerra o seu número baixou vertixinosamente, e as que se conservaron pasaron a facer de palleiros. A excepción foi Balouta, onde aínda queda algunha habitada, que son as derradeiras do concello de Candín.

## 2.2. A casa de todos

Non pensemos que estas vivendas eran soamente de pobres. Fórono nos últimos anos, pero non antes. Igual que xa comprobamos no estremeiro concello galego de Navia de Suarna<sup>8</sup>, as ancaresas estaban habitadas por todos: ricos, pobres e fidalgos. Sirva como exemplo o de Teixeu, onde todos os veciños segundo o *Catastro* de Ensenada, a mediados do século XVIII eran fidalgos: «Dijeron que este pueblo, ni sus Vecinos no están cargados de

<sup>8</sup> Así, unha comparanza, na parroquia de Barcia, 32 familias eran fidalgas, dun total de 89 (o 35,95%) e só había nove vivendas que non eran palloza; na de Moia non había máis que pallozas, e o 60,4% da poboación estaba formada por fidalgos (26 de 43); e, por último, na de Rao –lindeira con Balouta e Suárezbol– non había máis que dúas vivendas que non fosen pallozas, e o 72,2% dos veciños eran fidalgos (78 de 108), C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 14.

servicio hordinario estraordinarios ni de los demas que contiene la pregunta (refírese á número 27 do *Interrogatorio*), por gozar todos de el privilegio de hijos dalgo»<sup>9</sup>.

Situación que viña a ser semellante nas lindeiras terras de toda a alta montaña galego-astur-leonesa. Cara a 1807, o xeneral Munárriz admirábase que sendo tan pobres os habitantes da veciña meiriñidade da Somoza, situada no val do río Burbia, tivesen a orgullo ser todos – ou case – fidalgos, esixindo tal condición para os forasteiros que se querían establecer alí. O devandito militar opina que «es muy natural que a los primeros pobladores se concediera exención del servicio militar y cargas extraordinarias para que permanecieran en país tan áspero, como ha sucedido con los vecinos de otras Serranías de la misma naturaleza en el Bierzo y sus inmediaciones».

Segue contando que os da Somoza estiveron tranquilos ata que no ano 1694 as vilas de Ponferrada e Vilafranca quixeron obrígalos ó repartimento do 1% dos gastos de campaña, pero apelaron a Carlos II acreditando ser todos nobres e o monarca declarounos exentos<sup>10</sup>.

### 2.3. Aproximación tipolóxica

No actual concello de Candín distínguense claramente dous tipos de pallozas, se nos atemos á planta: con tendencia a circular (oval, elíptica,...), e a rectangular coas esquinas redondeadas.

Certamente non se sabe cal das dúas é a máis antiga. Puidera ser a primeira, e a segunda non máis que unha evolución posterior, en particular ó estar en contacto con construcións cuadrangulares e rectangulares, sobre todo das terras lindeiras leonesas. Pero cómpre ter en conta que este último tipo de casas tamén se rexistra nos poboados castrexos, amosando deste xeito a súa antigüidade (en Galicia, castros de Baroña e Santa Tegra; en Portugal, Santa Luzía e Sanfíns; en Asturias, Coaña). Algúns autores opinan que se pode deber a influxos de tipo mediterráneo introducidos polos romanos.

Descoñecemos os factores socio-económicos e histórico-tradicionais que puideron influír para que no val de Ancares rematasen por predominar nos últimos tempos as de planta rectangular con esquinas redondeadas, aínda que tamén quedan restos das de planta elíptica, ou tirando a iso.

<sup>9</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Catastro del marqués de La Ensenada*, caixa 8.791.

<sup>10</sup> J. BALBOA DE PAZ: *El Bierzo en la obra de dos militares del siglo XVIII: Datoli y Munárriz*, Ponferrada, 1992, páx. 150.

Actualmente xa non é posible facer unha clasificación de fiar, polo que logo haberá que ir pensando en excavacións arqueolóxicas ou, de non chegar a tanto, na limpeza superficial dos restos, para coñecer as plantas que foron máis correntes no val e en Suárbol e Balouta.

O que si se comproba é como ó irmos acercando ó Porto, a planta das pallozas tende máis a circular (elíptica, oval), o que nos leva a pensar que, aínda non negando a posibilidade de que houbera construcións de planta rectangular coas esquinas redondeadas dende a antigüidade, paseniñamente deuse unha evolución cara á planta rectangular, quizais por influencia das veciñas casas bercianas: en Lumeiras, que é a poboación que queda máis preto da Veiga de Espiñeireda, predominaban nas últimas décadas as que nós denominamos «casas de teito», parentes das pallozas, das que restan algúns exemplares nas próximas terras montañosas leonesas, asturianas, etc. No propio val de Ancares sobresaí a planta rectangular coas esquinas redondeadas, aínda que ás veces non hai dúbida de que o seu antecedente é a planta oval ou elíptica (por exemplo, os restos en Vilasumil, Sorbeira,...) (Foto 10). É unha lástima que non se conservasen as de Teixeu, porque de seguro que por quedar tan preto do Porto aquí xa habería máis de planta con tendencia



En Sorbeira aínda queda parte dunha palloza, que segue conservando o seu teito orixinal de colmo. (Foto 10).

a circular. Por último, nos dous **lugueres** da aba galega do Porto predomina a planta redondeada (case exclusivamente en Balouta) e na maioría en Suárbol.

Resumindo, no concello de Candín distínguense, basicamente, tres tipos de palloza segundo as plantas:

1) *Circular* (oval, elíptica,...): Balouta (algunhas habitadas ou habitables), Suárbol, Sorbeira, etc. (restos). Segundo a forma da cuberta, poden ser:

- a) Cuberta con tendencia a coniforme, co cume rematado «en punta»: eran así algunhas de Suárbol. Predominan no Piornedo, Donís, concello de Navia de Suarna, etc. Na provincia de León: Paradaseca, Vilariños, Pradela, Cantixeira, etc. Puidera ser a máis antiga, derivada da primitiva planta circular, coa estrutura da cuberta semellante á dos hórreos de palla<sup>11</sup>. Ó alongar a planta, entón houbo que poñerlle tesoiras para termar da trabe do cumio (a **aiga**, no val de Rao), de menor a maior, dúas ou tres, segundo o grandor da casa, de xeito que sobre a máis grande queda o remate coniforme da cuberta. As persoas maiores din que así esvara mellor a neve no inverno.
- b) Toda a cuberta a igual altura, co cume «plano» –horizontal–: Balouta, Suárbol, Candín,.... Cando a planta se agrandou moito, entón en vez de seguir conservando unha parte máis alta, por comodidade –non lle achamos outra explicación–, igualouse o cumio, sostido entón por dúas ou tres tesoiras do mesmo tamaño. A feitura das cubertas depende da da planta: canto máis tire a redonda, menos marcadas terá as augas.

2) *Rectangular* coas esquinas redondeadas: Candín, e restos noutros lugares. A cuberta está estruturada sobre dúas, tres ou máis tesoiras iguais, sobre as que se asenta a trabe do cumio. Aínda que non moi claras, pois depende do chanfrán dos ángulos, aprécianse catro caídas de auga.

3) *Outras plantas*: son aquelas que non se axustan a ningunha das dúas anteriores. Ás veces son pallozas de forma tirando a circular logo reaproveitadas en parte, podendo contar cun lado case circular e o outro rectangular coas esquinas redondeadas. Un bo exemplar había en Suárbol, agora en ruínas.

Tenden a ter os paramentos da mesma altura ou case, dependendo moito de se o terreo é empinado ou non, aínda que ás veces un lateral é algo máis alto, para situar nel o **boqueiro** da palla (Lumeiras),

<sup>11</sup> Neste concello xa non quedan exemplares totalmente circulares e de dimensións moi reducidas, pero si no limítrofe galego de Navia de Suarna, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 20-21-80-159-160.

## 2.4. Construcción

En todo o concello de Candín non quedan veciños que se lembren de asistir á construción dunha palloza dende os alicerces. Si de reconstrucións, en particular da armazón. O que saben é teitalas, é dicir, poñerlles o colmo, anque hai varios especializados neste labor que ademais de facer o seu e o dos veciños, dedicábanse a traballar por Galicia, Asturias e a provincia de León (algún aínda segue teitando, chegando en 1991 a preto de Villablino). Lémbrense, iso si, dos incendios que sufriron algúns destes **lugueres**, que tiveron que ser reconstruídos, pero só foron ergueitas casas altas, de baixo e sobrado, como Suárbol, en 1957, e Sortes, o primeiro de setembro de 1965<sup>12</sup>.

Para **armar** a palloza o primeiro que se facía era escoller o lugar e terreo axeitados e, se non había esta posibilidade, adaptar o que se posuise, facendo que o chan quedase costado cara á parte onde ían estar as cortes. Despois abríase a gabía para os **cementos**, seguindo logo cos **murios** (ou **muros**), asentando antes as **soleiras** e as **marcaciois** das portas. Cando a parede tiña a altura que se consideraba normal, por dentro –ou xa entre os muros– chantábanse os **forcados** fixados sobre pedras, que terman do **armante** ou armazón do teito. Sobre os **forcados** de madeira (tamén denominados **postes, forcas e gorriois**), aséntanse as **tixoiras**, pois son máis seguros que os muros, non habendo perigo de que se afundan (Foto 11). As **tixoiras** as máis das veces van reforzadas con paos nos ángulos, denominados **ratas**. En sitios levan algún **esteo** para tarmar do **cume** ou **cumio**, pero nesta zona soamente era costume poñerllo en Suárbol, onde actualmente xa non resta ningunha. O grosor dos muros adoita andar entre os 75 e 80 cm.

Outra posibilidade –tamén practicada– era a de facer antes o **armante** de madeira, e despois, ó estar rematado, erguer o muro arredor, coas súas portas e ventás.

Os **murios** ou **paredes** sempre son de cachotería, da pedra que máis abunda na zona: no val o xisto e a cuarcita; en Suárbol, o granito; e en Balouta, algo de todo. Os antigos facíanos en «seco», sen ningún tipo de argamasa, aínda que os máis recentes xa soen empregar algún barro. Carecen de recebo interior e exterior.

<sup>12</sup>A raíz destes incendios, o gobernador civil de León obrigou ós veciños a cambiar a palla por lousa, imponéndolles –segundo contan– un imposto especial a todas as construcións con cuberta vexetal da provincia, sendo dende entón cando desapareceron as xa poucas pallozas que quedaban. O único núcleo que se resistiu foi Balouta.

Forcado dunha palloza de  
Vilarbón, convertida  
ultimamente en palleiro.  
O sarrio do fume nas madeiras  
amosa que foi vivenda humana,  
polo menos algúns anos.  
Os muros son de cachotería  
asentada "en seco".

(Foto 11).



Á vez que se erguen os muros tamén se van deixando os ocos das portas e das ventás, coas súas **marcaciois** e **cargadeiros** ou **cargadoiros**, normalmente de pao, anque tamén os hai de pedra. Pero cando son **ventáus** nas cortes, entón xa de **cargadoiro** fai a pedra de arriba. O tradicional é deixarlle por dentro, non lonxe da porta, unha especie de **laceno** para poñer a sella da auga, denominado en Balouta **traveira da sella**.


Aínda que aquí tamén había canteiros que se dedicaban á construción, as persoas maiores falan dos ambulantes da provincia de Ourense que chegaban ata este val demandando traballo. No lindeiro de Rao están documentados os de Terra de Montes (Pontevedra), que tamén é de supoñer traballasen no concello de Candín.

O **armante** é todo de madeira (**rebola** ou **carballo** ou **castañoiro**), especialmente cortada nos minguentes de setembro a febreiro. A caída das

augas depende da tradición de cada **luger**. En Suárbol, por exemplo, o normal –aínda que non sempre–, era que as **tixoiras** fosen de menor a maior, rematando o **cumio** ou **cume** na máis alta, semellantes ás que hai aínda agora no veciño Piornedo, co **teito** conforme e o vértice non centrado, senón ladeado. A poucos km de distancia, en Balouta, as **tixoiras** xa son da mesma altura, polo que o **cumio** é todo el igual –horizontal–. (Figs. 5 e 6).

A trabe que vai sobre as **tixoiras** (ou **tixeiras**), aquí chámase **cumio** ou **cumeira**, pero no val de Rao (Navia de Suarna) adoitan dicirle **a aiga**, por ser a máis alta<sup>13</sup>. Abaixo aséntanse as **tercias** e sobre ambas no sentido contrario (de arriba abaixo) os **canteaos** ou **cangos**, recibindo o nome de **anguilois** ou **aiguilois** os dous máis grosos que encabezan na trabe. O normal é que por riba dos muros leven os **sobremurios** ou **soleiras** sobre os que rematan os **canteaos**. Por último van as **ripas**, en sentido horizontal, nas que se atan as **manadas** cos **brenquellos** ou **brinquellos**, tamén de colmo. As **ripas** ou **cuartois** tradicionalmente van atadas contra os cangos ou canteaos con **biortos** (corres de carballo, salgueiro,...) ou, de non ser así, cravadas con **tormos** ou **pinos** de madeira.

Unha palloza é moi vella se nas súas madeiras non hai cravos, sendo todas as unións por medio de furas con **pinos** ou **tormos** (**tornos**) espe-




Elementos constructivos dunha palloza de Candín: 1) forcado ou poste, 2) viga, 3) murio, 4) armante, 5) tixoira, 6) cume, cumio ou cumeira, 7) terciá, 8) canteao, 9) tarrancha, 10) ripa. (Fig. 5).

<sup>13</sup>Segundo un informante moi maior, veciño de Murias de Rao, aldea lindeira con Balouta, esta denominación venlle por ser sobre a que se pousan as **aigas** (calquera ave grande de rapina).

tados. As xuntas máis importantes son as das **tixoiras**, que se fan entallando o **respigo na fura**, e logo cun **pino** para que non se separen. Antes nin as portas nin as ventás levaban bisagras, senón gonzos de madeira.

Por fóra o último labor é o do **teitador**, que vai atando co **brincallo** as **manadas** de palla **escolmada** contra as **ripas**. Empeza de abaixo –no **beirao** ou **abeirel**– cara a arriba, para que unhas cubran ás outras, denominándose cada serie ou ringleira unha **andada**. O último que lle fai é a **corra** do cume, que suxeita con estacas espetadas e varas deitadas horizontalmente, das que terman outras varas atravesadas dunha banda a outra, e sobre as que van pedras ou lousas, para que o vento non leve a palla. Remata a obra poñéndolle a **facha**, que consiste en mandas de palla atadas arredor, que van sobre o muro, para pechar os ocos que queden entre este e o techo. Logo arranxa a **beira**, igualándoa ben dándolle coa **paleta de teitar** ou **teitello**<sup>14</sup>.



Elementos do armante dunha palloza de Candín: 1) sobremurio ou soleira, 2) canteao, 3) tixoira, 4) tercia ou carreira (Suárbol), 5) anguilón, 6) tarrancha, 7) ripa, 8) cume. (Fig. 6).

<sup>14</sup>Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 87-88; J. L. ALONSO PONGA: *Los Ancares*, páx. 57. Verbo da construción dunha palloza pódense consultar, entre outros: J. L. ALONSO PONGA-A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, Ed. Leonesas, 1984, páx. 29 e ss.; J. M. ALONSO GONZÁLEZ: «La arquitectura popular de Ancares», *Ancares*, Ed. Leonesas, 1987, páx. 42 e ss.; e C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 14 e ss.

No val de Ancares houbo moitos e bos teitadores, dos que varios saían fóra a traballar a lugares distantes, como Babia, O Piornedo, Rao, etc. En 1991 un aínda se desprazou ata Villablino, por exemplo.

O tradicional sempre foi que as pallozas se cubrisen con colmo, pero antes cando a familia era moi pobre e non dispuña da suficiente palla, entón tamén usaban **xiensta** ou **escoba**.

As divisións interiores eran as últimas. Adoitan ser de táboas, engarzadas entre dúas trabes, pero tamén as había de corres de salgueiro e carballo entrelazadas en varais.

Na construción dunha palloza, ademais dos canteiros e dos carpinteiros que podían ser de fóra do val, había sempre a axuda dos familiares e veciños, sobre todo para o transporte dos materiais.

## 2.5. Disposición interior

Todas se articulan interiormente de xeito semellante, diferenciándose só no tamaño, polo que, por exemplo, poden contar con un, dous ou máis cuartos ou alcobas, ou as cortes ser máis grandes. Común tamén é o de carecer case de vans para ventilación e luz –os máis dos que teñen actualmente son recentes–.

As pallozas, e igual acontece coas casas de teito, divídense en dúas partes, separadas pola **estriqueira** –sebe de táboas–, comunicadas entre si por unha porta situada na **tralabanca**, é dicir, por detrás do escano: a das persoas (ástrago ou **estregal** –Suárbol–, ou mesmo **couciña** ou **coucía**, e a dos animais (**estrevariza** ou **corte**). Por riba vai a **barrela** sobre as alcobas e cortellos, destinada especialmente para a leña, e o **parreiro** (**parreira**, en Balouta) ou **barra** formada por **pontois** e pólas, onde se garda a palla, sobre as cortes. Hai algunhas (como en Balouta), que entre estes dous espazos contan cun terceiro, destinado exclusivamente a palleiro.

A división en dúas partes é moi antiga, dándose o caso que xa no castro asturiano de Coaña hai casas ovais ou elipsoidais coa separación no medio, pero cunha sóa porta, o que indica que todos, persoas e animais, entraban pola mesma, indo logo cada quen para o seu apouso<sup>15</sup>.

Na primeira, que adoita ser a única que conta cunha pequena ventá, atópase a **larega** (**laregha**, máis raro) onde se prende o **lume rastreiro** sobre unhas lousas, e arredor o **escano** (ou **escaun**). Por riba, pendurada dunha

<sup>15</sup> Cfr. A. ROMERO MASÍ: *Obr. cit.*, páx. 59.

trabe ou das **ganseiras** está a **preganza** ou **pregancia** (gramalleira) para colgar os potes. As **preganzas** ultimamente eran todas de ferro, pero antano foron de madeira, semellantes a unha que aínda puidemos ver na alzada de Pandozarco (preto de Balouta, pero pertencente a Galicia)<sup>16</sup>. Tamén pendurado das **ganseiras** está o **canizo** (ou **caízo**) para secar as castañas, os chourizos, **lacois**, etc., e para que non deixe chegar as **chispedas** do lume acesas ata o teito. Arredor da **larega** sitúanse os **escanos**, para quentarse e comer e, en casos, para dormir, en particular a xente nova sobre todo no inverno, despois de poñerlle uns **xergois** cheos de palla ou de folla da espiga do **maís**. Fronte ou de par queda o forno. Carecen de **chiminea**, contando como moito con un **ventaun** ou **fumeira** no mesmo colmo (como algunha de Balouta) (Foto 12).

É aquí onde están as alcobas, chamadas no val de Ancares **cileiros**, **habitaciois** e **cuartos**. A primeira denominación coidamos que se deba a que era onde se gardaba o froito; neles dormían as persoas maiores da casa,



As pallozas non teñen chiminea, algunhas posúen un *ventaun* para saír o fume e entrar a luz, como esta de Balouta. (Foto 12).

<sup>16</sup> Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 197.

dependendo o seu número do grandor da palloza, aínda que non adoitaban ser máis de dous ou tres. O resto é o **riqueiso** ou **cortellos** (**currelos** en Balouta) para os **cochos** (**porcos**, **guaxíus**) e os **xatos** e **xatíus** (máis pequenos). As sebes de separación son sempre de táboas (**trabaos**). A corte grande destinábase especialmente para as vacas, ovellas, **castrois**, **bestio** (cabalo), etc.

O normal –así é en todas cantas vimos– é que para pasar do **estregal** ás cortes haxa que baixar un ou dous banzos ou pasos, ou que estea o chan costado, de forma que o xurro corra cara ós animais e saia pola **gacheira** ou **arbañal**. A ventilación é escasa, non contando máis que con unha ou dúas **ventás** pequenas e algún estreito **ventáu**. Para compensar, a porta da vivenda sempre é de **postigo** ou **cuarteirón**, é dicir, coa folla cortada, que se pode abrir independentemente a parte de arriba ou a de abaixo. Nesta última está o burato da **gateira** para entrar e saír o gato.

## 2.6. Tres exemplos

Como xa se apuntou, no territorio do actual concello de Candín quedan varios tipos de pallozas, entre as que escollemos tres por consideralas importantes e completas. A primeira –quizais a máis antiga– é de Balouta; a segunda, da que non restan máis que ruínas, atópase en Suárbol; e a terceira, convertida en palleiro xa hai anos, está en Candín.

### A) BALOUTA

Neste **luguer** é onde queda o maior número de pallozas en aceptable estado de conservación, e aínda amosa ó visitante de hoxe unha idea de como foron estas poboacións durante séculos e ata hai poucas décadas (Foto 13).

É unha das varias que hai no lugar. Posúe un diagrama que non se axusta ó considerando clásico, que é a división en dúas partes, sendo aquí de tres: a primeira para as persoas, a segunda para os animais, e a terceira como palleiro (a máis apartada do lume), que neste caso en particular só ocupa a metade, aínda que o normal era que fose todo. Deste xeito, nos longos invernos podían botar dentro persoas e animais varios días sen saír ó exterior.


#### 1) **Estregal** ou ástrago (Fig. 7):

A porta é de **cuarteirón**, coa folla dividida en dúas partes, de forma que se pode abrir a de arriba aínda que chova, para que pase a luz. Á esquerda queda a alcoba de dormir o matrimonio (que é onde está a única ventá con que conta a casa); arrimada ó **trabao** de madeira áchase a artesa e o sitio onde



As pallozas de Balouta son de planta elíptica ou oval, a non ser que sufrisen arranxos ou engadidos posteriores. Neste caso os ocos das ventás son recentes. (Foto 13).

- Planta dunha  
palloza de  
Balouta, agora  
convertida en  
palleiro:
- 1) forno,
  - 2) corte,
  - 3) alcoba,
  - 4) larega
  - 5) arca ou hucha,
  - 6) cama ou leito,
  - 7) escano,
  - 8) preselbeira,
  - 9) corte das vacas,
  - 10) palleiro.
- (Fig. 7).



se pousa a **sella da augua**; á esquerda queda a corte das ovellas, logo o forno e por último outra corte ou **currelo** máis.

Segue a **larega** co **escano** arredor, e por arriba as **ganseiras** sobre as que vai o **caízo** e das que se pendura a **preganza** de ferro. De lado do escano hai unha cama.

Esta parte é a máis alta, a única que vai dende o chan ata o teito, as dúas restantes están cubertas co **parreiro**. O mobiliario límitase ó **cunqueiro**, a artesa, algúns bancos e **mesos**, as camas e varias arcas para gardar a roupa e o froito.

## 2) **Estrevariza:**

Está separada da parte anterior pola **estriqueira** feita de táboas, que rematan a altura das tesoiras. A ela pásase pola **tralabanca**, é dicir, por unha porta que queda por detrás do escano. Aquí acóllese o gando, tanto as vacas, como algunha «facenda» (ovellas e cabras), polo que adoita contar con varios compartimentos, separados por **trabaos** baixos de táboas. Contra as paredes están as **preselbeiras** para botarlle a comida ós animais. A porta de entrada é ancha, para que pase o gando vacún.

Sobre as trabes das tesoiras vai o **parreiro** ou **parreira**, que se enche de herba, e que tamén fai de dormitorio para os nenos e os mozos.

## 3) **Palleiro:**

Pode ser todo dende a tesoiras ou, como neste caso, só unha parte. Esta dependencia non adoita ter entrada dende o exterior, xa que a palla métese polo **boqueiro**, e cando non o teñen retírase un pouco colmo da cuberta, que logo ó rematar se volve a poñer.

Esta palloza deixou de ser vivenda na década dos anos oitenta, facendo dende entón só de palleiro.

## B) SUÁRBOL: «PALLOZA GRANDE»:

Mark Gimson, que andou polos Ancares, tanto leoneses como naviegos, nos anos de 1975 e 1976, e por Asturias en 1978, fai unha detallada descrición gráfica desta magnífica palloza: ademais da planta, publica unha sección do alzado, o teito visto por dentro, e o forno. Daquela, segundo as fotografías que publica, aínda se atopaba en regular estado de conservación, pero xa sen divisións interiores<sup>17</sup> (Foto 14).

<sup>17</sup>M. GIMSON: *As pallozas*, Galaxia, Vigo, 1983, páx. 38-40-41; C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 40-41.




A palloza “grande” de Suárbol –en primeiro termo– aínda conservaba o colmo en 1978 (Foto: X. M. González Reboredo). (Foto 14).

Por sorte, no verán de 1986 coincidimos alí co dono –residente daquela en Barcelona, e agora falecido–, que amablemente nos explicou como era por dentro cando el vivía nela coa familia.

A planta é intermedia entre a palloza tirando a oval ou elíptica propia de Balouta (por exemplo, a que acabamos de estudar), e a rectangular coas esquinas redondeadas que achamos no val (a seguinte de Candín). Un lado estreito –o do forno– é case circular, mentres que o contrario é rectangular coas esquinas redondeadas. Non hai dúbida que, ademais de ser un bo exemplar polas súas dimensións, tamén o é por se dar nel a evolución da planta da montaña á do val. Posiblemente a parte máis antiga sexa a redondeada, reaproveitada dunha obra anterior (Fig. 8).

Ó ástrago accedíase por unha porta de cuarteirón, é dicir, coa folla cortada en dúas partes. Aquí estaba o forno, a **larega** co seu escano (de tres asentos), e tres **alcobas**, onde dormía a familia (dúas con ventá). Tamén era neste espacio onde se achaban a artesa, as arcas ou huchas para gardar a gra e a roupa, etc.

Un **trabao** de táboas que chegaba ata a altura da trabe das tesoiras separaba á vivenda das cortes, ás que se pasaba pola **tralabanca**, –por detrás do



"Palloza grande de Suárbo": **a) Alzado seccionado**, segundo *M. Gimson*: A) esteo, B) tixeiras, D) cume, E) carreiras, F) cangos, G) ripas, e M) teito; III) estrevariza, IV) forno, e IX) barra.  
**b) Planta**, segundo *C. González Pérez*: a) forno, b) larega, c) alcoba, d) estregal, e) cortella para o carro, f) corte, g) cortello dos xatos, h) cortello dos cochos, i) corte das vacas. (Fig. 8).

escano—. Esta parte contaba cunha ampla porta e no lado contrario outra máis estreita; ademais de gardar o carro, aquí tamén era onde se acollía a **facenda**.

As cortes estaban separadas por outro **trabao** ou **sebe**, con dúas portas: unha para a corte das vacas e outra para o cortello dos xatos. A corte do gando vacún tamén dispoñía dunha porta ancha de dúas follas.

Dende o **ástrago** ou **astragal** subíase ó **parreiro** ou **barra**, que facía de palleiro e, ás veces, tamén de dormitorio, sobre todo para a xente nova.


Hai uns anos aínda lle quedaba parte do colmo, despois botou algún tempo só coa estrutura da cuberta, e agora non restan máis que os muros ruinosos (Foto 15).

### C) CANDÍN

É o terceiro tipo clásico de palloza, dentro dun amplo abano de variantes. Aquí a planta xa evolucionou, dende a tendencia a circular de Balouta, pasamos á intermedia de Suárbol, para rematar nunha rectangular cos ángulos redondeados (Fig. 9).



En 1985 da palloza grande de Suárbol xa só quedaban o armante e os muros ruinosos. Actualmente non é máis que unha morea de pedras. (Foto 15).



Actualmente en Candín non queda máis que esta palloza (para os veciños casa de teito), convertida en palleiro xa hai moitos anos. Posúe só os tres ocos tradicionais: a ventá, a porta de postigo, e a porta grande para o carro e animais. (Fig. 9).

Actualmente xa leva moitos anos destinada exclusivamente a palleiro, polo que carece de divisións interiores. Temos que axustarnos ás descritas polas persoas maiores.

A parte dedicada á vivenda humana está ben clara: conta cunha porta estreita, de **postigo**, coa parte de abaixo máis grande que a de arriba. Á esquerda hai unha pequena ventá, o único oco de luz de todo o edificio, agás as dúas portas. Aquí estaba a **larega** coa **preganza** e o **escano**, e de par a **artesa**, as **arcas** do «pan» e algún moble máis. Tiña forno, desfeito ó deixar de ser vivenda. Había dúas alcobas. Como vén sendo tradicional esta parte era a única que carecía de **parreiro**, no que se garda a palla, que se mete polo **boqueiro**, e cando non o teñen (como en particular neste caso), refíranlle varias **manadas** de colmo, que logo ó rematar volven poñer. Seguía a parte destinada a cortes, cunha porta ancha (a actual foi reformada), que permitía mesmo entrar co carro.

Esta palloza, a única que queda actualmente en Candín, é unha das poucas existentes enteiras e en aceptable estado de conservación, destinada dende hai varias décadas só a almacén de forraxe (Foto 16).



Porta de postigo da palloza de Candín, para a parte destinada a vivenda humana. (Foto 16).

## 2.7. Situación actual

As únicas pallozas que seguen habitadas de seguido, por non posuír os donos outra vivenda, son moi poucas e só en Balouta. Hai uns anos aínda había algunha en Pereda e Lumeiras que foron as derradeiras do val. En 1978 dicía J. R. Fernández González que «todavía hace muy pocos años quedaban un par de ellas habitadas por personas muy ancianas y sin hijos»<sup>18</sup>. Os matrimonios sen descendencia e os solteiróns maiores son os últimos ocupantes, por non emigrar cando eran novos e tampouco contar con fillos que fixesen outra vivenda ou para ir vivir con eles.

Nas que seguen habitadas dase o paradoxo de que dentro, de par do escano e da **preganza**, están os electrodomésticos máis modernos, como a lavadora e o frigorífico, non faltando tampouco o televisor. É un contraste tal, que parece imposible que puideran chegar ata os nosos días estas construcións que, malia a evolución sufrida, conservaron a planta semellante ás antigas e os mesmos materiais.

<sup>18</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del valle de Ancares*, 1978, páx. 61.

Unhas abandonaranse, non quedando delas dentro de poucos anos máis que o esqueleto de pedra; outras pasarán a ser palleiro e almacén para a leña –como xa sucede con algunhas–, pero a súa vida tamén será curta, porque cada vez hai menos veciños, e polo de agora non se albisca ningún cambio socioeconómico importante que obrigue a retornar ós que se foron. Dentro de ben pouco non quedará ningunha habitada. Seguiranse conservando para que as visiten os amantes da arquitectura popular e os turistas, pero entón xa non serán máis que pezas de museo. No momento en que quede deshabitada a derradeira, as pallozas rematarán tamén a súa longa existencia (Foto 17).

### 3. A CASA DE TEITO

Trátase dunha construción intermedia ou, se queremos mellor, un banzo na evolución da vivenda antiga, é dicir, da palloza. Aínda que pode ser moi vella, nos últimos tempos estaba considerada como unha casa de pobres, que non dispoñían dos suficientes recursos para construír unha palloza, por precisarse máis materiais (pedra, madeira e colmo). Escribe F. Krüger: «muy antigua también es la casa de un piso construida de piedras sin



Palloza de Lumeiras, transformada en palleiro non hai aínda moitos anos. (Foto 17).

labrar y cubierta de paja, que igual que las pallozas mencionadas, si bien más accidentalmente, se encuentra en la zona montañosa del Noroeste. Por lo regular es la morada de las gentes más pobres, pero a veces y con ciertas modificaciones se puede convertir en el único tipo de ciertas aldeas»<sup>19</sup>.

A planta predominante destas construcións é a cuadrangular, contando –como todas as vivendas tradicionais– con moi poucos ocos de luz: a porta e unha ventá, por termo medio.

Os compiladores do *Catastro de Ensenada*, polos anos 1752 - 53, non se fixaron nas diferencias que hai entre as pallozas e estas casas, considerando a ambas como se fosen iguais, e facendo constar as dimensións como edificios cuadrangulares, cando as primeiras sempre teñen as esquinas redondeadas. Non sucedeu o mesmo no lindeiro concello lugués de Navia de Suarna, que distinguiron ben entre unhas e outras, dando o perímetro e o «fondo» cando a planta tiraba a redonda ou elíptica, e o longo e o ancho se era cadrada ou rectangular<sup>20</sup>.

Outro tanto sucede cos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, de 1924, que só teñen en conta a superficie e os materiais. Isto priváanos de coñecer o número de pallozas e o de casas de teito, anque –repito unha vez máis– para os veciños todas as construcións que se cobren con colmo son «de teito», sen facer distincións entre unhas e outras, mesmo aínda que sexan de baixo e sobrado (das que actualmente xa non queda ningunha).

Catro son as características de seu que as diferencian das pallozas: a) planta con ángulos normais, é dicir, sen redondear nin por dentro nin por fóra o encontro dos paramentos; b) contar con un ou dous **penais** nos lados estreitos; c) a armazón do teito é máis baixa; e d) ter dúas ou tres (moi raro catro) caídas de auga ben definidas, e non como na palloza que cae por igual todo arredor (Foto 18).

Unha ou dúas paredes –as estreitas– son máis altas, é dicir, fan de **penais**, sobre os que se asenta a trabe do cumio da armazón, precisando só unha tesoir central, ou ningunha se a construción é de pequenas

<sup>19</sup> «Las brañas. Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa», *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, n. 8, 1949, páx. 58.

<sup>20</sup> Por exemplo: Isabel Saavedra, de Queizán, posuía «Las dos terceras partes de una Casa Pajaza terrena, con su Corral, tiene quarenta baras de circunferencia y diez de fondo...» Diego Álvarez, da mesma parroquia, tiña «Una casa pajaza con su corral al sitio de Orjeira tiene ocho varas de frente, y ocho de fondo...», Arquivo Histórico Provincial de Lugó, *Catastro de La Ensenada*, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 14-19. Para distinguilas das demais construcións con cuberta de palla, ás veces tamén se denominan «pallozas cuadrangulares».



Para os ancareses as casas cubertas con colmo son “casas de teito”, pero non todas son iguais. Como se pode ver, estas de Lumeiras en nada semellan ás pallozas tradicionais. (Foto 18).

proporcións. As máis delas foron lousadas nos últimos anos, en particular dende a década dos sesenta en que era a propia administración a que aconsellaba –ou impoñía– facelo, pero seguiron conservando os remates dos **penais**, que sobrancean por riba das lousas, coma antes co colmo. Ás veces carecen de remate, cubrindo entón a palla o muro (Fumeiras).

Atendendo ós remates laterais, distínguense dous tipos:

- a) Cando os penais ou penal (se é de tres caídas de auga), acaba a rentes do teito, cubrindo a palla por riba, para evitar que penetre a auga no muro. Algún exemplar queda en Lumeiras, onde en tempos debeu haber máis deste tipo de vivenda que pallozas, se temos en conta a superficie das existentes en 1753 e 1924.
- b) Cos penais máis altos –sobre uns trinta cm– que a palla, de xeito que esta non cobre os muros, rematando por debaixo deles, levando para iso case sempre unhas **bardas** protectoras. As filtracións por entre os muros evítanse rematando o penal en escaleira, poñéndolle unha lousa enteira cubrindo cada chanzo. Construcións deste tipo hainas en varios lugares, pero con palla actualmente quizais só en Vilarbón. Con lousa –que antes foi colmo– queda algunha máis. As

dúas funcións destes penais altos, que superan os teitos, son: evitar que o aire erga a palla, e en caso de incendio non deixar que pase o lume dunha casa a outra, facer de «cortalumes», de orixe medieval segundo parece. Son correntes en toda a zona montañosa leonesa: Burbia, val da Fornela (bos exemplares, agora en ruínas, en Cariseda e Faro), Villablino, Riaño, Laciaña, Maragatería, Finolledo, Omaña, etc.

A construción adoitaba facerse empezando polos **murios** (os máis antigos en «seco»), e logo poñerlle o **armante** do teito. Como reforzo poden levar **postes** ou **forcados**, en casos visibles por dentro, nos que se apoian os **cabrios** das **tixoiras**. Sobre elas van a trabe do cumio e, máis abaixo pero paralela a ela, as **tercias**, cruzando por riba os **cangos** ou **canteaos**, e en sentido contrario os **cuartoís** ou ripas para atar a palla, do mesmo xeito que nas pallozas, pero quedándolle as caídas das augas ben definidas.

O interior estrutúrase de xeito semellante ó das pallozas, contando basicamente con dous espazos: un destinado a vivenda humana e o outro á dos animais, separadas entre si por tabiques de táboas (a **estriqueira**). No primeiro, no que o centro sempre foi a **larega** co **lume rastreiro**, áchanse os cuartos ou **cileiros**, que en moitos casos non viña a ser máis que un para o matrimonio, durmindo os demais membros no escano da cociña ou na herba seca da **barra** ou **parreiro**, sobre a corte.

Carecen de cheminea, estendéndose o fume por toda a vivenda, axudando así á conservación das madeiras e do colmo. O mesmo era tamén a cociña: a **larega** de lousas a nivel do chan, os **escanos** para sentarse arredor do lume, e por riba o **canizo** para secar as castañas, curar os chourizos, etc., e tamén para evitar que as **chispelas** cheguen acesas ata a palla. Pendurada dunha trabe ou das ganseiras (cando é que as hai) estaba a **preganza** ou gramalleira, que ultimamente eran todas de ferro, pero que, igual que na outra banda do Porto, antes tamén as había de pao (Foto 19).

Non sabemos de ningunha habitada, as derradeiras deixaron de ser vivendas haberá uns vinte anos. Dende aquela ou quedaron abandonadas ou fan de palleiros ou cortes. Todos os exemplares que coñecemos áchanse en moi mal estado de conservación, polo que dentro de ben poucos anos terá desaparecido esta construción tradicional parente da palloza.



Casa de teito de Vilarbón, cun penal escaleirado. (Foto 19).

#### 4. O CUARTO OU CILEIRO

No *Catastro* de Ensenada rexístrase entre as construcións dos veciños do actual concello de Candín unha denominada **cuarto**. Seguía existindo en 1924, pero non se lle dá ningún nome en especial, polo que o único xeito de diferenciarlo das demais casas é atendendo ás dimensións (sempre moi reducidas) e a que non teñan cociña. Os **cuartos** (Suárbol e Balouta) ou **cileiros** (Sorbeira, Pereda, Sortes, Candín,...), chegaron aínda ata os nosos días, deixando algún de estar habitado en 1990.

Os materiais constructivos son os propios de cada localidade, así, por exemplo, en Suárbol predomina o granito, mentres que noutras é o xisto e a cuarcita. O teito debeu ser durante séculos de colmo, substituído ultimamente polo lousado. Segundo a documentación que puidemos consultar e o escaso número de exemplares que quedan, deducimos que predominaba a planta rectangular con tendencia a cadrada.

Trátase dunha construción secundaria, que non é a vivenda propiamente dita pero que serve para residir nela, podéndose considerar como un paso intermedio entre a palloza e a casa de teito e a casa de baixo e sobrado. Fóra do val de Ancares, nos lugares de Balouta e Suárbol coñécese por **cuarto** ou

**cuartín**, igual que no val de Rao (Navia de Suarna)<sup>21</sup>. Pero no propio val ancorés emprégase máis **cileiro** ou **cileirín**, dependendo do tamaño, por ser onde antes gardaban os froitos as familias que non posuían hórreo.

O seu emprazamento sempre é de par ou a poucos metros da palloza ou da casa de teito, para que esta siga como cociña e corte dos animais. Ás veces, como comprobamos na lindeira parroquia galega de Rao, polas dimensións xa son verdadeiras casas lousadas, pero sen cociña. Por iso, en xeral, a construción destes habitáculos non supuxo a desaparición dos primitivos, porque non son máis que auxiliares.

Poden ser de dous tipos:

- a) Os que forman parte da palloza con acceso dende dentro, como aínda se pode ver algún en Balouta (Foto 20).
- b) Os independentes, con escaleiras exteriores e sen comunicación interna coa palloza, dos que tamén quedan moi poucos exemplares (Suárbo, Balouta, Espiñeireda,...) (Foto 21).

Posiblemente os máis antigos sexan os segundos, xa que a súa construción non lle afectaba ren á anterior, polo que viña a ser unha dependencia auxiliar, da que se podía facer uso cando se quixese e na que se gardaba a colleita no sobrado, substituíndo así ós hórreos.

O baixo terreo destinábase ás ferramentas, e tamén era a «pataqueira» (así é como se lle chama en 1924)<sup>22</sup>, ou facía de corte, mentres que o alto –unha única sala– era o dormitorio, en particular dalgún matrimonio novo, dos familiares emigrados que volvían a pasar unha tempada á súa terra e dos forasteiros e, ó mesmo tempo, de despensa cando a familia non posuía hórreo.

Algúns –os máis novos– xa case eran casas con sobrado, non lle faltando nin o corredor (un queda en Balouta, por exemplo), anque sen cociña. A **coucía** ou **couciña** é recente, feita no momento en que se abandonou a palloza ou a casa de teito. Un modelo claro témolo na parroquia de Vilasumil, onde se pode apreciar como a antiga palloza situada de par –da que

<sup>21</sup> Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente», *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, II, Lugo, 1991, páx. 34 e ss.

<sup>22</sup> **Patatera** é unha das denominacións que máis se lles dá ós baixos destas contrucións nos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana* do concello de Candín (1924). O que proba que era este o lugar, dedicado preferentemente para almacén das patacas. No val este tubérculo denomínase **pataca**, pero en Balouta o nome tradicional é **marriña**, o mesmo que en varias zonas de Galicia.



Palloza con cuarto ou cileiro unido a ela (Balouta). O cuarto, con porta para o carro e dúas ventás grandes, é relativamente moderno. (Foto 20).



Cuartín independente, Suárbol. Estivo habitado ata o ano 1990. (Foto 21).

actualmente non restan máis que os muros—, facía de cociña e corte, mentres que o **cileiro** rematou nos últimos tempos de cociña e dormitorio, sen dividir. Outro caso semellante rexistrámolo en Suárbol, onde tamén ó arruinarse a palloza o matrimonio pasou a vivir ó **cuartín**, facendo o pequeno habitáculo de cociña e dormitorio, e o baixo de leñeira (Fig. 10).

Resumindo: a principal característica dun **cuarto** ou **cileiro** é a de non ter cociña, non sendo polo mesmo máis que unha dependencia auxiliar. Nos últimos tempos houbo persoas soas ou matrimonios que vivían neles, facendo dentro unha pequena **larega**, para evitar ter que saír fóra ou mesmo porque a palloza xa non se achaba en estado de ser habitada.

#### 4.1. Notas históricas

Trátase dunha construción auxiliar pero non moderna, que xa existía a mediados do século XVIII, figurando varios exemplares no *Catastro* de Ensenada. Con todo, o seu número daquela era moi reducido, dándose o caso de que en varios lugares non debía haber ningún. Chámanlles **cuartos altos**, de baixo e sobrado. A situación era a seguinte (as medidas son varas castelás de 0,835 m.):



Cileiro e palloza en Vilasumil. Da segunda só quedan os muros. (Fig. 10).

Lugar	Cuartos altos ou cileiros	Máis grande	Máis pequeno
Candín	3	—	—
Pereda	1	4 x 6	4 x 6
Sorbeira	5	6 x 5	2 x 3

(Fonte: *Catastro de Ensenada 1752-53*).

Non había ningún nos lugares de Balouta, Espiñeireda, Lumeiras e Teixeu. Carecemos de documentación dos de Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil<sup>23</sup>.

<sup>23</sup>Archivo Histórico Provincial de León: *Catastro de Ensenada*.

**Balouta:** non figura ningunha destas construcións.

**Candín:** non constan as medidas, limítanse a dicir que son altos, polo que coidamos que estivesen apegados á vivenda, posiblemente formando parte da mesma: Toribia Rodríguez, «casa en que habita en casco de este lugar con su Corral, y un cuarto alto inmediato a ella», que medía 10 x 12 varas (8,35 x 10,02 m). Hai, en cambio, un que si era un auténtico «cuarto», que tiña de par un hórreo: Teresa Afonso, «Un Cuarto alto con un Orrio a el inmediato», de 3 x 4 varas (2,505 x 3,34 m).

**Espiñeireda:** non hai ningunha construción coa denominación de «cuarto», anque puidera ser algunha das casas de alto e baixo, consonte coas dimensións, por exemplo unha de 5 x 3,5 varas (4,175 x 2,922 m).

**Lumeiras:** aquí non figura ningún «cuarto alto», anque hai un caso que se dá como «casa» de alto e baixo que, tendo en contas as medidas, non é máis que unha destas construcións, 5 x 6 varas (4,1 x 5 m).

**Pereda:** o único independente era un de pequenas proporcións. Hai outros pero figuran xuntamente coas casas, polo que se deduce que estivesen apegados a elas, formando un mesmo edificio. A mostra de que se trataba de edificios grandes témola nas medidas: 20 x 9 varas (16,7 x 7,5 m), 15 x 10 (12,5 x 8,35) e 17 x 7 (14,2 x 5,8). Nos tres casos non se dan as dimensións da vivenda, senón o conxunto: Domingo Afonso, unha casa «con su corral, y un cuarto alto», 20 x 9 varas; máis adiante figura outra casa co seu «cuarto alto», que medía 15 x 10 varas; e xa seguido outra tamén co cuarto, de 17 x 7 varas.

**Sorbeira:** neste lugar, do que ardera máis dun 60% en 1752, figuran catro de alto e baixo. Nalgún caso faise constar que o «cuarto» estaba apegado á casa-vivenda, de seguro que con comunicación interior dende a mesma.

**Sortes:** non se conserva documentación, só o «Interrogatorio» no arquivo de Simancas, e nel unicamente se dá o número de «casas», 65.

**Suárbol:** a única documentación que hai é o «Interrogatorio», en Simancas, no que non consta máis que hai «treinta y nueve casas habitables en cujo número se incluien dos casas de dho. cura parrocho, paxares, y orreos...». Non se especifican outras construcións.

**Teixeu:** non había ningunha edificación de alto e baixo.

**Vilarbón:** non se conserva documentación.

**Vilasumil:** tampouco hai documentación, soamente o «Interrogatorio» en Simancas, pero non consta máis que o número de casas, sen aclarar se son altas ou baixas, 44.

Nada se di sobre da súa construción, pero polo que atinxe ós muros, por suposto que eran de cachotería de pedra da zona (xisto ou granito), o mesmo que o foron sempre todas as edificacións. Supoñemos que non houbera ningún lousado, pois de estalo o normal sería que constase.

A situación cambiara de abondo cento setenta anos despois, en 1924, en que volvemos coñecer perfectamente a realidade das construcións de todo o concello de Candín. O único en que se distinguen das casas é polas dimensións e en que carecen de cociña: no baixo está a corte ou a adega, e no alto, o dormitorio de toda a familia. Pero atopámonos coa péga de que os encargados de facer estes expedientes non empregan máis que a denominación de **vivienda**, o que impide saber se se trata de casas con cociña ou sen ela. En casos consta que só había cortes e cociña ou tamén pataqueira, polo que por forza a familia contaba con outra casa destinada a dormitorio<sup>24</sup>.

No espallamento desta construción e logo da de baixo e sobrado, está a orixe da desaparición dos hórreos, que xa eran moi raros no ano 1924, agás en Suárbol e Balouta, que foi onde máis se conservaron as pallozas, como se pode comprobar aínda hoxe en día (as de Suárbol arderon case todas no incendio que arrasou o lugar en 1957, sendo dende entón trocadas por casas «modernas», é dicir, sen corredor).

**Cileiro** seguiu denominando –anque agora só o empregan as persoas moi maiores– o sobrado das casas lousadas. Así, por exemplo, como nos contou unha señora de máis de sesenta anos, cando ela era nena durmía toda a familia no **cileiro**, pero logo fixeron do local tres **cileiríos**, destinados un para o matrimonio, outro para as fillas e o terceiro para os fillos.

#### 4.2. Situación actual

Agora é unha construción residual, da que actualmente non se fai uso máis que para almacén de froitos, da ferramenta ou palleiro. Non sabemos de ningún habitado, o derradeiro coidamos que fose un de Suárbol, no que viviu un matrimonio ata 1990. É un habitáculo independente, situado de par do palleiro, e a poucos metros da palloza, dos que non restan máis que os muros. No mesmo lugar, formando o conxunto que foi tradicional durante séculos, tamén se acha o hórreo, cuberto con colmo pero en moi mal estado.

En Vilasumil queda outro de par das ruínas dunha palloza, que estivo habitado por unha persoa maior ata non hai moitos anos. É máis grande que

<sup>24</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*. Ayuntamiento de Candín, 1924, caixas: 10.225 a 10.234.

o de Suárbol, contando con corredor, mentres que o primeiro só ten un pequeno patín diante da porta. Ambos por dentro carecen de divisións, non sendo máis que dous locais, un abaixo destinado a corte e leñeira, e outro arriba, que antes era dormitorio e almacén dos froitos, pero que nos últimos anos ó deixar de ser habitables as pallozas, tamén foi acondicionado para cociña (Foto 22 e Fig. 11).

Quedan algúns exemplares máis, anque moi poucos, tanto dos independentes, como dos que forman parte da palloza. Dos segundos hai dous en Balouta, en aceptable estado de conservación, pero deshabitados. Nestes casos a cociña, a corte e mesmo o palleiro seguiu conservando, pois só se engadiu a un lado da palloza unha construción de alto e baixo, nun principio con cuberta de colmo que logo foi trocada pola de lousa.

Seguen vivas as denominacións tradicionais: **cileiro** no propio val, **cuartín** ou **cuarto** en Suárbol e Balouta. O normal é que as persoas maiores entendan por calquera delas. Cómpre ter en conta que **cileiro** tamén se chama o sobrado das casas, en particular cando a cociña está no baixo, sen dúbida que lembrando a antiga construción que carecía dela.

Actualmente en todos a cubrición é de lousa, pero antes habíaos que a tiñan de palla. O número de augas depende do gusto de quen o construíu e da forma do inmovible: dende catro (Suárbol), ata dúas (Vilasumil). Os que están unidos á palloza formando un mesmo edificio adoitan contar con tres (Balouta).

Os poucos exemplares que restan agora atópanse deshabitados.


## 5. A CASA BAIXA LOUSADA

Non é unha construción antiga comparable, poñamos por caso, coa palloza, nin coa casa de teito, pero varias xa contan con moitos anos, dado que existían a mediados do século XVIII.

As primeiras, agás algunha excepción, eran vivendas de familias pobres que non dispoñían de suficiente colmo para teitar a casa. Isto aínda o din as persoas maiores, de que algún veciño era tan pobre que había anos que tiña que pedir palla prestada para teitar a vivenda, e que por iso algúns empezaron a substituíla pola lousa, porque esta non había máis que arrincala no monte, quedando o traballo feito unha vez para moitos anos, xa que de estar ben posta pode botar a vida de varias xeracións. Anque a palla no comezo considerábase mellor, por ser máis quente no inverno e fresca no verán.



Este cileiro de Vilasumil conta cun amplo corredor en dous lados. (Foto 22).



Cileiro de Vilasumil: planta terrea e sobrado. (Fig. 11).

As primeiras referencias a estas construcións atópanse xa no *Catastro de Ensenada* (1752 - 53), pero deducimos que era case descoñecida, pois non se rexistran máis que dúas en Candín, das mesmas dimensións (4 x 6 varas, ou sexa, 3,5 x 5 m). En ambas consta que eran terreas e que estaban lousadas: «baja cubierta de Losa». Carécese de documentación de Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil, pero, malia todo, o seu número debía ser insignificante.

A situación foi cambiando nos anos sucesivos, ás veces mesmo adaptando o teito de pallozas ou casas de palla para porlle **louseu**, co fin de evitar incendios, tan frecuentes nas de colmo.

En 1924 a situación era xa moi outra. Un paso intermedio viña a ser a cuberta mixta, polo regular lousa na parte baixa e palla no cumio, pero era escasísima, pois non figuran máis que cinco vivendas con ela: unha en Candín e Pereda, e tres en Teixeu.

Lousadas de todo xa eran moitas, en particular nalgúns **pueblos**. As máis grandes polo xeral foron antes pallozas ou casas de teito coa cuberta reformada, como aínda se pode comprobar nalgunha, á que lle foi rebaixado o **armante** e logo trocadas as ripas por táboas para espetar os **tormos** ou **pinos** que terman das lousas.

Velaquí a situación no devandito ano de 1924 (a superficie en metros cadrados):

Lugar	Casas baixas lousadas	Máis grande	Máis pequena	% das vivendas
Balouta	2	98	24	4
Candín	22	397	35	36
Espiñeireda	1	192	192	2
Lumeiras	7	85	24	17
Pereda	13	240	17	19
Sorbeira	13	270	24	31
Sortes	7	420	94	12
Suárbol	2	146	35	5
Teixeu	10	202	30	15
Vilarbón	6	216	48	10
Vilasumil	7	136	62	22

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

Ademais había unha de cuberta mixta en Candín e outra en Pereda, e dúas en Teixeu.

En total, as casas baixas lousadas representaban nesta época máis do 15% das vivendas, sendo Candín o lugar onde había máis, e Espiñeireda onde menos (Foto 23).

Por dentro viñan a ser igual que as pallozas, divididas en dúas partes por medio da **estriqueira**: unha para as persoas e a outra para os animais, polo que ou ben se sitúan en terreo costado, ou en dous niveis, separados por un ou dous chanzos. A diferenza das construcións cubertas con palla, estas casas contan con cheminea e campá por dentro, de madeira e no exterior recuberta con lousa. Debaixo da campá vai o canizo para as castañas, chourizos, etc., e a **preganza** para pendurar os potes e as potas.

Nos anos sucesivos a moitas destas casas engadíronlles o sobrado, co seu correspondente corredor, polo que agora, aínda que quedan algunhas, son moi poucas se as comparamos coas existentes hai cincuenta anos, por exemplo.



Moitas casas baixas lousadas foron no comezo pallozas, como esta de Pereda, de planta rectangular coas esquinas redondeadas. (Foto 23).

## 6. A CASA ALTA OU CON SOBRADO

As construcións que se fan actualmente non teñen nada que ver coas tradicionais. As de antes, –que foron as únicas que había ata case entrada a década dos anos setenta– das que cada vez van quedando menos, caracterízanse por contar sempre con baixo e sobrado e neste o corredor, orientado –a poder ser– de xeito que non lle dean os ventos predominantes, e ademais que reciba cantas máis horas de sol ó día mellor, e sobre todo no inverno.

Estructuralmente non garda nada en común coas antigas pallozas, nin tampouco coas casas de teito (coas de planta baixa). O único que as vencella son os materiais, que seguen sendo os exclusivos da zona: pedra (xisto, cuarcita ou granito, segundo o que haxa), madeira –sobre todo de carballo e castiñeiro bravo ou manso–, e palla ou lousa. En casos –moi poucos, anque debeu haber máis– algunhas conservan a planta da tradicional palloza, é dicir, as esquinas redondeadas, o que testemuña que para a súa construción foron aproveitados parte dos muros dunha obra anterior (un caso pódese ver en Espiñeireda).

Esta casa, que é agora a tradicional non só aquí nos Ancares, senón que segue os mesmos parámetros nas lindeiras terras leonesas, asturianas e galegas, non se sabe cando se empezaría a construír, anque xa se rexistra a súa existencia a mediados do século XVIII, pero non remataría por popularizarse ata finais do século pasado, substituíndo ás vivendas tradicionais de planta baixa terrea e, indirectamente, facendo desaparecer os hórreos.

No territorio do actual concello de Candín, así como nos contiguos de Cervantes, Navia de Suarna, Ibias, e vales da Fornela e Burbia, os seus antecedentes inmediatos non hai dúbida que foron os **cuartos** ou **cileiros**, de baixo e sobrado, pero sen cociña. Remataron transformándose en casas altas con corredor, primeiro algunhas colmadas, como quedan, por exemplo, en Degaña (Ibias)<sup>25</sup>, e logo lousadas. No concello de Candín as derradeiras con cuberta vexetal desapareceron nos anos cincuenta.

<sup>25</sup> Casas con sobrado cubertas con colmo foron relativamente correntes, tanto aquí coma noutras zonas ata non hai moitos anos. Na provincia de León, JOSÉ L. GARCÍA GRINDA (*Arquitectura Popular leonesa*, 1991), rexistra exemplares en varias poboacións (Riello, Veiga de Valcarce, etc.). Nas terras de Navia de Suarna aínda vimos algunha, en particular con cuberta mixta, lousa-colmo (C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», pág. 117). Tamén quedaban ultimamente varios exemplares no concello da Fonsagrada. En Degaña (Ibias) aínda subsisten algunhas, cfr. C. FLORES: *Arquitectura Popular Española*, Aguilar, Madrid, 1973, II, pág. 304.

## 6.1. Notas históricas

Non sabemos en que se basearían os que fixeron o catastro de Ensenada para denominar ás construcións de baixo e alto unhas veces «cuarto» e outras «casa». Puidera pensarse que nas dimensións: o primeiro cando eran pequenas, e a segunda cando grandes. Pero non sempre foi así, pois, poñamos por caso, en Sorbeira «de alto y bajo» había **casas** de 2 x 3 varas (4,18 m<sup>2</sup>), e **cuartos** de 3 x 6 varas (12,55 m<sup>2</sup>). Quizais tivesen en conta para darlle a primeira denominación que se dormise nelas ou que contasen con **cociña**, e non que fosen só almacén dos froitos.

Para nós o único elemento diferenciador é a cociña: se a posúe, aínda que sexa unha construción de reducidas dimensións, é «casa», pero se carece dela por estar noutro edificio contiguo, entón non é máis que «cuarto»<sup>26</sup>.

Non abonda ter en conta a cuberta, colmada ou lousada, pois a mediados do século XVIII eran moi raras as construcións con lousa e, ademais, como se testemuña polos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana* do concello de Candín, de 1924, por estes anos, como logo veremos, quedaban vivendas de alto e baixo teitadas o mesmo que as pallozas. Caso especial é o dunha de Teixeu, que estaba tellada, «alta y baxa, cubierta de texa», a non ser que haxa un erro e o amanuense en vez de lousa escribise tella. Sería única, pois aínda actualmente coidamos que non debe haber ningún edificio tellado en todo o concello.

A situación por **lugueres** era a seguinte a mediados do século XVIII, moi relativa xa que, como acabamos de dicir, unicamente consideramos «casas» as de baixo e sobrado e, ademais, que se lle dea esta denominación no catastro (coma sempre, as medidas son en varas castelás de 0,835 m):

<sup>26</sup> O mesmo foi o que tivemos en conta en Navia de Suarna para distinguir entre «casa» e «cuarto». Quizais por ser máis recentes as «casas altas» –sobre todo no val de Rao– as persoas maiores diferencian claramente estas dúas construcións, aínda que polas dimensións sexan máis grandes que as propias vivendas. Para os informantes naviegos de máis idade, que naceron en pallozas con ou sen **cuartín**, a única casa é a que ten cociña. Igual se deduce das conversas que mantivemos cos ancareses, anque aquí os **cuartos** ou **cileiros** actualmente son escasos: eran só para dormir e gardar os froitos; a **larega** e o forno estaban na casa vella, que podía ser palloza ou de teito. Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 34-37 e 114-117.

Lugar	Casas			Máis grande	Máis pequena	% das vivendas
	Teitada	Lousada	Tellada			
Balouta	—	—	—	—	—	0
Candín	4	1	—	10 x 16	6 x 9	13
Espiñeireda	7	1	—	8 x 12	5 x 3,5	18
Lumeiras	1	—	—	5 x 6	5 x 6	1
Pereda	—	—	—	—	—	0
Sorbeira	2	—	—	4 x 6	2 x 3	2
Teixeu	3	1	1	12 x 13	4 x 8	7 <sup>27</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada 1752-53*).

<sup>27</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Catastro del marqués de La Ensenada*.

**Balouta:** nesta época aínda non había ningunha construción alta, vivindo todos os veciños en pallozas.

**Candín:** non era na capital, antes da xurisdicción e logo do concello, onde había máis vivendas altas, como pasaba na mesma época coa veciña Pobra de Navia, con respecto á xurisdicción de Navia de Suarna. O lugar con máis era o de Espiñeireda. Só unha estaba lousada, polo que as demais tiñan teito de colmo (ou, como moito, mixto): Andrés Abella, «cubierta de Lossa, de Alto y bajo con su corral y en el un Orrío que sirbe de panera». Nas restantes só se di que eran «de alto y bajo».

**Espiñeireda:** igual que en Candín, aquí soamente consta nun caso que a casa era «alta cubierta de losa», polo que as demais deducimos que estaban colmadas.

**Lumeiras:** non había máis que unha «alta y baja», de 5 x 6 varas (20,91 m<sup>2</sup>). Como non se di nada, é de supoñer que a cuberta fose de colmo.

**Pereda:** non figura ningunha construción de baixo e sobrado, agás os denominados cuartos. De ser exacta a información, as cocinas estarían todas nas casas terreas.

**Sorbeira:** anque figuran dúas casas altas, se nos atemos ás medidas non eran máis que cuartos ou cileiros, pois a máis grande medía 3,3 x 5 m. A pequena era insignificante, de só catro m<sup>2</sup>. Pódese dicir que nesta época non había aínda ningunha, sendo todas as vivendas baixas, pallozas ou casas de teito. Estaban colmadas.

**Sortes:** non se conserva máis que o «Interrogatorio» no arquivo de Simancas, constando na pregunta 22 o número total de vivendas, sen aclarar como son.

**Suárbol:** pasa o mesmo que con Sortes.

**Teixeu:** aquí atopamos un caso único: unha casa tellada. Coidamos que fose a primeira existente en todo o val, e tamén unha das poucas, pois aínda hoxe en día non hai ningunha. Había outra con lousa, «alta cubierta de Losa», —de 8 x 4 varas—, e das tres restantes non se di nada, polo que estarían teitadas.

**Vilarbón:** non se conserva máis que o «Interrogatorio» en Simancas, no que figura o número de vivendas, pero non se di nada sobre a súa construción, altura, etc.

**Vilasumil:** non se sabe, carécese de documentación.

Descoñecemos o estado de Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil, por ter desaparecido a súa documentación (Foto 24).

A casa alta, como se comproba polos anteriores datos, a mediados do século XVIII era unha construción escasísima, non representando sequer un 6% do total das vivendas, e mesmo había lugares sen ningunha, como Pereda e Balouta. Semellante era a situación na outra aba do Porto, no lindeiro concello de Navia de Suarna, que viñan a ser sobre o 12% (en total 97, pero delas 28 achábanse na Pobra de Navia. Non había ningunha nas parroquias de Rao, Moia e Folgueiras).

A cuberta predominante, e con moita diferenza, era a vexetal de colmo de centeo. No catastro que estamos seguindo non se indica máis que en tres casos que estaban lousadas, e nun que a tiña de tella. Caso único, non soamente aquí senón que tamén nas terras lindeiras galegas. As lousadas achábanse en Candín, Espiñeireda e Teixeu, unha en cada, e neste último lugar era onde estaba a tellada.

Non volvemos coñecer a situación ata o ano 1924, data en que se realizou unha exhaustiva *comprobación de la riqueza urbana* de todo o



A principal característica das casas altas antigas é o contar con corredor, orientado preferentemente cara ó abrente, como este de Vilarbón. (Foto 24).

concello de Candín, contando cada construción –fose ou non vivenda– co seu propio expediente, no que constan, ademais do propietario, as dimensións do inmovible e os materiais de que está construído. As medidas, en metros cadrados, corresponden ó espacio destinado a vivenda, cortes, adega, etc.:

Lugar	Cuberta			Máis grande	Máis pequena	% das vivendas
	Colmo	Lousa	Mixta			
Balouta	3	2	—	340	170	10
Candín	2	26	1	157	16	48
Espiñeireda	3	22	3	382	18	81
Lumeiras	3	8	—	150	16	28
Pereda	—	49	1	816	31	73
Sorbeira	—	17	—	408	42	41
Sortes	4	23	1	609	42	50
Suárbol	3	7	5	558	35	44
Teixeu	—	21	5	858	20	40
Vilarbón	8	34	—	180	27	73
Vilasumil	—	17	3	204	34	64 <sup>28</sup>

(Fonte: *Expedientes de comprobación...*, 1924).

<sup>28</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana. Ayuntamiento de Candín*, caixas: 10.225 a 10.234.

**Balouta:** só eran cinco e, quizais, algunha non fose independente, senón formando parte dunha palloza, en particular a que medía 340 m<sup>2</sup>. As cinco eran grandes, pois a máis pequena contaba con 170 m<sup>2</sup>. Tres cubríanse con colmo. Era onde menos había de todo o concello. A casa seguía sendo case exclusivamente a palloza. Estas vivendas non representaban máis que un mínimo 10% das do lugar.

**Candín:** había 29 vivendas de alto e sobrado, as máis con corredor, como aínda se comproba polas que quedan e non sufriron arranxos. Colmadas só se conservaban dúas e parte doutra. Aquí xa eran case a metade das vivendas (o 48%), sendo as restantes baixas.

**Espiñeireda:** figuran 28, das que tres estaban colmadas e dúas con cuberta mixta. As demais, lousadas. Era onde proporcionalmente había máis casas con sobrado, o 81%. Algunhas grandes, como unha de 382 m<sup>2</sup>, pero outras de seguro que non pasaban de **cuartos** ou **cileiros**, de 18 m<sup>2</sup>.

**Lumeiras:** case un tercio (o 28%) dos veciños xa vivían en casas altas, anque en casos non eran máis que pequenos **cileiros**, de 16 m<sup>2</sup>.

**Pereda:** eran 49, anque proporcionalmente de acordo co número de veciños, viña a ser o segundo xunto con Vilarbón, co 73% de vivendas altas. Aquí había unha das máis grandes de todo o concello, con 816 m<sup>2</sup>, que era a rectoral do párroco, aínda hoxe en pé, iso si moi transformada.

Como se pode comprobar, eran escasísimos os edificios de baixo e sobrado en Balouta e Suárbol. Destes *expedientes* dedúcese que en 1924 a metade da poboación do concello de Candín xa vivía en casas con **sobrao** (exactamente o 50,18%). Cómpre subliñar que nesta época máis do 9% aínda tiñan cuberta vexetal, e o 7% mixta. As derradeiras construcións colmadas desapareceron hai máis de trinta anos. Mostra son os penais escaleirados de algunhas casas que sobresaen varios cm sobre a lousa, que agora non son máis que un motivo ornamental, pero que antes eran para protexer a palla.

Seguindo a vella tradición das pallozas, –e, en xeral, de toda a arquitectura popular–, estas vivendas contan con moi poucos ocos de luz, e ás veces non son nin ventás, senón estreitos **ventáus**, en particular na planta baixa. Nos *expedientes* de 1924 un dos epígrafes está dedicado ós ocos que posúe cada casa, que coidamos sexan portas e ventás. A modo de exemplo, damos a media de dous lugares, un do val e outro do Porto:

Lugar	Casas altas	Media ocos de luz	Máis ocos	Menos ocos
Balouta	5	4	5	3
Sortes	28	3,8	11	2

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

**Sorbeira:** malia que máis da metade das construcións arderan no incendio de 1752, os veciños seguiron coas casas baixas cubertas con palla, pois só o 39,02% vivían en casas altas lousadas.

**Sortes:** das 28 que eran só catro tiñan cuberta vexetal, mixta non máis que unha, e as restantes 23, lousa. A metade dos veciños residía en vivendas altas (xusto o 50%).

**Suárbol:** xunto con Balouta –os dous núcleos situados na aba galega do Porto–, era onde había menos casas altas, non máis de 15, das que tres tiñan cuberta de colmo, 5 era mixta, e as sete restantes, lousado. Actualmente en nada semella esta situación, pois todas as construcións son altas, debido a que foron ergueitas despois do incendio de 1957. A máis antiga é a rectoral, situada por detrás do edificio escolar.

**Teixeu:** de estar ben as medicións, aquí era onde se achaba a casa alta máis grande de todo o concello, de 858 m<sup>2</sup>, que quizais só tivese parte sobrado e non toda. Pero tamén había algunha reducidísima, de non máis de 20 m<sup>2</sup>. En total eran 26, que representaban xusto o 40% das vivendas do lugar.

**Vilarbón:** este núcleo, totalmente abandonado dende hai uns 15 anos, en 1924 era o segundo en número de casas altas, 42, representando o 73% do total.

**Vilasumil:** só había 20 casas con sobrado, o 64% das vivendas.

Desconfiamos dos once que se di que ten unha vivenda de 396 m<sup>2</sup>. Si é certo que era grande, pero case iguais contaban con moitos menos, como unha de 360 m<sup>2</sup>, que non eran máis de 6, e outra de 312 m<sup>2</sup> con 4. Puidera haber erro, ou algúns que non fosen máis que estreitos **ventáus**.

## 6.2. Materiais e construción

Os materiais constructivos seguiron sendo exclusivamente os tradicionais, os mesmos que se empregaban nas pallozas e nos **cileiros**: a pedra, a madeira, a palla e a lousa. A pedra depende da zona, predominando máis o xisto, as cuarcitas ou o granito. Nas esquinas van as máis grandes, ás veces combinando xisto e granito (Balouta). O grosor dos muros adoita ser algo menos que o das pallozas, non superando ou pouco os 50 cm. Nas máis antigas están feitos en «seco» e, ultimamente, con algo de barro. Tamén no labor da pedra se distinguen ben dúas épocas: unha primitiva cos cachotes máis irregulares e case como saen da canteira; e outra máis recente, en que xa se desbasta a cara visible, sobre todo a base de pico.

Segundo os informantes maiores, as casas non as facían os veciños, senón que eran canteiros galegos ambulantes, principalmente da provincia de Ourense. Pero coidamos que tamén fosen algúns da bisbarra pontevedresa da Terra de Montes, documentados na aba galega do Porto. Por exemplo, entre 1888 e 1895 Pedro Pichel construíu a casa rectoral de Rao<sup>29</sup>.

Ademais dos canteiros, na construción participaban todos os familiares, xa carrexando a pedra, lousa e madeira, ou axudando na obra, a subir os materiais, darlles servizo ós operarios, etc.

A diferenza das pallozas en que hai a posibilidade de empezar a obra facendo o **armante** de madeira ou os muros, neste caso o primeiro sempre eran as paredes, asentadas sobre os **cementos**. Ó chegar a altura que se consideraba suficiente, poñíanselles as **vigas** do sollado, os **pontois** e as táboas. Logo seguían co sobrado, coas **marcaciois** e o **cargadeiro**, para os ocos de luz, que podían ser de madeira (os máis frecuentes) ou dalgunha peza grande de pedra (en particular o **cargadeiro**). Co fin de suxeitalos, ás veces deixábanlle pedras en tizón, en forma de «L», de xeito que o lado pequeno terma por fóra da madeira.

Ó rematar o sobrado procedíase a armar a cuberta para colmo ou lousa. Nestes casos xa non hai nin **forcas** ou **postes**, nin tampouco **esteos**: as **vigas**

<sup>29</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 40.

**suleiras** aséntansen directamente nos muros, e sobre elas as **tixoiras** ou **tixeiras**, unidas por arriba polo **cume**, dende un **penal** (cando é que o hai), ata onde empeza a terceira caída de auga, en que se unen os dous **anguilois**. En sentido horizontal van logo as **tercias**, e máis abaixo os **sobremurios**, por riba cruzados os **canteaos** (**cantiaos** ou **cuartois**) e, por último, as **ripas** para atar o colmo ou suxeitar a lousa.

Nas construcións vellas predominan as cubertas a tres augas, pola contra, nas modernas abundan máis as de catro. O seu número varía, adaptándose á feitura da casa: así, por exemplo, en Vilarbón hai algunha con sete. Todas contan con **fumeiro** ou cheminea, coa estrutura de madeira e por fóra con lousa (Foto 25).

As casas lousadas, sexan baixas ou altas, sempre teñen cheminea coa armación de madeira, recuberta exteriormente de lousas (Teixeira). (Foto 25).



### 6.3. Achegamento tipolóxico

Non é doado achar dúas vivendas iguais, pero atendendo a varios elementos pódese tentar facer unha clasificación, non xa polas cubertas, porque agora todas son de lousa, pero si pola disposición do baixo e do sobrado, accesos, etc.

O terreo determina a feitura da casa, predominando a planta rectangular. Se é moi empinado, entón é normal que o edificio conte con dobre altura «falsa», é dicir, que non ten as mesmas dimensións o baixo que o **sobrao**, sendo a planta terrea máis pequena, excavada en parte na terra.

Existen dous tipos de accesos: un común para o baixo e o sobrado, moito raro; e outro de dous independentes, ambos exteriores, con escaleiras de pedra e /ou madeira. Ás veces pode haber unha comunicación interior secundaria, pero soamente en casos moi contados, por medio dun **ventáu** ou **fureo** practicado no sollado, ó que se sobe por unha escaleira de madeira.

O **corredor (corridor)**, ou **varanda** é outro elemento tradicional destas vivendas, indispensable sobre todo nas antigas. Mentres á planta baixa se accede por unha entrada independente, polo regular ancha para que pase o carro (**portalón, portalada, portal,...**); ó **sobrao** sóbese por unhas **escaleiras** –de pedra cos últimos banzos de madeira–, que adoitan rematar no corredor, e dende o que se pasa á vivenda, anque non sempre é así, pois ás veces a entrada e o corredor son independentes, non tendo este acceso dende o exterior. Tamén hai casos con patín, que pode dar, por exemplo, á cociña. Existen casas sen corredor, pero son poucas e, sobre todo, en Suárbol, posteriores ó incendio de 1957 que destruíu as pallozas, daquela aínda predominantes (Foto 26).

Os corredores poden ser de varios tipos, entre os que predominan: a) os apoiados sobre traves do sollado que sobresaen para fóra, a xeito de ménsulas, moitos reforzados con tornapuntas (son os máis correntes: Vilarbón, Candín, Teixeu, Sorbeira, Pereda, Vilasumil, Balouta,...); b) igual que os anteriores pero máis amplos, polo que teñen que levar **esteos** por debaixo (Vilasumil) (Foto 27); e c) asentados sobre muros laterais, por ambos os dous lados ou por un só (Españeireda). As máis das ménsulas son de madeira, aínda que non por iso deixa de haber algunha de pedra, como en Suárbol, de clara influencia galega.

Hainos totalmente pechados con táboas, de arriba abaixo, non máis que con algunha **ventá**; só parte con táboas e o resto –o peto– ata a altura da



As casas de Suárbol carecen de corredor na súa maioría, porque as máis delas son posteriores ó incendio de 1957, que destruíu case todas as pallozas. (Foto 26).



Corredor sobre esteos (Vilasumil). (Foto 27).

varanda; con curiosas balaustradas, con táboas ou mesmo con lousas grandes suxeitas con **tormos** ou cravos<sup>30</sup> (Foto 28).

O normal é que cada vivenda conte con corredor por unha soa fachada, pero tamén existen de dous e mesmo de tres, neste último caso formando un patio en «U» (Vilarbón) (Fig. 12).

Este interesante complemento desaparece nas casas máis recentes, trocado por ventás grandes (exemplos hainos en Vilarbón). Agora algunhas construcións modernas tentan recuperalo por medio de galerías acristaladas.

Por último queda a clasificación segundo para que se destine cada planta. Non é doada, pero grosso modo pódense ter en conta tres posibilidades, que se describen tanto nos expedientes de 1924, como se comprobaban agora nas que non foron arranxadas e, en particular, no lugar abandonado de Vilarbón:

- a) O baixo para cortes, e toda a vivenda, incluída a **cocúa**, no sobrado polo xeral con forno de pedra ou de barro.
- b) O baixo para adega, «pataqueira» e cortes, e a vivenda completa arriba.
- c) A cociña no baixo, ou en parte, que mesmo pode abranguer nesta zona ás dúas plantas, e o resto da vivenda –o **cileiro** ou cuartos– no sobrado. De par da **larega** tamén o forno, anque había casas sen el, que cocían nalgún dos veciños.


En calquera dos tres casos, a cociña era unha das dependencias máis importantes, coa **larega** ou **lar** de **lume rastreiro** situada no medio sobre unha lousa grande con outras pequenas arredor protectoras, de xeito que en tres lados quedasen os escanos e un libre para cocinar. Nos últimos tempos –dende a década dos anos sesenta– empezáronse a instalar algunhas cociñas «económicas» de ferro. Contan con cheminea –predomina a de forma troncopiramidal– que sae ó exterior, forrada de lousa, ás veces artisticamente rematada por unha lousa sobre a que se pon unha ou varias pedras para que non a leve o vento (o **peneo**). Por dentro dispón dunha ampla campá para recoller o **fumo** e, por debaixo, o **caízo** para secar as castañas, chourizos, etc., sen faltar tampouco a **preganza** para os potes e as potas de asa.

No que respecta á estrutura interna, nas antigas o dormitorio non era máis que unha sala grande, coas camas arredor apegadas ás paredes. Nos

<sup>30</sup>J. M. ALONSO GONZÁLEZ («La arquitectura popular de Ancares», *Ancares*, 1987, páx. 53), reproduce varios balaústres de Espiñeireda, Candín, Lumeiras e Vilasumil.



Corredor totalmente pechado con táboas, agás unha pequena ventá (Vilarbón). (Foto 28).



Casa con corredor en dous lados e escaleira exterior (Pereda). (Fig. 12).

últimos anos, –e en particular nas casas economicamente ben situadas–, este local dividiuse en tres ou catro **cileiríus**, nos que adoitaban dormir: no máis pequeno o matrimonio –o **pedre** e a **madre**– (se vivían os **avulicos**, entón había outro máis para eles), e dos grandes un estaba destinado ás fillas e o outro ós fillos. As divisións eran de madeira, de táboas ou mesmo de varas de salgueiro, castiñeiro ou carballo entretecidas e algunhas logo recubertas con barro. Aquí tamén estaban as arcas cos froitos, illadas da humidade e dos ratos.

Varias, sobre todo as máis modernas, contan con **fallao** e, polo mesmo, as habitacións con teito de táboas (**enlucíu**, **lucíu**), que se destina a almacén de froitos, principalmente dos que se gardan para a semente. Ó **fallao** accédese polo **ventáu**, poñendo unha esqueira.

As paredes das antigas carecen de revoco, no exterior e no interior. Nos últimos anos empezáronse a enfuscar por dentro, sobre todo os dormitorios, con barro e cal. Agora faise tamén polo exterior, pintando logo o cemento.

#### 6.4. Tres exemplos

Escollemos tres casas de baixo e sobrado, unha de Espiñeireda, que a súa planta aínda lembra a das pallozas, e dúas de Vilarbón, por se conservaren sen sufrir alteracións importantes ó levar preto de vinte anos deshabitadas. As tres son vivendas de persoas medianamente acomodadas.


Algunhas xa foron estudias por outros autores: por exemplo, García Grinda (*Arquitectura Popular Leonesa*, León, 1991) publica dúas de Vilarbón que non é ningunha das nosas. Pola súa banda, Alonso González («La arquitectura popular de Ancares», no libro *Ancares*, León, 1987), estudia unha de Sorbeira e outra de Espiñeireda. Esta última tamén a escollemos nós:

##### A) ESPÍÑEIREDA:


Aínda que xa leva moitos anos deshabitada, o seu estado de conservación é moi bo, pois seguiu facendo de palleiro, tanto o baixo coma o sobrado (Fig. 13).

A planta é rectangular pero cos ángulos moi redondeados, lembra a das pallozas, polo que puido ser aproveitada parte dalgunha –anque non fosen máis que os alicerces–. Engadido, coidamos que posterior, é o corredor, asentado sobre muros, con unha parte pechada de arriba a abaixo con táboas (detrás queda o forno), e a outra aberta, con táboas en vez de balaústres.

A planta baixa, actualmente palleiro, sempre estivo dedicada a corte, polo que contou con divisións de táboas, agora retiradas. A porta é estreita, non permitindo o paso de carros.



Esta casa de Espiñeireda, malia levar varias décadas deshabitada, aínda se conserva en bo estado. (Fig. 13).



Planta alta ou sobrado da casa de Espiñeireda: 1) corredor interior ou "pasillo", 2) cocina, 3) pedra da bogada, 4) forno, 5) corredor, 6) habitacións. (Fig. 14).


O máis interesante é o **sobrao**, ó que se accede por unha porta con tres **escalois** de pedra, aproveitando o desnivel do terreo. As paredes exteriores son de cachotería e as divisións interiores de tabiques de madeira, uns máis antigos que outros. Ó entrar á dereita queda a cociña, completa, é dicir, tamén co forno. Destaca a armazón de madeira da cheminea, con gran campá para recoller o fume, que polo exterior está revestida con lousas, como adoita ser habitual en todas estas casas. Á esquerda hai un cuarto e ó remate do pequeno "pasillo" outras dúas habitacións, unha máis grande que a outra.

O **louseu** conta con tres caídas de augas, sobre o que destaca a cheminea. Case seguro que a primeira cuberta foi vexetal.

Carece de todo tipo de servicios hixiánicos, como ocorre en todas as vivendas tradicionais (Fig. 14).

#### B) VILARBÓN (a casa do hórreo de palla):

Áchase pola parte de arriba da praza –a eira– da poboación, onde o camiño se ensancha permitindo xogar ós bolos, bailar, etc. Actualmente sobresaen das demais por ter fronte un hórreo teitado, en regular estado de conservación, o único con cuberta vexetal do **luguer** (Fig. 15).



Casa "do hórreo de palla" de Vilarbón, con entradas independentes para a planta baixa (cortes) e o sobrado (vivenda). (Fig. 15).


A planta ten forma de «L», cun ángulo de noventa graos, ben marcado polas catro caídas principais das augas do lousado. A quinta corresponde ó exterior do forno. Conta con baixo e sobrado. O primeiro estaba destinado exclusivamente a cortes, de gando vacún, lanar ou mesmo tamén cabrún, e o sobrado a vivenda completa, é dicir, cociña, forno e dormitorios. Non hai dúbida que se trata dunha construción feita en dúas épocas, separadas por un muro central tanto o baixo coma o sobrado. A parte máis antiga é a que corresponde á cociña, que quizais empezase sendo **cuarto** ou **cileiro**, coa palloza pegada, da que aínda quedan restos do muro na planta baixa. Ó desfacela, ergueron no soar a parte onde se acha o forno. As madeiras son case exclusivamente de carballo e castiñeiro. As paredes de cachotería teñen enfoscado interior recente.

Á planta baixa accédese por dúas entradas: unha porta corrente, por onde entran os animais, e a outra para o carro (a **portada**). As **marcaciois** de ambas están suxeitas contra a parede por medio de pedras en forma de «L», metidas en «tizón» na parede co lado curto termando da madeira. Está distribuída en tres cortes por medio de muros, un deles antigo, e a súa vez por sebes de táboas. Todas as cortes contan coas **preselbeiras** para comer o gando (Fig. 16). Esta planta carece de comunicación interior coa de arriba, polo que cómpre ir por fóra (Fig. 17).


Ó sobrado pódese acceder por dúas portas: unha que vai á dependencia onde está o forno, e outra que dá ó corredor, e dende aquí pásase á cociña. A vivenda consta de dous espazos illados por unha grosa parede. No da cociña, amais desta, hai dous cuartos pequenos, separados por tabiques de madeira. O do forno conta con dous, divididos tamén por táboas, un moito máis grande que o outro. Era neste último onde estaban as arcas co centeo, fabas, etc., e mesmo tamén podía facer de palleiro. A **larega** consiste nun rectángulo de lousas asentadas sobre a madeira do sollado (Fig. 18).

O corredor é amplo, con dous esteos centrais. A metade, aproximadamente, conta con varanda, agora sen balaústres; mentres que a outra péchase de arriba a abaixo con táboas, non tendo máis que de lado un pequeno **ventáu**, que era onde se gardaba o froito, enxugaba a roupa no inverno, etc.


Carece de servicios hixiénicos, tendo que baixar ás cortes para facer as necesidades (Fig. 19).




Nas cortes nunca falta algunha *preselbeira* para botarlle de comer ó gando. (Fig. 16).



Planta baixa da casa "do hórreo" de Vilarbón: aínda quedan as divisións (de pedra ou táboas). Un dos muros puido pertencer á antiga palloza que estivo no mesmo soar. (Fig. 17).



Planta alta da casa "do hórreo" de Vilarbón: 1) forno, 2) cociña con larega, 3) corredor, 4) cuartos, 5) cileiro para gardar os froitos. (Fig. 18).



Cuberta da casa "do hórreo" de Vilarbón: conta con cinco caídas de auga independentes. A máis pequena é a do forno. Fronte queda o hórreo cuberto con colmo. (Fig. 19).


C) VILARBÓN (casa con curral):

Foi reformada repetidas veces, facéndolle varios engadidos que lle afectaron ás fachadas, quedando a parte antiga oculta no interior (Foto 29). Ten forma de «U», con fronte a dous camiños. Na esquina hai un portalón, polo que accede o carro ó interior, é dicir, ó **curral** ou **corrada**. Toda a planta divídese en catro espazos, tres dedicados a cortes, e o cuarto a curral en parte protexido para o carro. Un dos muros –curvo– coidamos que sexa o único resto da palloza que alí debeu haber antano. Unha das portas interiores é de arco de medio punto, quizais das máis vellas do lugar (Fig. 20).

O estado actual ruinoso non permite saber certamente se contaba con acceso ó sobrado, pero coidamos que non, polo que tiñan que saír ó camiño

Casa “do curral” de Vilarbón: porta ancha de acceso ó curral. Ó fondo unha interesante porta estreita con arco de medio punto. (Foto 29).






Planta baixa da casa “do curral” de Vilarbón: as divisións son de pedra, anque puido haber outras secundarias de madeira. Un dos muros –atendendo á súa curvatura– debeu ser da antiga palloza. Carece de comunicación coa planta alta. (Fig. 20).

para ir arriba, por unha porta non máis que con dous **escalois** de pedra, aproveitando a costa do terreo. Por ela éntrase no corredor, de tres lados, con varanda, protexido con lousado do que terman esteos con zapatas. Esta parte non hai dúbida que é a máis moderna. Nela atópanse dúas alcobas, de pequenas proporcións. Dende o corredor pásase á outra parte por dúas portas, separada por fortes muros antigos que cadran cos de abaixo. Na máis pequena estaba a cociña (agora en estado ruinoso), na que debeu haber un forno de barro, e a outra era unha sala-habitación, para varias camas (Figs. 21 e 22).


Carece de servicios hixiénicos.

### 6.5. Situación actual

Ata a década dos sesenta seguiu-se construíndo este tipo de vivenda, e mesmo mellorando as que había, con divisións interiores (en casos facendo xa uso do ladrillo), instalación da cociña «económica» de ferro, deixando a **larega** de lume rastreiro só para curar a carne, revocado dos muros (polo interior e polo exterior), etc. Fan acto de presenza os primeiros materiais foráneos: cemento, ladrillo, madeira de serradoiro, etc.



*Sobrado* da casa "do curral" de Vilarbón: só conta cunha única entrada, pola que se accede dende o camiño aproveitando o desnivel do terreo. Os espacios sen chan de táboas atópanse actualmente en ruínas (no pequeno estaba a cociña). (Fig. 21).



Cubertas da casa "do curral" de Vilarbón: sete caídas de auga, delas tres para o patio. (Fig. 22).

Polos anos sesenta empézase a suprimir –como cousa anticuada– o corredor, deixando só ventás. Xeneralízase –en boa parte alentado polas autoridades provinciais e municipais, en particular dende o incendio que arrasou o **luguer** de Sortes, en 1965–, o troco das cubertas vexetais por outras non combustibles, primeiro a tamén tradicional lousa, pero logo empézanse a estender as de fibrocemento (uralita).

Nas décadas seguintes, os anos setenta e oitenta, a construción parálizase case por completo, co gallo do éxodo dos veciños en particular para outras terras peninsulares (Barcelona, Madrid, Ponferrada,...). Foi cando quedou totalmente deshabitado Vilarbón. De tal xeito foi o retroceso demográfico, que entre 1910 e 1991 o concello de Candín perdeu 1637 habitantes, de 2132 pasou a 495<sup>31</sup>.

Ultimamente empezouse a transformar algo a tradicional paisaxe urbana, polo regreso temporal de varios veciños, uns a pasar as vacacións e outros varios meses do ano por estar xa xubilados. Cada vez é máis manifesta a construción de modelos foráneos que se poden ver en calquera parte, así como a difusión do emprego de materiais alleos e abandono dos propios, pois mesmo a lousa procede de pizarreiras industriais, e non coma antes que a arrincaban tamén na zona.

Casas de feitura nova ou vellas pero moi reformadas hainas en todos os lugares, agás no de Vilarbón que segue abandonado. As derradeiras construcións datan da década dos anos setenta, dende aquela non se volveu facer máis nada, nin tan sequera reformas de importancia.

<sup>31</sup> Por núcleos:

<b>Lugar</b>	<b>1910</b>	<b>1991</b>
Balouta	259	67
Candín	208	86
Espiñeireda	154	27
Lumeiras	149	12
Pereda	265	120
Sorbeira	144	55
Suárbol	182	8
Sortes	161	57
Teixeu	312	43
Vilarbón	167	6
Vilasumil	131	14
<b>Total</b>	<b>2132</b>	<b>495</b>

No ano 1991 xa non vivía ninguén en Vilarbón, pero seguían empadronadas seis persoas.

...the ... of ... in ...

...the ... of ... in ...

...the ... of ... in ...



...the ... of ... in ...

### III. CONSTRUCCIÓN AUXILIARES

#### 1. O HÓRREO

Actualmente o **hórro** é unha construción moi escasa neste concello, residual, como o proban os poucos exemplares que se conservan ou mesmo restos. A situación non sempre foi así: a mediados do século XVIII había moitos, aínda que non tantos como nas terras galegas da outra banda do Porto.

As construcións populares xorden nunha determinada época e por unhas necesidades concretas, transfórmanse ó longo dos séculos e, por último, rematan por desaparecer ó quedar obsoletas. Isto foi o que sucedeu no concello de Candín cos hórreos, que se abandonaron e destruíron ó perder a misión que tiveran durante séculos, que non foi outra que a de facer de despensa para gardar os alimentos e os froitos, fóra da humidade e lonxe dos roedores.

Hai uns anos José Luis González Arpide catalogou os casteláns e os leoneses, chegando á seguinte conclusión, nada esperanzadora verbo do futuro desta construción: que non máis do 28% se destinan ó uso para o que foron construídos (gardar a carne e os cereais). Curiosamente o 40% facían de almacén dos trastes vellos, é dicir, xa carecen dunha función determinada. Os pasos seguintes son o abandono e a destrucción<sup>1</sup>.

Isto foi o que sucedeu no concello de Candín (e, en particular, no val de Ancares), que no momento en que deixaron de prestar o servizo que foi tradicional durante séculos, os veciños obtaron pola destrucción, porque eran máis un estorbo que unha axuda. Non sucedeu o mesmo nas lindeiras

---

<sup>1</sup> «Los hórreos en la arquitectura popular de Castilla y León (Algunas claves para su desaparición)», *Actas del primer congreso europeo del hórreo*, Santiago de Compostela, 1990.

terras galegas, onde se seguen conservando malia carecer da funcionalidade orixinal, coma no Piornedo, onde aínda permanecen catorce hórreos, nun total de 17 vivendas<sup>2</sup>.

### 1.1. Notas históricas

Os **hórros** tradicionais do val de Ancares, Balouta e Suárbol, pertencen ó tipo denominado «asturiano» ou «astur-leonés», que abrangue ademais de Asturias, parte das provincias de León, Lugo, Palencia, etc.<sup>3</sup>. Son antigos, pois a súa orixe non se debe ó espallamento do cultivo do millo, como sucedeu en xeral cos do tipo «galego», senón que dende sempre foi a única despensa onde se gardaba o centeo en arcas, a carne, as fabas, as castañas,... De que se trataba do lugar máis seguro dá fe o feito de que no val de Rao (e, con toda seguridade, tamén aquí nos Ancares), era onde se depositaban os defuntos antes do velorio, podendo botar nel dous ou tres días, segundo as inclemencias climáticas<sup>4</sup>.

Non sabemos nada ata mediados do século XVIII. Daquela era unha construción adxectiva ou auxiliar con presenza en todos os **lugueres** ancareses, non tanto como polas mesmas datas nas limítrofes terras galegas –unha comparanza, no val de Rao–, pero si o suficiente como para que fose cuantitativamente a terceira, despois da casa-vivenda e do palleiro. Velaquí a situación por núcleos, tendo en conta o número, os exemplares máis grandes, os máis pequenos e os que abundaban máis. Como sempre, a unidade de medida é a vara castelá de 0,835 m:

<sup>2</sup> Cfr. P. DE LLANO CABADO (coord.): *Piornedo, Estudio para a rehabilitación integrada dunha aldea galega*, Xunta de Galicia, Consellería de Obras Públicas e Ordenación do Territorio, 1987, páx. 57 e ss.

<sup>3</sup> Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «O hórreo: unha construción común a Asturias, León e Galicia», *Actas do Simposio de Antropoloxía «Lindeiros da galeguidade I»*, Consello da Cultura Galega, 1991, páx. 17 e ss.

<sup>4</sup> Sobre a orixe poden verse, entre outros: E. FRANKOWSKI: *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, Junta para la ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas, 18, Madrid, 1918; A. IGLESIAS: *El libro de los hórreos*, Xixón, 1975; I. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ: *El hórreo gallego*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1979; A. GRAÑA GARCÍA - J. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Los hórreos y paneras del concejo de Allande (Asturias)*, Biblioteca Popular Asturiana, 1983; e J. L. GONZÁLEZ ARPIDE: «Censo y catalogación de los hórreos leoneses», *Kobie*, Diputación Foral de Vizcaya, 2, 1987.

Lugar	Hórreos	Máis grande	Máis pequeno	O que máis abundaba
Balouta	19	5 x 5	3 x 3	3 x 3 - 4 x 4
Candín	16	5 x 5	3 x 3	3 x 4
Espiñeireda	14	4 x 4	3 x 3	4 x 4
Lumeiras	14	6 x 6	3 x 3	3 x 3
Pereda	23	8 x 8	3 x 3	4 x 4
Sorbeira	4	4 x 4	3 x 3	4 x 4
Sortes	15	—	—	—
Suárbol		Había algúns, pero non se di o número.		
Teixeu	19	6 x 6	2 x 4	4 x 4
Vilarbón	—	—	—	—
Vilasumil	12	—	—	— <sup>5</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada* 1752-53).

<sup>5</sup> *Catastro de Ensenada*, Archivo H. P. de León:

**Balouta:** había varios que estaban apegados ós «cuartos», como un dos de Pedro Fernández -posuía dous-: «tiene otra (casa) que sirbe de pajar (...) con quatro Baras de fachada y lo mismo de fondo apegada a ella un Orrio de tres baras en cuadrado». Cando se fala dos bens de Antonio Merodo tamén se fai constar que de par da casa ten un «órrio». E igual sucede con Patricio Fernández, Cayetano López, Casilda González e Pascual González. Quizais algúns non se achasen exactamente apegados á casa, senón dentro do curral, como os de Mateo Cadenas e Anselmo Cadenas: «con su pajar, órrio y mas ofecinas correspondientes». Nun caso, o de Juan Monasterio (que era de Rao) dise que posuía «un órrio de quatro pies». Os mesmos debían ter todos os demais.

**Candín:** no resumo catastral consta que había 16, pero ó consultar as propiedades de cada veciño só figuran 13. De fiamos do texto, parece que algún se atopaba apegado á vivenda, como o que posuía Andrés Abella: a casa estaba «cubierta de Lossa, de Alto y bajo con su corral y en el un Orrio que sirbe de panera», todo o conxunto medía 7 x 21 varas (5,8 x 7,5 m). Nun caso aclárase que a principal función desta construción era a de ser graneiro: Domingo López, «y en el un hórreo que sirbe para recoger la cosecha de Granos». O mesmo consta ó enumerar as propiedades de Esteban Rodríguez, pero neste caso ademais engádese que estaba «cubierto de paja». O normal era que contasen con catro pés: Martín Abella, un hórreo «en quatro pies». Algúns achábanse dentro do curral, de par da vivenda, así sucedía polo menos con dous.

**Espiñeireda:** aquí había 14. Ás veces aclárase que «sirven de panera», o que indica que unha das súas principais funcións era a de gardar o pan. Todos eran iguais, de 4 x 4 varas castelás (3,34 x 3,34 m), agás un máis pequeno, de 3x3 varas, e outro do que non se dan as dimensións por figurar xuntamente coa casa «con su corral y en el un órrio quadrado, tiene de frente doze varas y seis de fondo».

**Lumeiras:** segundo o «Interrogatorio» había 14. Predominaban os de pequenas proporcións, pois seis medían 3 x 3 varas (2,5 x 2,5 m). Seguíanlle os de 4 x 4 e 4 x 3. O de máis capacidade era un de 6 x 6 varas (5 x 5 m). En tres casos especificase que estaban sobre «quattro pies de Palo». Algún quedaba no curral, de par da casa: José Rodríguez, «una casa en el casco del lugr. con su corral y dentro del un órrio».

En resumo: polos anos 1752 - 1753 podían existir no territorio do conce-llo de Candín máis de 160 hórreos, supoñendo que en Suárbol e Vilarbón houbera sobre 15 en cada un –que vén a ser a media das demais poboacións–. O lugar que máis tiña –dos que coñecemos o número– era o de Pereda. O menos, quizais o de Sorbeira, con só catro, pero aquí de seguro que arderan varios no incendio de 1752.

No tocante á relación familias ou veciños / hórreos, era como segue:

**Pereda:** aquí atopámonos cun caso único, de que un veciño posuía tres: Manuel Abella, «otra casa con su Corral, y un órrio Ynmediato a ella, tiene de frente seis varas y de fondo doze» (é de supoñer que fose todo o conxunto), e logo despois consta que ten «dos órrios», dos que non se dan medidas. En Pereda, igual que sucede en varias comarcas galegas aínda hoxe en día, había un campo comunal no que estaban situados varios. Deducímolo da descrición dos lindeiros do de Juan Cochón: «un Orrio tiene de frente quatro varas, y lo mismo de fondo, linda al Oriente con otro Orrio de Pedro Rodríguez, al Poniente con otro de Matheo Abella, y al Norte con Calle Real, y al Mediodía con Campo del Común».

**Sorbeira:** só se contabilizan catro, o que leva a pensar que varios ardesen no incendio do ano 1752, que destruíu máis do 60 % das vivendas e tamén varios palleiros. Un era colmado –e coidamos que, aínda que non se diga, todos os demais tamén o estivesen–: Domingo Salgado, un hórreo «en el dho. casco del lugar, qubierto a Paxa». Na relación dos bens de Manuel Afonso consta que posúe «un órrio en quatro pies de Palo».

**Sortes:** non sabemos máis que a cantidade, 15, que figura na resposta da pregunta 22 do «Interrogatorio», que se garda actualmente no Archivo General de Simancas. Falta o resto da documentación.

**Suárbol:** pasa igual que con Sortes, que do Catastro de Ensenada non se conserva máis que o «Interrogatorio» no arquivo de Simancas. Pero neste caso non se dá o número, constando xuntamente coas casas e cos palleiros: «en el referido lugar de Suárbol ai treinta y nueve casas habitables en cuio número se incluien dos casas de dho. cura párrocho, paxares y órrios...». Cinco aínda se mantiveron en pé ata non hai moitos anos, dos que actualmente quedan dous.

**Teixeu:** dos 64 veciños, 19 posuían hórreo (máis do 29 %). Ás veces dise que tiñan catro pés e que estaban cubertos con colmo: Antonio Abella, un «en quatro pies cubierto de paxa». O de Julián Abella puidera estar apegado á vivenda ou de par: «con su corral y un Orrio inmediato» (o conxunto –non só o hórreo– medía 10 x 12 varas, é dicir, 8,35 x 10 m).

**Vilarbón:** non se conserva ningunha documentación. Algúns é de supoñer que os houbera, xa que aínda actualmente quedan dous en aceptable estado de conservación –un colmado e o outro lousado–, e os pés e chan dun terceiro que, segundo os informantes, estaba cuberto con colmo.

**Vilasumil:** non hai máis que o «Interrogatorio» en Simancas, e algúns papeis soltos no arquivo provincial de León. No primeiro –pregunta 22– dise que había 12 hórreos. Nos segundos non hai máis que referencia a eles, pero sen dicir cantos: «Estado de el importe anual a qe. ascienrn. en el lgr. de Villa Sumill, Pardo. de Ponferrada, los Alquileres de casas y Orrios, réditos de censos y foros...». Importaban 106 réas de vélaro.

Lugar	Veciños	Hórreos	% dos veciños con hórreo
Balouta	31	19	61,2
Candín	36	16	44,4
Espiñeireda	41	14	34,1
Lumeiras	52	14	26,9
Pereda	43	23	53,4
Sorbeira	47	4	8,5
Sortes	55	15	27,2
Suárbol	23	—	—
Teixeu	64	19	29,6 <sup>6</sup>
Vilarbón	31	—	—
Vilasumil	28	12	42,8

(Fonte: *Catastro de Ensenada* (1752 - 53), e *Vecindario de Ensenada* 1759).

Como se comproba tendo en conta os veciños e o número de hórreos, onde a súa presenza viña a ser máis notoria era na parroquia de Balouta, pois posuíano o 61 %. Seguíanlle Pereda (o 53 %) e Candín (o 44 %). En ningún caso o número de construcións era superior ó de veciños<sup>7</sup> (Foto 30).

A situación foi cambiando ó longo dos anos seguintes, pero cómpre esperar ata 1924 para que a volvamos coñecer exactamente, gracias ós *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*. No *Catastro* de Ensenada só figura a denominación de «hórreo», pero agora atopámonos con que os encargados de redactar os expedientes diferencian entre «hórreos» e «paneras», baseándose en que estas últimas teñen por debaixo un local pechado que fai de corte, adega, «patatera» ou mesmo vivenda nalgún caso (un en Suárbol e outro en Teixeu).

Agora as medidas son en metros cadrados, e corresponden á superficie interior:

<sup>6</sup> Segundo o catastro que estamos resumindo, en 1752 esta poboación contaba con 74 veciños, pero non cadra co número de casas habitadas, que era de 57, polo que se deduce que algunhas vivía máis dun matrimonio. No *Vecindario* de 1759 figuran 64.

<sup>7</sup> A xeito comparativo, polos mesmos anos e segundo tamén esta fonte documental, a relación entre os veciños e o número de hórreos no concello galego de Navia de Suarna era diferente, pois mentres que no concello de Candín só en dous lugares o 50 % ou pouco máis contaban con el, nas terras navegas a parroquia onde menos había con referencia ó número de veciños era a da capital do concello, A Proba, que soamente o tiñan o 74 %, mentres que en doce o número era superior ó dos veciños, destacando a de Ribón, onde as 13 familias posuían 18, correspondéndolle a cada unha case un e medio, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 27 - 28.



Hórreo de Vilarbón: é o único do *luguer* que conserva a cuberta de colmo. Os pés son de madeira. En todo o concello só hai así dous máis (un en Suárbol e outro en Balouta). (Foto 30).

### Hórreos

Lugar	Cuberta			Máis grande	Máis pequeno
	Palla	Lousa	Mixta		
Balouta	—	4	—	66	48
Lumeiras	1	—	—	30	30
Suárbol	12	—	—	27	12
Vilarbón	2	9	—	30	12
Vilasumil	1	—	—	28	28 <sup>8</sup>

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

Non quedaba ningún en Candín, Espiñeireda, Pereda, Sorbeira, Sortes e Teixeu. En Vilarbón e en Suárbol atópanse os máis pequenos de todo o concello, de 12 m<sup>2</sup> (de 3,5 m. de lado, aproximadamente) (Foto 31).

<sup>8</sup> **Balouta:** había catro, polo que deducimos que se tiveron que construír algúns máis nos anos posteriores, xa que os veciños, aínda non moi maiores, lémbrense de sete. Todos estaban lousados. As medidas figuran en m<sup>2</sup>, aproximadamente: 66, dous de 56 e un de 48.

## Paneiras

Lugar	Cuberta			Máis grande	Máis pequena
	Palla	Lousa	Mixta		
Espiñeireda	1	—	—	26	26
Suárbol	—	1	—	34	34
Teixeu	1	4	1	68	30
Vilasumil	—	3	—	34	28 <sup>9</sup>

(Fonte: *Expedientes de comprobación...*, 1924).

Non se rexistra ningunha en Balouta, Candín, Lumeiras, Pereda, Sorbeira, Sortes e Vilarbón.

Con respecto a 1752 - 53 o número de hórreos baixara nestes 171 anos máis do 75 %.

É de salientar o caso de Balouta que, de estar completos os expedientes, resulta que despois de 1924 construíronse varios, xa que os veciños lémbrense de sete, dos que agora quedan catro. Outro aspecto a ter en conta é que os catro estaban lousados, cando aínda actualmente hai un con colmo.

Polos anos 1981 - 82, J. L. González Arpide fixo o censo e catálogo dos hórreos leoneses. No concello de Candín daquela xa só quedaban 13, repartidos en tres lugares:

**Lumeiras:** só había un de 30 metros cadrados útiles, cuberto con palla.

**Suárbol:** aquí existían 12 todos cubertos con colmo, cunha superficie en m<sup>2</sup>, respectivamente, de 21, 20, 12, 13, 18, 14, 13, 27, 16, 12, 16 e 25.

**Vilarbón:** había 11, que medían en m<sup>2</sup>: 16, 25, 30, 22, 12, 20, 16, 22, 16, 16, 25.

**Vilasumil:** non quedaba máis que un de case 28 m<sup>2</sup> (5 x 5,5 m. de lado).

<sup>9</sup>**Espiñeireda:** había unha con adega no baixo, tiña algo máis de 26 m<sup>2</sup>, e de lado 5,5 x 4,8 m. Estaba cuberta con colmo.

**Suárbol:** só quedaba unha, de 34 m<sup>2</sup>. Neste caso o baixo non era adega nin corte, senón vivenda.

**Teixeu:** non deixa de ser curioso que aquí xa non houbo ningún hórreo propiamente dito, e que os seis existentes fosen paneiras cos baixos destinados a adega (*patatera*) -2-, cortes -3- e vivenda con «cuadras, pajar y cocina» -1- (caixa 10.229, exp. 685). Todas estaban cubertas con lousa, agás a que era tamén vivenda que tiña cubrición mixta (palla e lousa). Eran grandes, se as comparamos cos hórreos normais: 30, 46, 45, 48 e 68 m<sup>2</sup>. A da que tamén é vivenda dáse de todo o conxunto, 330 m<sup>2</sup>, e non só da paneira.

**Vilasumil:** quedaban dúas, co baixo dedicado a adega, de 34 e 28 m<sup>2</sup>, respectivamente.



Este é o único hórreo teitado que queda actualmente en Balouta. Conta con pés de madeira moi curtos asentados sobre muros, deixando así por debaixo un local para gardar o carro, para corte, etc. (Foto 31).

Lugar	Cuberta	Dimensións	Estado	Uso
Balouta .....	lousa	4,9 x 6,5	regular	sen uso
	colmo	5,7 x 6	moi bo	herba
	lousa	4,3 x 4,5	moi bo	carne
	lousa	3,8 x 3,8	bo	herba
	lousa	4,5 x 5	bo	herba
	lousa	3 x 6	regular	carne
Suárbol .....	colmo	5,6 x 5,7	bo	trasteiro
	colmo	5,2 x 5,2	regular	trasteiro
	colmo	5 x 5	bo	trasteiro
	colmo	4,8 x 4,9	bo	carne
Vilarbón .....	colmo	4,2 x 4,4	malo	trasteiro
	colmo	4,5 x 4,7	moi malo	trasteiro
	colmo	5,3 x 5,3	regular	trasteiro

Polo que atinxe á cuberta, cómpre suliñar que aínda a máis común seguía sendo a de colmo, o 61%; mentres que o estado de conservación era moi deficitario e, –o máis importante de toda construción–, agás tres en que se gardaba a carne da matanza, os demais xa carecían do seu tradicional destino, non sendo máis que almacén de forraxe ou trasteiro<sup>10</sup> (Foto 32).

Conclusión: en 1752 - 53 había sobre 160 hórreos no val de Ancares, Suárbol e Balouta; en 1924, non eran máis que 39; e en 1981 - 82, xa só quedaban 13.

## 1.2. Características e morfoloxía

A mediados do século XVIII os hórreos ancareses eran semellantes ós veciños do concello de Navia de Suarna e, en xeral, ós de todo o arredor,



Este magnífico hórreo de Suárbol –o mellor de cantos se conservan no concello de Candín–, foi lousado non hai aínda moitos anos (ver Foto 26). (Foto: X. M. González Reboredo, 1978). (Foto 32).

<sup>10</sup> J. L. GONZÁLEZ ARPIDE: «Censo y catalogación de los hórreos leoneses», *Kobie*, Diputación Foral de Vizcaya, 2, 1987, páx. 345 e 346.

asturianos, leoneses e galegos. A proba témola nas dimensións e nos materiais (a pedra, a madeira e o colmo). A unidade de medida é a mesma para todos: a vara castelá de 0,835 m:

Concello	Núm.de veciños	Núm.de hórreos	Máis grande	Máis pequeno	O que máis abundaba	% vec. con hórreo
Candín	451	168	8 x 8	2 x 4	4 x 4	38,09 <sup>11</sup>
N. Suarna	818	807	7 x 6	3 x 3	4 x 4	98,65 <sup>12</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada 1752 - 53 e Vecindario de Ensenada 1759*).

Proporcionalmente nesta época quedaban moitos menos no actual concello de Candín que no de Navia de Suarna, pois mentres que no primeiro lle correspondía a cada casa pouco máis dun tercio (0,38), no segundo era case un enteiro (0,98).

De estar ben as medidas, en todo o lindeiro concello de Navia de Suarna non había ningún de tanta capacidade como un de Pereda, de 8 x 8 varas (6,68 x 6,68 m), xa que o máis grande viña a ser un da parroquia de Queizán, que medía 7 x 6 varas (5,84 x 5 m). No tocante ós máis pequenos, o normal tanto en Navia coma nos Ancares eran os de 3 x 3 varas. De 2 x 4 só se rexistra un en Teixeu. Por último, os máis abundantes no territorio de ambos os dous concellos viñan a ser os de 4 x 4 varas (3,34 x 3,34 m).

Isto proba que, igual que hoxe en día, os hórreos dunha banda do Porto e da outra eran semellantes en todo: nos materiais –agás Suárbol, onde hai granito–, na forma e tamén na capacidade. Ata é común a denominación: **hórro**.

Tipoloxicamente, como xa queda dito, os hórreos ancareses pertencen ó tipo denominado «asturiano». Máis que tulla ou celeiro propiamente dito sempre foron despensa na que se gardaba de todo, lonxe da humidade e dos ratos. Pola contra, os «galegos» construíronse e séguense destinando exclusivamente para gardar o millo. Os primeiros son máis antigos, mentres que

<sup>11</sup>O número de hórreos é aproximado. Descoñecemos os que había en Suárbol e Vilarbón, polo que lle damos a media dos demais, pois en ambos os dous lugares aínda hoxe en día hai varios, 16. Seguro que eran algúns máis, porque en Sorbeira só figuran 4, debido a que esta poboación sufriu en 1752 un grande incendio que a destruíu en máis dun 60 %.


<sup>12</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 27 - 28.

os segundos, por tratarse de hórreos especializados, o seu espallamento cadra co do cultivo deste cereal, alcanzando a súa época dourada no século XIX e nos primeiros anos do XX (Fig. 23).

Un hórreo pódese clasificar atendendo á forma, base, corredores, cubrición, materiais, etc.

No tocante á primeira, todos son cuadrangulares, con tendencia a cadrados: no *Catastro* de Ensenada os máis abundantes son os de 5 x 5, 4 x 4, 3 x 3, 6 x 6, 8 x 8, etc., ... varas. O mesmo se aprecia nos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, de 1924, por exemplo os de Suárbol: 4,60 x 4,60, 4,50 x 4,50, 3,50 x 3,50, 3,60 x 3,60, 4,50 x 4, 3,40 x 4, 3,60 x 3,60, 5,30 x 5, 4 x 4, 3,40 x 3,40, 4 x 4, 5 x 5 m. E tamén anos despois, en 1981 - 82: 4,3 x 4,5, 3,8 x 3,8, 5,6 x 5,7, 5,2 x 5,2, 4,5 x 4,7, 5,3 x 5,3, etc., m. (Foto 33).

A base adoita estar formada por catro pés, de madeira, xisto ou granito. Ás veces son moi altos para que debaixo poida acollerse algún animal, en particular equino –**cabalo, bestio, potrín, ieuga**– (así un de Vilarbón e outro de Suárbol). Cando son paneiras, como aínda quedan en Balouta,



Este é o único hórreo lousado de Vilarbón. Antano debaixo del era onde encoraban a auga para regar as hortas. (Fig. 23).



O hórreo máis pequeno do concello de Candín atópase en Balouta (3,8 x 3,8m). (Foto 33).

entón poden asentarse sobre pequenos pés ou xa directamente nos muros. O *Catastro* de Ensenada non distingue entre hórreos e paneiras (case seguro que daquela non había ningunha), pero si en cambio os *Expedientes de comprobación...*, de 1924. Para os encargados de redactar estes expedientes, a diferenza entre unha e outra construción radica en que debaixo da segunda pode haber corte, adega ou mesmo vivenda. Hai casos como o de Teixeu en que xa non quedaba ningún hórreo propiamente dito, e si cinco paneiras –**paneras**–: 46 m<sup>2</sup>, no baixo adega; 45 m<sup>2</sup>, con corte; 48 m<sup>2</sup>, con corte; 330 m<sup>2</sup>, con «cuadras, pajar y cocina», que estaban no baixo; 68 m<sup>2</sup> con corte.

Os corredores adoitan ser modernos en xeral, carecendo desta parte os antigos. Aínda que tamén os hai con eles, máis frecuentes son nas paneiras, como unha de Balouta con tres. Neles sécanse as fabas, o millo, as castañas, etc.<sup>13</sup>. (Foto 34).

<sup>13</sup> Con dous corredores son normais tamén na lindeira parroquia de Rao. Moito máis raros son os de catro, como un da aldea de Coro, na devandita freguesía navega. Tradicionalmente cada lado xa conta cun destino propio: o pechado con táboas lonxitudinais é para o millo; outro é para as castañas; o que lle segue para as fabas e, por último, o cuarto corresponde á entrada, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 34.



Hórreo ("paneira") de Balouta con corredores, e asentado sobre muros. (Foto 34).

Tocante á cuberta pode ser de dúas clases: con colmo ou con lousa. A máis antiga é a primeira, que se foi trocando pola segunda sobre todo dende os primeiros anos deste século. En 1924 había 18 colmados, 21 lousados, e un mixto, é dicir, a parte de arriba de palla e o beirado de lousa. Actualmente non restan máis de tres colmados, en precarias condicións de conservación (Suárbol, Balouta e Vilarbón); e cinco lousados (tres en Balouta, e un en Suárbol e en Vilarbón). Algúns foron lousados non hai moitos anos, como sucede con un de Suárbol, que existe documentación gráfica recente en que figura teitado. Non queda ningún mixto, nin tampouco cuberto con fibrocemento, como acontece no val de Rao<sup>14</sup>.

Aínda que en todos o **armante** da cuberta é piramidal, os de colmo por fóra semellan redondeados, case cónicos, mentres que os de lousa contan coas catro caídas de auga ben definidas, protexidas por lousas máis grandes as unións, que sobresaen uns cm sobre o outro lado, sempre orientadas de

<sup>14</sup> Cfr. L. V. GARCÍA MERINO, e outros: *Ancares*, 1987, páx. 114; e o folleto *Ancares, León*, Diputación Provincial de León, 1991, páx. 13. Con cuberta mixta tamén os hai no Bierzo: A Braña, Castañeiras, ..., cfr. J. L. ALONSO PONGA - A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, Ed. Leonesas, páx. 53.

xeito que a parte saínte queda ó contrario do vento predominante. Tanto o colmo como a lousa colócanse no hórreo do mesmo xeito que nas pallozas e nas casas.

Por último quedan os materiais: a caixa sempre é de madeira, de **rebola** (carballo) ou castiñeiro bravo ou manso. Os pés dependen do lugar: así, unha comparanza, en Suárbol por haber granito todas as construcións son deste material, dende a magnífica igrexa parroquial ata as vivendas máis humildes. Nas restantes poboacións son de madeira e, nalgún caso, de xisto. Os que sempre adoitan ser de lousa son os **tornarratos**, tirando a redondos, agás en Suárbol que son de granito, redondeados e alombados (Fotos 35 e 36).

En 1978 xa se queixaba J. R. Fernández González<sup>15</sup> que non puidera recoller as denominacións das pezas e dos diferentes elementos «ya que las

Pé de granito dun dos hórreos de Suárbol, igual que o tornarratos. O encintado de cemento é recente. (Foto 35).



<sup>15</sup> *Obr. cit.*, páx. 68.

Pé de madeira e tornarratos de lousa dun hórreo de Balouta. É curto porque está sobre un muro. (Foto 36).



desconocen por completo». Agora a situación é peor, pois dos tres núcleos onde quedan hórreos, un está despoboado dende hai varios anos –Vilarbón–, e no outro non reside máis que unha familia todo o ano –Suárbol–. A única posibilidade está en Balouta. Polo mesmo cinguímonos á información conseguida neste lugar.

Ningún dos veciños se lembra de ter asistido á construción dun hórreo, polo que se pode afirmar que o máis novo (que poidera ser unha paneira de Balouta) contaría con máis de 60 anos. No tocante ó concello de Navia de Suarna, os derradeiros fixéronse na década dos anos cincuenta, e xa moi poucos. Distinto é cando se fala da cuberta, porque poucas son as persoas maiores que non saben dalgún que fose lousado, agás nos lugares onde xa hai moitos anos que desapareceron.

Cando había palloza e palleiro, o lugar máis indicado para situar o **hórro** era no medio dos dous, evitando deste xeito que lle dese moito o

vento e, sobre todo, a chuvia. Restos deste conxunto que foi tradicional durante séculos aínda chegaron ata os nosos días, como a vivenda que foi da Señora Victorina e do Sr. Santiago en Suárbol (recentemente falecidos), da que quedan en pé o **cuarto** e o **hórro**, e ós lados as ruínas do palleiro e da palloza.

O primeiro que se facía ó construír un hórreo era asentar ben varias pedras, para formar a **basa**. Seguían despois os **pés** (en Navia de Suarna chámanse **peois** en Rao, e **pés** en Moia, por exemplo), que poden ser de madeira ou de pedra, –de xisto, algún en Vilarbón, e de granito, en Suárbol, tirando a tronquiformes ou coniformes truncados–. Tamén os hai con mixtos, é dicir, uns de madeira e outros de pedra (como un de Vilarbón). Non teñen porque ser da mesma altura xa que logo se igualan subindo a **basa**, poñéndolle un **tornarratos** máis alto ou meténdolle algunha cuña. Non queda actualmente ningún que se apoie sobre pilastras. O seu número é catro en todos os exemplares que restan, agás un de Vilarbón cun máis central, pero posterior, debido a que cedía moito no medio.

Se se apoia sobre muros para que debaixo quede un espacio cuberto, entón séguese dende abaixo e, como se pode aínda comprobar en Balouta, para estes casos hai dúas solucións:

- a) Que o muro chegue ata certa altura, e logo sobre el chantar os **pés do hórro**. Deste xeito debaixo queda un local aberto pola parte de arriba, que serve para gardar o carro, meter leña, facer de corte da besta, etc.
- b) Que o muro sexa de abaixo a arriba, formando un local pechado con porta e mesmo con algunha ventá, destinado polo xeral a corte ou, ás veces, a gardar as patacas, por ser escuro e fresco (a **pataqueira**). O muro remata arredor cunha cornixa ou **barda** de lousas que –o mesmo que o **tornarratos**– evita que os roedores cheguen á cámara.

Os **tornarratos** –ou tamén **lousas dos pés** ou **do hórro**– adoitan facerse de xisto, por ser unha pedra moi axeitada para lousas do grosor que se queira. A única excepción témola en Suárbol, que os teñen de granito, redondos e alombados por riba, semellando moas de muíño pola súa feitura.

Se os catro pés non son da mesma altura nin cos **tornarratos**, entón pónselle enriba unha táboa, unha lousa ou algunha cuña. Asentados neles van as catro **cuadras**, **escuadradas** ou **cuadrais**, de xeito que ó ir uns sobre os outros, os que quedan por arriba sempre son uns centímetros máis altos. Únense nas cabezas –**embrochalados**–, rematando en sección tirando a


cuadrangular –é dicir, o corte normal da madeira–, ou en cuarto bocel, como pasa cun de Suárbol. As madeiras máis comúns son o carballo e o castiñeiro (Fig. 24).

Nos **cuadrais** ou **escuadras de abaixo**, que son os que terman da caixa do hórreo, aséntanse os **puntois** nun sentido e as **cadeas** ou traveseiros no contrario e, por último, o chan de táboas. Nos antigos non hai ningún elemento metálico, senón que as madeiras únense por medio de **furax**, atravesadas por **pinos** ou **tormos**. No val de Rao chámanlle **grande do hórro** a esta parte, por semellarse a este apeiroy.

Cando contan con **corredores** entón os **cuadrais** dun lado ou de máis sobresaen case un metro por fóra dos **pés**, para apoiarse sobre eles.

Rematada a base pásase ó corpo ou caixa que hai dous xeitos de facela, e de ambos quedan mostras no concello de Candín:

- a) Espétase en cada esquina un pao (os **esquinais**), e seguido as táboas da sebe. Estas últimas van encaixadas nas **escuadras de abaixo** e tamén entre elas mesmas por medio de **garzos**, a **cantil** ou **enxamadas** (ensambladas). Sobre elas tamén unidas con **garzos** aséntanse as **escuadras de arriba**, moito máis delgadas que as inferiores. Din que as madeiras están **acantriladas** (Fig. 25).




A caixa do hórreo aséntase nos catro cuadrais, sobre os que van os puntois e por enriba destes as táboas do chan. (Fig. 24).


b) Faise todo igual, pero sen os paos nas esquinas, unindo soamente as táboas entre si.

Para reforzar o enlace, os **cuadrais de arriba** únense de dous en dous nas esquinas por medio dun pao, do que descoñecen a denominación, pero vén a ser unha **tarranxa**, semellante á que une as **tixoiras** e a **soleira** da palloza.


Rematada a cámara, empeza a armazón piramidal do teito. De cada ángulo sae un **anguilote** (ou **cuartón**), que os catro rematan no cume. Os máis delgados son os **cantiaos** ou **canteaos** que se asentan sobre as **escuadras de arriba** e chegan tamén ó cume. Sobresaen das **sebes** máis de medio metro para facer o **beiral**. Sobre estas van as **ripias** ou **ripas** nas que se amarra o colmo do mesmo xeito que nas pallozas e nos palleiros ou se suxeitan con **tormos** ou **pinos** as lousas. Polo que puidemos comprobar hai uns anos en Suárbol, como remate adoitaban levar unhas voltas de corres de piorno, xesta, uz ou mesmo de varas de carballo, denominadas **veos** en Rao, e aquí, segundo parece, **bilostros**. As lousas aséntanse cubrindo as dun lado uns cm ás do outro, e así en espiral entre os catro, a non ser que nun dea moito o vendaval e entón sexa máis aconsellable que cubran os comezos dos dous laterais (Figs. 26 e 27).



A cámara vai cerrada con sebes ou trabados de táboas, ben *enxamadas* entre si para que non entren nin a luz nin o aire. (Fig. 25).



A cuberta está sostida polos catro angulotes ou cuartois, que saen de cada esquina e rematan xuntándose no cume. Seguen os cantiaos, as ripas e, por último, o colmo ou a lousa. Neste caso en particular corresponde a un lousado, no que as ripas veñen a ser táboas para espetar as lousas. (Fig. 26).



O armante da cuberta dos hórreos colmados é semellante ó das pallozas, con ripas delgadas para atar as manadas de colmo. Hórreo de Vilarbón. (Fig. 27).


Dos exemplares que se conservan actualmente non hai ningún de cuberta mixta de palla e lousa, nin tampouco de fibrocemento.

Para subir adoita haber unha **escaleira** exterior, sempre de pedra. Pode suceder que se dispoña dunha esqueira de madeira, pero xa é máis raro. Un caso que consideramos excepcional pola súa rareza é o colmado de Baloutá, que conta con dúas escaleiras de pedra, unha por un lado e a outra polo outro, de acordo coa situación das dúas portas. Non hai dúbida que este hórreo foi en tempos de dúas familias. Estas escaleiras nunca chegan a tocar arriba, quedan uns vinte cm separadas, para evitar os ratos.

Polo lado que se sobe nalgúns hai unha táboa grossa que sobresa, suxeita á **escuadra de abaixo**. Esta táboa, que é na que se poñen ós pes ó deixar a escaleira, tamén se usa para pousar alí as ferramentas, froitos, etc, denomínase **punteira do hórro**.

Os actuais hórreos ancareses carecen de motivos ornamentais, pero sabemos que os tiñan algúns dos desaparecidos, como por exemplo un de Suárbol, que contaba cunha esvástica calada, semellante á de varios do concello de Navia de Suarna<sup>16</sup> (Fig. 28).

O último hórreo ancarés que contaba cun motivo ornamental tiña cuberta vexetal e achábase en Suárbol. Igual que os galegos e os asturianos, era unha esvástica calada cuns trazos radiais arredor. Debuxo de J. L. González Arpide (*Censo y catalogación de los hórreos leoneses*, páx. 334). (Fig. 28).



<sup>16</sup> J. L. GONZÁLEZ ARPIDE: *Obr. cit.*, páx. 334; C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 27 - 102 - 103

Nin os exemplares que quedan actualmente, nin o seu estado de conservación, permiten facer un detido estudo sobre esta interesante construción, que hoxe en día no concello de Candín non é máis que residual.

### 1.3. Causas da súa desaparición

De ser agora xustificárase dicindo que case non quedan cultivos na zona e, polo mesmo, os hórreos xa non fan falta por ter perdido a funcionalidade orixinal. Isto é o que está a suceder dende hai uns anos nos lindeiros concellos galegos de Cervantes e Navia de Suarna, por exemplo.

Pero é moi diferente que desaparecesen os máis deles antes de 1924, cando a agricultura seguía o desenvolvemento tradicional de sempre, semellante a como foi durante séculos. E quen di a agricultura, o mesmo lle pasaba á gandería, pois daquela a sangría migratoria aínda non acadara o dramatismo da década dos anos sesenta en diante. Tiveron, pois, que existir outras razóns para que os ancareses se desprendesen dunha construción tradicional, imprescindible antano.

Os actuais hórreos galegos erguéronse cunha única finalidade: gardar as espigas do millo. Por iso, na súa orixe non é máis que unha construción destinada exclusivamente a este cereal, non se precisando antes, porque tanto o centeo, coma o trigo e o millo miúdo, ían para as huchas ou tullas, que poden estar en calquera parte da vivenda, con tal de que sexa un lugar seco e non poidan entrar os ratos.

O «asturiano» ou «astur-leonés», ademais da forma, diferénciase do «galego» en que é anterior ó espallamento do cultivo do cereal americano. Sufriu, iso si, transformacións e engadidos para poder acollelo: as paneiras non son máis que unha evolución do hórreo antigo, o mesmo que os corredores que se idearon para secar as espigas ou **panollas en restras**.

Tanto no val de Ancares, coma nos lugares de Suárbol e Balouta, o millo nunca se cultivou moito. É máis, segundo as persoas maiores case non se panificaba, facendo coa súa fariña só papas ou dándollelo ós animais.

Cadrou que foi tamén por esta época cando se empeza a abandonar a casa terrea –a palloza ou casa de teito–, trocada pola vivenda de baixo e sobrado. Como queda visto, a mediados do século XVIII, segundo o *Catastro* de Ensenada só había 21 en todo o territorio do actual concello de Candín. As outras construcións altas eran nove **cuartos** ou **cileiros**.

No momento en que unha familia erguía unha casa alta xa non precisaba de **hórro**, porque os froitos pasaban ó **cileiro** (ou sobrado), e para secalos

estaba o corredor, que nunca falta nas vivendas tradicionais anteriores á posguerra de 1936 - 39.

A situación tornouse dramática para os hórreos a finais do século pasado e primeiros anos do actual, en que as máis das casas terreas –colmadas ou lousadas– foron substituídas por outras con sobrado e corredor, cambio favorecido polas contribucións económicas dos veciños que se desprazaban a traballar nas minas de Fabeiro, Ponferrada, etc. Como aínda lembran as persoas maiores, no baixo estaban as cortes e, ás veces, tamén a cociña, e no sobrado o dormitorio, primeiro unha única sala, e logo dividido en varios compartimentos con tabiques de táboas. As arcas dos froitos pasaron ó **cileiro**, lonxe da humidade e tamén dos ratos.

No 1924 había 253, que viñan a ser a metade das vivendas (xusto o 50,18%), sendo as restantes terreas (colmadas ou lousadas). Segundo se ían construíndo as casas altas, desaparecían os hórreos, como se amosa comparando a situación deste ano coa de 1752 - 53:

Lugar	% casas altas		Hórreos	
	1752 - 53	1924	1752 - 53	1924
Balouta	0	10	19	4
Candín	13	48	16	0
Espiñeireda	18	81	14	1
Lumeiras	1	28	14	1
Pereda	0	73	23	0
Sorbeira	2	41	4	0
Sortes	—	50	15	0
Suárbol	—	44	—	13
Teixeu	7	40	19	6
Vilarbón	—	73	—	11
Vilasumil	—	64	—	4

(Fontes: *Catastro de Ensenada 1752 - 53*, e *Expedientes de comprobación...* 1924).

Como se pode ver, en 1924 xa existían lugares sen ningún hórreo, destacando o caso de Pereda, que en 1752 - 53 contaba con 23 (era onde había máis de todo o concello), e en 1924 non quedaba ningún.

Resumindo a xeito de conclusión: os hórreos tradicionais ancareses desaparecieron ó perder a funcionalidade orixinal de ser almacén de todos

os froitos, substituídos polo **cileiro** da casa alta. Non pasou o mesmo en Asturias e Galicia porque a produción de millo era moi grande e compría dispoñer dun lugar axeitado para poder gardar as espigas. É máis, mesmo se modificaron transformándose en paneiras ou engadíndolles corredores para secar e curar o froito. Onde máis quedaron foi nos lugares con maior número de pallozas habitadas, como Balouta e Suárbol (destruídas por un incendio en 1957) (Foto 37).

#### 1.4. Situación actual

A de hoxe en día –1994– pouco semella á de 1924, e mesmo á de 1981 - 82, hai soamente 14 anos, en que aínda quedaban 13 hórreos:



Actualmente os hórreos ancareses xa non son máis que almacéns de cousas vellas, palleiros, etc., como este de Balouta. (Foto 37).

Lugar	Hórreos		Restos
	Teitados	Lousados	
Balouta	1	3	—
Lumeiras	—	—	—
Pereda	—	—	—
Suárbol	1	1	1
Vilarbón	1	1	1
Vilasumil	—	—	1 <sup>17</sup>

<sup>17</sup> **Balouta:** hai catro, un teitado –en mal estado– e os tres restantes lousados. Aquí é onde se atopan máis tipos, coidamos que por influencia do val de Rao, que era con quen se relacionaban ata que se abriu a actual estrada. Dous aséntanse sobre pés normais, de madeira, ambos lousados. Un é un bo exemplar, de 4,10 x 3,95 m, e o outro moita máis pequeno, pero conta con dous corredores laterais, un deles pechado con táboas. Dos outros dous un ten pés, pero apoiados sobre muros, quedando debaixo un amplo local para gardar o carro ou mesmo para corte do caballo ou de besta, que agora foi acondicionado para garaxe. Este é o único cuberto con colmo, actualmente (xuño de 1994) en parte xa descuberto. O cuarto aséntase directamente sobre catro muros, formando debaixo un local pechado. Ten dous corredores. Coidamos que, de non ter sufrido reformas posteriores, sexa o máis moderno. Estes dous últimos son paneiras, anque os veciños xa non usan esta denominación. Hai dous que contan con dúas entradas, o que amosa que pertencían a varios donos. Por exemplo, o colmado ten dúas portas, unha a cada lado, e ademais dúas escaleiras de pedra. O grande lousado tamén ten dúas portas, pero polo fronte. Este último é propiedade de tres familias.

**Lumeiras:** segundo os informantes maiores o último desapareceu haberá uns corenta anos ou xa algo máis. Estaba cuberto con colmo. J. L. ALONSO PONGA e A. DIÉGUEZ AYERBE (*Obr. cit.*, pág. 50), no mapa de extensión do hórreo no Bierzo inclúen este **luguer**, sin aclarar nada.

**Pereda:** J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ (*Obr. cit.*, pág. 68), di que hai un hórreo. Por máis que preguntamos ninguén nos soubo dar razón del, nin sequera dos restos ou situación. Quizais sexa un erro, ou que a información procedese dunha persoa moi maior, xa falecida, que de nova si puido coñecer algún ou mesmo os restos. A mediados do século XVIII rexístranse 23.

**Suárbol:** hai constancia de cinco, anque actualmente non quedan máis que dous e os pés doutro. O mellor conservado e tamén o máis grande áchase preto da igrexa, e foi lousado non hai aínda moitos anos. O outro exemplar, en mal estado de conservación, queda no cabo do pobo, de par das ruínas dunha palloza e dun palleiro. Conserva restos de colmo, pero moi pouco (xuño de 1994). Preto perduran os pés doutro, que tamén estivo colmado. Os dous restantes atopábanse á entrada do lugar, un á dereita e o outro á esquerda. Ambos estaban teitados.

**Vilarbón:** J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ (*Obr. cit.*, pág. 68), di que neste agora deshabitado lugar hai un hórreo. Non é exacto, pois aínda quedan dous en aceptable estado de conservación (un teitado e o outro lousado), e os restos dun terceiro (a parte baixa: pés e chan). Este último estaba tamén teitado. J. L. GARCÍA GRINDA (*Arquitectura Popular Leonesa*, I, pág. 128), sitúa en Vilarbón dous teitados. É certo, pero tamén hai un lousado (que é o máis grande e mellor conservado). Este último ten dúas portas na fronte, o que indica que, é ou foi propiedade de dúas familias.

**Vilasumil:** os restos do derradeiro desapareceron haberá uns corenta anos. Achábase na entrada do lugar e estaba cuberto con colmo. Pertencía a tres propietarios pero, igual que sucede con outros, por dentro non estaba dividido tendo cada familia as arcas co **pan**, carne salgada, etc. Tombouno unha treboada e xa non o volveron arranxar. Actualmente non queda de testemuño máis que un **tornarratos** no sitio onde se erguía.

Non hai moito que a situación era ben distinta, pois en Suárbol había catro e as ruínas doutro, e en Balouta, sete. Nos últimos anos desapareceron cinco. En todo o concello de Candín existen segundo o reconto que fixemos en 1994, oito (tres teitados e cinco lousados), e os restos de tres. Por exemplo, quedan máis só na lindeira aldea do Piornado (Donís, Cervantes), que en todo o val de Ancares, Balouta e Suárbol: 14, para 17 vivendas<sup>18</sup>.

Hai uns anos José Luis González Arpide catalogou os hórreos tradicionais de León, e chegou á seguinte conclusión verbo da súa función actual:

Uso	%
Para gardar utensilios vellos	40
Para a carne da matanza	22
Para alimentos do gando	20
Para os cereais	6
Sen uso concreto	12

É dicir, só o 28 % se destina á función para que foron construídos: gardar a carne da matanza e os cereais<sup>19</sup>.

De seguir esta dinámica, dentro de poucos anos non quedarán máis que dous ou tres hórreos en todo o concello de Candín, en particular o magnífico exemplar de Suárbol que está de par da igrexa, e algún de Balouta (Foto 38).

## 2. O PALLEIRO

Poucas eran as vivendas tradicionais que non contaban con algunha construción auxiliar, na que se gardaba a herba seca, a leña, o carro, ou mesmo os animais cando non se dispoñía de sitio suficiente na casa. Esta edificación viña a ser o **palleiro**.

<sup>18</sup> P. DE LLANO CABADO (coord.): *Obr. cit.*, páx. 57 ss.

<sup>19</sup> J. L. GONZÁLEZ ARPIDE: «Los hórreos en la arquitectura popular de Castilla y León», *Actas del primer congreso europeo del hórreo*, 1990, páx. 141-142.

A desaparición dos hórreos non é exclusiva do val de Ancares, senón que é xeral en toda a provincia de León. Por exemplo, a mediados do século XVIII había moitos nas terras de Riaño, dos que agora non queda ningún: Burón (45), Vegacerneja (20), Escaro (11), Riaño (82), Huelde (14), etc. Cfr. J. L. GARCÍA GRINDA: *Obr. cit.*, I, páx. 38.



Hórreo de Suárbol destruído non hai moitos anos. Foto: González Reboredo (1978). (Foto 38)

En xeral foron os primeiros en desaparecer, agás aqueles que estaban situados fóra do núcleo urbano, pois cando se facía unha casa nova, se non se dispoñía de moito terreo, o normal era erguela no soar do palleiro, non destruindo a palloza ou a casa de teito, sempre máis grande e de máis acabada construción. Por iso, varios dos que se conservan actualmente –que non son moitos– foron na súa orixe vivendas que estiveron habitadas por persoas e animais. O que ás veces queden pequenas agrupacións de varios (como en Sorbeira) débese a que os facían preto da eira e tamén separados das casas por temor a algún incendio, para que tan sequera quedase o palleiro.

A planta adoita semellarse á da palloza da zona, e os materiais constructivos son os mesmos: pedra, madeira de castiñeiro bravo e carballo, e por último, a cuberta de colmo. A inmensa maioría eran terreos, pero en 1924 había algúns altos, de baixo e sobrado, destinada a parte de arriba a palleiro propiamente dito e a de abaixo a corte. Soían situarse sempre de xeito que polo lado máis alto do terreo quedase o **boqueiro**, **ventáun** ou **boqueta** para botar a herba para dentro (Foto 39).



Moqueiro dun dos palleiros de Sorbeira. (Foto 39).

O palleiro, xunto coa palloza e o hórreo son as tres construcións antigas da vivenda tradicional. Actualmente non queda ningún destes conxuntos, pero si as ruínas dalgún que estivo habitado ata non hai moitos anos (Guárbol). A estas tres construcións engadíuselle logo unha máis: o **cuartín**, **cuarto** ou **cileiro**.

Pero non todas as familias posuían palleiro, dependía do nivel económico e, ás veces, mesmo do costume. Así, por exemplo, sempre foron raros en Balouta, gardando entón a palla na **barra** ou **parreiro** da palloza.

No tocante á propiedade, habíaos dun só propietario ou de varios. Os últimos estaban interiormente divididos con táboas ou varas e, ás veces, mesmo podían ter máis dunha porta, anque o normal era que se servisen pola mesma, situada no medio dun lateral.

### 2.1. Notas históricas

Nada se sabe da situación anterior a mediados do século XVIII. Tanto para os palleiros, como para as demais construcións, o *Catastro* do marqués de La Ensenada é unha das fontes de información imprescindible, e tamén a máis precisa e antiga.

Sucede o mesmo que coas vivendas, que os encargados de facer o devandito catastro non tiveron en conta o redondeamento das esquinas, dándoos coma se fosen rectangulares cando, como podemos comprobar polos exemplares existentes, non son así agora nin –seguro– tampouco o eran daquela. Os únicos de planta rectangular son os **portais** de Lumeiras, que ademais de protexer a entrada e acoller o carro, tamén facían de palleiros.

Segundo o devandito catastro, polos anos 1752 - 53 cada “pueblo” contaba cos seguintes:

Lugar	Palleiros	Máis grande	Máis pequeno	O que máis abundaba
Balouta	18	5 x 10	3 x 3	4 x 5
Candín	16	9 x 18	6 x 4	—
Espiñeireda	24	24 x 8	4 x 7	—
Lumeiras	23	8 x 9	2 x 2	—
Pereda	22	8 x 10	4 x 4	4 x 6
Sorbeira	20	3 x 20	4 x 2	5 x 3
Sortes	33	—	—	—
Suárbol	Había algúns, pero non consta cantos.			
Teixeu	25	7 x 34	3 x 5	6 x 4
Vilarbón	—	—	—	—
Vilasumil	5	—	—	— <sup>20</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada*, “Interrogatorio” e “Real de Legos” 1752 - 53).

<sup>20</sup> **Balouta:** o palleiro podía estar separado da vivenda, nun terreo comunal, ou formando parte de todo o conxunto. Unha comparanza, Mateo Cadenas, tiña unha casa e o curral «con su pajar, órrio y mas ofecinas correspondientes».

**Candín:** non hai dúbida que nesta época todos estaban colmados, pero os encargados do *Catastro* nalgún caso aclaran que está «cubierto de paja», como sucede ó describir os bens de Andrés Abella. Pero –caso único en todo o val de Ancares e nas dúas parroquias da aba galega do Porto–, aquí había daquela xa un lousado: «Una casa paxar cubierta de losa», ademais de grandes proporcións que, máis que tal palleiro, debía ser unha verdadeira casa, 6 x 15 varas (62,7 m<sup>2</sup>). Non se dan os que máis abundaban porque de todos soamente había un exemplar: 9 x 18, 13 x 9, 5 x 6, 5 x 5, 8 x 8, 6 x 11, 6 x 4, 19 x 8, etc. varas.

**Espiñeireda:** consta que había 24, dos que tres estaban arruinados. Todos eran de planta baixa e teitados. Polo que atinxe ó seu grandor, era moi dispar, dende un que non medía máis

Nesta época poderían existir en todo o actual concello de Candín quizais máis de 220 palleiros; pois 186 xa se rexistran en nove lugares, e para os dous restantes supoñemos, aproximadamente, a media dos demais para cada un. Todos estaban colmados, agás un de Candín, onde había «una casa paxar cubierta de losa». Tamén todos eran baixos, xa que en ningún caso se especifica que contasen con sobrado.

A súa capacidade é moi dispar, dende algún de 2 x 2 varas (2,78 m<sup>2</sup>), que non era máis que un local insignificante, ata outros de 7 x 34 varas (165,93 m<sup>2</sup>) ou 24 x 8 varas (133, 86 m<sup>2</sup>).

A situación foi cambiando nos anos seguintes, sobre todo dende finais do século XIX. En 1924, segundo os *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, había tres tipos de palleiros: dous baixos (un exclusivamente

---

de 4 x 7 varas (19,52 m<sup>2</sup>), ata outro que era dos máis grandes do concello, 24 x 8 varas (133, 86 m<sup>2</sup>). Non se dá o que máis abundaba porque hai tres empatados: 6 x 7, 10 x 6 e 12 x 7 varas.

**Lumeiras:** segundo o «Interrogatorio» existían 23, dos que catro estaban arruinados. Algunha vez, aínda que de non haber outra aclaración xa se entende que é así, faise constar que está «cubierto de paja». O mesmo que en Candín, aquí tampouco se dan as medidas dos que máis se repiten porque hai empates: 2 x 2, 3 x 3, 4 x 3 e 3 x 2 varas. De seguro que varios non serían tales palleiros, senón **portais**, dos que se trata máis adiante, pero polos datos que achega o catastro non hai xeito de diferenciarlos.

**Pereda:** non todos os veciños –casas– posuían palleiro. É máis, coidamos que nalgún caso debía estar apegado á vivenda, formando un único edificio, como o de Pedro Rodríguez, onde as medidas da casa danse xunto coas do palleiro: unha casa «con su corral y pajar», que medían 20,5 x 15 varas (17,1 x 12,5 m). Non faltaban tampouco os que posuían dous, como Domingo Afonso.

**Sorbeira:** sufriu un voraz incendio o ano 1752, polo que cando se fixo o *Catastro* máis do 60 % das casas achábanse arruinadas. Dos palleiros tamén arderan varios, polo menos en cinco casos consta como arruinados. Aínda que coidamos que todos estivesen colmados, nalgún caso dise «cubierto de paja».

**Sortes:** non se conserva máis que o «Interrogatorio» no arquivo xeral de Simancas, no que consta o número de exemplares, 33, pero non as medidas.

**Suárbol:** igual que do **luguer** anterior, non se conserva máis que o «Interrogatorio» en Simancas, pero neste caso aínda é máis parco en datos, cinguíndose a dicir que as construcións eran en total 39, contando as casas, os palleiros e os hórreos.

**Teixeu:** no «Interrogatorio» figuran 25, pero repasando o «Real de Legos» contamos moitos menos, uns 13, o que indica que varias casas non eran tal, –é dicir, non vivía xente nelas–, senón que só se gardaba a palla, a leña, o carro, mesmo algúns animais, etc. Aquí era onde estaba a «casa pajar» máis grande de todo o actual concello de Candín, de 7 x 34 varas (165,93 m<sup>2</sup>).

**Vilarbón:** non se conserva ningunha documentación, nin no arquivo provincial de León, nin tampouco no xeral de Simancas.

**Vilasumil:** a única documentación é o «Interrogatorio», no arquivo de Simancas, pero limitase a dicir o número, sen aclarar para nada as medias. Segundo parece, era o lugar que contaba con menos, só 5.

para a palla, e outro que tamén era corte) e un terceiro de baixo e sobrado (a planta terreña podía ser corte ou adegá, e a alta palleiro). As dimensións variaban moito, como se comproba polas das plantas, en m<sup>2</sup>:

a) *Palleiros baixos:*

Lugar	Palleiros	Máis grande	Máis pequeno	Cuberta		
				Colmo	Lousa	Mixta
Balouta	6	100	35	5	1	—
Candín	41	103	13	35	6	—
Espiñeireda	23	112	30	18	4	1
Lumeiras	43	169	20	38	5	—
Pereda	27	191	40	13	14	—
Sorbeira	44	150	16	40	4	—
Sortes	41	198	20	39	2	—
Suárbol	6	150	32	6	—	—
Teixeu	36	148	28	33	3	—
Vilarbón	48	84	14	45	3	—
Vilasumil	24	112	24	22	2	—

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

En total había 339 palleiros baixos. É normal que fosen moitos menos nos **pueblos** situados na aba galega do Porto (Balouta e Suárbol), porque alí a palloza tamén facía de palleiro, como aínda se pode comprobar. Neste aspecto estes dous lugares seméllanse máis ós estremeiros galegos (poñamos por caso O Piornedo), que ós leoneses. Predominaba a cuberta vexetal, o 87,1 % fronte ó restante 12,9 % de lousa.

b) *Palleiros baixos con corte:*

Exteriormente eran iguais ós anteriores, a diferenza era no interior, por estar divididos en dúas partes: unha destinada a corte e a outra a palleiro.

Lugar	Palleiro - corte	Máis grande	Máis pequeno	Cuberta		
				Colmo	Lousa	Mixta
Candín	1	23	23	1	—	—
Espiñeireda	2	120	88	1	1	—
Pereda	2	116	32	—	2	—
Suárbol	2	198	126	2	—	—
Teixeu	3	288	40	3	—	—

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

Só eran dez. Ningún en Balouta, Lumeiras, Sorbeira, Sortes, Vilarbón e Vilasumil. Igual que nos anteriores, a máis xeneralizada era a cuberta vexetal.

*c) Palleiros de baixo e sobrado:*

Tamén eran escasos se os comparamos cos primeiros. Mentres que a planta terreña podía ser adegá, corte, pataqueira,..., a de arriba destinábase exclusivamente a almacén da palla:

Lugar	Palleiros altos	Máis grande	Máis pequeno	Cuberta		
				Colmo	Lousa	Mixta
Balouta	8	72	26	7	1	—
Candín	1	40	40	—	1	—
Espiñeireda	6	58	25	1	5	—
Lumeiras	10	81	12	7	3	—
Pereda	3	150	36	1	1	1
Sorbeira	4	49	20	—	4	—
Sortes	2	60	48	1	1	—
Suárbol	2	110	78	2	—	—
Teixeu	1	38	38	1	—	—
Vilarbón	4	176	48	4	—	—

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

En total había 41, cubertos na maioría con colmo, anque proporcionalmente non tantos como os baixos, 58,5 % con cuberta vexetal e 39 % lousados. Soamente se dá a superficie da planta destinada a palleiro, non as dúas. Non había ningún en Vilasumil.

Entre os tres, eran 390, polo que cuantitativamente viña a ser unha das construcións máis abundantes, o que amosa a importancia do gando na sociedade tradicional ancaresa.

## 2.2. Clasificación tipolóxica

O palleiro pode ser independente ou formar parte da mesma palloza ou da casa de teito. Os primeiros clasificámoslos atendendo á planta, á cuberta e á altura:

### D) INDEPENDENTES:

O normal é que non estean lonxe da vivenda, anque en algúns lugares tiñan por costume situalos xuntos, separados das casas e de par da eira. Así por exemplo, en 1924 había 18 no **campo das eiras** de Sorbeira, de tamaño variable, que ía dende os 80 m<sup>2</sup> dos máis grandes, ata os 18 m<sup>2</sup> dos máis pequenos<sup>21</sup> (Foto 40). Actualmente no devandito lugar non quedan máis que tres. O mesmo pasaba en Vilarbón, que de par da praza –eira– do lugar, era onde estaban varios, orientados de xeito que o **boqueiro** lle quedaba pola parte de arriba, cara ó camiño, podendo botar para dentro a palla con pouco esforzo. Mentres que os primeiros atópanse separados do núcleo, os segundos áchanse mesmo no medio, quizais por ter medrado posteriormente a poboación, e tamén porque algúns antes de palleiros foron pallozas. Ó separalos das casas evitaban que en caso de incendio ardesen as vivendas ou os palleiros, pero non ambos.

A articulación interna é moi sinxela, non contando os máis deles con ningunha división e, cando a teñen, adoita ser de varas e **brimbas** de salgueiro e /ou carballo. Non soen contar con máis dunha porta, polo xeral **carreteira**, é dicir, pola que poden entrar os carros mesmo cargados. Se teñen dúas, unha máis estreita que a outra, entón hai a posibilidade de que antes fosen vivenda.

<sup>21</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana. Ayuntamiento de Candín, 1924. Caixa 10.227.*



No Campo das Eiras ou Airas de Sorbeira actualmente só quedan tres palleiros (un en ruínas). (Foto 40).

### 1) A planta:

a) Circular ou tirando a ela: actualmente non quedan exemplares pero algún está documentado, coma o que figura no libro de Mark Gimson, baixo a denominación de «palloza pequena en Suárbol». Atendendo á sección e á planta, podemos asegurar que non era tal palloza, non xa por carecer de forno que puido ser desfeito, aínda que en 1975 - 76 era raro que non o conservase, senón por non ter máis que unha única porta ancha de 2,80 m partida en dúas follas, para meter o carro. De seguro que se fose palloza contaría con outra máis estreita para as persoas<sup>22</sup>.

Estaba dividido en dúas partes, coidamos que a grande para o carro e as ovellas, e a outra para o gando vacún. Aínda que Gimson di que é «pequena», realmente non era tanto, pois andaba preto dos 70 m<sup>2</sup> de superficie. O

<sup>22</sup> Na parroquia de Silvouta (Navia de Suarna), relativamente situada non moi lonxe de Suárbol, aínda se conservan pallozas de pouco máis de 20 m<sup>2</sup> de superficie, pero contan con dúas portas, unha estreita para o ástrago e outra algo máis ancha para a corte, cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 80 e 92.

teito viña a ser semellante ós que se conservan no veciño lugar do Piornedo: tirando a cónicos, que adoitan carecer de tesoiras, substituídas por esteos que terman da trabe do cume (a **aiga**). Remataba en punta. En Suárbol había pallozas e palleiros dos dous tipos: coa cume cónica –coma o do exemplar estudiado por Gimson–, e coa cume «horizontal», coma o da «palloza grande», que xa queda vista (Fig. 29).


b) Oval ou elíptica, coa cume colmada con caída a catro augas, sen se apreciar as liñas divisorias de cada unha. A súa feitura é semellante á das pallozas de Balouta, por exemplo. O grupiño de Sorbeira actualmente é o mellor conservado. Restos doutros, aínda con parte da palla, quedan en Vilarbón (Fig. 30).


c) Rectangular coas esquinas redondeadas e o teito colmada con caída a catro augas. Están documentados graficamente en Suárbol, dos que non

De non ter sufrido arranxos posteriores, a "palloza pequena" de Suárbol estudiaada por M. Gimson, non era máis que un palleiro. A proba témola en que só tiña unha porta grande para o carro:

- A) esteo,
- D) cume,
- F) cangos,
- G) ripas,
- M) teito.

Debuxo: M. Gimson,  
*As pallozas*, 1983.  
 (Fig. 29).





Os palleiros non adoitan ter máis que unha única porta, ancha para que poida entrar o carro, mesmo cargado. Un dos palleiros de feitura tradicional de Sorbeira. (Fig. 30).


quedan máis que os muros. A este tipo pertencen tamén algunhas pallozas que foron transformadas en palleiros, pero que se diferencian claramente en que ademais de contar cunha porta ancha, teñen tamén outra estreita e de par dela unha ventá, que é a parte que corresponde ó ástrago ou **estragal**, é dicir, á vivenda humana (Candín) (Foto 41).

d) Tamén cuadrangular, pero só coas esquinas redondeadas por un dos lados. Poden ter ou non **penal**, escaleirado ou liso, coas esquinas en ángulo. Estes edificios contan con tres caídas de auga, unha para cada lado longo e a outra para o curto sen penal. Queda aínda algún exemplar ben conservado en Vilasumil e Lumeiras (escaleirado), e en ruínas de ambos os dous en Vilarbón (Fig. 31).

e) Rectangular, coas esquinas en ángulo recto e con penais nos dous laterais. Con dúas caídas de auga. Aquí aínda cabe unha subclasificación, atendendo a se os penais rematan os dous en escaleira ou se son lisos e o colmo cobre o muro para protexelo. Tamén se dá o caso de que un lado teña escaleira e o outro non. En Vilarbón e en Lumeiras quedan restos de construcións deste tipo, pero posiblemente algunhas deberon ser antes vivendas.



Palleiro e hórreo de Suárbol. O primeiro é de planta rectangular coas esquinas redondeadas, do que actualmente non quedan máis que os muros. En primeiro termo, X. M. González Reboredo (1978). (Foto 41).



Palleiro de Vilasumil cun penal rematado en escaleiras. (Fig. 31).

### 2) A cuberta:

Ó tratar das plantas xa fomos vendo o tipo de cuberta segundo as caídas da auga: sen definilas todo arredor nos circulares; catro nos rectangulares cos lados curtos redondeados ou só coas esquinas; tres naqueles que nun lateral teñen **penal**; e dúas cando contan con penais nos dous lados estreitos.

No tocante ó material, nestas construcións predominou o colmo ata hai poucas décadas. Agora son os derradeiros edificios que conservan a cuberta vexetal en todos os **lugueres**, agás en Balouta. No 1752 - 53 dos máis de 220 palleiros que debía haber, só nun caso consta «una casa paxar cubierta de losa» no lugar de Candín, polo que se deduce que todos os demais estaban teitados. A situación mantívose relativamente estable ata os primeiros anos do século XX, como o amosa o que en 1924 os teitados aínda fosen a inmensa maioría:

Palleiros	Colmados (%)	Lousados (%)	Mixtos (%)
390	325 (83,33)	63 (16,15)	2 (0,51)

Os menos eran os de cuberta mixta, de palla e lousa, que só había dous, un en Espiñeireda e o outro en Pereda.

Na cuberta, ou lateralmente cando conta con algún **penal** ou mesmo muro que sobresaie en altura ós demais, é onde está o **boqueiro** de meter a herba. Hainos no mesmo teito que logo ó rematar tapan co colmo ou –agora– cunha prancha de uralita, unha ventá ou mesmo unha bufarda con dúas caídas de auga (o exemplar que coñecemos en Vilarbón está lousado).

### 3) A altura:

Poden ser terreños e con sobrado. Os máis abundantes sempre foron os primeiros. Agora non é doado saber cantos hai de cada clase, porque actualmente almacénase a palla en construcións que antes foron vivenda. A data en que mellor se coñece a situación dos palleiros é a de 1924, cando se fixo un recento exhaustivo de todas as edificacións existentes daquela no concello de Candín.

En total de planta baixa había 349, dos que só dez se destinaban tamén a corte do gando. Cuantitativamente moitos menos eran os de baixo e sobrado, non máis de 41, dos que os había coa planta terrea dedicada a adega, corte ou **pataqueira**, é dicir, almacén deste froito que para conservarse

ben precisa de pouca luz. O palleiro estaba no sobrado, ó que se accedía, xeralmente, polo exterior. O normal era que se situasen en terreos custos, de xeito que contaban con dúas entradas independentes: unha para o baixo e a outra para o palleiro.

## II) FORMANDO PARTE DA PALLOZA:

Onde sempre houbo máis foi nos lugares de Suárbol e Balouta. Son unha parte da palloza, dependendo a súa situación do tamaño da casa. Así, por exemplo, cando é grande pode estar dividida en tres partes: o **estregal**, que é onde se atopa a **larega** e os cuartos para durmir; a **corte**, para o gando (vacún, ovino e cabrún); e, por último, o **palleiro**, separado así da cociña para evitar incendios.

Outras pallozas non dispoñían de palleiro, senón que facía de tal só o **parreiro** ou **barra**, montado sobre as trabes cubrindo as cortes. Cando a vivenda era pequena e a familia numerosa, no parreiro dormía a xente nova.

O colmo e o feo bótase para dentro polo **boqueiro**, que pode ser unha ventá grande xa feita ex profeso ou, sinxelamente, un furado que se practica apartando a palla do teito, que logo se volve cubrir ó rematar o labor.

Os palleiros dentro da vivenda son propios de zonas de moito frío—sobre todo, grandes nevadas—, para así poderlle dar de comer ós animais sen ter que saír ó exterior. No concello de Candín eran case exclusivos de Balouta e Suárbol, poboacións que, debido á súa situación preto do Porto, reciben máis precipitacións de neve. Nos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana* de 1924, detéctase perfectamente o que estamos dicindo, ó non figurar máis que 14 construcións independentes con este fin en Balouta e 10 en Suárbol, cando a media dos demais lugares é superior a 45 exemplares. Neste aspecto, estas dúas poboacións parécense máis ó Piornedo (Cervantes), por exemplo, que ás restantes do concello de Candín.

A súa construción era semellante á das pallozas e casas de teito, e o mesmo os materiais, no único que se diferenciaban podía ser en que se cadra non era tan coidada, pero polo demais non había diferenza, así como tampouco nas denominacións das madeiras que forman o **armante** do teito.

### 2.3. Os portais

Denomínase **portal**, en particular en Lumeiras, unha construción semellante a un palleiro, sobre todo no servizo que presta. Realmente veñen

ser os palleiros das casas de teito, mentres que os que acabamos de ver son o complemento das pallozas. Nin o *Catastro* de Ensenada, nin tampouco os *Expedientes de comprobación da riqueza urbana*, fan distincións entre os portais e os palleiros, malia que os primeiros se dedican preferentemente a gardar o carro, anque tamén fan de almacén de leña, palla, apeiros, etc.

Aínda que nas últimas décadas fosen exclusivos de Fumeiras, non quere dicir iso que antano non os houbera noutros lugares, en particular como construcións auxiliares das casas de teito. A denominación débese a que sempre contan cunha única porta ancha –o **portal**–, pola que pode entrar o carro mesmo cargado.

As plantas adoitan ser rectangulares, cos paramentos de pedra coas esquinas agudas, achándose arquitectonicamente máis preto das casas de teito que das pallozas. O mesmo pasa coa cuberta, que sempre é a dúas augas, polo xeral sen penais nos lados estreitos, sendo todos os muros da mesma altura, o que obriga a que o **armante** leve polo menos dúas tesoiras para termar do teito.

Máis raros son os que carecen de muros, coa armazón apoiada nos **forcados** ou **postes** sobre os que se pousan as **tisoiras**. Arredor, cerrando, leva **trabaos** ou **sebes** de varas e pólas, agás a rentes do chan que van algunhas pedras. O normal é que teñan barra para gardar nela o colmo, feo, etc. (Foto 42).

#### 2.4. Situación actual

Queda dito que moitos dos soares dos palleiros foron ocupados polas casas actuais, de baixo e alto. Unicamente cando a familia non dispoñía de terreo entón desfacía a palloza ou a casa de teito.

Actualmente mesmo os veciños non saben diferenciar entre a construción que foi vivenda e a que sempre estivo dedicada a palleiro. Non hai moitas, nin dunhas nin tampouco das outras. Onde quedan máis pallozas convertidas agora en almacéns é en Balouta, que segue sendo o núcleo que conta con máis construcións «de teito», aínda que propios palleiros (feitos con esta fin) só hai dous. O mellor xeito de saber se antes foron vivenda é comprobando se nos muros e nas madeiras quedan restos de **fumo** ou **sarro** (ou **sarrío**). A súa presenza indica que alí houbo **larega** e, polo mesmo, vivenda humana. Un elemento diferenciador moi importante é o forno, pero os máis desfixéronos por ocupar moito espacio. Isto foi o que pasou en Balouta que antes tiñano todas as casas, mentres que agora case xa non queda en ningunha.



Palleiro –portal aberto, sen muros arredor, Lumeiras. (Foto 42).

Nos últimos tempos debido á destrución da palloza ou da casa de teito, e non dispoñer de cortes suficientes no baixo da nova vivenda, algúns foron convertidos –parte ou mesmo todo– en cortes do gando, pero na súa orixe só eran para almacenar a forraxe.

Hoxe en día os palleiros tradicionais xa non son máis que construcións residuais, das que non quedará ningunha dentro de ben poucos anos, agás aquelas cubertas con lousa (Teixeu, Pereda) ou fibrocemento (Vilasumil) (Foto 43).

### 3. O MUÍÑO

#### 3.1. Notas históricas

O **muín** ou **moín** é, agás en Vilarbón, unha construción da que hai algúns exemplares en todos os lugares do concello. Non imos facer aquí a historia deste enxeño, xa documentado, por exemplo, cara ó S. nas terras de



Dous palleiros de Vilarbón con boqueiro para meter a palla pola parte de arriba, aproveitando o desnivel do terreo. Quizais foron antano vivendas. (Foto 43).

Sanabria, o ano 965. O que proba que é coñecido dende moi antigo<sup>23</sup>. Isto polo que atinxe ós hidráulicos, pois restos dos manuais denominados romanos tamén teñen parecido, sobre todo partes de moas ou de pés.

Descoñecemos a data dos primeiros, pero tendo en conta o documento sanabrés anterior, non hai dúbida que levan moendo aquí máis de mil anos. A mediados do século XVIII, existían os seguintes:

Lugar	Muíños
Balouta .....	2
Candín .....	2
Espiñeireda .....	3

<sup>23</sup> Virio e Adosinda ceden ó mosteiro de San Martín de Castañeda *uno molino quod habemus in rivulo que vocitant Trefacio cum suo aqueducto et omni sua presancia* (L. RODRÍGUEZ: *Sanabria*, Zamora, 1978, páx. 13).

Lumeiras .....	2
Pereda.....	4
Sorbeira .....	1
Sortes .....	2
Suárbol .....	1
Teixeu.....	2
Vilarbón .....	—
Vilasumil .....	0 <sup>24</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada* 1752 - 53).

Como se comproba, algún habíao en todas as poboacións agás en Vilasumil e Vilarbón, aínda que –por contar con pouca auga– varios non puidesen traballar todo o ano, facéndoo soamente nos meses de inverno e primavera. Os máis aproveitan a forza hidráulica do río Ancares, por ser o que conserva un caudal aceptable no verán.

O seu número tiraba a baixo. Só a xeito de comparanza, dicir que na lindeira parroquia galega de Rao segundo a mesma fonte documental había polas mesmas datas 21 muíños, para unha poboación de 106 veciños, e que nas terras do actual concello de Candín eran sobre os mesmos, pero para 440 veciños aproximadamente<sup>25</sup>.

Nada se di verbo da súa construción, pero todos tiñan muros de cachotes da pedra predominante na zona, e cuberta de colmo, como era case xeral nas demais edificacións por aquela época, xa que de estar lousados seguro que se faría constar. Como veremos máis adiante, colmados aínda quedaban dous en Suárbol máis de 170 anos despois, en 1924<sup>26</sup>.

Menos coñecida é a situación posterior polo que se refire ó seu número, pois ata mediados do século XIX nada sabemos deles, xa que neste aspecto o *Diccionario* de Pascual Madoz é moi pobre, limitándose a nomear os dos lugares de Candín (**2 molinos harineros**), Lumeiras (un) e Pereda (dous), cando sabemos que existían máis.

<sup>24</sup> De Vilarbón non se conserva documentación, nin no Archivo Provincial de León, nin tampouco no xeral de Simancas, pero debido á súa situación seguro que non había ningún.

<sup>25</sup> *Catastro de Ensenada*, Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Tamén, C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 48.

<sup>26</sup> *Expedientes de comprobación ...*, Suárbol, caixa 10.232, exp. 1.128 - 1.129.

Habíaos dunha moa e de dúas – «de una rueda» ou «de dos ruedas» –. A mediados do século XVIII só eran dous de dúas moas, un en Candín e o outro en Pereda. Polo que atinxe á propiedade, consultando o devandito *Catastro* dedúcese que predominaban os dun só dono, e non os de varios que tiñan que rotar para moer. Con todo, na parroquia de Teixeira os dous existentes eran bens do común, é dicir, de parte dos veciños, e producían ó ano «ocho fanegas de zentteno» pois, ademais das familias que tiñan propiedade, había outras que moían pagando **maquía** ou **maquila**, consistente nunha determinada cantidade de fariña que o muiñeiro retiraba despois de moer. Nos últimos tempos, segundo un informante, era unha **libra** –galega– (575 gr) por cada **cuartal** (11,5 kg). Para collela había unha especie de caixa de madeira, que viña a ser a medida estipulada. O normal era cobrar en fariña, pero moitos preferían en gran, porque se conserva máis tempo<sup>27</sup>.

Moíase de todo: **pan** (centeo), a **grana do maízo** (millo) e trigo. O primeiro para panificar; o segundo para facer papas e para os animais, e o terceiro moi rara vez, pois aquí non se adoitaba sementar, agás en Vilarbón que cultivaban algún **serodo** ou **trigo serodo**, que se consumía preferentemente os días de festa.

No 1924 volvemos a coñecer perfectamente o estado de todas as construcións da zona e, en particular, dos muiños. Neste ano, ademais do número que había en cada lugar, tamén figuran as medidas, así como os materiais de que estaban construídos, que non eran outros máis que os tradicionais: pedra (xisto, cuarcita, granito...), e a cuberta de lousa ou colmo, pero moito máis da primeira. A situación por lugares era esta:

Lugar	Muiños	Medidas (m <sup>2</sup> )		Materiais	
		Máis grande	Máis pequeno	Palla	Lousa
Balouta	2	16	16	—	2
Candín	4	20	10	—	4
Espiñeireda	2	12	12	—	2

<sup>27</sup> O **cuartal** tamén se empregaba para medir ordinariamente o gran. Por exemplo, cando se pedía prestado un **cuartal de pan** dábano **rapado**, é dicir, que lle pasaban por riba a **rapadoira** ou **rebolo**. En cambio, cando se devolvía tiña que ser sen rapar.

Lugar	Muíños	Medidas (m <sup>2</sup> )		Materiais	
		Máis grande	Máis pequeno	Palla	Lousa
Lumeiras	1	30	30	—	1
Pereda	6	30	12	—	6
Sorbeira	2	54	52	—	2
Sortes	7	50	20	—	7
Suárbol	4	12	9	2	2
Teixeu	4	18	8	—	4
Vilarbón	—	—	—	—	— <sup>28</sup>
Vilasumil	2	18	6	—	2

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

Como se comproba, o seu número aumentara con respecto a 1752 - 53, pasando de 19 a 34. Había lugares, como Vilasumil, que a mediados do século XVIII non contaban con ningún, pero en 1924 tiña dous. No tocante á propiedade, seguíaos habendo dun só dono e tamén de varios. Nos meses do verán os que máis traballaban eran os que moían coa auga do río Ancares (por exemplo, o da Ponte de Sorbeira, un dos máis grandes de todo o concello, con dúas moas, que aínda agora é un dos poucos que funciona) (Foto 44).

Os factores orográficos son os que determinan que nun lugar existan máis ou menos muíños, non o número de habitantes: que haxa ríos caudalosos, que o terreo sexa axeitado para desviar a auga, etc.. A mostra témola con Sortes, que era onde había máis por pasar un afluente caudaloso do Ancares, ou que non existise ningún en Vilarbón, por acharse nunha posición moi alta, na ladeira da montaña (Figs. 32 e 33).

### 3.2. Construcción, nomenclatura e utensilaxe

Os muíños que se conservan actualmente, tanto en bo estado coma só os muros, teñen a planta que podemos dicir tradicional, que sempre tira a cadrada ou a rectangular cando son de dúas moas ou pedras, con cuberta a

<sup>28</sup>No mesmo lugar non pode haber ningún, atendendo a que non existen correntes de auga por acharse na aba da montaña. Baixaban moer a Sorbeira ou ían ata A Bustarga (lugar do val de Finolledo). Tanto Vilarbón como A Bustarga levan máis de dez anos totalmente abandonados, sen ningún veciño.



Muín de dúas pedras (Ponte Vella, Sorbeira). Aínda poden moer as dúas. (Foto 44).


dúas augas, agora lousada pero antano tamén teitada, igual que as pallozas e os palleiros, como se documentan dous en Suárbol en 1924<sup>29</sup>. Os muros son de cachotería da pedra existente en cada lugar.

Os tamaños varían, dende o máis pequeno documentado que se atopa en Vilasumil, de 6 m<sup>2</sup>; ata un de 54 m<sup>2</sup> de Sorbeira, que é de dúas moas e queda de par da «ponte vella» de madeira. En xeral non adoitan ser moi grandes, sendo a superficie que máis se repite a de 12 m<sup>2</sup>.


Os muíños ancareses pola súa disposición son exactamente iguais a todos os hidráulicos de rodicio horizontal que coñecemos. O único que varía algo é a nomenclatura das pezas:

a) A parte inferior –o **cubu** ou a **tina**– está formada pola **mesa, trave-seiro, ponte** ou **asento**, que apoia un lado no muro e o outro está suxeito polo tirante do **aliviadoiro (aliviadouro, alivio)**. Nos antigos, o **aliviadoiro**

<sup>29</sup>No Bierzo aínda quedaba non hai moitos anos algún muíño teitado con palla, por exemplo, en Villanueva de Omaña e San Feliz de las Lavanderas, cfr. J. L. GARCÍA GRINDA: *Arquitectura popular leonesa*, t. I, páx. 304.




Muíño tamén de dúas pedras, Sortes. Actualmente só moe unha. Por diante ten un corredor de madeira, en parte cuberto. (Fig. 32).



Caais e rodezmos do muíño de Sortes. (Fig. 33).

consistía nun pao que se facía subir –**alivier**– ou baixar –**asentar**– por medio dunha **pina** (cuña), segundo conviñese moer máis ou menos munda a fariña. Ó apretala subía a pedra moendo máis groso, ó afrouxala baixaba, moendo entón máis miúdo. Ultimamente tanto a cuña coma o pao foron trocados por un de ferro, que leva arriba un pequeno volante ou roda con rosca que fai o mesmo labor do enxeño antigo (Fig. 34).

b) Aproximadamente no medio do **traveseiro** hai unha pedra –polo xeral un seixo do río– denominada **sapo** (**sapa** en Balouta), sobre a que xira o **eixe**, que leva no cabo unha peza (o **punto** ou **pincho**) rematada en punta. Esta agora é de ferro ou mesmo de bronce, pero antes era tamén de pedra.




Nomenclatura dun *muín* ancorés: 1) caal, 2) paradoira ou prexadeira, 3) mesa, 4) sapo e punto, 5) rodezmo, 6) fuso ou eixe, 7) aliviadoiro, 8) varón e segorella, 9) mola de abaixo, 10) mola de arriba ou volandeira, 11) caalella, 12) moxedo, 13) cabaletos, 14) caixa, 15) cabria, e 16) brandal para recoller a fariña. (Fig. 34).

c) O **eixe** ou **fuso** ten na parte baixa o **rodezmo**, **rodesmo** ou **rodesno** (Balouta). Os antigos eran de madeira, incluídas as **concas** ou pas sobre as que peta a auga, feitos polos mesmos donos ou por algún carpinteiro, pero nos últimos tempos foron substituídos por metálicos, moito máis duradeiros. O **eixe** é de madeira a parte inferior e metálica a superior, cando atravesa polo medio da **pedra** ou **mola de abaixo**. O extremo superior do **fuso** é o **varón** no que vai a **segorella** (**segorela**), que pasa por un taco de madeira (a **buxa**) e remata termendo da **pedra** ou **mola de arriba** ou **volandeira**. As moas adoitan ser de granito da mesma zona, anque tamén as hai mesmo xa das lindeiras terras de Galicia, pois no concello de Navía de Suarna din que as mellores son as do Poso (Cervantes). Algúns téñena **francesa**, xa mercada hai moitos anos, tantos que nun caso o dono díxonos que fora dos seus bisavós. O chan pode ser de pedra ou, máis corrente, de toros de madeira ou mesmo de táboas.

d) O **graun** bótase na **moxeda** ou **moxela**, de onde vai saíndo pola **caalella**, **canalex**a ou **calella** e caendo no **ollo** ou **fureu** da **pedra de arriba**. A **caalella** pódese subir ou baixar, de xeito que caia máis o menos gran. A **moxeda** está suxeita ó teito do muíño por medio de cordas, para que se poida mover. O movemento, que é o que fai caer o gran pouco a pouco, comunícallo unha vara, a **tarabica** ou **tarabelo**, que toca contra a pedra de arriba. Así era nos tradicionais. Nos últimos que funcionan a **moxeda** xa non está pendurada do teito, senón que tanto esta como a **caalella** aséntanse sobre uns **cabaletos**. Neste caso a **tarabica** pode ser substituída por unha corda delgada ou cordel atado a unha roda dentada (**roda** ou **roda con ózquias**), situada no cabo do ferro do **eixe**, e que segundo se poña a corda máis ou menos tensa, así cae máis ou menos gra. Esta corda –**alivio**– pode rematar atada ou levar no cabo un contrapeso. (Fig. 35).

e) A **faría** (fariña) cae sobre o chan todo arredor, pero os máis modernos teñen unha **caxa**, que consiste nun sistema que vai caíndo cara a abaixo, rematando por saír por un único sitio, **caalex**a ou **caalella**, dende onde pasa ó **brandal**. Para xuntala adoita haber unhas pas ou paletas de madeira, **as rapadoiras**.

f) O muíño precisa de certos coidados, sendo o máis importante o picado ou limpeza das **molas** ou pedras de cando en vez (**raiao das pedras**). Para este labor faise uso de **picas**, de dous fíos. Cando a **pedra de arriba** é de pequenas proporcións, entón levántana e pónena no seu sitio entre dous ou tres homes, pero cando é moi grande cómpre dispoñer dun enxeño para erguela. A **cabria** –que así é como se denomina–, vén a ser o **guindaste** da outra aba do Porto, ben coñecido en toda Galicia. Conta con dúas **medias**



Moxeda sobre cabaletos, caalella, corda, caxón e brandal para a faríña. (Fig. 35).

**lúas** con uns **pirlos** nos cabos, que suxeitan a pedra pola beira e, logo, xirando o **fuso** ou **torno**, sube ata a altura que conveña, apartándoa para un lado ata pousala sobre uns **cabaletos**. Unha vez **raida** ou **picada**, vólvese a poñer no seu sitio.

g) A forza motriz dos muíños é a auga; para desviala hai unha **presa**, despois segue ata o **pozo** ou **banzau** e aquí está a **comporta** coa **paradoira** que abre ou pecha segundo conveña. Logo baixa pola **caal** ou **canal** (se o enxeño é de dúas rodas, polas **caais**), para mover o **rodesmo**. Cando se quere que non ande, báixaselle a **prexadeira** –ou **apresadeira**– (de **prexar**, parar). Actualmente a **caal** doita ser de pedras ou mesmo de cemento, pero as tradicionais eran de madeira, polo xeral un toro de árbore rebaixado ó longo<sup>30</sup>.

<sup>30</sup> J. L. GARCÍA GRINDA (*Obr. cit.*, II páx. 172), estudiou detidamente no mes de xullo de 1986 un muíño comunal de Suárbol, debuxando o alzado principal, a planta e as seccións lonxitudinal e transversal.

### 3.3. Situación actual

Mantívose estable, como viña sendo dende séculos atrás, ata a década dos anos sesenta. Dende entón, ó acentuarse a emigración e, sobre todo, ó mellorar as vías de comunicación, foise deixando de cocer o pan na casa, quedando abandonados os máis deles. Nos últimos anos aínda empeorou, ó empezar a instalar muíños eléctricos para moerlle ós animais.

No concello actualmente traballan, –mellor dito, poden traballar por atoparse en regulares condicións de conservación, aínda que non o fagan–, polo menos seis: un de Suárbol, outro de Balouta, un de Sortes (de dúas pedras, pero só unha), un de Teixeu, un en Candín e, por último, outro en Sorbeira (dúas pedras).

Dos demais, ou soamente quedan os muros ou, anque conserven o **lousau**, o seu estado non lles permite moer.

De seguir así, –e polo de agora non se albiscan trazas de que vaia trocar a situación socio-económica–, dentro de ben poucos anos non traballará ningún, non quedando deles máis que os esborrallados muros.

No tocante á propiedade, igual que vén sendo tradicional dende sempre, hainos dunha soa familia e de varias. Nos primeiros se quería moer outra persoa tiña que pagar a **maquila** ou **maquía**, ou –ultimamente– con cartos. Nos segundos o tempo de moenda está repartido en **quendas**, segundo o número de propietarios. Ó longo dos anos estas unidades de tempo remataron por repartirse como parte da herdanza, ou tamén se vendían, polo que non todos os donos dun **muín** dispoñen das mesmas horas para moer.

Ás veces –anque non é moi corrente– a forza hidráulica do muíño tamén se aproveita para mover outros enxeños, como tornos ou pedras de amolar. Un de Sortes ten incorporada unha pedra de afiar moderna, que anda co mesmo cachón.

Un normal pode moer ó día uns 18 **cuartais**. Segundo os veciños, un **cuartal** vén a ser sobre 11,5 kg (en total, 207 kg). Pero esta cantidade depende do muíño, pois outro informante díxonos que moía arredor de 30 **cuartais** diarios (345 kg). A gra antes traíase en **foles** de cabra, en **quilmas** de lona e, ultimamente, en sacos. Mellor eran os primeiros pois, aínda que chovese, a fariña non se humedecía.

Un veciño maior lembrábase do seguinte dito, moi repetido cando el era mozo: *Cochos, os dos moiñeiros; ninos, os dos taberneiros*. É dicir, que os mellores porcos son os dos moiñeiros por poder comer moita fariña, e os nenos máis mimados os dos taberneiros por ter na casa lambetadas.

O mesmo que outras edificacións tradicionais de grande importancia ó longo dos séculos, dentro de ben poucos anos xa non quedarán **muíus** que traballen, perdéndose entón definitivamente non só unha construción, senón tamén toda a nomenclatura deste interesante enxeño hidráulico.

#### 4. OUTRAS CONSTRUCCIÓNS

##### 4.1. Cuarto baixo ou bodego

Trátase de construcións terreas, polo xeral teitadas con colmo, que adoitaban situarse de par da casa, facendo de almacén das ferramentas, corte, pataqueira, etc. Aínda que non sempre era así, xa que tamén podían ser vivendas de persoas de escasos recursos, igual que na banda galega do Porto, onde reciben a mesma denominación<sup>31</sup>.

Son antigos, pois xa se rexistran algúns coa denominación de **cuartos baixos** no Catastro de Ensenada, polos anos 1752 – 1753 (como sempre, as medidas en varas castelás de 0,835 m):

Lugar	Cuartos baixos	Máis grande	Máis pequeno
Balouta	3	5 x 7	3 x 3
Candín	2	5 x 5	3 x 4
Pereda	1	3 x 5	3 x 5
Sorbeira	1	5 x 3	5 x 3

(Fonte: *Catastro de Ensenada 1752 - 53*).

Non había ningún en Espiñeireda, Lumeiras e Teixeu. Carecemos de documentación de Sortes, Suárbol, Vilarbón e Vilasumil<sup>32</sup>.

<sup>31</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 45-46.

<sup>32</sup> **Balouta**: era onde había máis, tres, un de medianas dimensións, 24,4 m<sup>2</sup>, pero outro insignificante, 6,27 m<sup>2</sup>.

**Candín**: só dous, «un cuarto vajo» de 3 x 4 varas, e outro de 5 x 5 varas. Eran de pequenas dimensións, 8,36 e 17,43 m<sup>2</sup>, respectivamente.

**Pereda**: non máis que un moi pequeno, de 2,5 x 4,1 m.

**Sorbeira**: tamén un, que era unha «cassa baixa abitabile» que, tendo en conta as dimensións, non era máis que un pequeno **cuartín** (10,45 m<sup>2</sup> de superficie).

Ademais de almacén, xa nesta época algún era vivenda, como un de Sorbeira, por exemplo.

Non se fai constar nada sobre a cuberta, polo que é de supoñer que fose de colmo a de todos. A planta tiraba sempre a cadrada ou rectangular.

Os *Expedientes de comprobación...* de 1924, non fan uso da denominación de **cuarto**, polo que o único xeito é aterse ás dimensións e a súa función. Algúns veñen a ser as **bodegas** e **patateras**, baixas e de reducidas dimensións.

Poucas construcións quedan agora deste tipo, xa todas lousadas, que seguen facendo de almacén de froitos e ferramentas, pero en ningún caso de vivenda, nin tan sequera temporal.

#### 4.2. O forno

Segundo a situación hai tres tipos de fornos: na cociña (o máis corrente), noutra dependencia da casa –curral, portal, etc.–, ou nun edificio de seu (os máis raros).

Foi un elemento básico de calquera vivenda, fose palloza, casa de teito ou de baixo e sobrado. Agora restan moi poucos, porque ó non cocer acaban por desfacelos, sobre todo cando se atopan dentro da vivenda. A mostra de como se foron destruindo nos últimos quince anos témola en que en Balouta xa case non o hai en ningunha palloza, cando os veciños din que antes o tiñan case todas.

O corrente é que se achen preto da **larega**. Na palloza quedan totalmente dentro, pero nas casas ás veces no interior só está a boca, saíndo o resto de forma redondeada por fóra, debidamente protexido con lousa.

As familias que non o tiñan ían cocer ó dun veciño ou familiar, poñendo a leña e dándolle como pagamento un anaco de bola ou mesmo unha **foga-cina**. Ninguén dá razón de se houbo algún que cobrase en cartos, pois nunha sociedade coma esta o que se usaba case exclusivamente era o troco: no muíño pagábase a **maquila** ou **maquía** con fariña, no forno a cocedura co propio pan. Non hai constancia documental, nin tampouco memoria por parte dos informantes, de que houbese fornos comunitarios, nos que cocesen todos ou parte dos veciños dun lugar<sup>33</sup>.

<sup>33</sup> Por exemplo, en Faro, lugar e parroquia do limítrofe val da Fornela, cocían todos nun único forno, cfr. P. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ: *Efemérides y semblanzas fariegas*, León, 1994, páx. 216.


O normal é atopar –anque cada vez quedan menos– fornos situados nas casas (en particular, na cocíña), pero tamén hai algún en edificio independente, como un de Vilarbón: a casa mide algo máis de seis metros de longo, por uns cinco de ancho. Sitúase nun desnivel do terreo, de xeito que pola parte de arriba –a contraria á entrada– pasa un camiño ó que dá unha ventá grande, semellante a un **boqueiro** dos palleiros, por onde se descarga a leña para dentro. A porta ten **gateira** ou **gacheira** redonda para entrar e saír os gatos, dado que os fornos e os muíños sempre foron os seus lugares preferidos. É unha das construcións máis recentes, non figurando nos *Expedientes de comprobación...* de 1924. En cambio, neste ano había un destes fornos en Pereda, cuberto con lousa<sup>34</sup> (Figs. 36 e 37).

Agás en Vilarbón onde se apanaba algún **trigo serodo**, nos demais lugares case só se cocía pan de centeo, pois o millo non se adoitaba panificar, consumíndose preferentemente en papas, anque os que colleitaban moito tamén facían algunha **boroña**.



Casa destinada exclusivamente a forno, Vilarbón. (Fig. 36).

<sup>34</sup> Archivo Histórico Provincial de León: *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...*, 1924, caixa 10.228, exp. 539.



Planta, sección e cuberta do forno de Vilarbón. (Fig. 37).

### *Tipos e partes do forno*

No concello de Candín existen dous tipos de fornos, moi diferentes entre si: os de pedra, iguais ós das poboacións lindeiras galegas, e outros de barro e palla, parecidos ós do Bierzo «alto», é dicir, ás terras chans productoras de trigo e viño. Exemplares dos primeiros pódense ver en Suárbol, nas ruínas das pallozas (Foto 45). Semellantes tamén os había –ou aínda pode quedar algún– en Pereda, Sortes, Teixeu,... non hai dúbida que son os máis antigos. Do segundo tipo restan varios en Vilarbón: son redondeados por fóra, totalmente feitos de barro e palla trillada, iguais ós leoneses e casteláns, propios das zonas onde non hai pedra<sup>35</sup> (Foto 46).

Nos máis tradicionais distínguense tres partes, pero hainos que non teñen máis que a primeira, é dicir, a boca do forno, como, por exemplo, o que posúe edificio de seu en Vilarbón:

a) O **forno** ou **fornu** propiamente dito, tendendo sempre por dentro a súa feitura á dun casquete esférico, anque poló exterior teña outra calquera.

<sup>35</sup>Cfr. J. L. ALONSO PONGA: *La arquitectura del barro*, Junta de Castilla y León. Consejería de Cultura y Turismo, 1994, páx. 59 - 60 e 161 - 162.



Forno antigo de pedra dunha palloza de Suárbol. (Foto 45).




Forno de barro-palla (Vilarbón). (Foto 46).

b) A **fornela** ou **forneira**, que é o oco que queda por debaixo do forno, onde se botan o borrarallo e a **cinxa**.

c) A **pistana**, que vén a ser unha ou varias lousas protectoras que sobresaen por riba da boca do forno, impide que as **chispelas** ou **chispedas** cheguen acesas ata a cuberta da casa. Ten pouca importancia cando é de lousa, pero non así se o teito é de colmo, no que axiña prende o lume. Ás veces antes da lousa hai un oco que pode rematar mesmo nunha cheminea (Fig. 38).

En particular os das pallozas –nas que se lle daba grande importancia–, algúns dispoñen de pequenas fornelas laterais que fan de **lacenos**, para poñer a louza, o saleiro, etc. Un magnífico exemplar deste tipo queda nas ruínas dunha de Suárbol.



Algúns fornos teñen tres bocas, de abaixo cara riba: a) fornela b) forno, e c) boca da pistana, que é por onde van as chispedas (Espiñeireda). (Fig. 38).

### *A elaboración do pan*

O proceso de fabricación do pan precisa, ademais do forno, unha serie de útiles que antano non podían faltar en ningunha vivenda, a non ser que non cocesen: a **maseira** que, como o seu nome indica, é onde se amasa a fariña. A falta dela, facíase na **artesa**. Unha **rapadoira** (**rapadura** ou **rapadeira**) para raspar e xuntar a masa que queda pegada. As máis vellas eran de madeira, pero as que chegaron ata hoxe en día son de ferro, en forma de pequena pa<sup>36</sup>.

Despois de traer a fariña, o primeiro que se fai é **piñeira** coa **piñeira** ou **peñeira**; logo vai para a maseira ou artesa, onde se lle bota auga (**auga**), sal e o **formento**, amásase ben e déixase levedar (**leldar**), ata que sirve para enfornar. Por último fansen os **paes** que se poñen nas **angarillas** ata que se metan no forno.

Este xa ten que estar ben quente, queimando dentro todo tipo de leña: uces, carqueixas, paos, ..., que se remexen co **pao do forno** para avivar o lume. Cando a color indica que serve para enfornar (**roxau**), entón retíraselle o borrarlo co **rodalo** ou **borralleira** e logo várrese co **escobo** (**baleo**, **basoira**, **basoiro**, **barredoiro**), feito de pólas, antes en particular de sabugueiro, anque tamén as hai de xesta por exemplo. Os **pais** (**paes**) –**fogazas**, **panchucos**, **panchuquíus**, **bolos**, **bolas**, **bolías**, **empañadas**, etc. –, enfórnase coa **pala** (Fig. 39).


Ó estar cocido sácase e ponse onde non poidan subir os ratos, nin tampouco chegar os **ninos**. O sitio del é a **cambeira** ou **paneira**, denominada así en Balouta, igual que nas lindeiras terras galegas, mentres que no val adoitan máis dicir **galleiro**.

### 4.3. As cortes

Anque as pallozas contan cunha parte dedicada a corte do gando –a **estravariza**–, aínda así algúns veciños tiñan animais nos palleiros ou –xa menos– posuían construcións destinadas exclusivamente a cortes. É de supoñer que as houbera dende moi antigo, sobre todo naqueles casos en que a palloza ou casa de teito era de reducidas dimensións. Podían ser para calquera tipo de gando: vacún, ovino e cabrún.

No *Catastro* de Ensenada non figura ningunha, pero si nos *Expedientes de comprobación ...*, do ano 1924, tanto as que só eran corte, como aquelas que facían de corte e cociña; corte, cociña e adegá, e corte e palleiro. Nos

<sup>36</sup> FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 8. C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 202.



Útiles do forno: 1) e 3) palas, 2) rodalo ou borralleira, e 4) baleo ou escobo. (Fig 39).

casos en que había cociña, case seguro que se trataba de antigas pallozas que antes foran tamén vivenda, e que os donos xa dormían na casa nova de baixo e alto:

Lugar	Corte	Corte - cociña	Corte - cociña - adega	Corte - palleiro
Balouta	7	—	—	—
Candín	14	2	1	2
Espiñeireda	17	—	—	5
Lumeiras	11	—	—	5
Pereda	17	—	—	3
Sorbeira	13	—	—	1
Sortes	14	—	—	1
Suárbol	7	—	—	5
Teixeu	12	2	—	4
Vilarbón	16	—	—	2
Vilasumil	9	—	—	—

(Fonte: *Expedientes de comprobación...* 1924).

En todas os paramentos estaban construídos de pedra e as cubertas na maioría de colmo. As plantas eran ou rectangulares ou cadradas, non moi grandes: por exemplo a media das de Sortes viñan ser 40 m<sup>2</sup>, sendo a de máis de 81 e a de menos 18.

Cortes tamén as había nalgún caso debaixo do hórreo, cando se asentaba sobre muros: en Teixeu eran catro. Coidamos que se destinarían preferentemente para gando equino, como aínda se fai na parte galega.

#### 4.4. Adegas e pataqueiras

Nos *Expedientes de comprobación...* da riqueza urbana, do ano 1924, figuran algunhas construcións baixo as denominacións de **bodega** e /ou **patatera** (unha en Candín, Espiñeireda e Vilasumil; dúas en Teixeu, etc). Eran locais onde se gardaban os froitos e, sobre todo, as patacas, que precisan sitios escuros e frescos. Aquí non hai nin nunca houbo viñedos, polo que non existen adegas propiamente ditas.

En xeral eran edificacións pequenas, as máis cubertas con colmo.

Non faltaba algunha adega debaixo dos hórreos, como nun de Espiñeireda, e en dous de Teixeu e Vilasumil. Aínda que se denomine **bodega** realmente non é tal, pois aquí –como queda dito– non hai colleita de viño, polo que non eran máis que almacén de patacas, ferramentas, etc.

Por último quedan as construcións que facían de adega e de palleiro, moi escasas, pois só figuran tres en Pereda.

#### 4.5. Os cabanos

Pequenas construcións situadas nas brañas, onde se acollían e dormían os que coidaban do gando. Trátase deles no apartado dedicado ás brañas.

#### 4.6. O colmeal ou cortín

Construcións situadas nos montes en lugares alonxados das poboacións, de planta tirando sempre a circular, abertas por riba. Dentro protéxense os trobos das abellas, en particular dos osos. Do **colmeal** ou **cortín** trátase máis adian-te, ó falar da apicultura tradicional.

#### 4.7. Construcións industriais

Ademais dalgúns talleres artesanais (ferreiros, carpinteiros, galocheiros e **goxeiros** –cesteiros–), no val de Ancares existiron dúas actividades industriais de certa importancia: unha vencellada coa cera e outra co ferro.

As construcións destinadas á elaboración da cera, que mercaban os cereiros nas terras asturianas e galegas, atópanse en Vilasumil. Como se verá máis adiante, no apartado dedicado á apicultura tradicional, actualmente non quedan delas máis que as ruínas dos muros.

A industria do ferro é moi antiga nos Ancares. Quizais xa se practicase durante a dominación romana, cando se explotaron os xacementos auríferos, pois o normal é que forxasen aquí tamén as ferramentas dispoñendo de mineral e combustible, e non que as trouxesen de lonxe. A actividade siderúrxica debeu seguir, xa que no ano 1172 os cóengos de Astorga acordaron facer memoria dúas veces ó ano polo bispo Don Fernando, «en agradecimiento deste beneficio y de haberles dado su Ilustrísima la Iglesia y heredades de Redelga y los diezmos del hierro de Ancares y la tercia de sal de Lampreana»<sup>37</sup>.

Descoñecemos ata cando seguiría a extracción e beneficio do mineral de ferro, aínda que debeu ser unha tradición que se mantivo ó longo dos séculos, ata que en 1788 un veciño de Teixeu (Francisco Abella) e dous de Pereña (Bernardo e Jerónimo Rodríguez, residentes como comerciantes en Ferrol), decidiron montar unha ferrería-fundición, semellante ás que pola mesma época traballaban nas lindeiras terras galegas e bercianas<sup>38</sup>. Ademais do mineral, como consta na escritura de consentimento dos veciños, «tenemos superabundantes montes para coadyubar a la perpetua existencia de la propuesta fábrica sin ser necesario tocar, ni entrometerse a arrancar en los vedados y cotados que abundantemente tenemos para edificios, como tampoco en los fructíferos», e ademais sería moi útil «a nosotros y demás naturales y residentes en este pueblo, y demás de este Real Valle, tanto por tener a mano y con más comodidad el hierro cuanto por seguirse el que con motivo de la misma fábrica y su construcción, se emplearán sucesivamente...»<sup>39</sup>.

<sup>37</sup> Archivo Diocesano de Astorga: «Índice de particulares», núm. 123. Cfr. J. A. BALBOA DE PAZ: *Hierro y herrerías en el Bierzo preindustrial*. Diputación Provincial de León, 1990, páx. 79.

<sup>38</sup> Cfr. J. A. BALBOA DE PAZ: *Obr. cit.*, e *Ferrerías Bercianas*, Ciencias de la Dirección, Madrid, 1992; e C. GONZÁLEZ PÉREZ: *A produccion tradicional do ferro en Galicia: As grandes herrerías da provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo, 1994.

<sup>39</sup> Archivo Histórico Provincial de León: «Protocolos notariales», caixa 3.492, ano 1788.

Xordiron algúns problemas, pois por estes mesmos anos tamén se construíu a «fábrica de ferro» de Rao, situada na outra aba do Porto. En 1797 dicía o militar Francisco Javier Datoli Lasslle, que a ferrería ancaresa podía beneficiar o mineral que hai «pasado el puerto de la Magdalena, jurisdicción de Galicia», pero que llo impedía a compañía da «Vega de Ribadeo», que o quería para beneficiar na «herrería que está construyendo», en Rao<sup>40</sup> (Foto 47).

A **ferrería**, como din os ancareses, empezouse a construír a finais do ano 1788, entrando de seguido en funcionamento. Igual que as demais «fábricas de ferro» bercianas, galegas e asturianas, parou de traballar a finais do século pasado, en que deixaron de ser rendibles estas industrias, sobre todo dende que chegou o ferrocarril a Ponferrada con ferro beneficiado nos altos fornos vascos, de mellor calidade e máis barato. Nos primeiros anos do século XIX foi mercada por un galego, Juan Francisco de Ribadeneyra, veciño de Santa Baia de Teilán (Bóveda, Lugo).




Ruínas da ferrería de Teixeu. En primeiro termo, o banzau ou banzado. (Foto 47).

<sup>40</sup> «Informe sobre el proyecto de establecer una fábrica de armas en la provincia del Bierzo», J. A. BALBOA DE PAZ: *El Bierzo en la obra de dos militares del siglo XVIII: Datoli y Munárriz*, Ponferrada, 1992, páx. 68.

Actualmente non restan máis que as ruínas, tanto da siderurxia como da vivenda. Queda de par da estrada que baixa do Porto cara ó val, entre a capela da Magdalena e o lugar de Teixeira. De todo o conxunto sobresaen os muros do **banzau**, no que xiraba a roda do enxeño que movía o mazo e os barquíns. As outras dependencias eran a forxa, a carboeira, o almacén do mineral, etc. Nos arredores pódense ver pedras de **escoira** procedentes da fundición. De par está a casa, deshabitada dende hai varios anos (Fig. 40).

A extracción do mineral, e a elaboración e comercialización do ferro, desenvolvíanse do mesmo xeito que nas ferrerías bercianas e galegas<sup>41</sup>.



A ferrería de Teixeira era semellante ás veciñas bercianas e galegas: 1) banzau para a auga, 2) forxa, que era onde traballaba o mazo, 3) barquíns para dar aire, e quizais tamén carboeira, 4) almacén do mineral, 5) almacén do ferro, 6) cuarto dos ferróns ou ferreiros. (Fig. 40).

<sup>41</sup>O lector interesado en afondar máis neste tema, pode consultar as obras de J. A. BALBOA DE PAZ e C. GONZÁLEZ PÉREZ, citadas nas notas anteriores.

## IV. ENXOVAL, APEIROS E FERRAMENTAS

### 1. ENXOVAL

En xeral o tradicional era escaso, cinguíndose moitas veces a aqueles obxectos necesarios, sen os que non se pode amasar o pan (a artesa), gardar o froito (as arcas ou huchas) ou dormir (as camas). Como xa dixo hai anos F. Krüger ó tratar do mobiliario dos países románicos, o enxoval doméstico adoita ser o imprescindible, sendo raras aquelas cousas que carecen dunha determinada utilidade e menos aínda as que non teñen outro fin máis que o ornamental<sup>1</sup>. Nos Ancares leoneses, o mesmo que nas limítrofes terras galegas e asturianas, sempre foi escaso e sinxelo.

¿Que se conserva actualmente do enxoval doméstico que foi o único ata hai uns trinta anos?. Moi pouco e ademais xunto con obxectos modernos, que se poden achar en calquera vivenda da cidade. A mellor mostra témola cunha das pallozas que segue habitada en Balouta, que de par do escano, da artesa e da **preganza** atópanse o televisor en color, a lavadora e o frigorífico.

Neste caso o noso traballo é retrospectivo, que nos sitúa cara atrás uns vinte ou trinta anos, por iso os obxectos non pertencen a unha única vivenda, nin mesmo a un **luguer**, senón que son de todo o concello. O enxoval, os apeiros e as ferramentas son iguais ou moi semellantes ós das veciñas terras de Navía de Suarna e Cervantes, variando ás veces unicamente as denominacións sobre todo no propio val de Ancares, pero non así nos lugares de Suárbor e Balouta, nos que adoita ser normal que coñezan as dúas, facendo uso delas indistintamente, segundo o interlocutor<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> *El mobiliario popular en los países románicos*, Facult. de Letras da Universidade de Coimbra, Coimbra, 1963, páx. 7.

<sup>2</sup> Cando se trata de obxectos iguais ou moi semellantes ós das zonas lindeiras e non publicamos ilustración, en todos os casos que é posible sempre se indica algún libro onde figura reproducida esa peza ou obxecto.

### 1.1. A cociña

Dende a antigüidade vén sendo tradicionalmente a parte máis importante da vivenda, na que se desenvolvía a vida ó longo do ano e sobre todo durante a invernia, cando non se pode traballar fóra no campo. Malia cambiar de casa (primeiro palloza, e logo con sobrado), non por iso perdeu importancia a **coucía** ou **couciña**, que seguiu sendo o centro da vivenda, e na que se pasaba o máis do tempo.

Na cociña adoita haber varios mobles, máis ou menos vistosos, pero o que endexamais falta en ningunha, por moi pobre que sexa, é o **escano** ou **escaun**, banco amplo e con respaldo, situado arredor da **larega** de **lume** **rastreiro**. Hainos de diferente grandor, dependendo da cociña: dun só banco, de dous ou de tres. Estes últimos non deixan máis que un lado libre para andar no lume, poñer e sacar as potas, quentarse de pé, etc. Os bancos poden ser normais ou dos que se lle baixa unha táboa para comer sobre ela, que sempre foron moito máis escasos, tan raros que hai veciños que non saben nin que existen. Algúns teñen nos lados as **rilleiras** para apoiar os brazos. Debaixo do asento poñíanse os cacharros co leite, facía de galiñeiro para as **pitas** con **pitíus** ou para **empouler** (chocar) e mesmo se tiña algún porquiño novo (**guaxíu**) para recibir a calor do lume. Os escanos son de madeira de castiñeiro case sempre, e cómpre que sexan fortes, por non se empregar soamente para sentarse, senón que tamén como cama polo inverno e, sobre todo, para as mulleres paridas<sup>3</sup>.

Ademais do escano hai **mesos** e **mesas** para sentarse, así denominados en Balouta e Suárbol, sendo no val máis coñecidos por **bancos** e **bancas**, anque os pequenos tamén son **mesos**, **mesíus**, **banquetos**, **tallosos**, etc. Os primeiros diferéncianse das segundas en que son máis pequenos e con tres patas. Semellante á **mesa de sentarse** é o **escanil** ou **estrabe**, pero con respaldo<sup>4</sup>.

Na **larega** estaban os **barrois** de ferro, coñecidos tamén por **morillo** (ou **muriño**), consistentes nunha barra horizontal con patas, sobre os que se acomodaba a leña –os **cepos**– para que ardese mellor. Habíaos baixos e altos, estes últimos cun ou dous brazos nos extremos sobre os que se podía


<sup>3</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del valle de Ancares*, lám. 9; M. GIMSON: *As pallozas*, páx. 52; C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 193.

<sup>4</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 9; GIMSON, páx. 52; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 193 - 194.

poñer unha cunca, prato, etc., ou mesmo o **gabuzo** para alumear. De par podía haber unha ou dúas **trébadas** (ou **trébedes**) de tres pés, con ou sen mango (Fig. 41). Algunhas familias tamén tiñan un **fol** para **espabilelo lume** cando non ardía ben e unhas **tinezas** para coller as brasas<sup>5</sup>.

Pendurado das **ganseiras** está o **caízo** feito de **brimbas** de salgueiro, e a **preganza** (ou **pregancia**, **preghanza**, **cadeas**,...) –a garmalleira– agora todas de ferro pero antes de seguro que tamén de pao, amarrada dunha trabe –que en Balouta denominan **garmilleiro**– ou dun **burro** que xira para a sí retirar a pota ou pote do lume sen ter que lle tocar. Estas últimas eran raras<sup>6</sup>.

Outro moble que non falta en ningunha vivenda, sexa palloza, casa de teito ou casa de sobrado, é a **artesa** na que se amasa o pan e tamén se garda a comida, en particular aquela que se vai consumir no día, onde se adobaba



Trébedes para poñer as potas no lume. Tamén as había con mango. (Fig. 41).


<sup>5</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 7; GIMSON, páx. 52; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 198 - 199.

<sup>6</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 7; GIMSON, páx. 52; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 129 - 197.

a carne para os chourizos, cando era grande salgábase algunha, etc.<sup>7</sup>. No lugar da artesa –ou ambas as dúas–, pode haber a **maseira**, de forma semellante, tanto é así que ás veces recibe as dúas denominacións o mesmo moble, non se diferenciando na feitura nin no uso, anque o normal é que a artesa conte cun **caxón** por debaixo, no que se garda comida, e tamén sexa algo máis grande. Despois de amasar límpanse ou **rápanse** coa **rapadoira** ou **rapadura**, de forma variada, pero con tendencia a ser como unha pequena pa<sup>8</sup> (Fig. 42). Non lonxe pendúrase a **pineira** de seda –que así eran as de antes– para peneirar a fariña.

Ambas adoitan facer de mesa para pousar a comida ou outra cousa calquera, aínda que pode haber unha mesa, mesmo de medianas proporcións.

Non falta tampouco algún **laceno**, **alacena** ou **alacea**, para gardar o leite, os alimentos do día, o pan, etc., mellor ou peor rematado, feito polos mesmos campesiños ou por algún carpinteiro local. O lugar propio é por detrás do escano. Ás veces pode estar suxeito á **estriqueira** ou **trabao** de táboas que separa a cociña da corte ou dalgún cuarto. Nel pónense os **cacharros da cociña** ou cociña. Este moble –o **conqueiro**, **trabeira** ou **louceiro**– case sempre conta con dous corpos, o superior aberto e o de abaixo con portas. No aberto de arriba, denominado ás veces **vasal** ou **vasar**, é onde se colocan



Rapadoira de ferro para rapar a masa na artesa ou maseira. As antigas eran de madeira. (Fig. 42).

<sup>7</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 8; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 201.

<sup>8</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 8; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, p.áx. 202.

os **vasos**, as **concas** de madeira ou de barro, os **pratos**, os **tazois**, **fontes** (que as había de pao, de barro cru, e de **pedra** –porcelana–), as **culleres** (de madeira ou de ferro), os **cutertos**, os **cutelos** e **cutelíus** (que se afían na **mola**), **fiambreiras** (de madeira), **xarras**, **xarraus**, etc.

Segundo a situación económica da familia, así tamén adoitaba ser máis ou menos grande este moble, e ter máis ou menos louza. A parte baixa destínase en particular para gardar as **olas**, os **potes**, as **cazolas**, a **tarteira de parigüela** (ou **perigüela**) de barro, **barreños**, **zapico** ou **zapica** (como un caldeiro con aro e bico<sup>9</sup>), etc. Para as **painllas**, **paillas** ou **painlillas** (tixolas) e outros obxectos de pendurar –como as **garfelas**– estaba a **espeteira**.

A louza de madeira –a máis abundante ata a posguerra– facíana os **cunqueiros** asturianos ambulantes, que percorrían tanto este val como os lindeiros de Galicia, tallando **concas**, **palanganas**, **barreños**, etc. Ó chegar a un lugar o primeiro que facían era mercar un castiñeiro «pasmado» para que a madeira non escachase ó secar. Logo montaban o taller, consistente nun torno que xiraba impulsado pola forza dun varal de salgueiro ou carballo. Os de antes andaban ó troco, recibindo a cambio centeo, millo, etc.<sup>10</sup>. Tamén os había doutras partes, de aí que os veciños maiores se lembren das **concas** e das **culleres da Fonsagrada**, de pao. Pola contra, o ferro sempre foi moi escaso, limitándose a algún pote e ós coitelos. Estes últimos vendíanos os ferreiros ambulantes galegos e asturianos pero, en particular, os de Taramundi<sup>11</sup>.

No chan poñíanse o **caldeiru**, a **caldeira**, algún pote grande, etc., e pendurado o **tambor** das castañas, sobre todo onde se colleitaban moitas. Este tambor é igual ó da outra banda do Porto: feito de latón de forma cilín-

<sup>9</sup>FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 11.

<sup>10</sup>Unha magnífica colección de vasillas de madeira torneadas polos **cunqueiros** asturianos, pódese admirar no museo etnográfico de Grandas de Salime, cfr. A. GRAÑA GARCÍA: *La tornería en el occidente asturiano*, 1985 (como anexo, F. KRÜGER: «La tornería, supervivencia asturiana de un antiguo oficio europeo»).

<sup>11</sup>Unha idea dos útiles metálicos que adoitaba haber nunha casa da alta montaña, dánnola estes tres inventario asturianos do século XIX, de lugares semellantes ós Ancares, polo que son extrapolables. O terceiro era un campesiño ben acomodado en comparación cos dous primeiros:

Juan Pérez, de Ferreira (Santalla de Ozcos), 1828:

1 *garmalleira de fierro.*  
1 *poto de 16 cuartillos con su tapadera.*  
1 *poto de 6 cuartillos con su tapadera.*  
1 *caldero remendado.*  
1 *cuchara de fierro.*  
1 *sartén.*

drica, con moitos **fureus** pequenos por onde entra a calor do lume. Xira por medio dun eixe de ferro e cólgase da **preganza**. Conta cunha **trampela** ou mesmo **fureu** grande con tapa, para meter e sacar as castañas, ás que cómpre facer unha **mózquia** para que non **estoupen** dentro<sup>12</sup>.

Algunhas vivendas dispoñían para as olas grandes ou mesmo tamén para os **cántaros de barro** dun pequeno moble propio, que se situaba non lonxe da **larega**, pero nun lugar que non correse perigo de tropezar con el. Un aínda o puidemos ver nunha casa abandonada hai poucos anos no lugar de Espiñeireda. Aquí, o mesmo que noutras partes, coñécese por **cantareiro** (Fig. 43). A súa forma é igual que a dun banco longo, pero a táboa de arriba conta con varios **fureus** –normalmente tres–, dentro dos que se lle meten os cus ás olas de barro. A auga collíase da **cántara** ou do **balde** (ou **baldre**) de madeira ou metal co **tanque** (ultimamente de latón pero antes de pao) (Foto 48). As cántaras levábanas as mulleres na cabeza, poñendo por debaixo a **corra** ou **rodete**, útil usado en todas partes, anque varía a súa denominación. Algunhas pallozas tiñan un sitio para a **cántara** ou **sella**, denominado por exemplo en Balouta **traveira da sella**, e no val de Rao, **peao da sella**. As **sellas** eran de madeira, ultimamente con aros de ferro, pero antes tamén de pao, e para beber tiñan sempre de par o **cazo**.

---

Pedro Fernández Rebollín, de Herías (Allande), 1841:

*1 pote mayor.*

*1 pote chico.*

*Las gamayeras.*

*1 sartén.*

*1 garfiella.*

Miguel López Sol, de Serán (Pezós), 1848:

*3 potes de bronce de llevar 3 cañadas, 18 y 14 cuartillos*

*1 garfiya.*

*1 chocolatera de cobre.*

*12 tenedores.*

*1 caldero de fierro grande.*

*1 caldera de cobre.*

*1 sartén grande.*


*1 almírez de metal con su mano.*

*1 tambor de asar castañas.*

*1 canado de fierro para ordeñar las vacas.*

J. NAVEIRAS ESCANLAR - J. LÓPEZ ÁLVAREZ - A. GRAÑA GARCÍA: *Museo Etnográfico de Grandas de Salime, Guía del visitante*, 1991, páx. 18 ss.

<sup>12</sup> GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 205.



Cantareiro para poñer as olas de barro (Espíñeireda). (Fig. 43).

Os baldes antigos eran de madeira, primeiro cos aros tamén de pao, e logo de ferro. Os de latón foron os derradeiros que houbo, antes de se instalar a auga corrente en todas as vivendas (Candín). (Foto 48).



De madeira eran as antigas **caldeiras** de munguir as vacas, denominadas tamén **zapicas** e **zapicos**. Para mazzalo estaban os **botos** (ou **boutos**) de **pelello** de cabra ou ovella, e nas últimas décadas as **mazaderas** modernas, de barro ou madeira<sup>13</sup>.

No val de Ancares sempre foron máis abundantes as vasillas de barro que na parte galega, debido a que os **cacharreiros** bercianos chegaban ata aquí vendendo as súas olas ou tamén as adquerían nas feiras da Veiga de Espiñeireda, que viña a ser o centro comercial da zona. Nas casas de Vilarbón (abandonadas algunhas xa hai máis de vinte anos) áchanse vasillas de barro – varias escachadas – de uso cotián ata que se estendeu primeiro a folla de lata e logo o plástico (Foto 49).

O viño que se mercaba, pois nos Ancares nunca se cultivaron as cepas, gardábase tamén en **cántaros**, **damajuanas** e en **pelellos** (**pelexos**) de coiro de cabra, dos que aínda puidemos ver algún en Vilarbón (Foto 50).

Outros utensilios propios tamén da cociña eran: a **escarpia**, que vén a ser unha táboa suxeita na parede con varios **tormos** ou **pinos**, dos que se colgan os útiles que contan con mango, ou chourizos, o touciño, etc. Pendurado dunha trabe, **canteao** ou **tercia** estaba o **galleiro**, que consiste nun pao con varios ganchos, que ás veces mesmo podía ser un tronco con gallas (de aí a súa denominación). Nel tamén se colgan os chourizos, a carne curada (chacina), etc., (Fig. 44).

Colgada do teito tamén estaba a **paneira** ou **cambeira** (a segunda denominación é a máis usada en Balouta e Suárbol), consistente en dúas táboas con outras horizontais por riba para que non baixen os ratos, das que saen varios paos, sobre os que se poñen as bolas do pan, os queixos, etc. Sempre se situaba a certa altura de xeito que non lle puidesen chegar, non xa os animais dende abaixo, senón mesmo os nenos<sup>14</sup>.

Mención especial cómpre darlla á **coladoira**, na que se facía a bogada, para a que había en moitas cociñas unha pedra semellante á do vertedeiro, pero máis grande para que coubese un cesto, coñecida pola **paula** ou **pedra da bogada** ou **coladoira**. Aínda é posible ver algúns destes útiles e, de non ser, hai persoas que saben perfectamente como se desenvolvía o labor: a roupa sucia metíase dentro dunha **goxa** ben tecida (Espiñeireda) ou **pesela**

<sup>13</sup>J. M. VÁZQUEZ VARELA: «Máquinas de mazar o leite de Donís (Serra de Ancares)», *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXX, 1969; ALONSO PONGA - DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, páx. 107; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, 207 - 208.

<sup>14</sup>GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 203.




Restos de diferentes tipos de vasillas tradicionais de barro, que estiveron en uso ata hai uns trinta anos, en particular nos *lugueres* situados no val (Vilarbón). (Foto 49).



Peello para o viño (Vilarbón). (Foto 50).

Galleiro para colgar os chourizos. (Fig. 44).



(Balouta), ou nun cubeto de madeira que levaba sobre seis cántaras de auga, cunha saída por abaixo e a boca máis ancha que a base. Logo botábanlle de seguido auga quente e **cinxa de rebola**, removendo ben, ata que quedaba limpa. Por último pasábase a roupa por auga fría. En sitios (como Rao), en vez de cesta tiñan un **cubilote** de madeira. Foi común á máis da montaña, tanto leonesa, como asturiana e galega, pois o mesmo método témolo rexistrado, ademais de aquí nos Ancares, en Rao (Navia de Suarna) e Cervantes (O Piornedo). Unha pódese ver agora no museo asturiano de Grandas de Salime<sup>15</sup>.


Na **couciña** tamén adoitan atoparse os útiles de facer o pan, cando está o forno nela: o **escobo** ou **basoiro**, co que se varre o forno, o **rodalo** co que se saca o borrallo, e a **pala** coa que se mete e quita o pan (Fig. 39).

Se o dono da vivenda non posuía hórreo, entón tamén era no **astragal** da palloza onde estaban as **huchas** (Balouta), **arcas**, **arcois**, **paeira** (tulla) para gardar os grans, así como algunha para meter a roupa boa que non se usaba de cote. Ó construíren as casas altas, as huchas ou arcas pasaron ó sobrado (Fig. 45).

Por último quedan os útiles de **alumer**: a única luz que había de noite era a que proporcionaba o **lume**. Cando se quería máis, prendíase un **gabu-**

<sup>15</sup> Idem, páx. 192.

Paeira, hucha ou arca para os cereais. No fondo ten un fureu para recoller os restos (Vilarbón). (Fig. 45).



**zo** (pao delgado e ben seco de uz ou acevro), que se penduraba da **preganza** ou dunha galla (o **alumador** ou **tentemozo**) de xeito que se puidese ir torcendo cara a abaixo para que ardese mellor, quitándolle de vez en cando o **moco**, é dicir, o borrarallo da punta<sup>16</sup>. Nos últimos anos os **gabuzos** foron trocados polos **candís de gas**, agora esquecidos dende que se instalou a enerxía eléctrica.

## 1.2. O cuarto, cileiro ou dormitorio

Esta estancia alcanza importancia nas casas altas, nas que se destina parte ou mesmo todo o sobrado para dormitorio, pois nas pallozas adoitan ser de pequenas proporcións, que non permiten estar dentro máis que a cama. Non os había para toda a familia, senón só para os maiores e o matrimonio, durmindo os demais en camas que se abrían á noite, no escano sobre o que poñían uns **xergois** ou, en casos, mesmo na **barra** da palla. Nos máis destes cuartos pouco máis cabía que o **leito**.

Nas primeiras casas altas o **cileiro** non era máis que un cuarto grande (que podía ser o sobrado enteiro), coas camas situadas arredor, contra as paredes, onde durmía toda a familia. O paso seguinte foi dividilo por medio

<sup>16</sup> Idem, páx. 191 e 214 - 215

de tabiques de táboas en varios **cileiríus**, normalmente tres ou catro: un para os **avulicos**, outro para o matrimonio, un para as fillas e outro para os fillos.

O moble máis importante sempre foi a cama que, en casos, era tamén o único: había varios tipos, dende os tradicionais **leitos**, ata as xa modernas de ferro. O **leito** antigo –denominado noutras zonas **camarote** e **camariña**–, do que agora coidamos que non quede ningún exemplar, viña a ser unha cama-armario, cerrada con táboas, agás a fronte que era aberta. Dentro levaba o **xergón** e demais roupa (sabas, mantas,...). O normal era que en cada casa non houbese máis dun, para durmir a persoa maior. Podía estar arrimado a calquera parede<sup>17</sup>.

Existían outros **leitos** máis sinxelos, que consistían nun caixón cos lados duns 30 - 40 cm de alto, con catro patas, sen cerrar arredor, situados nos cuartos ou mesmo fóra en calquera curruncho do **estregal**, sobre todo de par da escano.

Estes mobles fóronse trocando por **camas**. Primeiro co piso de táboas e cerradas todo arredor ata unha altura duns trinta cm. Unha de madeira de castiñeiro, en perfecto estado de conservación, vímola nunha das casas de Vilarbón (Foto 51). Despois o piso foi cambiado por arames ou mesmo cordas. Por riba levaba o xergón de palla ou de follas da espiga do millo (as **maísas**), que logo pasaron a ser de la nas familias acomodadas.

As partes dunha cama son: a **cabiceira**, os **pés** e nos lados as **rilleiras**, que veñen a ser os paos sobre os que se apoia o fondo no que vai o xergón, e tamén as «varandas» protectoras que adoitan ter algunhas lateralmente de varios centímetros de altura (Figs. 46 e 47). Cando non son boas, entón dise que son **camastros**, **charreñas** ou **catres**.

Se na habitación dormía un **nino** ou unha **nina**, entón o habitual era que houbese un **bercio**, que variaba moito na súa feitura dependendo da habilidade do carpinteiro que, as máis das veces, era algún dos homes da casa (o pai, o avó ou os tíos). O **bercio** levaba por debaixo colmo ou palla ou mesmo algunha pel de ovella ou cabra, coa la. Ós grandes adóitanlle chamar **cunas**<sup>18</sup>.


Tanto a cama como o **bercio** cubríanse con **colchas**, **cobertoiras** ou **mantas trapeiras** ou de trapos, tecidas na mesma zona ou mercadas nas feiras e mercados do arredor (Veiga de Espiñeireda).

<sup>17</sup> Semellante ó galego que reproduce P. DE LLANO: *Arquitectura Popular en Galicia*, Vigo, 1981, páx. 200.


<sup>18</sup> GIMSON: *Obr. cit.*, 52; GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 195 e 196.



Cama antiga cerrada arredor e co chan de madeira (Vilarbón). (Foto 51).



Cama máis moderna, tamén de madeira, coas rilleiras laterais (Vilarbón). (Fig. 46).



*Cabiceiras* de dúas camas antigas de madeira (Vilarbón). (Fig. 47).

A roupa gardábase en huchas ou colgábase nas **escarpias** ou perchas, consistentes ás veces algunhas en varias gallas.

### 1.3. Obxectos de aseo

Estas vivendas carecían de servizos, tanto as pallozas como as casas de baixo e sobrado. Nas primeiras o único era a corte, e nas segundas podía haber algún burato no chan, polo que se botaban os excrementos á corte, pois era raro que existise comunicación interior entre o baixo e o sobrado. Por iso nos **cileiros** ou **cuartos** adoitaba haber sempre un **ouriñal** ou **bace-nilla**.

O único cuarto de aseo era a cociña, onde estaba a **palangana** ou **palancana** para lavar as mans e a cara. As antigas eran de madeira, torneadas polos cunqueiros asturianos ambulantes, das que xa non fomos capaces de ver ningún exemplar, pero si en cambio hai uns anos no galego val de Rao<sup>19</sup>.

Non faltaban en ningunha casa un **espello** e algún peite (**peñe**), así como a navalla para se afeitar os homes.

A «casa» (a que fose: palloza, casa de teito ou con sobrado), varriase coa **varredoira**, **varredoiro**, **baleo**, **escobo** ou **escoba** feitos de xestas (**xienstas**), atadas con **brimbias** de salgueiro.

<sup>19</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 216.

## 2. APEIROS E FERRAMENTAS

Dende tempos inmemoriais o home ancarés vén facendo uso de diferentes **aperios** e ferramentas de orixe descoñecida, que chegaron aquí non se sabe cando. Entre os antigos é de supoñer que predominasen os de pao, que logo foron substituídos polos metálicos. Primeiro forxábanos ou facíanos os artesáns da zona, pero nas últimas décadas empezaron a chegar xa de lonxe, non como antes que, como moito, procedían de Ibias e Taramundi, sobre todo. O que amosa que, igual que sucede en todas estas terras montañosas, as ferramentas autóctonas están a desaparecer, estandarízanse ó mercaldas nas ferreterías (as máis forxadas en Euskadi).

O ferro sempre foi un produto escaso, polo que tradicionalmente só se usaba ó indispensable. Así, por exemplo, os arados non tiñan máis que a rella metálica, e os veciños maiores aínda falan dos carros **lampos**, é dicir, sen ferraxes, rodando a madeira sobre o chan.

Enumeraremos os principais apeiros e /ou ferramentas, consonte á clasificación que dos mesmos fixemos no noso traballo sobre as terras navegas<sup>20</sup>.

### 2.1. Para traballar a terra

Hainos de dous tipos, segundo quen os use:

#### A) O HOME:

Entre os máis importantes destaca o **rodalo**, **rodala** (Sortes, Candín, Espiñeireda, Sorbeira, Vilasumil...) ou **rodo**, **rodín** –se é pequeno– (Balouta, Suárbol), que consiste nunha pa de corte horizontal con mango é dicir, unha especie de legón ou legoña. Con el cávase e prepárase a terra para sementar, os prados,... Algúns tamén lle chaman **batideira** (Sortes) e **caiada** (Pereda)<sup>21</sup>.

Síguenlle as **axadas**, **aixadas** ou **azadas** (denominación xa castellanizada). A máis antiga quizais sexa a **axada de cavar as searas** (Balouta), consistente nunha longa e estreita folla con corte horizontal. Actualmente

<sup>20</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 227 a 239, 246 a 279.

<sup>21</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Etnografía del valle de Ancares*, lám. 19; C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 227 a 229, 246 a 253.

non se emprega<sup>22</sup>. Si en cambio a **axada** ou **aixada co cresto afileu** (Sortes), de dúas follas: unha en sentido horizontal (a máis grande) e outra vertical, como se fose unha pequena machada. Con ela arríncanse os **torgos** das uces. En Balouta dinlle **axadón**. Semellante é o **axadón de pico** ou **pico**, diferenciándose soamente en que o fío vertical é substituído por un punteiro. Outras son a de **boca**, coa folla alongada, e a de **peto**, que no lado contrario á folla leva un saínte para petar con el<sup>23</sup>.

Para cavar a terra hai unha serie de **angazos** (Balouta, Suárbol) ou **raños -rañios-** (Candín, Espiñeireda, Sortes), de dous ou tres dentes ou mesmo **gallos**. É a ferramenta máis axeitada para apañar as patacas. Semellante ós anteriores é o **garabato**, pero só que máis pequeno. Existe outra ferramenta que leva a mesma denominación, pero é diferente, pois consiste nun pao cun gancho ou mesmo cunha galla, que se utiliza para baixar as pólas das árbores, arrincar a herba no palleiro, etc.<sup>24</sup>.

O **picaxo** (Candín) ou **picachón** (Sortes) é unha ferramenta de folla triangular rematada en punta. Hai varios tipos de **picaxíus**, dependendo do grandor da folla: **pico**, **picaxo** ou **picacho**, **piquexo**,... Algúns tamén lle chaman **picaxo** a un utensilio de introducción moderna, que ten dous dentes por un lado e folla polo outro, aínda que máis corrente é **sacho**<sup>25</sup>.

Os **torrois** desfáanse con **mallos** ou **mazos** de madeira, ou con calquera outra ferramenta. Cando non están moi duros, entón emprégase o **rastelo** ou **rastrelo**, co que se achanda a terra despois de arar. Trátase dun apeiro semellante a un **ranqueiro**, pero cos dentes máis grandes e fortes. Antes habíaos de dúas filas de dentes, unha horizontal e outra formando ángulo recto coa anterior no sentido do mango. Son de madeira<sup>26</sup>.

Os mangos sempre adoitan ser de madeira resistente, sobre todo carballo.

<sup>22</sup>Igual ás que tamén se usaban no val de Rao, que segundo o fío podían ser de dúas formas: unha con el semicircular cara a fóra, e outra ó revés, cara a dentro (**fío de boca de cadela**), C. GONZÁLEZ PÉREZ.: *Obr. cit.*, páx. 228 a 249.

<sup>23</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 19.

<sup>24</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 19; C. GONZÁLEZ PÉREZ.: *Obr. cit.*, páx. 246 a 248.

<sup>25</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 250 - 251.

<sup>26</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 16.

## B) OS ANIMAIS:


### O xugo

Malia que non se trata dun apeirol, o seu uso é imprescindible para que os animais puidan traballar con certos trebellos, como o carro, o arado, a grada, etc. Tanto o val de Ancares, coma os dous lugares de Suárbol e Balouta, pertencen á área do denominado **xugo** ou **xugu** cornal, é dicir, que os animais fan forza na testa e non no pescozo.

Un xugo normal anda preto dun metro e medio de longo (algún que medimos deu 1,42 m). Fanos os carpinteiros locais ou os mesmos campesiños, antes sobre todo no inverno cando non podían saír a traballar fóra. As mellores madeiras son o **fresno**, o **abedú** e o **negrillo**.

Aínda que se trata dun apeirol sinxelo, conta con varias denominacións segundo a parte que sexa: as que sobresaen no medio, son os **camosc** (**camozcos**, **camozquios**) ou **camelos** (así nos lugares de Suárbol e Balouta, igual que en todo o limítrofe val de Rao). As dos laterais coñécense por **rabos da cornal**, por ser aquí onde se atan as **cornais** ou **sogas** (Suárbol e Balouta) que amarran o xugo contra os cornos. A parte que se apoia sobre o animal é a **camela**, **camella** ou **camba**. Por último no medio dos **camosc** está a **mesa** ou **subiadeira** (Balouta), na que vai o **loro** que terma da **pértega** do carro (Fig. 48).

Por debaixo ponse a **mulida** (ou **molida**), que aquí adoita ser de pel de año chea de palla. Vai atada ós cornos coas **cornais** ou sogas (que poden



Xugo: 1) camosc ou camelos, 2) rabo da cornal, 3) camela ou camba, e 4) mesa ou subiadeira. (Fig. 48).

pasar dos catro metros de longo), e por riba de todo leva a **cuberta** ou **coberta**, de coiro de can, xato ou xabaril. É corrente que estas teñan na fronte, sobre as **cerras**, as letras iniciais do nome e apelidos do dono da casa, así como tamén algún motivo ornamental, como cravos dourados, por exemplo (Fig. 49).

O remate da cuberta por diante da cabeza dos animais recibe varias denominacións, como **cerras** (**serras**), **freques**, **mosqueiras**, **guedellas**, **melenas**, **orelleiras**, **cincerra** (Suárbol e Balouta), etc. O nome que máis se axusta é o de **mosqueiras**, pois son para que as moscas non molesten ó animal, sobre todo nos ollos (Fig. 50).

A xugada de bois ou a parella de vacas –actualmente das primeiras coidamos que xa non quede ningunha en todo o val–, vai **xuncida** ou **enlurieda** ó xugo, un animal a cada lado, e este á **pértiga** do carro por unha **cravilla**, arredor da que se ata o **loro** ou **subiao**, consistente nunha soga de coiro. Para que non se solte, ó final méteselle un pao ou ferro denominado **prego**. Esta operación coñécese por **enlurier** o carro.


O **timón** do arado non vai suxeito directamente ó xugo, senón á **pezo-eira** ou **arcoxo** (Balouta), anela de madeira, coiro ou ferro, que terma del por debaixo. Todo o conxunto é o **mediaun** ou **medio** (no val de Rao **mediado** e **medio**) (Fig. 51).

Tamén había xugos para un só animal, cando se araba cunha vaca ou cun boi, pero sempre foron moi raros.


### O arado

O **arao** ou **arau** foi durante séculos o máis importante de todos os **aperios**. O tradicional, que chegou ata os nosos días, é o denominado «arado de pao», para diferencialo do moderno de ferro. Aínda agora son poucas as casas que non contan co seu, anque non fagan uso del mesmo dende xa hai anos. A única parte metálica é a **rella**, forxada polos ferreiros da zona ou mercada nas feiras do arredor. En Balouta e Suárbol hai algúns que en vez de **rella** levan **palmela**, que se diferencian en que mentres a primeira se encaixa no **dentil**, a segunda de forma triangular vai cravada na punta. Coidamos que a máis antiga sexa a **palmela**, porque necesita de menos ferro, que antes era moi escaso e caro.


Tradicionalmente por el turraban xugadas de bois ou parellas de vacas. Con este arado fanse en particular dous labores, agora en casos moi contados: a **ralba** –primeira cava, por marzo–, e logo a **bima** –a segunda–, seguindo xa logo despois a sementeira.



*Mulida* do xugo: 1) xugo, 2) rabo da cornal, 3) mulida, 4) cuberta, e 5) sogá. (Fig. 49).



*Mulida*: 1) cuberta, 2) mulida, 3) cerras ou freques. (Fig. 50).



1) Xugo co loro ou subiao para termar do pezón da pértega do carro. 2) Xugo co mediaun para o timón do arado. (Fig. 51).

O arado ancarés corresponde ós denominados **radiais**, por estar formado por un mesmo pao torto a **rabiza** e a parte de abaixo onde vai a **rella**, denominada **dentil** (en Galicia, o nome máis corrente é **rostro**)<sup>27</sup>.

Dende as primeiras décadas deste século conviven nos Ancares dous tipos de arados: os tradicionais de pao, e outros de ferro chamados arados de **vertedeira**. Os segundos contan con orelleiras grandes que van volteando a terra e abrindo máis o **suco**. Non sabemos cando empezaron os primeiros, pero os segundos debeu ser no primeiro cuarto deste século –algúns informantes din cara ó ano 1920– (no estremeiro val de Rao foi polo 1912). Tanto os naviegos como os ancareses procedían preferentemente dos ferreiros de Navia de Suarna e Ibias. Hai quen fai uso dos dous: co moderno dá a primeira arada –a ralba–, e logo co de pao a segunda –a bima–.

Os tradicionais de pao sufriron nas últimas décadas algúns arranxos, como foi o tracarlles a **teirúa** de madeira por outra de ferro, e o **cuño** que a suxeita ó **timón** por un **cravo** que se mete nun dos furados. Outros preferiron substituíla por un parafuso grande que en vez do **cravo** leva unha rosca.

Quizais antano existise tamén outro arado máis sinxelo e rudimentario denominado **cambela**, que aínda se rexistra nos vales limítrofes, pero agora ninguén se lembra del. Consiste na póla dunha árbore cunha galla na parte máis grosa, na que se lle pon na punta un **dentil** semellante a unha **rella**. Coa **cambela** arábase no monte para facer as searas<sup>28</sup>.

### Nomenclatura (Fig. 52):

As denominacións das diferentes pezas con que conta este apeiro son semellantes en toda a zona, aínda que hai pequenas variantes mesmo entre os lugares situados no propio val:


**Camba, camela, cama:** a parte curva do **timón**, antes de se introducir na rabiza-dentil. Así o **timón** faise máis alto.

**Cavía, prego:** Fernández González<sup>29</sup> recolle as seguintes variantes, ademais de **cavía**: **cavilla**, **cravilla**, **quiavilla**. A segunda, **prego do arau**, é propia de Suárbol e Balouta. **Prego** tamén se di no val de Rao. Atravesa o **timón**, onde se suxeita o **mediaun**, e este ó xugo.

<sup>27</sup> Cfr. J. M. GONZÁLEZ REBOREDO: «El arado de madera en Galicia», *Gallaecia*, 3-4, 1979, páx. 137 e ss.; J. L. ALONSO PONGA - A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, páx. 81 e ss.

<sup>28</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 231 e 257.

<sup>29</sup> *Obr. cit.*, páx. 243.



Nomenclatura do arado ancorés: 1) cavía e cavillel, 2) timón, 3) camba, 4) rabiza, 5) cuña da rabiza, 6) orelleiras, 7) rella, 8) teiróa ou teirúa, 9) sufrideira das teiróas modernas de ferro, 10) cavía da teiróa, 11) cuño ou cuña da teiróa antiga de pao, 12) pespiñeiro, e 13) dentil. (Fig. 52).

**Cavía, cavilla, traveseiro, cravo da teiróa:** arame que leva na teirúa ou teiróa moderna de ferro, que se cambia de furado segundo conveña que o arado se abra máis ou menos. Veu a substituír ós **cuños** da **teiróa**. Trátase de arados xa «modernizados».

**Cavillel, cavilleiro, cravilleis:** furas verticais da punta do **timón**, nas que se meten as **cavías** que terman do xugo.

**Cuño ou cuña da rabiza:** suxeita o timón e a rabiza (**cuña l'arao**).

**Cuño, cuña ou tormo da teirúa:** con que se apreta e se axusta a teirúa. Os máis modernos xa non o teñen, foi cambiado pola **cavilla** ou **traveseiro** de ferro.

**Dentil:** a parte de abaixo da **rabiza**, que se introduce na terra e na que vai a **rella** ou a **palmela**. Esta última usáse case exclusivamente en Suárbol e Balouta (e moi pouco).

**Orelleiras, orilleiras:** son as que van apartando para os lados a terra que move a **rellá**, facendo os **lombos** dos **sucos**. As dos arados ancareses adoitan ser longas e estreitas.

**Palmela:** peza de forma triangular que levan algúns arados na punta do **dentil** en vez da **rellá**. Só se usa en Suárbol e Balouta, e moi pouco porque «non dá resultado», segundo un dos informantes. Actualmente inexistente no val de Ancares.

**Pespiñeiro, pezpiñeiro, pizpiñeiru, pizpiñeiro, pina, cavillel** (Sortes), **traviseo** (Sorbeira): pao que atravesa o **dentil** e terma das **orelleiras**, para que se manteñan abertas.

**Rabela:** a parte da rabiza por onde se colle. Esta diferenciación só a rexistramos en Balouta.

**Rabiza:** é por onde se agarra o arado para guíalo. A altura depende da persoa que o use. Segundo os informantes, as máis baixas antes adoitaban ser as de Vilarbón, porque os veciños eran os máis deles de curta estatura.

**Rellá:** punta de ferro que vai embutida no **dentil**, que é a que abre a terra. En Suárbol e Balouta antes era substituída ás veces pola **palmela**.

**Teirúa, taleirúa, teiróa:** actualmente hai de tres clases: unha de madeira, que é a tradicional, con cuños no **timón** para axustar o arado. Outra moderna de ferro, que en vez de cuños leva unha peza tamén metálica – a **sufrideira** –, e varias furas nas que se mete a **cavía**, **traveseiro** ou **cravo da teiróa**, máis arriba ou máis abaixo, segundo conveña. Por último, están as que foron trocadas por un parafuso grande, cunha rosca arriba para axustar. Da súa colocación depende que se are máis ou menos fondo. Por exemplo, para o **maízo** cómpre **ir solano**, mentres que para outros froitos, como as patacas, hai que afondar.

**Timón:** varal longo que vai dende a **rabiza** ata o xugo, por onde turrán os animais, ó que se engancha por medio da **cavía** ou **prego** (Suárbol e Balouta). O normal é que antes de chegar á **rabiza** sexa algo torto cara arriba (a **camba**), para darlle máis altura. Cando se ara cun só animal entón o arado ten que levar dous **timois**.

**Sufrideira:** peza de ferro semellante a unha argola que vai metida na **teirúa**, por riba do **timón**, sobre a que apoia a **cavía**, **traveseiro** ou **cravo da teirúa**, que pode ir en varios furados, segundo conveña que are.

Coma todos os apeiros construídos polos propios campesiños, sempre adoitan estar adaptados á persoa que os fai e/ou que vai traballar con eles. En Candín e Sorbeira, por exemplo, ó falar das medidas afirman que os arados máis baixos (coa **rabiza** máis curta e co extremo tirando cara abaixo),

antes estaban en Vilarbón, e contan que se debía a que os máis dos veciños deste lugar eran pequenos<sup>30</sup>.

### A grada

Emprégase para **gradiar** ou **achaadar** a terra despois de arar. Consiste nun marco tirando a cuadrangular, formado por catro paos, dous verticais e dous horizontais. Nestes últimos, denominados **cadeas**, van os dentes, antano todos de madeira, pero agora predominan os de ferro. Tamén poden ser mixtos, de xeito que os dianteiros sexan de metal e os traseiros de pao.

Hai **gradas** de dúas clases: a) da que turrán os animais cunha cadea que vai ata o xugo. Ten a desvantaxe que non se pode dominar ben e levar por onde se queira. b) Consiste no mesmo apeiro pero vai provista dun timón semellante ó do arado, denominado **cambón**, que remata suxeito ó xugo polo **mediaun**. Pode levar un pao alto para que se agarre unha persoa cando vai sobre ela de contrapeso, ou unha especie de **rabiza** case igual á do arado, para guiala por onde conveña (Fig 53). Nos Ancares as máis correntes sempre foron as primeiras<sup>31</sup>.

### O rastrón

É semellante á **grada**, pero en vez de dentes leva **brimbas** de **rebola** (Balouta). Con el achándase a terra pois, a diferenza da primeira, esta non corta os **terrois**. Para turrar leva unha os dúas cadeas ou sogas suxeitas ó xugo<sup>32</sup>.

## 2.2. Para cortar e rozar

### A) PARA A MADEIRA

A máis usada é a **cuñeza**, denominación agora case esquencida da machada. Cando é pequena, dinlle **machadín**. O grande é o **machao**, con **cota** ou **peto** no lado contrario do **fió**. Con eles córtanse as árbores e pícase


<sup>30</sup> Antano os habitantes destes vales debían ser, en xeral, moi baixos, de seguro que pola deficiente alimentación. Unha mostra é o que di cara ó ano 1807 o xeneral Munárriz verbo dos da Somoza (Paradaseca, Cela, Teixeira, Porcarizas, Aira da Pedra, etc.): «Los habitantes, de ambos sexos, son por lo regular bajos, morenos y mal configurados; casi todos tienen la garganta muy abultada y muchos crían unos bultos o papos disformes...», S. GÓMEZ NÚÑEZ: *El general de artillería Don Manuel Munárriz y la siderurgia del siglo XVIII en la región del Bierzo*, Publicaciones de la Real Sociedad Geográfica, Madrid, 126, páx. 42.

<sup>31</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 20; C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 231 e 258.

<sup>32</sup> GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 231 e 259.

Grada, cos dentes  
dianteiros de ferro e os  
traseiros de madeira.

(Fig. 53).



a leña sobre o **tazo**. En Balouta seguen vivas as denominacións tradicionais iguais ás do val de Rao: **brosa** (machada) e **broso** (machado).

Para tronzar está o **tronzador**, co que teñen que traballar dúas persoas, ou a **serra** para unha soa.

Outras ferramentas: **azola** ou **axola** (Balouta), **escoufia** (lima grosa), **escroupo** (escoupro), **esgobia** (gubia), **formón**, **furón** (berbequí), **legre**, **parafusa** (trade), **trado**, etc.<sup>33</sup>.

B) PARA A HERBA, CENTEO, SILVAS...

**A foice, o foizo, a foiza, o foucín, a fouce, o fouzo, a foucía,...**

O nome depende da forma e do tamaño. Así, por exemplo, co **foizo** ségase o centeo, herba seca, córtase o **narvaso do maízo**, etc. Úsanos indistintamente as mulleres ou os homes. O labor máis importante é a sega

<sup>33</sup> Faltan as dos oficios específicos, como as dos **galocheiros**, **goxeiros**, etc. Cfr. J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.: *Obr. cit.*, páx. 94 - 95, 214, lám. 24 a 27; C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 347 a 350.

do **pan**, que se van facendo **gavelas**, das que cada tres forman un **mollo**, que se ata coa **grañola** (**grañuela**, forma castellanizada).


A **foiza** é máis grande e, polo mesmo, axeitada para rozar silvas, uces, etc. (Fig. 54).

### A pedoa, o pedón...

Empréganse para cortar pequenos arbustos, uces, carqueixas,... Teñen a folla máis ancha que os anteriores. Distínguense entre si en que a primeira leva mango longo, mentres que o do segundo é curto. Tamén se denomina **foiza**, **fouce de rozar** e **fouce rozadeira**<sup>34</sup>.

### A gadaña

Trátase dunha ferramenta coñecida en todas partes, documentada dende moi antigo. Aquí nos Ancares úsase para segar o feo ou a herba dos **praus** e, rara vez, o **centeun**. O normal –anque non ten porque ser sempre así– é que lle engadan un pequeno angazo para que ó tempo de segar, tamén xa vaia xuntando a herba. Con **armante** –**angacín** nas terras galegas de Navia– temos visto algunha.



De esquerda a dereita: 1) foizo, 2) foiza, e 3) pedoa (Candín). (Fig 54).

<sup>34</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 20.

Consta de dúas partes básicas: a **gadaña** ou folla e o **astile** ou **estil** ou mango. Pero ademais conta con outras pezas pequenas, como son a **manilla de arriba** e a **manilla de abaixo** (as **puxas**), a **argola** coa **cravilla** (ou **cavía**), o **gato**, o **corte** ou **fío**, a **cuña** ou **pescuño** e a **cota**.

Os **segaores** antes de empezar téñena que afiar e picar. Para **crabuñela** ou **piquela** ponse a folla sobre o **xunca**, **xuca** ou **ferro de crabuñer**, e dásele logo co **martelo**. Para afiala faise uso da **pedra de afier**, que vai con auga dentro dun corno ou dun pequeno envase de madeira, coñecido por **cachapo** ou **calabazo** (Balouta), que adoitan levar suxeito do cinto<sup>35</sup>.

### 2.3. Para xuntar ou espaxer

#### O angazo

Recibe tal denominación a forcada, anque tamén se pode escoitar **forca**, **forcada**, **forquetu**, **forqueta** (Balouta), **forquita**... Os nomes ás veces obedecen ó número de dentes. Os antigos eran de pao (sobre todo abraira), que facían os propios campesiños, procurando unha árbore nova que tivese varias pólas que logo domeaban coa axuda do lume. Os actuais son exclusivamente de ferro.

Non todos son iguais, dependen do número de **gallos**: dous (os máis correntes), tres, catro e mesmo cinco. Curiosamente, aínda que sexan agora de ferro, os veciños seguen lembrándose dos de madeira, pois en vez de **dentes** neste caso adoitan dicir sempre **gallos**.

Con el pódese xuntar a herba, o centeo, a palla,... poñelos no carro, botalos polo **boqueiro** (ou **boqueirón**) do palleiro, etc.<sup>36</sup>.

#### O garabato

Trátase dunha especie de **forcada** con dous dentes, pero cara a baixo. Os actuais son de ferro con mango de pao, pero de seguro que antano eran soamente de madeira, igual que os **angazos**. Con el vírase a herba despois de segala, xúntase ou tamén se espaxere, segundo conveña. Tamén sirve para baixar as pólas do **robolo** e da **ancía** (aciñeira), cando se apañan as follas para o gando<sup>37</sup>.

<sup>35</sup> Idem, lám. 15.

<sup>36</sup> Idem, lám. 16.

<sup>37</sup> Idem, lám. 19.

### A palanqueira, o palón, o mesón da herba


Non é unha ferramenta realmente. Vén a ser un pao duns 60 cm cun **gallo** na punta, –que pode ser de ferro–, que se espeta na herba seca para ripala do palleiro, da **meda** ou do **medeiro**.

### O ranqueiro, o rastelo

Con el xúntase a herba, **arrenquéase** o terreo do centeo despois de segar, a palla, **péñase** (peitéase) a herba seca no **medeiro**, etc. Hai diferentes tipos, con máis ou menos dentes, ralos ou xuntos, máis grandes ou máis pequenos, dependendo do froito, pois non é o mesmo xuntar herba que ourizos das castañas, poñamos por caso (**ranqueiro de l'aira**, dos **urizos**, etc.). En Balouta e Suárbol adoitan dicir **ronqueiro**, igual que no val de Rao (Fig. 55).

Hai uns que levan dúas filas de dentes: unha normal e a outra coas puntas no sentido do mango. Actualmente son moi raros. Algúns veciños diferencian uns doutros, denominando a estes **rastelos**, destinándoos preferentemente para achandar a terra despois de cavar ou arar<sup>38</sup>.

Os dentes son case sempre de piorno, por ser madeira moi dura.



Ranqueiros. (Fig. 55).

<sup>38</sup> Idem, lám. 16.

## 2.4. Para varexar e apañar as castañas

### O cambo


Vara grande cun **gallo** na punta ou, ultimamente, cun gancho de ferro. Con el súbese ós castiñeiros<sup>39</sup>.

### A tala

Especie de pinza feita de madeira de **abraeira**, castiñeiro bravo, **rebola**, etc. Con ela cóllense os **urizos** e mesmo tamén as castañas despois de varexar. Vanse botando en **goxos** ou **goxas**. Vén a ser o **fuste** no val de Rao<sup>40</sup> (Fig. 56).

### A vara, o varal

A primeira adoita ser máis curta que o segundo. Os **varixoes** ou **vari-zois** (os máis deles galegos e asturianos), facían uso dunha ou doutro segundo a altura das pólas. Son de **abraeira** ou de **asevo**<sup>41</sup>.



Tala para coller os ourizos das castañas. (Fig. 56).

<sup>39</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 243 e 278.

<sup>40</sup> *Idem*, páx. 243 e 279.

<sup>41</sup> *Idem*, páx. 242 e 243.

## 2.5. Para mallar

A forma máis elemental e, coidamos, tamén primitiva, de mallar os cereais é sacudir as **gavelas** ou **manizas** contra un muro, banco, etc., recollendo logo despois a gra. Isto facíase –ou mesmo agora– cando é pouca cantidade.

### O mallo

Foi durante séculos o único apeiro que se empregaba para mallar o **pan**, trigo (**serodo**, que se colleitaba pouco máis que en Vilarbón), etc. Actualmente, debido a que xa non se sementa case ningún cereal, o seu uso é mínimo. Nas últimas décadas, cando aínda había moito centeo, debullábase coa máquina malladora, que ía de casa en casa.

O **mallo** ou **malle** (Balouta) ancorés é semellante ó dos vales lindeiros. Consta das seguintes pezas, que enumeramos empezando dende onde se colle: a **moca** ou mango, que adoita ser igual ou uns cm máis grande que o **pértigo**, é dicir, o que bate contra o centeo. A primeira é de **castañeiro** e o segundo de **robolo**. A unión entre ambos está formada polo **casul**, **casulo**, **casula** ou **capeluza** (Balouta) que consiste nunha tira de coiro que leva arredor do extremo da **moca**, que terma das **correias** ou **eixe** (Balouta), que é onde fai xogo o **mallo**. Outra **correia** vai cravada ou tamén suxeita igual que a anterior, pero no cabo do **pértigo** (Foto 52).

Antes a **malla** era un dos labores máis vistosos, anque tamén dos máis duros para o campesiño. Aínda que podían intervir mulleres, o normal era que fosen sempre homes: seis, oito, dez,... mallando en dúas ringleiras, uns fronte ós outros, de xeito que cando os dun lado erguen o **mallo**, os do outro báixano. Daban «vivas» segundo o lugar: ¡**Viva Teixeira...!** ¡**Viva Lumeiras...!**. As **pallagueiras** (mulleres) eran as encargadas de ir poñendo a palla no seu sitio.

A palla xúntase en **feixes** deixando a mellor para teitar a casa, o palleiro ou o hórreo, e a outra para o gando. O **pan degrañado** gardábase para limpalo logo máis adiante.

## 2.6. Para xuntar e limpar o froito

Despois da malla, o centeo e o trigo cómpre aventalos para que a gra quede limpa de areas, anacos de arganas, pallas, etc. Esta operación adóitase facer máis adiante, no mes de agosto e, se o tempo non é moi axeitado, mesmo en setembro. Ó estar limpo bótase en **costais** ou **foles** e logo nas **arcas**, **huchas** ou **paeiras** (paneiras), de onde se saca ó longo do ano segundo se vaia consumindo.

Mallo de Balóuta. O pértigo (o pao máis grosso, que é o que bate no centeo), case é igual á moca. (Foto 52).



Velaquí os diferentes trebellos por orde de utilización:

### **A balea, o baleo**

Vasoira feita con **xienstas**, uces ou piornos, coa que se xunta o gran na eira, despois de mallar. Tamén se soe denominar **escobo**, **escobón**, **ramallo** ou mesmo **escoba**.

### **O rodal**

Consistía nunha táboa cun mango espetado, semellante na súa feitura ó **rodo** do forno, co que se retira para fóra o borrarlo. Con el xúntase o gran na eira<sup>42</sup>.

<sup>42</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 233 e 263.

### O biello

Coidamos que sexa de introducción relativamente recente, procedente do Bierzo cerealista. A mostra témola na denominación, que seguiu conservando a castelá. Vén a ser unha especie de forcada cos dentes ou **gallos** máis longos. Con el bótase a gra ó aire –**avántase**–, de xeito que o vento separe o froito dos restos de palla, dos **pallois**, o **cornezolo**, así como tamén as **arganas** e as **arestas**<sup>43</sup>.

### A pala

Trátase dun útil de madeira moi sinxelo, feito polos propios campesiños. Con ela cóllese o gran e bótase ó aire –**abalíase**–, para que quede limpo de lixos.

### A zaranda

Con ela **zarandéase** o gran de xeito que vaia caíndo o froito e quede o **murgazo**, á vez que o vento leva a **puxa** (ou **pusa**) ou **puxón** e o pó (a **povisa**). O **murgazo** aproveitábase para os **guaxos** ou **cochos**. O montón de **graun** que se vai formando denomínase **molo**. Logo pasábase ó **cribo**, anque algúns facían todo co mesmo trebello. Adoita medir sobre uns 47 cm de diámetro, o aro é de madeira e o fondo de pel de cabra, cos furados ralos.

As **zarandas** facíanas artesáns ambulantes ourensáns, o mesmo que os **cribos** e as **piñeirás** (Foto 53).

### O cribo

Con el remátase de limpar o gran, **arrodeábase**, despois de **zarandealo** coa **zaranda**, movendo de xeito que o froito quede por debaixo e as impurezas (**arganas**, **arestas**,...) por arriba, que é o que se lle dá ós **cochos**. Os cribos tradicionais son iguais que as **zarandas**, de pel de cabra furada, co pelo pola parte de abaixo. Antes mercábanllos ós vendedores ambulantes da provincia de Ourense. O normal é que midan algo menos de medio metro de diámetro (sobre 45 cm) (Foto 54).

## 2.7. O transporte

### A) PARA O HOME

#### Ballarte

Angarellas para o carrexo de pedras e outros obxectos, entre dúas persoas. Non son máis que dous paos con varias táboas atravesadas. Actualmente case non se usa<sup>44</sup>.

<sup>43</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 16.

<sup>44</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 236 e 269.



Zaranda de coiro de cabra (Sorbeira). (Foto 53).



O cribo diferénciase da zaranda en que ten os furados máis pequenos (Sorbeira) (Foto 54).

## Goxo, goxa, cesto, cesta, pesela, peselo

Tradicionalmente o campesiño adoita saber facer de todo, dende unhas **galochas**, ata calquera trebello con tal de que sexa de madeira (coma o arado). Obra deles tamén eran os **goxos**, anque algúns xa os mercaban feitos, pero estes adoitaban ser unha minoría fronte ós demais.

No 1826 consta no *Diccionario* de Sebastián de Miñano que a industria de Vilarbón consistía en confeccionar cestos e rocas. Anos despois, en 1845, no de Pascual Madoz dise que seguía sendo a *construcción de cestos*. Non sabemos cando se deixaron de facer, pero os informantes maiores agora só se lembran de mercarllos ós de Burbia, val lindeiro co ancarés, e dos de Rebollar, recibindo un deles aínda a denominación de **cesto de Rebollar**, que se vendían na feira do Espiño –O Espín– (Veiga de Espiñeireda). Sabemos que tamén se facían en Balouta, pero o normal neste caso era que os vendesen en Galicia, en particular na feira da Pobra de Navia (Foto 55).

Agora non é doado atopar cestos tecidos polos **goxeiros** ou **cesteiros** do val, porque ou os mercan xa feitos, ou os substitúen por outros útiles de plástico ou goma.

Tradicionalmente a denominación e o uso dependían do tamaño e do lugar. Documentamos os seguintes, aínda que dalgúns xa non puidemos atopar exemplares: **banasta (banastra)**, **cesta**, **cesto**, **garamizo** (cesto pequeno con asas), **goxa**, **goxía**, **goxía pequena**, **goxía da merenda** (con dúas **agarradeiras**), **goxín**, **goxo**, **goxón de Burbia** (utilizado sobre todo para **encorrear** a roupa), **pesela**, **peselo** (estes dous propios de Balouta, igual que en Rao), ...

Os nomes máis usuais no val son os de **goxo** e **goxa**, cos correspondentes aumentativos cando son grandes (**goxón**), ou diminutivos para os pequenos (**goxín**). Por norma xeral, o feminino (**goxa**, **cesta**) indica que é grande e non ten asa; mentres que o masculino (**goxo**, **cesto**) aplícase ós pequenos e con asa<sup>45</sup> (Foto 56).

## B) DE TRACCIÓN ANIMAL

### O carro

Durante séculos o tradicional foi o **carro chillón** ou **do país**, denominacións que se lle adoitan dar agora co gallo de diferencialo do que ten as rodas con **raios**, pois antes era **o carro**, sen máis. Os primeiros de **raios**

<sup>45</sup>J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 21. Sobre os **peseleiros** dos Ancares naviegos, C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 265 a 268; fabricación, páx. 350 a 352.



Goxa tradicional (Vilarbón). (Foto 55).



Goxíus tradicionais que agora xa non hai quen os faga (Vilarbón). (Foto 56).

chegaron ó val hai sobre uns 40 / 50 anos, e a principal característica que os distingue dos antigos é a de que mentres que estes teñen as rodas fixas ó eixe, nos novos xiran por separado.

Foi un apeiro imprescindible para o campesiño ancarés, faltando só naquelas casas moi pobres. Con el carrexaban o esterco, traían o froito, ían ó monte por leña,...

Nas últimas décadas sufriu diferentes cambios, rematando por ser de ferro ata a **pértega** e as rodas de caucho, iguais ás dos coches. Actualmente os poucos que quedan –e aínda menos os que se seguen usando–, ou teñen as rodas de **raios** ou xa son de goma.

O primeiro que se precisa para facer un bo carro é a madeira axeitada. En Ancares as máis usadas sempre foron as de **umeiro** (ameneiro), **abedú** (bidueiro), **castañeiro**, **conchal** (nogueira), negrillo, etc. Para traballala ten que estar curada e seca. Por tradición, a época máis apropiada para talar as árbores é o mingunte do mes de xaneiro, e para ben deben botar unha tempada na auga do río, para que cure mellor.

Había algún campesiño que se daba maña para facelo el mesmo, en particular a **pértega**, é dicir, o leito do carro, que en gran parte de Galicia e Portugal se coñece por chedeiro. Pois as rodas xa non son tan doadas e cómpre unha persoa que saiba traballar a madeira. O normal viña a ser que o armase algún carpinteiro do lugar ou de perto. Segundo nos dixeron varios informantes maiores, a un bo carpinteiro pódelle levar facer un carro completo máis de oito días. Os derradeiros carros propios ancareses deixáronse de facer hai xa máis de 20 anos.

Por el turra unha xugada de bois ou unha parella de vacas. Non rexistramos carros dun só animal, pero si a axuda entre veciños: habíaos que non posuían máis que unha vaca, polo que para xunguila tiñan que se poñer de acordo con outro, e así irse turnando. Díciase que a vaca **andaba de camela**, por denominarse así a parte do xugo que vai sobre a testa do animal.

Un carro **chillón** consta de tres partes: a **pértega**, o **rodalo** e os **adrais**. Fóra queda o xugo, porque é o mesmo que se emprega co arado, e do que xa se tratou. Só lembrar que mentres que o **timón** do arado non vai directamente amarrado ó xugo, senón á **pezoeira** e ó **mediaun**, a **lanza** da **pértega** vai suxeita a el por medio do **loro**.


1) A pértega (pértiga, pértigo, pértego, pertegal, portegal):

No val a denominación máis usada é a primeira, mentres que nos dous lugares situados na outra aba do Porto dinlle **pertegal**, igual que no val gale-

go de Rao. Vén a ser todo o conxunto do leito ou **mesa**, no que hai as seguintes pezas (Fig. 57):

A **pértega** propiamente dita está formada por dúas varas procedentes dunha mesma árbore(**robolo**), que empezan en punta, xuntas, e logo vanse abrindo, ata que despois das rodas vólvense a estreitar un pouco. Pola súa forma semella unha forcada de dous gallos. Faise no **potro**, que consiste nunha serie de cuñas espetadas no chan, por entre as que se forza a pasar o pao, aberto en dúas metades. Na punta méteselle unha argola de ferro para que non abra, mentres que no resto xa se lle van poñendo as **cadeas** para que manteña a forma.

Por debaixo, como reforzo, leva a case todo o longo de cada vara o **coucillón** (**coicillón**, **couciñón**). En cada lado hai varias **furax** ou **fureus** que atravesan a **pértega** e o **coucillón**, que é onde se meten os **tadonxos**, **talonxos** ou **estadonxos**, é dicir, os fungueiros ou estadullos. Así como tamén os das **troitoiras** ou **treitoiras** (Balouta).



Nomenclatura da pértega do carro ancarés: 1) lanza ou pezón, 2) argola ou cavillel da cuarta, 3) caravillón, 4) rellas, 5) pértega, 6) tentemozo, 7) fura dos tadonxos, 8) estrau, 9) fura da troitoira, 10) rellas, 11) briois, 12) troitoira, 13) apilidoiro, 14) fura da cadea, 15) argola ou cavillel de recuartar, 16) tadonxo, e 17) coucillois. (Fig. 57).

A parte dianteira de todo é a **lanza**, **pezón**, **pezoeira** ou **cabezón** (Balouta). Ás veces alóngase máis cun engadido en galla, que é o propio **pezón**, suxeito con **tormos** e con dúas ou máis abrazadeiras (**rellas**) de ferro. Con **pezón** vimos un en Vilarbón, que xa leva máis de vinte anos sen traballar (é o que se reproduce na Fig. 57).

Case na punta ten unha **argola**, na que se amarra outra xugada de bois ou parella de vacas para **cuartar**, é dicir, subir por camiños moi empinados, por iso tamén se coñece pola **argola da cuarta**, á que se suxeita a cadea que vai ata o xugo por medio dun gancho (a **gabeta** ou **gabita**). Siguen as **cavillas**, **cavillel**, **caravillón**, **chavillas** (Balouta) ou mesmo **traveseiro**, para amarrar o **loro** do xugo.

Por debaixo da **lanza** hai un rebaixe denominado **apoñedouro**, no que dá voltas o **loro**; e logo o **tentemozo**, para cando non está o gando xunguido e se quere manter o carro horizontalmente. A **lanza** remata con dúas **rellas** ou **argolas** para reforzar a unión, xa que a partir deste punto empezan a separarse os dous varais ou **pértegas**.

Os **coucillos**, **couciños**, **coicillos**, **cuciños** ou **labatois** (Balouta), van engrosecendo canto máis se acercan ó medio do carro, que é onde están as rodas. Aquí levan rebaixado case un semicírculo, no que se asenta o **eixe**. Para evitar que este saia, van ós lados as **troitoiras** ou **treitoiras**, que son unhas pezas de madeira que atravesan a **pértega** e o **coucillón**, por debaixo algo curvas cara ó eixe. As mellores son as de **abedú** (bidueiro). Por arriba, para que non se movan, levan unhas cuñas tamén de pao, denominadas **apelidoiros**, **apilidoiros**, **apeladoiros** (Balouta).

O **estrau**, **trabau** ou **piso da pértega** ou do carro, está formado por catro **cadeas** que van dunha a outra **pértega**, e sobre as que se asentan as táboas. As **cadeas** (**barras** en Balouta), encaixan atravesando lateralmente as **pértegas**, reforzando a unión cun **tormo** ou **pino** de madeira. No medio da última **cadea** vai por debaixo a **argola** ou **cavillel de recuartar** ou **da recuerta**, na que se amarra outra xugada ou parella (ou mesmo un só animal), cando o carro está baixando por un camiño moi **costo**.


Por último, ó longo das **pértegas** por debaixo sobresaen uns paos duns 12 cm coñecidos por **briois** (e tamén por **tormos** ou **tornos**), nos que se ata o adival (**loro**, **soga**, **corda**, **luria**—desta procede **enlurier**, atar a carga do carro—). Algunha destas cordas leva nun dos cabos un gancho, o **garabato**, que agora adoita ser de ferro, pero antes non era máis que unha galla coa que se remataba de atar agarrándoa a un dos **briois**. Os adivais máis antigos eran de coiro (de aí **soga**).

A **pértega** dun carro normal adoita ter de longo sobre uns tres metros e medio, aproximadamente, e na parte máis ancha –por enriba do eixe– arredor de un m. e 25 cm.

2) O rodal, rodalo ou as rodas:

A principal característica do carro tradicional é a de que as dúas rodas xiran xunto co eixe, formando así unha única peza, o que –segundo os especialistas– amosa claramente o seu primitivismo. Este conxunto adóitase denominar **rodalo** ou **rodal**, aínda que moitos tamén lle chaman rodas (Fig. 58).

Empezamos polo **eixe**: pode ser de freixo, **capudrio** ou **abedú**. Segundo din, os mellores son os de **abedú**, pero antes de os facer cómpre



EIXE: 1) eixe, 2) pizcocio ou cantareira, 3) cabeza, e 4) fura da cravilla ou cega. RODA: 1) mión, 2) cambita, 3) camba, 4) fureu, 5) ollo ou fura, 6) llanta ou blandón, 7) guardamonte, 8) rella ou chapa rilleira, 9) rella do mión, 10) cravilla, e 11) espeta. (Fig. 58).

**torralos**, meténdoos entre esterco de cabra para que endurezan máis. Nos extremos ou cabezas van encaixadas as rodas, suxeitas pola parte de fóra por un ou dous **tormos**, **cravillas**, **chavelas** ou **cegas** (Balouta), espetados nas **furas**. A roda axústase ó eixe –**eixer**– petándolle coa **maza** dos carros<sup>46</sup>.

Séguelle un rebaixe, no que se apoia o **coucellón** e que queda entre as **troitoiras**, denominado **pizcocio do eixe** ou **cantadeira**, por ser onde «canta» cando leva moita carga. O mesmo que en Galicia, antes había carreiros que lles gustaba que o seu carro cantase, para o que lle apretaban ben as **troitoiras** ou mesmo as untaban con graxa. Algún informante refire que ás veces baixando unha costa chegaban a fumegar.

As cabezas do eixe son as dúas iguais, pero contrarias na colocación; a súa forma é rectangular, pero van postas de xeito que cando nunha o lado estreito queda horizontal coa terra, na outra é o ancho.

Unha roda corrente adoita medir entre os 90 cm e un m de diámetro. A tradicional consta de cinco pezas exteriores e oito interiores que quedan totalmente ocultas, todas de madeira. As primeiras son (Fig. 59):


- O **mión**, que é onde vai o **ollo** ou **fura** para encaixar o eixe. Na parte central é máis abultado que nos extremos. En Balouta denomínase igual que no veciño val de Rao, **molo** (ou **miolo**).
- As **cambas**, que son as dúas pezas laterais co canto circular.
- As **cambitas** ou **cambitos**, son as pezas que quedan entre o **mión** e as **cambas**. Nalgúns sitios do Bierzo chámanlle **sigunderas**.

As interiores son:

- As **rilleiras** ou **rellas**, que consisten en catro táboas que dende o canto da roda atravesan a **camba**, a **cambita** e parte do **mión**, onde rematan. En total son catro, dúas arriba e outras tantas abaixo. Quizais antes tivesen algúns **tormos** atravesados por fóra, que desapareceron ó poñerlle a ferraxe.
- Os **tormos** ou **pinos** (Balouta), que tamén son outros catro, dous arriba e dous abaixo, que unen as **cambitas** co **mión**.

O primeiro engadido moderno de ferro foron as **llantas**, **llantois** ou **blandois**, aseguradas con **espetas** do mesmo metal. Igual que sucedeu noutras zonas moi distantes entre si, antano as rodas andaban directamente coa madeira sobre o chan. As primeiras familias que empezaron a ferrar os

<sup>46</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 237 e 273.



Despece da roda tradicional: 1) mión, 2) cambita, 3) camba, 4) tormo, 5) rella ou rilleira, 6) fureu, 7) fura do mión, 8) rella do mión, 9) fura do tormo, e 10) fura da rella. (Fig. 59).

carros foron as mellor acomodadas economicamente, pois o ferro foi ata o século pasado case un luxo, polo que se utilizaba soamente no imprescindible. A mostra de que era así témola en que aínda vivían non hai moitos anos persoas maiores que diferenciaban entre unha roda con **blandón** e unha **lampa**, é dicir, sen nada; e que tamén falaban do **carro lampo** ou de **rodas sin ferrar**.

O normal era que as rodas **lampas** levasen polo canto unhas pezas suxeitas con tornos ás **cambas**, **cambitas** e **mión**, que se trocaban por outras ó desgastarse. Son as denominadas nalgunhas zonas «lobetias», pero os actuais informantes non dan novas delas, debido a que non fan máis que repetir o que lle escoitaron ós pais e avós, xa que ningún deles nunca viu un **carro lampo**<sup>47</sup>.

Antes tamén debían levar pezas exteriores (quizais denominadas **cadeas**), cruzadas sobre as **cambas**, as **cambitas** e o **mión**, suxeitas con **tormos**, que remataron por ser substituídas polos **guardamontes** e polas **chapas rilleiras**, **rellas** ou **cinchos** (Balouta), metálicos. Tradicionalmente conti-

<sup>47</sup> Tamén había **galochas lampas**, sen ningunha protección por debaixo ou cos **talois** ou **turucos** moi gastados.

nuouse encaixando as pezas interiores de madeira, pero os ferros do exterior xa abundan para evitar que se desfaga aínda que leve moito peso o carro<sup>48</sup>.

As rodas lampas tiñan que ser moi anchas, pois canto máis amplo é o canto menor é o desgaste da madeira. Por iso, dende que se xeneralizaron os **blandois** fóronse tornando máis finas pero, en cambio, o **mión** conservou o goso no medio, onde vai o ollal do eixe. Posiblemente fosen macizas, como aínda non hai moitos anos quedaban algunhas en Portugal, pero co fin de alivialas empezáronlle a facer catro **fureus** grandes, dous entre as **cambas** e as **cambitas**, ovalados, e outros dous entre estas últimas e o **mión**, pero afectándolle só ás primeiras, semiovalados. Hainos tamén circulares e semicirculares, ou só con dous redondos, situados entre as **cambas** e as **cambitas**.

A roda seguiuuse alixeirando cada vez máis, reducindo a madeira e empregando ferro para reforzar as unións, como as dúas (ou catro) **argolas** ou **rellas** do **mión**, para protexer a **fura** onde vai o eixe; os **guardamontes**, que unen o **mión** coas **cambas** e **cambitas**, que poden ser semicirculares ou todo ó arredor, e mesmo ter dous. E, por último, as **chapas rilleiras** colocadas horizontalmente respecto dos **fureus** da roda, para reforzar a unión das cinco pezas exteriores.

As primitivas escabas ou galgas (denomacións dos **fureus** das rodas que non temos rexistrado no val de Ancares, nin tampouco en Balouta e Suárbol), fóronse agrandando máis e máis, ata convertirse en medios círculos, quedando no medio o **mión** e lateralmente as **cambas** cun ancho de 8 -12 cm. Son as denominadas rodas de tres pezas, pois non levan **cambitas**. Nestes casos a **llanta** adoita ser enteiriza, e non como as anteriores que era un vergallón que se ía torcendo, adaptándose á curvatura. Esta compría levala ó ferreiro para que forxase o aro do **blandón**, que ó telo listo quentábao ben e así metíallo á roda, botándolle auga de seguido para que o ferro enfriase axiña e quedase ben axustado. Ademais tamén lle cravaba algunha **espetas**, aínda que non tan grandes como as de antes (Foto 57).

O paso seguinte foi a metálica, con catro radios en cruz, pero co eixe de madeira fixo ás rodas. Neste caso tamén pasou a ser de ferro a estrutura da **pértega**, quedando de pao unicamente o **estrau**, os **coucillos** (moi reducidos) e as **troitoiras** para xirar o eixe (Foto 58).

<sup>48</sup> En Galicia xa desapareceron os carros **lampos**; en Portugal aínda quedaban algúns non hai moitos anos, por exemplo en Vilarinho de Furna, cfr. J. DIAS: *Vilarinho de Furna, uma aldeia comunitária*, Porto, 1948, páx. 110 - 114; F. GALHANO: *O carro de bois em Portugal*, Instituto de Alta Cultura, Centro de Estudos de Etnologia, Lisboa, 1973, páx. 80 e ilustr. 39.



Este tipo de roda, con menos madeira e máis ferro que a tradicional, estivo en uso ata hai poucos anos (Balouta) (Foto 57).



Carro coas rodas e a pértega de ferro. O único de madeira é o eixe e o estrau (Balouta). (Foto 58).

Outros seguiron conservando a **pértega** tradicional, pero o **rodal** pasou a ser de eixe de ferro fixo e as rodas independentes. As primeiras **rodas de raios** chegaron cara ó ano 1950 procedentes do Bierzo, pero só ó val, pois non dan razón delas nin en Balouta nin en Suárbol (aínda que puido haber algunha). Segundo os informantes maiores, non se facían na zona, senón que as traían sobre todo de Rodanillo (entre Bembibre e Toreno).

A principal característica do **carro novo** – como lle adoitan dicir – é que as rodas xiran independentes do eixe, polo que se dan mellor as curvas, xa que unha pode andar máis que a outra. Ademais, a diferenza dos carros tradicionais, estes sempre levan **freun** (freo). En resumo, a nomenclatura da súa roda é a seguinte: o medio chámase **calabaza**, que é onde anda o eixe e saen tamén os **raios**. Estes van á **llanta**, que está formada polos **cambiús** (diminutivo de **camba**) – os tacos curvos que forman a roda – e a propia **llanta** de ferro. Tanto os **raios**, coma os **cambiús** e a **calabaza**, son de madeira, esta última reforzada con varias **cintas** metálicas (Foto 59).

Polo de agora o número de tractores é moi pequeno, debido ós poucos veciños que traballan a terra e, por enriba, case todos maiores. Por exemplo, en 1981 había soamente catro en todo o concello de Candín.

### 3) Os adrais ou adraes

Son imprescindibles para andar no carro con cousas miúdas que poden caer, como patacas, espigas do millo, ou mesmo esterco. Sen eles carréxase a herba seca, o centeo, a palla, etc., aumentando entón considerablemente a capacidade poñéndolle diante a **tadonxeira** ou **talanqueira** (Balouta), **tadonxos** máis grandes que os normais.

Para transportar cousas miúdas precísase de algo que cerre arredor o **estrau**. Polos lados xa están os **tadonxos** (ou **talonxos**), pero non chegan, polo que cómpre arrimarlle os **adrais** ou **adraes**, feitos de varas entretecidas semellantes na súa feitura e materiais ós canizos que se poñen sobre a **larega**, de aí que nalgunhas zonas se chamen tamén canizas. Agora os máis correntes son os de táboas.

Cada carro leva catro: dous grandes laterais denominados **adrais** (**adraes**), e dous pequenos, as **trapelas**, un diante e outro atrás. Estes dous últimos en Suárbol e Balouta son coñecidos polos **testeiros**, igual que no lindeiro val de Rao (Foto 60).

### *A rastra, arrastradoiro, escorza, corza*

Actualmente deixáronse de usar as zorras, aínda que vimos algunhas (Balouta, Teixeu). Consiste nunha galla de árbore de forma tirando a trian-



Carro con rodas de raios, aínda en uso (Sortes). Os adrais son de táboas. (Foto 59).



Carro coa pértega tradicional de madeira, pero con eixe fixo e rodas de caucho (Candín). (Foto 60).

gular, que leva por riba un **estrau** de táboas ou paos, e da que turra unha xugada ou un só animal por medio dunha cadea.

Debido a que vai arrastro, non se adoita usar máis que en treitos curtos e para carrexar cousas moi pesadas: pedras, troncos, leña grande, etc.<sup>49</sup>

### C) OUTROS MEDIOS DE TRANSPORTE ANIMAL

Moitos homes ancareses dedicáronse durante séculos ó comercio ambulante (pemento, peixe salgado, aceite, cera, augardente, xabón,...), e á arriería, como xa consta no *Catastro* do Marqués de Ensenada (1752 / 53). Dispoñían de **cabalos** (ou **bestios**), **ieguas**, **machos** ou **mulas**.

Estas actividades mercantís e de transporte desapareceron, primeiro pola emigración, e logo pola apertura de vías de comunicación que permitiron chegar ós coches a todas partes. Unha das derradeiras foi a dos cereiros de Vilasumil.

J.R. Fernández González recolleu na década dos anos setenta as denominacións das diferentes partes dos **aparells** das cabaleirías: a **albarda**, a **espeta** para atar as correas ou sogas que terman da carga; a **reata** e o **ventril**, corda forte que pasa por debaixo do ventre do animal; a **manta** que cubre o aparello; o **freun** (freo ou bocado); a **cabezada**, as tiras de coiro que leva o animal na cabeza; os **estribos**; as **cinchas**; e a **atafarra**, **altafarra** ou **atafais**, que vén a ser a correa da albarda.

Por último, o **carrelo** é a armazón de táboas que vai sobre o animal, para levar a carga.<sup>50</sup>

<sup>49</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *Obr. cit.*, lám. 29.

<sup>50</sup> *Obr. cit.*, páx. 154.

## V. VARIA

### 1. A APICULTURA: TROBOS, COLMEAIS E LAGARES

As construcións destinadas a protexer os **trobos** denomínanse **colmeais** ou **colmeares** –singular, **colmeal**, **colmear**–, ou **cortíus** –singular **cortín**– (este último sobre todo en Balouta e Suárbol). Actualmente non hai problema, pois os **trobos** poden estar situados en calquera sitio, pero non antano cando abundaba o oso pardo, pois a este animal gústalle moito o mel, polo que destrúe as colmeas para comelo. A última vez que se rexistrou o seu paso por esta zona foi no mes de novembro de 1993, destrozando varios enxames no concello limítrofe de Navia de Suarna<sup>1</sup> (Fig. 60).

Atendendo ós restos que perduran, a produción apícola debeu ser aquí ben máis pequena que na outra banda do Porto. Deducimos que fose así porque o número de **colmeais** de que se ten noticia é moi reducido.


Trátase de construcións abertas, sen cubrición, de planta tirando sempre a circular, formadas por un forte muro provisto pola parte de arriba de **bardas** saíntes cara a fóra, para evitar deste xeito que poidan subir por el animais que lle fagan dano ás abellas: ratos, lagartos, sapos, serpes, etc. e, sobre todo, o oso. Para que non entre este último adoitan facer a porta moi pequena, para que non faga forza coas patas dianteiras. Daniño tamén é o peto, pero aquí non fai moito co seu peteiro por ser os trobos de madeira e non de cortiza coma noutras partes (Fig. 61).

<sup>1</sup> *La Voz de Galicia*, 4-IV-1994.


O mesmo sucedía en toda a zona montañosa, tanto leonesa, como galega e asturiana. Por certo, no diario de Rosendo María López Castrillón (1803-1864), de Riodecoba (Allande), figuran dúas anotacións sobre a presenza do oso. A primeira é do ano 1853: «Por mayo principiò el oso con 7 colmenas mías en la fuente de la Braña y siguió esta plaga tres años y en ellos me comió a mi más de 40 colmenas y en la parroquia más de 200 y así en este concejo y otros. El oso había más de 30 años que no viniera».

A segunda de 1854: «... y perdí este año muchas colmenas por el oso».

(J. NAVEIRAS ESCANLAR - J. LÓPEZ ÁLVAREZ - A. GRAÑA GARCÍA: *Museo etnográfico de Grandas de Salime: Guía del visitante*, 1991, páx. 66).



Colmeal ou cortín de Candín (actualmente sen trobos). (Fig. 60).




Os colmeais ou cortiños adoitan estar situados en terreo costado e agarimado, de xeito que todos os trobos reciban ben o sol e as abellas poidan entrar e saír sen molestarse unhas a outras (Candín). (Fig. 61).

Os canteiros podían ser do mesmo val, pero tamén os había que procedían de lonxe, como por exemplo no veciño concello asturiano de Allande, onde se documentan canteiros pontevedreses construíndo un **cortín** o ano 1745<sup>2</sup>.

Os **trobos** tradicionais son dun toro de árbore furado por dentro, en especial de **robolo**. Coidamos que xa non quede ningún de **arna**, é dicir, de casca, que serían os máis antigos. Posteriormente empezaron a ser substituídos por outros de sección tirando a cuadrangular, feitos con catro táboas, o mesmo que pasou no val de Rao, por exemplo. Non hai unha madeira determinada, pero as máis correntes son a de castiñeiro, **robolo** (carballo) e **cireixel** (cerdeira).

Un **trobo** ou **colmea** (cando son modernas), ademais do tronco ou das catro táboas, conta coas seguintes partes: dentro leva dous pares de paos cruzados, os **xugos** ou **fustes** (Balouta), que terman dos **panais**, e unha tapa por riba e outra por baixo, ambas as dúas de madeira, ben pechadas con **esterco** de ovella ou **buñiga** (**moñiga**, **boñiga**) de vacún. A tapa de arriba é a **caldulla**, sobre a que vai unha lousa, o **peneo**. A pedra na que se asenta é a **soleira**. As abellas entran e saen polo **furao** (Balouta) ou **fureu** (Fig. 62).



Trobo tradicional: 1) caldulla, 2) xugos ou fustes, 3) trobo, 4) peneo, 5) furao ou fureu, e 6) soleira. (Fig. 62).

<sup>2</sup>X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*, Real Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1994, páx. 70.

Os **trobos** están no **colmeal** ou **cortín** situados de xeito que uns queden máis baixos que os outros, en **carreiras**, para que as abellas poidan saír e entrar sen molestarse unhas a outras.

A colleita do mel (a **esmelga**) faise dúas veces ó ano: a primeira cata adoita ser entre maio e xuño, e a segunda, por setembro, que é a mellor considerada se temos en conta o refrán ancarés: *El que queira ter mel, saque'l por San Miguel*.

Séguese o método tradicional de atordalas con fume, levando a persoa que o fai unha **caroa** ou **careta** protectora. Logo córtase a parte do panal que conveña coa **esmilgadeira**<sup>3</sup> ou cun **cutelo**, procurando deixarlles o suficiente para pasar o inverno. Antes espresíanse coas mans facendo balocos de cera, ou meténdoos dentro dunha saqueta de tea. Agora os que teñen moita produción fan uso de métodos novos, comúns a todas partes.

Nos últimos anos empezáronse a estender as colmeas modernas, pero o seu número é limitado, por ser poucos os veciños que se dedican actualmente á apicultura.

### 1.1. A apicultura tradicional

Polos poucos restos de colmeais ou cortiños que quedan, deducimos que aquí a produción de mel e cera nunca debeu ser moi importante. A mostra témola cos números de trobos ou **einxames** que constan no Catastro de Ensenada, nos anos 1752 - 53:

Lugar	Trobos	Veciños	Trobos - veciño
Balouta	10	31	0,3
Candín	35	36	0,9
Espiñeireda	175	41	4,2
Lumeiras	53	44	1,2
Pereda	109	43	2,5
Sorbeira	17	47	0,3
Sortes	70	55	1,2
Suárbol	7	23	1,6
Teixeu	72	74	0,9
Vilarbón	—	—	—
Vilasumil	19	39	0,4 <sup>4</sup>

(Fonte: *Catastro de Ensenada 1752 - 53*).

<sup>3</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *A Apicultura tradicional no concello de Navia de Suarna* (Lugo), Deputación Provincial de Lugo, 1989, páx. 34.

<sup>4</sup>Non se conserva documentación de Vilarbón, nin no Archivo Histórico Provincial de León, nin tampouco no xeral de Simancas.

Os únicos **lugueres** onde había un número aceptable eran os de Espiñeireda, Pereda e Teixeu, 175, 109 e 72, respectivamente. Nos demais viña a ser insignificante, non comparable co da outra banda galega do Porto, onde o normal era que o tanto por cento dos veciños que posuían abellas fose moito máis alto, pois mentres que no concello de Candín a cada familia correspondíalle non máis que 1,35, no de Navia de Suarna eran case catro (3,83)<sup>5</sup>.

No *Diccionario* de P. Madoz, de mediados do século XIX, só se menciona en dúas poboacións: Candín (producción de mel e cera) e Pereda («hay varias colmenas»). Nos demais non se di nada, o que proba a pouca importancia da apicultura no val.

A situación debeu seguir sendo semellante ata mediados do presente século, en que ó emigrar a xente nova as abellas tamén se esqueceron, sendo poucos os **abelleiros** (apicultores) que seguiron coidando delas. Ó que se uniron nas últimas décadas varias enfermidades e pragas, como a cariose e a varroa (Foto 61).

Trobo tradicional (Candín).  
(Foto 61).



<sup>5</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», páx. 298 e ss.

## 1.2. Os cereiros e os lagares

No val de Ancares, Balouta e Suárbol, non había moitas abellas se facemos comparanza co lindeiro val de Rao, por exemplo, pero, pola contra, era aquí onde residían os máis dos **cereiros** que elaboraban case toda a cera da zona, tanto da parte leonesa, como da galega e mesmo tamén da asturiana. Os cereiros ancareses e, en particular, os de Vilasumil, ían ata moi lonxe mercando cera e esmelgando trobos. Os únicos que lle facían competencia eran os **borreiros** da Terra de Montes (Pontevedra), que chegaban ata Navia de Suarna e Cervantes; e os leoneses de Riaño, que traballaban sobre todo na parte oriental asturiana<sup>6</sup>.

A cera «en rama» ou «bruta» pagábana con cartos anque, segundo din os vellos, preferían andar ó troco, dar por ela pemento, augardente, xabón, etc. É de supoñer que fose unha actividade moi antiga, pois o *Diccionario* de P. Madoz, de mediados do século XIX, no artigo dedicado ó val de Ancares, di: «sus naturales, bien por inclinación, bien por la esterilidad del país, están generalmente destinados al comercio o tráfico de cera, aguardiente, pescados, sardinas y otros art. que benefician en las ferias y mercados de la prov. y fuera de ella»<sup>7</sup>. Non botaban todo o ano neste labor, só adoitaban saír dúas veces, unha en febreiro e outra en setembro, permanecendo lonxe das súas casas entre un e dous meses, dependendo da produción e tamén de cada cereiro en particular.

Segundo os informantes de Vilasumil –todos eles vellos cereiros agora xubilados–, sempre ían por parellas, con dous machos para levar a mercadoría. Anque cada un adoitaba ter unha ruta, o habitual era que non a respectasen, andando cada quen por onde sabía que podía facer máis negocio. Na primeira saída mercaban a dos enxames que morreran durante o inverno, igual que nas terras galegas e asturianas, esa cera denomínase de **murría**, máis escura que a outra e, polo mesmo, de menos valor<sup>8</sup>. Por setembro xa era a boa, a que produciran aquel ano as abellas.

Algúns traían toda a que mercaban para o seu lugar, pero outros non, xa se paraban a cocela en lagares de alugamento, pagando unha determinada cantidade polo seu uso e pola leña que gastaban. Así podían seguir mercando máis, traendo sempre a última. Varios ademais de esmelgar os trobos e de mercar a cera, tamén facían velas, en particular co refugallo da cera.

<sup>6</sup> X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Obr. cit.*, páx. 128.

<sup>7</sup> T. II, 1849, páx. 272.

<sup>8</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 306. X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Obr. cit.*, p. 130.

Os principais lagares ancareses estaban en Vilasumil, pola parte de abaixo da igrexa parroquial. Eran dous, dos que actualmente só quedan as ruínas. En 1924 aínda estaban en pleno funcionamento, constando así nos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana* do concello de Candín. Un contaba cunha superficie de 72 metros cadrados (de lado segundo a mesma fonte de información 11,50 x 6,20 m), os muros eran de pedra, e a cuberta mixta de colmo e lousa. O outro era máis pequeno, de 68 m<sup>2</sup> (de lado 11,60 x 5,80 m), tamén de pedra e a cuberta unicamente de lousa. O primeiro era propiedade de Elisa Rodríguez López, e o segundo de Rosa Fernández<sup>9</sup> (Foto 62).

O único que resta agora son as ruínas dos muros, polo que temos que cinguirnos só á descrición que fan deles os cereiros que aínda viven, así como tamén polos que había noutras zonas lindeiras, como en Asturias, que chegaron ata os nosos días en mellor estado<sup>10</sup>. Basicamente o funcionamento do lagar en si era igual que o do viño (Fig. 63).


O enxeño contaba coas seguintes pezas ou partes: a) A trabe (a **viga**) polo xeral de carballo, metida nun oco da parede por un extremo, no que levaba un **tormo** para xirar apoiado entre dúas pedras. b) No outro extremo ía o **fuso** e pendurado del o **peneo** ou pedra de contrapeso. A poucos cm desta levaba un pao atravesado cos brazos o suficientemente grandes para que puidese empuxar un home en cada un, para facer xirar o fuso e subir así a pedra. c) No medio da trabe había dous esteos cun ou dous traveseiros, que eran os que termaban dela, que se retiraban para que prensase. d) No treito que queda entre os esteos e o extremo apoiado na parede ía o **cepo**, que viña a ser un toro de castiñeiro de pouco máis de medio metro de diámetro, suxeito por unhas cordas ou cadeas. e) Debaixo estaba a **cubeta**, feita doutro toro de castiñeiro, furado por dentro, para que ó baixar encaixase dentro o **cepo**. Tiña moitos **fureus** para saíren por eles a cera e a auga. f) Debaixo da **cubeta** ou **armacén** había un depósito grande que era onde caía a cera e a auga, pero con saída para outros dous, —os **pilos**—, de xeito que a cera quedaba nun e a auga, as **condas** e os **corzos** (borra e restos) ían para o outro. g) A un lado estaba o fogar, consistente nunha caldeira grande pousada sobre unhas pedras, que facían de **trébedas**. Segundo os informantes, un de Vilasumil contaba con dous **caldeiros** grandes, un a cada lado, para

<sup>9</sup> Archivo Histórico Provincial de León, caixa 10.231, exps. 991 e 992.

<sup>10</sup> Coma o de El Cachorrero (Tinéu) magnificamente descrito por XUACO LÓPEZ ÁLVAREZ, e no que traballaron cereiros ancareses (*Obr. cit.*, páx. 135 e ss.).



Ruínas dun dos lagares de Vilasumil. (Foto 62).



Os lagares ancareses eran iguais ós asturianos, como este de El Cachorrero (Tinéu), no que tamén traballaban algúns dos nosos cereiros pagando unha determinada cantidade, cando é que tiñan moita cera. Debuxo: X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*, 1994). (Fig. 63).

así traballar máis lixeiro, pois mentres prensaban o dun, xa se estaba **cocendo** o do outro.

O proceso de derretido e limpeza era, segundo din os vellos cereiros, moi pesado e había que traballar de noite e de día ata que quedase lista para vender toda a cera. Nos lagares traballaban segundo ían chegando coa carga, non empezando un ata que remataba o anterior. Cada quen tiña que traer a súa leña.

O primeiro que facían era prender o lume, logo enchían a caldeira de auga e balocos de cera. Remexían de seguido cun pao, para que se derretese por un igual. Cando xa estaba lista, entón preparaban a **cubeta** do lagar. Poñíanlle uns seiróns de esparto de fabricación non ancaresa (que posiblemente nun principio fosen de tea de estopa), e cuns cazos grandes botaban a cera e a auga. Levaba varias capas. Cando xa estaba chea, poñíanlle enriba o **cepo**, retirábanlle o traveseiro ó lagar e entre dous homes dábanlle voltas ó fuso para que cargase todo o peso sobre a **cubeta**. Saían a cera e a auga, que caían no **pilo** que estaba por debaixo e dende el pasaban a outros dous, quedando a auga e a **borra** nun e a cera no outro.

Cuns cazos pasaban a cera á **maseira** ou **cuartal** de catro a cinco arrobas onde arrefriaba, quedando xa listos os **panais** para vender ou facer velas.

Ó rematar limpaban ben os seiróns con auga quente, e apañaban a **borra**, que era un esterco moi bo.

Os lagares de cera ultimamente só os había na parroquia de Vilasumil, pero, segundo os informantes de idade, en tempos atrás tamén traballaba un en Espiñeireda.

Os cereiros ancareses deixaron definitivamente de mercar e elaborar cera na década dos anos setenta.

## 2. AS CASTAÑAS

Os únicos lugares do concello de Candín onde non hai **castañeiros** (ou só moi poucos pés bravos ou malos –**mouquexus**–), é nos de Suárbol e Balouta, debido a súa situación. Por iso os mozos de aquí adoitaban ir de **varizois** ou **varixoes** a Rao e ó val de Ancares. En particular no caso de Suárbol había varios veciños que posuían castiñeiros en Galicia, para así

dispoñer de castañas sequera algúns meses do inverno<sup>11</sup>. Varexóns galegos –sobre todo das terras de Cervantes– tamén baixaban ata o val, dos que aínda se lembran as persoas maiores. Tampouco faltaban asturianos, en particular de Ibias.

As castañas pódense apañar xa sen **ourizo** ou **urizo**, cando ó estar maduras regañan e caen elas soas, que son as **do pingo** ou **distelos**. Pero hai outras que baixan cos ourizos ó varexalas ou sacudilas. Recóllense coa **tala (fuste**, no val de Rao), que consiste nunha especie de pinza que se fai con madeira de salgueiro, carballo, abraira, etc.<sup>12</sup>. Os **varizois** dispoñían de varas de diferentes alturas e, sobre todo, do **cambo** ou **gancho**, que é unha que leva un gancho de ferro, co que se sobe ós castiñeiros<sup>13</sup>.

<sup>11</sup> En 1752 - 53 posuían soutos de castiñeiros en Rao os seguintes veciños de Suárbol:

Veciño	Porción de souto	Lugar
Álvaro Fernández	un ferrado	Penasendín
Joseph Fernández	1/3 de ferrado	O Vao
" "	medio ferrado	Coro
Juan Álvarez	medio ferrado	O Vao
" "	1/4 de ferrado	Penasendín
" "	medio ferrado	Coro
Narciso Álvarez	1/4 de ferrado	O Vao
" "	1/4 de ferrado	Laxán
" "	1/4 de ferrado	Sendín
Pascual González	medio ferrado	O Vao
" "	un ferrado	Penasendín
" "	medio ferrado	Abeades

(Fonte: *Catastro de Ensenada... 1752 - 53*).

Non figura ningún veciño de Balouta con soutos en Rao, pero si moitos con prados, onde é de supoñer que tivesen os castiñeiros, Arquivo Histórico Provincial de Lugo: *Catastro de Ensenada*, parroquia de Rao.

<sup>12</sup> **Fuste** tamén se denomina un aparello que hai para prensar a cera, consistente en dúas pequenas pas unidas por unha bisagra, dentro das que se poñía a cera derretida nun saquiño. Ó premer saía a cera limpa. Non sabemos se o había aquí nos Ancares, pero si nos lindeiros concellos de Navia de Suarna e Ibias, cfr. X. LÓPEZ ÁLVAREZ: *Obr. cit.*, páx. 134.

<sup>13</sup> As varas e demais útiles que se empregan para varexar xa quedan vistos no apartado dedicado ós apeiros e ferramentas. Máis información: C. GONZÁLEZ PÉREZ: "Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...", páx. 243-277 a 282.

Os ourizos apáñanse coa **tala** e bótanse nun **goxo** ou **goxa**. Ou ben van ó carro e logo para a casa, ou quedan no mesmo souto. Para estes últimos hai unhas construcións moi rústicas de pedra, de planta tirando a circular, de pouco máis de medio metro de altura, nas que se deixan a **curer**. As **corras**, coñecidas noutras partes por **ouriceiras**, **corrizas**, **corripas** e **curriceiras**, cuantitativamente aquí son moi escasas, non sendo o seu número comparable co do val de Rao, por exemplo. É máis, ás veces non tiñan nin muro, senón que se limitaban a xuntar os ourizos nunha morea e logo tapalos con uces, xestas,...<sup>14</sup>.

Así botan unha tempadiña, ata cando as castañas xa están curadas ou **abougadas**, logo sácense dos ourizos pisándoos antes coas galochas, para **desourecelas**.

As castañas lévanse para a casa, unhas para o **cileiro** ou hórreo e outras para o **caízo** (**canizo**). Estas últimas antes había que **debullelas**, é dicir, sacarlle a tona ou **paraza**. Igual que en toda a alta montaña astur-galaico-leonesa, este froito foi durante séculos un alimento básico da mantenza humana, ocupando agora o seu posto as patacas. Cómense asadas –o **magosto**– (despois das **amozcar**), cocidas soas, en caldo, cocidas con verzas, cocidas na salmoira sen **debuller**, é dicir, coa **paraza** e **casca**; en papas (**formigos** ou **formiguíus** con leite, que se raspan antes), etc.

Ata non hai moitos anos, ó rematar de apañalas ceibaban os **guaxos** para que aproveitasen as que quedaban no chan entre as follas. Con elas cebábanse e xa a mediados de novembro podía empezar a mata.

Actualmente non se varexan os castiñeiros. As poucas castañas que se apañan son as que caen por si (os **distelos**), sendo tamén o seu consumo moi limitado, soamente asadas ou cocidas.

### 3. AS BRAÑAS

**Alzada e braña** non son sinónimos, aínda que ás veces se confundan. Da primeira distínguense dous tipos: «asturianas», ás que xunto co gando suben todos os veciños ó chegar o bo tempo, polo que teñen que dispoñer doutra vivenda completa arriba. Anque lle dicimos «asturianas» por ser onde había máis, non moi lonxe dos Ancares está a de Campo de Auga, onde ían os da Aira da Pedra a pasar o verán e a recoller o froito. E «galegas», ás que co gando non van máis que un ou dous membros de cada familia (polo xeral

<sup>14</sup> Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «As ouriceiras ou corrizas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXV, núm. 100, 1988.

sempre homes), posuíndo cada quen a súa casa propia (antes palloza), con lareira e corte. En ambas as dúas había cultivos, sobre todo centeo (na de Pandozarco-Rao tamén botaron algunha vez patacas)<sup>15</sup>.

Trátase, polo que atinxe ás veciñas terras naviegas, dunha denominación popular, pois no *Catastro* de Ensenada nunca se lle dá este nome, senón os de **braña**, **agra** e **campa**, sendo o máis usado o segundo: parroquia de Moia, Fernando López, «Cuatro ferrados de sembradura de tercera calidad al sitio del Agra de Bispeiro»; Ribeira-Mosteiro, Rosenda Fernández, «Una caseta pajaza situada en la Braña del Travado: tiene cinco varas de fondo y diez y seis de circunferencia»; Rao, Alonso Fernández, «Una casa pajaza situada en la Braña de Villarmundín»; Rao, Alonso Méndez, «Una caseta pajaza situada en la Braña de Peliceira»; Rao, Bernarda Xegunde, «Una casa pajaza situada en la Braña de Xestoso» ...<sup>16</sup>. Unha comparanza, na de Pandozarco, situada no límite provincial entre Balouta e Suárbol, a mediados do século XVIII había 17 pallozas, propiedade doutros tantos veciños de Murias de Rao<sup>17</sup>.

As brañas propiamente ditas tamén son lugares situados sempre no alto das montañas, en sitios chans –as campas–, ás que se sobe o gando vacún ó chegar o verán, pero para coidalo non hai máis que dúas ou tres persoas, que se van turnando por noites (unha por cada cabeza de animal), permanecendo alí 24 horas. Nelas existe unha única construción –o **cabano**– que usan para dormir todos os que soben a facer a **viceira** (ou **veceira**) para gardar o gando. A diferenza das **alzadas**, nas **brañas** ancaresas nunca houbo cultivos.

Outro factor diferenciador entre **alzada** e **braña** é a propiedade. As primeiras figuran no *Catastro* de Ensenada como se fose un terreo máis,

<sup>15</sup>J. L. ALONSO PONGA - A. DIÉGUEZ AYERBE: *El Bierzo*, León, 1984, páx. 98 - 99. Tamén, Don Diego: «Reserva de Ancares Leoneses», cap. 4, «Alejamiento, fuentes y nomadismo de Campo del Agua», *Ceranda, Periódico independiente de las Comarcas leonesas*, agosto, 1979.

Sobre as alzadas asturianas, G.M. DE JOVELLANOS: *Asturias. Las romerías. Los vaqueiros*, Biblioteca Popular, Madrid, 1899; B. ACEVEDO Y HUELVES.: *Los vaqueiros de alzada en Asturias*, Oviedo, 1893; R. BARAGAÑO: *Los vaqueiros de alzada*, Xixón, 1977; e F. FEO PARRONDO: *Los vaqueiros de alzada. Estudio geográfico de un grupo marginal*, Oviedo, 1986.

Sobre as galegas, en particular do concello de Navia de Suarna: J.M. GONZÁLEZ REBOREDO: «Casa' y 'pueblo' en la vertiente occidental de la Sierra de Ancares», *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, I, Deputación Provincial de Lugo, 1990, páx. 84.; C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», 1991, páx. 60 e ss.

<sup>16</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.* páx. 61. Ás veces o autor fai uso tamén de braña, debido a que nas terras naviegas a nivel popular din alzada e braña, indistintamente.

<sup>17</sup>C. GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 63 - 64.

nomeando tamén a casa. Por exemplo as do concello de Navia de Suarna<sup>18</sup>. Pola contra, estas brañas ancaresas non constan no devandito catastro por se tratar de bens comunais, e a única construción existente ser moi sinxela e de reducidas dimensións. Só se documenta o **albergue**—así é como o denominan— da de Brutieira, que pertence a Teixeira, nos *Expedientes* de 1924<sup>19</sup> (Foto 63).

### 3.1. Notas históricas

A primeira mención que demostra que xa dende antigo había nestes montes gando, data do 4 de xuño de 1611, e figura nun apeo das propiedades

Cabano da braña de Pereda. Ó fondo o pico de Cuíña. (Foto 63).



<sup>18</sup> Ibidem.

<sup>19</sup> *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana: Ayuntamiento de Candín, Teixeira*, caixa 10.230, exp. 827, Archivo Histórico Provincial de León.

do conde de Altamira: «Apeo de las Brañas de Cespedosa que están en el concexo de Nabia donde pastan los ganados bacuno y menudo del rreino de León de que se paga a SSa. cada un año un queso de las cabañas que estavan en las dichas brañas o un rreal por el dho. queso y mas la leche cada sábadu o de cada diez días uno de todo el ganado, y esto se paga al beneficio de Rau donde es el patrón el conde y lleva un quarto». Despois segue dicindo que o queixo ou o real ó ano era «de las brañas y de las cabañas que allí asentaban los baqueros»<sup>20</sup>. A campa ou braña da Cespedosa, situada entre Balouta e Suárbol pertence administrativamente a Galicia. Nos últimos anos era braña de Suárbol, e os veciños moi maiores –tanto deste lugar, coma dos de Balouta e Murias de Rao– lémbrense aínda dos restos de muros procedentes das cabanas que erguían os pastores que botaban alí o verán co gando.

As demais xa se achan en territorio ancarés. Os veciños falan das seguintes, anque puido haber máis das que se perdeu a memoria por ser pequenas ou quedar moi lonxe. Todas están situadas nas chairas altas dos montes, con difícil acceso, polo que as persoas encargadas de coidar do gando sempre eran mozos:

LUGAR	BRAÑA
Candín .....	Carballadín
Pereda .....	Rioseco
Pereda-Teixeu .....	Mortal dosas
Sortes .....	Carballal
Sortes .....	O Cuadro
Suárbol .....	Penalonga
Suárbol .....	A Cespedosa (Galicia)
Teixeu .....	Bruteira (ou Brutieira)
Teixeu .....	Mortal de Galegos

En 1924 só había unha de certa importancia que era a de Brutieira –así é como consta na documentación–, pertencente a Teixeira, xa que é a única que se menciona nos *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana*, do devandito ano.

Actualmente non sobe o gando a ningunha, só anda algún na Cespedosa, pero é dos veciños de Murias de Rao.

<sup>20</sup> *Apeo de la villa y fortaleza de Nabia y de los vienes que el conde de Altamira tiene dentro de la dba. villa y su destrito y jurisdicción... Año de MDCXI*, fol. 1.067, Museo Provincial de Lugo.

### 3.2. As construcións

Cada ano que pasa é máis difícil a localización das brañas, pois ó non haber gando que coma a vexetación axiña se converten os que foron pasteiros en fragas, sobre todo de piornos e carballos. Restos de construcións quedan en case todas, por moi afastadas que estean e por moitos anos que leven abandonadas, así, por exemplo, na de Penalonga que se acha na aba sudoeste do pico da Cuíña, que era de Suárbol, aínda se poden ver vestixios do cabano.

A pouca importancia destas construcións amósase no feito de que ás veces queimábanas ó rematar a tempada, deixando para o vindeiro ano só os muros<sup>21</sup>.

Non queda ningún **cabano**, porque tal construción tiña o teito de pólas cuberto por riba con **terrois** ou **tapíus**. Os primitivos debían tirar a circulares, seguindo a pauta das pallozas e dos palleiros, e ademais así din os vellos de Rao (Navia de Suarna) que eran os que erguían os que viñan cogando á Cespedosa, dos que o único que quedaba dun ano para o outro eran os muros. Esta planta acabou sendo substituída pola cuadrangular: no expediente da Bruteira –ou Brutieira– de 1924 consta que está «cubierto de tierra», e que mide de lado tres m. A partir dos anos cincuenta fóronse trocando por outros máis cómodos e estables, que quedaban dun ano para outro, cambiando entón o teito vexetal polo de lousa (Fig. 64).


Así, lousado, é como se conserva en aceptable estado un dos únicos que queda, o da de Pereda. Malia a vexetación que cobre a máis da campa, aínda destaca o **cabano** ou **cabana**, así como o muro do cercado ou curral onde quedaban as vacas de noite (Fig. 65).

En xeral son construcións pequenas, de non moito máis de catro metros de lado, pois só se usaban para durmir e para acollerse cando chovía, xa que os animais de día andaban ceibos polo monte, e de noite quedaban no curral gardados polos cans.


A cabana da braña de Pereda, ademais da porta ten un pequeno **ventáu** lateral. Segundo os informantes que pasaron nela moitas noites gardando das vacas e dos xatos, o lume sempre se prendía no medio, e o camastro situábase ó fondo. Este consistía en paos de **abedú** tombados no chan e sobre eles herba seca e **folgueira**.

---

<sup>21</sup> Por exemplo, así tamén se facía na braña da Bregua, nas terras do Cebreiro, Cfr. A. DEL CASTILLO: «Por las montañas de Galicia. Las casas del Cebreiro», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 78, 1913, páx. 153.



Planta do cabano da braña de Bruteira (Teixeu). (Fig. 64).



Cabano e curral da braña de Pereda. (Fig. 65).

O curral queda arredor, e consiste nun muro cunha única entrada, que se pechaba cun **carril**, formado por dúas **ántolas** de madeira espetadas ós lados, nas que se meten os paos horizontais que cerran, as **latas**.

### 3.3. A vida na braña

A última vez que subiu o **gaun** ás brañas foi na década dos setenta, por iso os máis dos homes que andan polos corenta/cinquenta anos pasaron varias noites coidando dos animais. É, polo mesmo, un labor aínda ben coñecido por todos.

As vacas cos seus **xatos**, **xatas** e **xatíus**, botaban arriba varios meses, tradicionalmente dende o San Miguel de maio (día 8), ata o San Miguel de setembro (día 29); é dicir, dende comezos de maio ata finais de setembro. Se o tempo estaba moi frío entón subían máis tarde –mesmo os primeiros días de xuño– ou baixaban antes –a comezos de setembro–.

Tal data era coñecida como a *Festa das cabanas*. Subían todos os **vicíus**, coas eguas e cabalos cargados de comida e **pelellos** e **garrafois** de viño. A festa non consistía unicamente en comer e beber e logo cantar e bailar ó son da pandeira ou dalgunha gaita, senón que tamén se celebraban pelexas de touros. Os asistentes apostaban **cántaras** de viño (sobre 16 litros) polos mellores exemplares. Moitas veces a festa remataba mal, enfrontándose uns cos outros, porque había quen lle afiaba os cornos, xa que estaba moi ben considerado socialmente que gañase o touro dunha casa, amosando así que tiñan bo gando e que o mantiñan ben.

Non existía unha comida especial propia do día, pero cada familia levaba o mellor que tiña, case sempre carne de porco e chourizos.

Aquela noite xa durmían no monte os dous ou tres primeiros mozos ós que lle tocaba a **viceira**. Era unha angueira exclusivamente para os homes, anque polo día tamén subían mulleres para munguir algunha vaca, como o proba a seguinte cantiga recolleita en Pereda:

*Las brañeras en la braña  
dan la leche a los galanes,  
y van diciendo para casa  
que la maman los «tenrales».*

Ó rematar de munguir baixaban os peellos ou **botos** do leite para a casa<sup>22</sup>.

Cada quenda duraba 24 horas, e os cambios facíanse á noitiña. Varios informantes quéixanse de que había algúns que en vez de chegar ó anoitecer, facíanlo ás doce ou aínda máis tarde, tendo que baixar despois os que estaban arriba, chegando entón á casa ás dúas ou tres da mañá. Cada persoa botaba unha noite por cabeza de animal que tiña na braña.

Ó chegar a noite metían o gando no curral situado arredor do **cabano**, pechaban o **carril** para que non puidese saír, e botábanse a dormir, mentres os cans quedaban fóra por se viña o lobo. O lume para quentarse, pois aínda que é no verán na montaña sempre refresca de noite, facíanlo no medio do cabano, mentres que o camastro quedaba sempre ó fondo, é dicir, no lado contrario ó da porta.

A baixada do gando para o lugar facíase pola outra festividade de San Miguel, o 29 de setembro, anque se o tempo estaba frío xa era antes, mesmo a principios deste mes. Igual que o día da subida, todos os veciños acudían a recoller os seus animais, pero xa non se celebraba festa.

Había dúas quendas máis de **viceira**: unha para as ovellas e outra para as cabras. Consistía en que unha ou dúas persoas, en particular mulleres, se encargaban de levar o rabaño das ovellas ó monte, e outras o das cabras, pois cando son moitas non convén que anden xuntas. Cada veciño tiña que ir segundo o número de cabezas que posuíse<sup>23</sup>.

#### 4. A CAZA E A PESCA

Durante séculos estas dúas actividades exclusivas dos homes contaron con certa importancia, xa que mentres a primeira proporcionaba carne,

<sup>22</sup>En cambio, por exemplo, no lindeiro val da Fornela tamén adoitaban durmir mulleres na cabana ou cabano. Conta unha de Faro que «además en verano las vacas se llevaban a la braña y teníamos que subir todos los días por la tarde para ordeñar y llevar 'yerba' para los terneros, dormíamos allí en la 'cabana', en unos tableros encima de la paja; al día siguiente por la mañana metíamos la leche en los 'odres' y volvíamos al pueblo». P. MARTÍNEZ FERNÁNDEZ: *Efemérides y semblanzas fariegas*, 1994, páx. 215. E o mesmo en Asturias, aínda que o prohibisen as *Constituciones Synodales del Obispado de Oviedo*, do ano 1786: «alojándose todos juntos en una misma majada, vega, braña o invernial, y aun asistiendo durmiendo mezclados, y sin diferencia de sexos en una misma casa, choza o cabaña», Cfr. F. FEO PARRONDO: *Obr. cit.*, páx. 21.

<sup>23</sup>A **viceira** aínda non se deixou de practicar no limítrofe val de Burbia: no mes de novembro de 1993 comprobamos como se segue tanxendo a campá, xuntándose inmediatamente as ovellas preto da igrexa, e as cabras á entrada do pobo. Logo van con cada rabaño dúas persoas –ou mulleres ou homes–. Igual que nas brañas, cada familia ten que ir máis ou menos segundo o número de animais.

gracias á segunda podían consumir algún peixe fresco, pois o mariño chegaba pouco e soamente salgado –e, en particular, sardiñas–. Aínda que se practicaban ambas as dúas ó longo de todo o ano, as épocas máis propicias eran o inverno para a caza (**xabaril**, corzo, rebezo,...), e o verán por haber pouca auga para a pesca das pequenas e soborosas **trutias**.

#### 4.1. A caza

##### 4.1.1. Notas históricas

Dispoñemos de poucas notas documentais sobre a caza nesta zona, sendo as máis antigas as que figuran no *Diccionario* de P. Madoz, de mediados do século pasado. Non di nada sobre os lugares de Espiñeireda, Sorbeira, Sortes, Balouta –non figura–, Vilasumil e Vilarbón, anque a situación debía ser semellante á dos demais, nos que, certamente, tamén a información é pouca e imprecisa:

Candín: *caza mayor y menor*.

Lumeiras: *caza de perdices, rebecos y corzos*.

Pereda: *caza mayor y menor*.

Suárbol: *caza de varios animales*.

Teixeu: *caza de perdices y venados*.

Os animais preferidos eran os comestibles e, en particular, os grandes, pois cun ou dous xa había carne na casa para parte do inverno, e mesmo se podía salgar. Seguíanlle os que causaban mal ó gando ceibo (o lobo) ou a outros animais domésticos (a **raposa**) e, por último, polo interese da pel, da carne e da súa graxa que se consideraba boa para certas doenzas (o oso). Fóra quedaban os que non tiñan ningunha utilidade, coma o **esquino** (esquío).

Os únicos que dispoñían de armas de fogo eran os veciños acomodados e, en particular, os cregos. Os demais cazaban por medio de trampas, enfrontándose directamente, coma co xabaril, ou aproveitando as inclemencias do tempo (o corzo e o rebezo)<sup>24</sup>.

<sup>24</sup> Escribe JOSÉ L. ALONSO PONGA (*Los Ancares*, Edilsa, 1992, páx. 14): «Aún se recuerdan en Ancares las cacerías organizadas, de ciervos y jabalíes, persiguiéndoles por las superficies nevadas. Los cazadores iban armados con lanzas de dos o tres metros y calzaban 'marañones' en los pies para poder caminar mejor. Estas cacerías, según relatan Francisco Ortuño y Jorge de la Peña, acababan en un banquete comunitario en el que también participaban los familiares de los cazadores. Los menudos del animal se cocinaban para todos con arroz y patatas, el vino se pagaba a «escote». La cabeza era para el cazador y la carne se repartía entre las familias, las mujeres llevaban para recogerla un plato de porcelana».

#### 4.1.2. O curral dos lobos

O lobo sempre foi un dos inimigos tradicionais do home. Outros animais, quizais mesmo máis feros, como os xabaráis, non contan con tanta xenreira a nivel popular. A causa está en que o lobo –que rara vez ataca ó home, e só en condicións moi extremadas de fame–, é un dos grandes depredadores que mata o gando, sobre todo as ovellas e as cabras, que antano eran os únicos animais que posuían moitas familias. É raro que se bote ó gando vacún e cabalar, pero si ós **xatos** e ós poldros.

O mesmo ocorre coa caza, xa que a diferenza do raposo que ataca a animais pequenos (coellos, perdices, lebres, mesmo algunha cría de corzo, pero rara vez), o lobo mata os grandes, sendo aínda actualmente o principal inimigo en particular dos novos e das femias preñadas.

Situémonos antes do espallamento das armas de fogo. O único con que contaban para facerlle fronte eran os **chuzos** e os **venables**, pero viñan a ser moi pouco ou nada efectivos, pois mentres que co xabáril se pode enfrontar o home cunha destas armas na man porque ó estar canso rara vez recúa<sup>25</sup>; o lobo foxe ou ataca, polo que é case imposible a súa captura, a non ser que estea ferido. Ante isto, o home ideou varios métodos para cazalo, entre os que destacan por ser máis coñecidos, o foxo e o curral ou cortello. Sen que por iso se deixasen de organizar batidas periodicamente<sup>26</sup>.

Tampouco faltaban artimañas para asustalo e que fuxise, como a **piola**, que consistía nunha especie de rodicio que se poñía nunha corrente de auga, e que ó xirar facía que un pequeno mazo batese contra un obxecto metálico, producindo entón ruído<sup>27</sup>.

Aquí nos Ancares os únicos que temos rexistrados son os currais, dos que había, polo menos, dous: un en Pereda e outro en Balouta, denominados **corral dos lobos** na primeira (igual que no galego val de Rao), e **corralón dos lobos** na segunda (Foto 64).

Mentres que nas batidas se forzaba ó animal a dirixirse a un determinado lugar onde remataba por caer no foxo, de onde non podía saír; nos currais a intervención do home era mínima. Consistía no seguinte que, aínda que varía algo segundo as zonas, o método vén a ser o mesmo: no lugar por onde

<sup>25</sup> C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense...», pp. 328-329.

<sup>26</sup> Cfr. J. TABOADA: «Montería y corrida de lobos en Galicia», *Boletín Auriense*, I, 1971, páx. 198.

<sup>27</sup> J. R. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*, Universidad de Oviedo, 1981, páx. 354.




Corral dos lobos, Pereda. (Foto 64).

se sabe que pasa de cote para internarse nas fragas ou para dirixirse cara a outra zona, faise un muro con tendencia a circular, recuberto por riba con **bardas** ou lousas que sobresaen cara a dentro (nas casas é para fóra). Aproveítase que sexa terreo costoso, para que por un lado haxa que rebaixar a terra por dentro ata deixala á altura do muro, que vai ser por onde entre o animal. Ás veces teñen unha porta. Dentro deixában un año ou un cabrito enfermo ou **andosco** (ruín, pequeno) toda a noite para que os seus berros atraesen ó lobo. Entón saltaba para dentro, normalmente devoraba o cebo, pero logo non podía saír. O paso seguinte era matalo<sup>28</sup> (Fig. 66).

Dos dous que coñecemos o que mellor se conserva é o de Pereda, situado pola parte de arriba desta poboación, no lugar denominado **Corral dos lobos**. Ademais de atoparse relativamente ben, tamén está libre de broza, polo que é doado coñecer a súa feitura: tirando a circular, dun diámetro aproximado de 35 m, alcanzando nalgún punto o muro unha altura

<sup>28</sup>L. L. CORTÉS VÁZQUEZ («Veinte cuentos populares sanabreses», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, V, Madrid, páx. 267 e ss.), describe unha destas cacerías nas terras sanabresas de Lubián, que viña a ser igual que aquí nos Ancares. Nesta zona zamorana de fala galego-portuguesa a estes recintos chámanlles **cortellos dos lobos**.



O corral de Pereda, igual que todas estas trampas para os lobos, está situado de xeito que o animal poida brincar para dentro pola parte de arriba, onde o muro queda á mesma altura do terreo. (Fig. 66).

de máis de 2 m, claro está, na parte que queda libre, pois por onde entraba é igual que o terreo por fóra, mentres que por dentro andaba entre metro e medio e dous de fondo. De ancho case ten un m. Aínda que actualmente toda a parte superior do muro atópase desfeita, por ter levado os veciños a pedra para outras construcións, por riba tiña unha ringleira de **bardas** pero, a diferencia dos cortiños ou **colmeais** e das casas, aquí estaban asentadas cara a dentro, para que non puidese saír para fóra.

Segundo as persoas maiores que, anque non participaron nas cacerías, sábeno por terllo escoitado contar ós vellos, á noiteña metían dentro do **corral** un año, cabrito, ovella ou cabra enfermo, sarnoso, ou cunha pata crebada. Ás veces este animal era pagado entre todos os veciños. Situábano

sobre a rocha que hai no medio para que o lobo, ademais de escoitar os berros, tamén o vise.

Se aquela noite lle cadraba de pasar, intentaba chegar ata el, dando voltas arredor, non lle sendo posible brincar para dentro máis que no sitio onde o muro queda á mesma altura que o terreo circundante. Xa dentro mataba e comía o cebo, –aquí nos Ancares non hai constancia de que o deixasen nunha gaiola, de xeito que non puidese chegar ata el–, pero cando remataba non podía saír, pois por moitas voltas que dese non era capaz de saltar o muro, nin subíndose á rocha que hai neste caso no medio.

Pola mañá un dos veciños ía ver o que pasara. Se o lobo estaba dentro, entón avisaba ós demais e entre todos aparvábano primeiro a pedra-das, e logo rematábano con chuzos ou **venabres**. Nos últimos tempos xa lle daban un tiro. Despois collíano e poñíano sobre unha besta ou un **bestio** e paseábano por todos os lugares do arredor, recibindo algúns cartos, chourizos, **xixo** (touciño), etc.

Os **corrais dos lobos** deixáronse de usar ó xeneralizarse o uso das armas de fogo.

#### 4.1.3. *Situación actual*

O 17 de marzo de 1973 foi creada a reserva nacional dos Ancares, sobre unha superficie de 383 km cadrados. Nela quedaba totalmente englobado o concello de Candín. Esta data sinala o comezo dunha nova tempada polo que atinxe á riqueza cinexética destas terras montañosas.

Dende entón estase dando unha cada vez máis apreciable mellora, sobre todo polo repoboamento de especies novas ou que desapareceran anos antes. Queda moito por facer, porque non só se trata da conservación, senón que tamén cómpre ter en conta –en primeiro lugar– que aquí viven persoas cos mesmos dereitos de todos os cidadáns, e que a creación desta reserva non lle pode supoñer unha carga máis, sempre moi dura tendo en conta o seu baixo nivel económico.

Os peores anos corresponderon ás décadas de 1940 a 1970, porque foi cando se xeneralizaron as armas de fogo e o control era escaso. Por exemplo, segundo un informante que foi gardabosques durante moitos anos, o derradeiro rebezo do val matouse cara a 1962.

Non se chegou a extinguir o corzo, pero estivo a piques, sobre todo durante a guerra civil de 1936 - 39 e despois na posguerra, non xa polos veciños, senón polos «fuxidos» que andaban polos montes. Lobos, raposos e

xabarís seguiunos habendo, anque non tantos como agora. No tocante ó oso, o derradeiro que se cazou no val foi cara a 1940, ou algo despois, e matouno un crego. Actualmente do último que se teñen noticias e dun que viron algúns veciños de Teixeu, preto do río, en 1993. Na outra banda do Porto, en terras de Navia de Suarna, pasou un no mes de novembro de 1993, destruíndo –como é tradicional neste animal– varias colmeas, por atoparse agora os trobos fóra dos **cortíus** ou **colmeais**. Non hai constancia de que o cazasen enfrontándose o home con el, provisto dunha espada ou espeto e dun ferro aguzado polos dous lados. Así se facía no Courel, polo que é de supoñer que se practicase antano tamén aquí nos Ancares<sup>29</sup>.

Tradicionalmente o corzo cazábase con lazo, anque un método moi en uso ata non hai moitos anos –agora esquecido–, era o de esperar ó animal en sitios onde houbese moita neve. Entón como non podía correr por enterrarse, o cazador aproveitaba para botarse a el, agarrándoo ou mesmo crebándolle as patas para que non fuxise. Un informante díxonos que el tiña presenciado como algún veciño llas tronzara a tres ou a catro, para logo levalos para a casa. A este animal refírese a seguinte cantiga popular:

*O pandeiro que toco  
é de pelello de corzo,  
tocábase en Piliceira,  
resoaba en Arandoxo.*

O lobo segue sendo o tradicional depredador. Os ancareses din que hai moitos, que ata teñen chegado a atacar ó gando vacún, pois en 1993 mataron unha vaca en Sortes. Isto é debido a que agora non van ós montes ovellas nin cabras, as súas presas máis frecuentes, polo que ten que manterse con

<sup>29</sup> «El cazador provisto de arma blanca en su mano derecha, y de un cilindro metálico rematado en punta en ambos extremos en la izquierda, protegido este brazo con armadura de hierro instigaba al oso. Al arremeter la fiera le introducía el hierro entre la mandíbula y el esternón al tiempo que asestaba el arma al corazón del animal». (J. TABOADA: Art. cit., páx. 198).

Tampouco non faltaban trampas, algunhas xa tradicionais, como a que describe Pascual Madoz a mediados do século XIX que se usaba daquela no concello asturiano de Allande, parroquia de Lago, pero que é de supoñer que fose coñecida en toda a zona montañosa astur-galaico-leonesa onde había osos. Consistía «en una larga viga apoyada en una colmena y cubierta con un ramaje espeso, que forma una especie de caseta con sólo una entrada, y por donde el oso descubre la colmena; éste entra ansioso a apoderarse de aquella, y tan luego como la abraza y hace el esfuerzo natural para separarla de su sitio, se desploma la viga y caseta, quedando el oso a merced del cazador». Estas trampas denominábanse **pezugos** (*Diccionario*, ..., II, páx. 573).

animais bravos (corzos, sobre todo). Ata non hai moitos anos tamén o cazaban con **trebelos** ou **trebellos**.<sup>30</sup>

Antano o **xabaril** pillábase do mesmo xeito que na outra banda do Porto: cando había moita neve cansábano obrigándoo a subir costa arriba, logo esperábano nun paso estreito e entón un home facíalle fronte cun **chuzo** ou **venable** (Balouta) de ferro. Ó espetarlllo viñan os demais e matábano. Isto xa se deixou de practicar hai moitos anos, e unicamente saben como se facía as persoas moi maiores, non por ter participado elas, senón por escoitárllelo contar ós vellos. Actualmente abunda causando moito dano nos cultivos e mesmo tamén nos prados.

Segue habendo **raposas**. Como é tradicional neste animal, ataca ás aves de curral, e no monte ós coellos e ás perdices. Antes cazábana con lazo e armando **trebellos** en sitios polos que se sabía que adoitaba pasar.

No tocante ás aves, a máis abundante sempre foi a perdiz, pero a máis famosa (aínda que escasísima), é a **pita do monte** ou urugalo. Da primeira hai dúas clases: a **pardilla**, que vive nos sitios máis altos, por exemplo no Porto; e a **rubia**, que din que é mellor, pero queda moi pouca. A caza tradicional deste animal era armando **trampelas**, consistentes en buratos que se fan no chan por onde adoita andar, cunhas táboas por arriba suxeitas con sedas, de xeito que ó pisar cae para abaixo e a táboa volve subir, quedando dentro. Onde máis se armaban era nas sementeiras, nas fontes e nos prados.

Da **pita do monte** parece ser que quedan algúns exemplares, pero moi poucos, polo que hai veciños que nunca a viron ou levan moitos anos sen saber nada dela.

Por último están a **pazparallega** ou **pazpallareda** (o paspallás) e o **torcazo**. A primeira agora é moi escasa, sobre todo dende que se deixou de botar centeo.

O coello adoitábase pillar con furón, que se metía nos tobos. Fóra, na saída, poñíanlle unha rede ou mesmo un saco para que quedase dentro, ou o mataban dándolle un pao. Nos últimos tempos o que se facía era darlle un tiro. O mesmo que os demais animais, tamén para cazalo hai varias trampas, como o **trebello**, pero máis pequeno que o dos lobos e raposas, colocado sobre todo nas entradas das covas. Con lazo, que se pon nos sitios por onde pasa, ou con **trampela**, semellante a da perdiz, que cae dentro e despois non pode saír.

<sup>30</sup> GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 328.

A lebre, máis escasa, tamén se collía con lazo, e menos con **trampela**.

Actualmente toda a caza se fai con escopeta, pero non por iso deixa de haber algún veciño que siga usando antigos métodos, prohibidos pola administración, como o de poñer lazos corredíos nas sebes por onde pasan os corzos, ou armar **trebelos** ou **trebellos**, provistos case sempre de dentes, nos que os animais quedan collidos polas patas.

#### 4.2. A pesca

O mesmo que sucede coa caza, nesta xeira tamén é escasa a documentación. Temos que botar man outra vez do devandito *Diccionario* de P. Madoz, pero non dá información máis que de catro lugares, que son os situados preto do río Ancares, ou dalgún afluente de certa importancia: Candín, Lumeiras, Pereda, Teixeu. Nos catro soamente consta que se pescan troitas.

A **trutía** agora pílase con cana, pero tradicionalmente non era así, que case se descoñecía o **anzolo**. Quizais o método máis antigo sexa o de pescalas coa man no verán, cando hai pouca auga. Para iso ían pasando a man por debaixo das pedras e ó dar con algunha chimpábana fóra do río. Ademais da man, tamén pode ser cun **goxo** ou **goxa**.

Correntes eran as **nasas**, de forma tradicional coa boca ancha que se vai estreitando para que o peixe non sexa capaz de saír. Fanse de **brimbas** de salgueiro. Cando son de rede –máis modernas– entón adóitanse denominar **nasos** e os pequenos **nasíus**. Arranxaban un **caneiro** –o normal era que xa se deixe dun ano para outro–, consistente en estreitar o río con pedras, de xeito que non quedase máis que un paso, que era onde colocaban a nasa ou o naso, sobre o que poñían unha ou varias pedras para que non se movese coa auga. Sempre se situaban no sentido da corrente, de forma que os peixes non tivesen para onde ir. Obrigábanos a entrar dando con varas no río, sobre todo entre as pedras. Actualmente xa non se practica ou moi pouco<sup>31</sup>.

A **trutía** de aquí, e en xeral a de toda a alta montaña, é de tamaño pequeno, pero moito máis saborosa que a dos ríos grandes das terras chairas. Ás de mala calidade adoitan chamarlle **melaxos**.

<sup>31</sup> GONZÁLEZ PÉREZ: *Obr. cit.*, páx. 329 - 330 - 331.

## VI. BIBLIOGRAFÍA

### FONTES

- *Catastro del Marqués de La Ensenada*:
  - a) Archivo Histórico Provincial de León (AHPL): Balouta, Burbia, Candín, Espiñeireda, Lumeiras, Pereda, Sorbeira, Sortes, Teixeu, Vilarbón e Vilasumil.
  - b) Arquivo Histórico Provincial de Lugo: parroquia de Rao.
  - c) Archivo General de Simancas: «Interrogatorio» de Sortes, Suárbol e Vilasumil (hai microfilm no AHPL).
- *Expedientes de comprobación de la riqueza urbana...* Ayuntamiento de Candín, caixas: 10.225 a 10.234. AHPL.
- *Apeo de la villa y fortaleza de Nabia y de los vienes que el conde de Altamira tiene dentro de la dha. villa y su distrito y jurisdicción... Año de MDCXI*, Museo Provincial de Lugo.
- *Índice de particulares*, Archivo Diocesano de Astorga.
- *Protocolos notariales*, caixa 3.492, ano 1788, AHPL.

### PUBLICACIONES

*Actas do Simposio de Antropoloxía: Lindeiros da Galeguidade I*, Consello da Cultura Galega, 1991.

ALONSO, D. / GARCÍA YEBRA, V.: «El gallego leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa», *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, I, 1959. Tamén *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela, XVI, 1961.

ALONSO PONGA, J. L.: *Los Ancares*, Ed. Edileisa, León, 1992.

ALONSO PONGA, J. L. / DIÉGUEZ AYERBE, A.: *Etnografía y Folklore de las comarcas leonesas. El Bierzo*, Ed. Leonesas, Madrid, 1984.


- Ancares bercianos. Itinerarios naturales*, Instituto de Estudios Bercianos, Junta de Castilla y León - Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio, Valladolid, 1991.
- Ancares. León*, Diputación Provincial de León, 1991.
- ARIAS, A.: *Guía e rutas dos Ancares*, Galaxia, 1995.
- BALBOA, J. A. / CELADA, J. C. / CUENLLAS, J. L.: *Bibliografía de Ancares*, Junta de Castilla y León - Diputación Provincial de León, 1989.
- BALBOA DE PAZ, J. A.: «La ferrería de Tejedo de Ancares», *Fuentes*, Ponferrada, 1988.
- BALBOA DE PAZ, J. A.: *Hierro y herrerías en el Bierzo preindustrial*, Diputación Provincial de León, León, 1990.
- BALBOA DE PAZ, J. A.: *Ferrerías bercianas*, Ciencias de la Dirección, Madrid, 1992.
- BAS, B.: «Palloza», *Gran Enciclopedia Gallega*, XXIII, Santiago de Compostela-Xixón.
- CÁRDENAS Y RODRÍGUEZ, G. de: «La casa en la montaña de León», en *La casa popular española*, Bilbao, 1944.
- CASTILLO, A. del: «Por las montañas de Galicia. Las casas del Cebrero», *Boletín de la Real Academia Gallega -BRAG-*, núm. 78, A Coruña, 1913.
- CASTILLO, A. del: «Por las montañas de Galicia. Origen y antigüedad de las 'pallazas' del Cebrero», *BRAG*, núm. 82, 1914.
- CELA CASTRO, M.: *Sierra de Os Ancares*, Dirección Xeral de Turismo, Lugo, 1988.
- DIAS, A. J.: «Las construcciones del Noroeste de la Península y las citanías», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, II, fasc. 6, Santiago de Compostela, 1946.
- EBELING, W. / KRÜGER, F.: *La castaña en el NO. de la Península Ibérica*, Mendoza, 1952.
- FEDUCHI, L.: *Itinerarios de arquitectura popular española*, Madrid, 1974.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R.: *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método 'Palabras y Cosas'*, Verba, anexo 10, Universidade de Santiago de Compostela, Vigo, 1978.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R.: *El habla de Ancares (León). Estudio fonético, Morfosintáctico y Léxico*, Universidad de Oviedo, Oviedo, 1981.

- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. R.: «Dichos y refranes del valle de Ancares (León)», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XL, Madrid, 1985.
- FLORES LÓPEZ, C.: *Arquitectura popular de España*, Ed. Aguilar, Madrid, 1974.
- FRANKOWSKI, E.: *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas, memoria núm. 18, Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid, 1918.
- GARCÍA BARTOLOMÉ, J. M.: «La fiesta de la Magdalena en los Ancares Leoneses», *Tierras de León*, 29, XVII, 1977.
- GARCÍA Y BELLIDO, A.: «Sobre la extensión actual de la casa redonda en la Península Ibérica», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XXIII, Madrid, 1967.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, E.: *Alfoces y Pueblos. León*, Colegio Oficial de Arquitectos de León, 1986.
- GARCÍA GRINDA, J. L.: «La arquitectura popular en Omaña: la casa de teito», *Omaña*, 7, 1989.
- GARCÍA GRINDA, J. L.: *Arquitectura Popular Leonesa*, Diputación provincial de León, 1991.
- GARCÍA MERINO, L. V., E OUTROS: *Ancares*, Ed. Leonesas, León, 1987.
- GIESE, W.: «Los tipos de casa de la Península Ibérica», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 7, Madrid, 1951.
- GIMSON, M.: *As pallozas*, Ed. Galaxia, Vigo, 1983.
- GIZ RAMIL, J.: *Os Ancares fuerza vital*, ed. Everest, León, 1994.
- GONZÁLEZ ARPIDE, J. L.: «Censo y catalogación de los hórreos leoneses», *Kobie* (serie Antropología cultural), Bilbao, Diputación Foral de Vizcaya, 2, 1987.
- GONZÁLEZ ARPIDE, J. L.: «Los hórreos en la arquitectura popular de Castilla y León (Algunas claves para su desaparición)», *Actas del primer congreso europeo del hórreo*, Santiago de Compostela, 1990.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Os cortiños de Navia», *Boletín Apícola*, 12, Santiago de Compostela, 1984.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «As ouriceiras ou corrizas», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXV, 100, 1988.

- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente», *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, v. II, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1991.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *A produción tradicional do ferro en Galicia: As grandes ferrerías da provincia de Lugo*, Deputación Provincial de Lugo, 1994.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: «El arado de madera en Galicia», *Gallaecia*, 3/4, Santiago de Compostela, 1979.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: «Notas antropológicas sobre la importancia del 'Pueblo' en la Galicia oriental», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 100, 1988.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. M. E OUTROS: «Taula redona: Propietat i sistema d'herencia», *Encontre d'antropologia i diversitat hispànica*, Generalitat de Catalunya, Departament de Cultura, Barcelona, 1988.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: «Casa y Pueblo en la vertiente occidental de la Sierra de Ancares», v. I de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, Deputación Provincial de León, 1990.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J. M.: «Espacialidade matrimonial e herdanza nos lindeiros de Asturias, Galicia e León», *Actas do Simposio de Antropoloxía: "Lindeiros da Galeguidade"*, I, Consello da Cultura Galega, 1991.
- GRAÑA GARCÍA, A / LÓPEZ ÁLVAREZ, J.: *Los hórreos y paneras del consejo de Allande (Asturias)*, Biblioteca Popular Asturiana, 1983. VERVER.
- JUNTA DE CASTILLA Y LEÓN: *Ancares*. Ministerio de Cultura. Consejería de Educación y Cultura; Diputación Provincial de León, Dirección General de Cooperación Cultural, Madrid, 1987.
- KRÜGER, F.: «Las Brañas. Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa», *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, VIII, Oviedo, 1949.
- KRÜGER, F.: *El mobiliario popular en los países románicos*, Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, Coimbra, 1963.
- LÓPEZ ÁLVAREZ, X.: *Las abejas, la miel y la cera en la sociedad tradicional asturiana*, Real Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo , 1994.

- LUENGO MARTÍNEZ, J. M<sup>a</sup>.: «La arquitectura popular de los Ancares leoneses», *Actas y Memorias de la Sociedad Española de Antropología, Etnografía y Prehistoria*, XXXIII, XXXIV e XXXV, Madrid, 1960 - 61 - 62.
- LUENGO MARTÍNEZ, J. M<sup>a</sup>.: *Esquema de la arquitectura civil en el Bierzo*, Diputación de León, León, 1967.
- LLANO CABADO, P. de: *Arquitectura Popular en Galicia*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Vigo, 1983.
- LLANO CABADO, P. de (director): *Estudio básico para a rehabilitación integrada dunha aldea galega*, Xunta de Galicia - Consellería de Obras Públicas e Ordenación do Territorio, Santiago de Compostela, 1987.
- MADOZ, P.: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, 1847 - 1850.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I.: *El hórreo gallego. Estudio geográfico*, Fundación «P. Barrié de la Maza», A Coruña, 1979.
- MIÑANO, S. de: *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal...*, Madrid, 1826 - 27.
- PALANCO, P. / GÓMEZ OLAZABAL, L.: «Arquitectura gallega en León. Las Pallozas», *Narria*, 4, Universidad Autónoma, Madrid, 1976.
- PEINADO GÓMEZ, N.: *Sierra de Picos de Ancares*, Ed. Celta, Lugo, 1974.
- PONCELAS, A.: *Estorias e contos dos Ancares. Historias y cuentos de los Ancares*, Ed. Grupo Cultural Carocos, Ponferrada, 1987.
- RAMOS GUALLART, J.: «Restauración de hórreos y pallozas de León», *Conservación y Restauración: El Patrimonio cultural de Castilla y León*, Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura, 1987.
- RIERA Y SANS, P.: *Diccionario Geográfico, Estadístico, Histórico, Biográfico, etc., de España y sus posesiones de Ultramar*, Barcelona, 1881.
- RODRÍGUEZ CAMPOS, J.: «La crisis de un sistema de vida tradicional», v. I de *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, Deputación provincial de Lugo, 1990.
- RODRÍGUEZ CAMPOS, X.: «Como pensar a identidade nos límites: Os Ancares», *Actas do Simposio de Antropoloxía: «Lindeiros da Galeguidade», I*, Consello da Cultura Galega, 1991.

- RODRÍGUEZ CANORA, M<sup>a</sup>. J.: «Las pallozas del Valle de Ancares y las del Cebrero», *Narria*, núm. 63 - 64, Madrid, 1993.
- ROMERO MASIÁ, A.: *El hábitat castreño. Asentamientos y arquitectura de los castros del NO Peninsular*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Santiago de Compostela, 1976.
- SALAZAR, E. de: «Epistolario Español. Colección de cartas de Españoles ilustres antiguos y modernos. Recogida y ordenada por Don Eugenio de Ochoa», II, *Biblioteca de Autores Españoles*, LXII, Madrid, Ed. Atlas, 1952.
- SÁNCHEZ CARRO, A.: *El parque natural de Ancares*, ed. Everest, León, 1985.
- SOTO CARBAJO, A.: «Dependencias complementarias de la vivienda rural berciana: hórreos, celeiros y terrados», *Revista de Estudios Bercianos*, 5, Ponferrada, 1986.
- Tierra de valles: Ancares, Burbia, Fornela*, Ayuntamientos de Candín, Peranzanes, Vega de Espinareda, 1993.
- Un proyecto para la promoción sociocultural de la Sierra de Ancares, 1987*, Ministerio de Cultura. Dirección General de Cooperación Cultural, Madrid, 1987.
- VARELA, J. / LOBATO, X.: *Ancares*, Fundación Caixa Galicia, 1994.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M.: «Máquinas de mazar o leite de Donís (Serra de Ancares)», *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXX, A Coruña, 1969.
- Vecindario de Ensenada, 1759. Volumen IV. Vecindario de Jaén-León-Asturias*, Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria, Madrid, 1991.
- VIVERO, X. de: *Un ano nos Ancares*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1994.



Esta publicación do Consello da  
Cultura Galega rematouse  
de imprimir o 17 de  
maio de 1996,  
festividade  
das Letras  
Galegas

★ ★

★





A Ponencia de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega vén dedicando unha boa parte da súa actividade ó estudo e divulgación da cultura tradicional propia de comunida-



**SOCIEDADE  
E TECNOLOXÍA  
TRADICIONAIS  
DO VAL DE ANCARES**

des situadas nas fronteiras culturais de Galicia.

Dentro desta liña de investigación enmárcase a presente monografía, centrada nas terras leonesas do val do río Ancares. Na primeira parte do escrito, do que é autor o profesor González Reboredo, préstase especial atención á sociedade e á

identidade ancaresas. A segunda, da autoría do profesor González Pérez, céntrase na cultura material, que presenta evidentes semellanzas coas terras lucenses próximas.

O conxunto da obra pretende ser unha reconstrución das pautas da cultura vixentes en Ancares ata hai tres décadas, acudindo para isto ás pervivencias no presente e á memoria dos ancareses, que foron interrogados reiteradamente polos investigadores durante o traballo de campo.

ISBN 84-87172-13-X



9 788487 172137